



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Número 441
25 de xaneiro de 2023



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.1. Proposicións presentadas

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

I 47482 (11/PNP-003960)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 13 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para restituír ao patrimonio cultural de Galicia dúas esculturas desaparecidas do mosteiro de San Lourenzo de Carboeiro [171688](#)

Admisión a trámite e publicación

I 46965 (11/PNP-003926)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pardo López, Adrián e 7 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para prorrogar o Plan galego anti VIH/sida e outras infeccións de transmisión sexual [171691](#)

I 46971 (11/PNP-003927)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para resolver o problema das carencias de persoal nos centros médicos e nos puntos de atención continuada do distrito sanitario do Salnés [171694](#)

I 46978 (11/PNP-003928)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 4 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para elaborar un plan global entre a Consellería de Economía, Industria e Innovación, a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e o Igape en relación cos autónomos galegos [171696](#)

I 46981 (11/PNP-003929)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, Daniel e Pérez Fernández, Rosana

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para repoñer o servizo de practicaxe nos portos da Costa da Morte [171698](#)



I 46988 (11/PNP-003930)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e Rodil Fernández, Olalla**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para dotar o concello de Carral dun centro de día público de atención aos maiores

[171701](#)**I 46998 (11/PNP-003931)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Seco García, Martín**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir o acceso a todos os solicitantes das axudas do programa Impacto Autónomo

[171704](#)**I 47006 (11/PNP-003932)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Rodríguez, Patricia e 3 máis**

Sobre as accións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a reactivación de Alcoa en San Cibrao

[171706](#)**I 47007 (11/PNP-003933)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Ríos Santomé, Paulo e Prado Cores, María Montserrat**

Sobre as medidas que debe levar a cabo o Goberno galego para recuperar un servizo médico de calidade na Casa do Mar de Moaña

[171709](#)**I 47035 (11/PNP-003934)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e Otero Rodríguez, Patricia**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para establecer unha liña extraordinaria de compensacións para o sector marisqueiro

[171713](#)**I 47044 (11/PNP-003935)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para aprobar e poñer en funcionamento un protocolo de atención ás vítimas de violencia de xénero

[171715](#)**I 47099 (11/PNP-003936)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Prado del Río, Paula e 7 máis**

Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España para solicitarlle ao presidente do Goberno o cesamento inmediato da secretaria de Estado de Igualdade

[171717](#)**I 47142 (11/PNP-003937)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 3 máis**

Sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galicia respecto do Servizo de Urxencias do Complexo Hospitalario de Ourense

[171720](#)

I 47188 (11/PNP-003938)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para dotar a comarca de Monterrei dun servizo próximo e continuado de pediatría

[171723](#)**I 47202 (11/PNP-003940)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para facer un informe detallado sobre a construción do parque eólico Troitomil e doutros previstos no concello da Baña e concellos limítrofes

[171726](#)**I 47221 (11/PNP-003941)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para desenvolver a Lei 13/2021, do 20 de xullo, pola que se modifica o Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, para garantir a igualdade real entre mulleres e homes no ámbito universitario e da investigación

[171731](#)**I 47226 (11/PNP-003942)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto das alegacións realizadas polo Concello do Val do Dubra e a súa veciñanza respecto do parque eólico de Vilartoxo

[171733](#)**I 47229 (11/PNP-003943)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para desenvolver, dentro do marco do Plan de seguridade viaria, un programa específico para reducir a sinistralidade e as vítimas de accidentes de tráfico

[171735](#)**I 47247 (11/PNP-003944)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coas axudas temporais e excepcionais ás persoas produtoras de carne

[171739](#)**I 47281 (11/PNP-003945)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e Fernández Alfonso, Ramón**

Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno do Estado en relación cos proxectos industriais e empresariais vinculados á transición enerxética no concello de Cerceda

[171743](#)

I 47289 (11/PNP-003946)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos parques eólicos adxudicados á empresa Estela Eólica

[171746](#)**I 47295 (11/PNP-003947)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co parque eólico Os Cotos, en Cerdedo-Cotobade

[171748](#)**I 47326 (11/PNP-003948)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gallego Sanromán, María Leticia e 6 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para habilitar axudas aos concellos da provincia de Pontevedra afectados polas inundacións de principios de xaneiro

[171751](#)**I 47333 (11/PNP-003949)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir ás mulleres o exercicio dos seus dereitos sexuais e reprodutivos

[171753](#)**I 47338 (11/PNP-003950)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia**

Sobre a necesidade de incluír no Plan de nova arquitectura pedagóxica o Centro Público Integrado Fonte Díaz, de Touro

[171756](#)**I 47356 (11/PNP-003951)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para garantir o exercicio do dereito ao aborto na rede sanitaria pública

[171758](#)**I 47374 (11/PNP-003952)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Pazos Couñago, José Alberto e 6 máis**

Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España dunha reunión presencial do Consello Territorial de Servizos Sociais para abordar, xunto coas comunidades autónomas, o Anteproxecto de lei de familias

[171761](#)**I 47398 (11/PNP-003953)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Balseiro Orol, José Manuel e 7 máis**

Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España para que garanta a aplicación das bonificacións ás que teñen dereito os membros das familias numerosas nos seus desprazamentos en tren [171766](#)

I 47400 (11/PNP-003954)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodeiro Tato, Ovidio e 6 máis

Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España para que incorpore á futura Lei estatal de ensinanza artística superior achegas que redunden no beneficio do alumnado [171768](#)

I 47401 (11/PNP-003955)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodeiro Tato, Ovidio e 6 máis

Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España para que incorpore un fondo específico de cooperación territorial co fin de que as administracións autonómicas e locais conten con máis recursos para a mellora dos centros educativos [171771](#)

I 47071 (11/PNP-003956)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para dar cobertura ás solicitudes de conversión e de mantemento que quedaron fóra das axudas á produción ecolóxica [171774](#)

I 47438 (11/PNP-003957)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego ante a sentenza do Xulgado nº1 do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, relativa ao aboamento das contías descontadas ao persoal técnico do Servizo de Prevención de Incendios Forestais pola folga do 2020 [171777](#)

I 47453 (11/PNP-003958)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa monetarización do plan industrial da empresa Aldesa e a tramitación dos parques eólicos Mesada, Órrea e Xalo nas provincias de Pontevedra e A Coruña [171780](#)

I 47466 (11/PNP-003959)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e Prado Cores, María Montserrat

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para solucionar as deficiencias do centro de saúde do concello de Vedra [171782](#)

I 47558 (11/PNP-003961)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Bará Torres, Xosé Luís e Pérez Fernández, Rosana

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para realizar o proxecto de ordenación e urbanización do acceso ao recinto portuario de Covelo en Poio

[171785](#)**I 47592 (11/PNP-003962)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para implementar unha política activa de apoio empresarial que acompañe a pequenas e medianas industrias e traballadores autónomos

[171787](#)**I 47615 (11/PNP-003963)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co financiamento das tres universidades públicas galegas

[171790](#)**I 47626 (11/PNP-003964)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para mellorar as bibliotecas de Galicia e o sector do libro

[171793](#)**I 47632 (11/PNP-003965)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para visibilizar o sector da ilustración

[171795](#)**I 47638 (11/PNP-003966)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para dar solución á situación crónica de saturación do Centro Hospitalario Universitario de Santiago

[171797](#)**I 47639 (11/PNP-003967)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos problemas da residencia de maiores do concello de Sarria

[171799](#)**I 47650 (11/PNP-003968)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para cumprir a lexislación estatal e europea de xestión de residuos

[171802](#)

I 47656 (11/PNP-003969)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para facer fronte aos gastos de xestión do servizo de asistencia xurídica gratuíta

[171805](#)

I 47663 (11/PNP-003970)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa presentación dun novo plan de estratexia para a igualdade nos centro educativos

[171807](#)

I 47674 (11/PNP-003971)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para informar sobre as viaxes dos altos cargos da Xunta de Galicia

[171810](#)

I 47692 (11/PNP-003972)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para impulsar as actuacións necesarias para facilitar a mobilidade peonil e ciclista entre ambos lados da ría da Coruña

[171811](#)

I 47699 (11/PNP-003973)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para promover un maior nivel de prestación presencial dos servizos bancarios

[171813](#)

I 47707 (11/PNP-003974)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e Prado Cores, María Montserrat

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto das listas de espera do Servizo Galego de Saúde

[171816](#)

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión**1.3.6.2.1. Proposicións presentadas****Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, asignación á comisión e publicación****I 47481 (11/PNC-004094)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para restituír ao patrimonio cultural de Galicia dúas esculturas desaparecidas do mosteiro de San Lourenzo de Carboeiro

[171820](#)



I 47843 (11/PNC-004112)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez López, Daniel e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para reverter a crise sociolaboral

[171823](#)**Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación****I 46966 (11/PNC-004056)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Pardo López, Adrián e 7 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para prorrogar o Plan galego anti VIH/sida e outras infeccións de transmisión sexual

[171828](#)**I 46970 (11/PNC-004057)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para resolver o problema das carencias de persoal nos centros médicos e nos puntos de atención continuada do distrito sanitario do Salnés

[171831](#)**I 46972 (11/PNC-004058)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para elaborar un estudo da situación do mercado laboral en relación cos autónomos

[171833](#)**I 46976 (11/PNC-004059)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para elaborar un plan global entre a Consellería de Economía, Industria e Innovación, a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e o Igape en relación cos autónomos galegos

[171835](#)**I 46977 (11/PNC-004060)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para elaborar un plan global entre a Consellería de Economía, Industria e Innovación, a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e o Igape en relación cos autónomos galegos

[171837](#)**I 46980 (11/PNC-004061)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez López, Daniel e Pérez Fernández, Rosana**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para repoñer o servizo de practicaxe nos portos da Costa da Morte

[171839](#)

I 46989 (11/PNC-004062)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e Rodil Fernández, Olalla**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para dotar o concello de Carral dun centro de día público de atención aos maiores

[171842](#)**I 46997 (11/PNC-004063)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Seco García, Martín**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir o acceso a todos os solicitantes das axudas do programa Impacto Autónomo

[171845](#)**I 47005 (11/PNC-004064)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Rodríguez, Patricia e 3 máis**

Sobre as accións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a reactivación de Alcoa en San Cibrao

[171847](#)**I 47008 (11/PNC-004065)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Ríos Santomé, Paulo e Prado Cores, María Montserrat**

Sobre as medidas que debe levar a cabo o Goberno galego para recuperar un servizo médico de calidade na Casa do Mar de Moaña

[171850](#)**I 47032 (11/PNC-004066)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e Otero Rodríguez, Patricia**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para establecer unha liña extraordinaria de compensacións para o sector marisqueiro

[171854](#)**I 47036 (11/PNC-004067)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para garantir a calidade e regularidade do servizo de transporte escolar do Instituto de Educación Secundaria Lagoa de Antela, en Xinzo de Limia

[171856](#)**I 47043 (11/PNC-004068)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para aprobar e poñer en funcionamento un protocolo de atención ás vítimas de violencia de xénero

[171859](#)**I 47070 (11/PNC-004069)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para dar cobertura ás solicitudes de conversión e de mantemento que quedaron fóra das axudas á produción ecolóxica [171861](#)

I 47098 (11/PNC-004071)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 7 máis

Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España para solicitarlle ao presidente do Goberno o cesamento inmediato da secretaria de Estado de Igualdade [171864](#)

I 47143 (11/PNC-004072)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 3 máis

Sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galicia respecto do Servizo de Urgencias do Complexo Hospitalario de Ourense [171867](#)

I 47189 (11/PNC-004073)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para dotar a comarca de Monterrei dun servizo próximo e continuado de pediatría [171870](#)

I 47203 (11/PNC-004075)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para facer un informe detallado sobre a construción do parque eólico Troitomil e doutros previstos no concello da Baña e concellos limítrofes [171873](#)

I 47220 (11/PNC-004076)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para desenvolver a Lei 13/2021, do 20 de xullo, pola que se modifica o Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, para garantir a igualdade real entre mulleres e homes no ámbito universitario e da investigación [171878](#)

I 47225 (11/PNC-004077)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto das alegacións realizadas polo Concello do Val do Dubra e a súa veciñanza respecto do parque eólico de Vilartoxo [171880](#)

I 47230 (11/PNC-004078)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago



Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para desenvolver, dentro do marco do Plan de seguridade viaria, un programa específico para reducir a sinistralidade e as vítimas de accidentes de tráfico [171882](#)

I 47246 (11/PNC-004079)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coas axudas temporais e excepcionais ás persoas produtoras de carne [171886](#)

I 47282 (11/PNC-004080)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Fernández Alfonzo, Ramón

Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno do Estado en relación cos proxectos industriais e empresariais vinculados á transición enerxética no concello de Cerceda [171890](#)

I 47290 (11/PNC-004081)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos parques eólicos adxudicados á empresa Estela Eólica [171893](#)

I 47296 (11/PNC-004082)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co parque eólico Os Cotos, en Cerdedo-Cotobade [171895](#)

I 47328 (11/PNC-004083)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 6 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para habilitar axudas aos concellos da provincia de Pontevedra afectados polas inundacións de principios de xaneiro [171898](#)

I 47332 (11/PNC-004084)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir ás mulleres o exercicio dos seus dereitos sexuais e reprodutivos [171900](#)

I 47337 (11/PNC-004085)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia

Sobre a necesidade de incluír no Plan de nova arquitectura pedagóxica o Centro Público Integrado Fonte Díaz, de Touro [171903](#)



I 47357 (11/PNC-004086)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para garantir o exercicio do dereito ao aborto na rede sanitaria pública

[171905](#)**I 47375 (11/PNC-004087)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Pazos Couñago, José Alberto e 6 máis**

Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España dunha reunión presencial do Consello Territorial de Servizos Sociais para abordar, xunto coas comunidades autónomas, o Anteproxecto de lei de familias

[171908](#)**I 47397 (11/PNC-004088)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Balseiro Orol, José Manuel e 6 máis**

Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España para garantir a aplicación das bonificacións ás que teñen dereito os membros das familias numerosas nos seus desprazamentos en tren

[171913](#)**I 47399 (11/PNC-004089)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rodeiro Tato, Ovidio e 6 máis**

Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España para que incorpore á futura Lei estatal de ensinanza artística superior achegas que redunden no beneficio do alumnado

[171915](#)**I 47402 (11/PNC-004090)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rodeiro Tato, Ovidio e 6 máis**

Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España para que incorpore un fondo específico de cooperación territorial co fin de que as administracións autonómicas e locais contén con máis recursos para a mellora dos centros educativos

[171918](#)**I 47437 (11/PNC-004091)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego ante a sentenza do Xulgado nº1 do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, relativa ao aboamento das contías descontadas ao persoal técnico do Servizo de Prevención de Incendios Forestais pola folga do 2020

[171921](#)**I 47452 (11/PNC-004092)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa monetarización do plan industrial da empresa Aldesa e a tramitación dos parques eólicos Mesada, Órrea e Xalo nas provincias de Pontevedra e A Coruña

[171924](#)

I 47467 (11/PNC-004093)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Carreira Pazos, Iria e Prado Cores, María Montserrat**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para solucionar as deficiencias do centro de saúde do concello de Vedra

[171926](#)**I 47557 (11/PNC-004095)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e Pérez Fernández, Rosana**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para realizar o proxecto de ordenación e urbanización do acceso ao recinto portuario de Covelo en Poio

[171929](#)**I 47593 (11/PNC-004096)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Caballero Miguez, Gonzalo e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para implementar unha política activa de apoio empresarial que acompañe a pequenas e medianas industrias e traballadores autónomos

[171931](#)**I 47616 (11/PNC-004097)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Caballero Miguez, Gonzalo e 3 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co financiamento das tres universidades publicas galegas

[171934](#)**I 47625 (11/PNC-004098)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para mellorar as bibliotecas de Galicia e o sector do libro

[171937](#)**I 47631 (11/PNC-004099)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para visibilizar o sector da ilustración

[171939](#)**I 47637 (11/PNC-004100)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para dar solución á situación crónica de saturación do Centro Hospitalario Universitario de Santiago

[171941](#)**I 47640 (11/PNC-004101)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos problemas da residencia de maiores do concello de Sarria

[171943](#)

I 47648 (11/PNC-004102)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Caballero Miguez, Gonzalo**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para publicar da información complementaria dos orzamentos na páxina de transparencia da Xunta de Galicia

[171946](#)**I 47651 (11/PNC-004103)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e 5 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para cumprir a lexislación estatal e europea de xestión de residuos

[171948](#)**I 47657 (11/PNC-004104)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para facer fronte aos gastos de xestión do servizo de asistencia xurídica gratuíta

[171951](#)**I 47666 (11/PNC-004105)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Lago, Noelia e Díaz Varela, Noa Susana**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa presentación dun novo plan de estratexia para a igualdade nos centro educativos

[171953](#)**I 47673 (11/PNC-004106)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para informar sobre as viaxes dos altos cargos da Xunta de Galicia

[171956](#)**I 47693 (11/PNC-004107)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para impulsar as actuacións necesarias para facilitar a mobilidade peonil e ciclista entre ambos lados da ría da Coruña

[171957](#)**I 47700 (11/PNC-004108)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Alfonso, Ramón e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para promover un maior nivel de prestación presencial dos servizos bancarios

[171959](#)**I 47706 (11/PNC-004109)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Carreira Pazos, Iria e Prado Cores, María Montserrat**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto das listas de espera do Servizo Galego de Saúde

[171962](#)

1.4. Procedementos de información

1.4.2. Solicitudes de comparecencia

1.4.2.1. Solicitudes de comparecencia en Pleno

Admisión a trámite, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

■ 47450 (11/CPP-000114)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Do conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, por petición do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, para avaliar o desenvolvemento do Programa 151A Fomento da Lingua Galega, así como o proxecto para este 2023 [171966](#)

1.4.2.2. Solicitudes de comparecencia en Comisión

Admisión a trámite, traslado á Mesa da comisión e publicación

■ 47451 (11/CPC-000091)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Do secretario xeral de Política Lingüística, por petición do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para avaliar o desenvolvemento do Programa 151A Fomento da Lingua Galega, así como o proxecto para este 2023 [171969](#)

■ 47585 (11/CPC-000092)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do director xeral de Comercio e Consumo, por petición propia, para informar sobre as medidas de apoio ao comercio de proximidade galego previstas para 2023 [171970](#)

1.4.3. Interpelacións

Admisión a trámite e publicación

■ 46979 (11/INT-002276)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 4 máis

Sobre as axudas para os traballadores autónomos [171972](#)

■ 46996 (11/INT-002277)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Seco García, Martín

Sobre as axudas directas a traballadores autónomos no contexto do sector agrogandeiro [171974](#)

■ 47004 (11/INT-002278)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e 3 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coa reactivación da planta de Alcoa en San Cibrao [171977](#)



I 47028 (11/INT-002279)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Otero Rodríguez, Patricia
Sobre a produción marisqueira

[171980](#)**I 47042 (11/INT-002280)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo
Sobre a atención ás vítimas de violencia de xénero

[171982](#)**I 47075 (11/INT-002281)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis
Sobre as axudas á actividade agrogandeira

[171984](#)**I 47146 (11/INT-002282)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 3 máis
Sobre os servizos de urxencias hospitalarias

[171987](#)**I 47151 (11/INT-002283)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e Pérez Fernández, Rosana
Sobre o índice de prezos ao consumo

[171990](#)**I 47192 (11/INT-002284)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 2 máis
Sobre o servizo de pediatria na comarca de Monterrei

[171993](#)**I 47219 (11/INT-002286)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis
Sobre a Lei 13/2021, do 20 de xullo, pola que se modifica o Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, para garantir a igualdade real entre mulleres e homes no ámbito universitario e da investigación

[171996](#)**I 47233 (11/INT-002287)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago
Sobre as vítimas de accidentes de tráfico

[171999](#)**I 47245 (11/INT-002288)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis
Sobre as axudas aos produtores de carne

[172002](#)

I 47251 (11/INT-002289)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e Fernández Gómez, Alexandra
Sobre o acceso á vivenda pública

[172005](#)**I 47285 (11/INT-002290)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e Fernández Alfonso, Ramón
Sobre a transición enerxética

[172008](#)**I 47324 (11/INT-002291)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis
Sobre os dereitos sexuais e reprodutivos da muller

[172011](#)**I 47360 (11/INT-002292)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 2 máis
Sobre a saúde sexual e reprodutiva da muller

[172013](#)**I 47395 (11/INT-002293)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis
Sobre os parques eólicos

[172016](#)**I 47407 (11/INT-002294)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis
Sobre o orzamento da Axencia Galega das Industrias Culturais

[172018](#)**I 47433 (11/INT-002295)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen
Sobre os dereitos dos traballadores á folga

[172020](#)**I 47465 (11/INT-002296)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Carreira Pazos, Iria e Prado Cores, María Montserrat
Sobre a situación dos centros de saúde

[172023](#)**I 47594 (11/INT-002297)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Caballero Miguez, Gonzalo e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña
Sobre o respaldo do Goberno galego ao tecido produtivo

[172026](#)**I 47608 (11/INT-002298)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Queixas Zas, Mercedes e 2 máis
Sobre o fomento da lingua galega [172028](#)

I 47617 (11/INT-002299)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Caballero Miguez, Gonzalo e 3 máis
Sobre o financiamento das universidades públicas galegas [172030](#)

I 47623 (11/INT-002300)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia
Sobre o servizo de biblioteca [172032](#)

I 47633 (11/INT-002301)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia
Sobre a ilustración como disciplina artística [172034](#)

I 47644 (11/INT-002302)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Caballero Miguez, Gonzalo
Sobre a publicación da información complementaria dos orzamentos [172036](#)

I 47652 (11/INT-002303)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e 5 máis
Sobre a xestión de residuos [172038](#)

I 47658 (11/INT-002304)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo
Sobre a xestión do acceso á xustiza gratuíta [172041](#)

I 47667 (11/INT-002305)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Lago, Noelia e Díaz Varela, Noa Susana
Sobre a igualdade nos centros de ensino [172043](#)

I 47675 (11/INT-002306)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma
Sobre o cumprimento da Lei de transparencia [172045](#)

I 47705 (11/INT-002307)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Carreira Pazos, Iria e Prado Cores, María Montserrat
Sobre as lista de espera do Servizo Galego de Saúde [172047](#)



A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 24 de xaneiro de 2023, adoptou os seguintes acordos:

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.1. Proposicións presentadas

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

- 47482 (11/PNP-003960)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 13 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para restituír ao patrimonio cultural de Galicia dúas esculturas desaparecidas do mosteiro de San Lourenzo de Carboeiro

Admisión a trámite e publicación

- 46965 (11/PNP-003926)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pardo López, Adrián e 7 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para prorrogar o Plan galego anti VIH/sida e outras infeccións de transmisión sexual

- 46971 (11/PNP-003927)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para resolver o problema das carencias de persoal nos centros médicos e nos puntos de atención continuada do distrito sanitario do Salnés

- 46978 (11/PNP-003928)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 4 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para elaborar un plan global entre a Consellería de Economía, Industria e Innovación, a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e o Igape en relación cos autónomos galegos

- 46981 (11/PNP-003929)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, Daniel e Pérez Fernández, Rosana

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para repoñer o servizo de practicaxe nos portos da Costa da Morte

- 46988 (11/PNP-003930)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Queixas Zas, Mercedes e Rodil Fernández, Olalla

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para dotar o concello de Carral dun centro de día público de atención aos maiores

- 46998 (11/PNP-003931)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Seco García, Martín

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir o acceso a todos os solicitantes das axudas do programa Impacto Autónomo

- 47006 (11/PNP-003932)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e 3 máis

Sobre as accións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a reactivación de Alcoa en San Cibrao

- 47007 (11/PNP-003933)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e Prado Cores, María Montserrat

Sobre as medidas que debe levar a cabo o Goberno galego para recuperar un servizo médico de calidade na Casa do Mar de Moaña

- 47035 (11/PNP-003934)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para establecer unha liña extraordinaria de compensacións para o sector marisqueiro

- 47044 (11/PNP-003935)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para aprobar e poñer en funcionamento un protocolo de atención ás vítimas de violencia de xénero

- 47099 (11/PNP-003936)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 7 máis

Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España para solicitarlle ao presidente do Goberno o cesamento inmediato da secretaria de Estado de Igualdade

- 47142 (11/PNP-003937)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 3 máis

Sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galicia respecto do Servizo de Urgencias do Complexo Hospitalario de Ourense



- 47188 (11/PNP-003938)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para dotar a comarca de Monterrei dun servizo próximo e continuado de pediatría

- 47202 (11/PNP-003940)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para facer un informe detallado sobre a construción do parque eólico Troitomil e doutros previstos no concello da Baña e concellos limítrofes

- 47221 (11/PNP-003941)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para desenvolver a Lei 13/2021, do 20 de xullo, pola que se modifica o Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, para garantir a igualdade real entre mulleres e homes no ámbito universitario e da investigación

- 47226 (11/PNP-003942)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto das alegacións realizadas polo Concello do Val do Dubra e a súa veciñanza respecto do parque eólico de Vilartoxo

- 47229 (11/PNP-003943)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para desenvolver, dentro do marco do Plan de seguridade viaria, un programa específico para reducir a sinistralidade e as vítimas de accidentes de tráfico

- 47247 (11/PNP-003944)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coas axudas temporais e excepcionais ás persoas produtoras de carne

- 47281 (11/PNP-003945)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Fernández Alfonso, Ramón

Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno do Estado en relación cos proxectos industriais e empresariais vinculados á transición enerxética no concello de Cerceda



- 47289 (11/PNP-003946)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos parques eólicos adxudicados á empresa Estela Eólica

- 47295 (11/PNP-003947)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co parque eólico Os Cotos, en Cerdedo-Cotobade

- 47326 (11/PNP-003948)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 6 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para habilitar axudas aos concellos da provincia de Pontevedra afectados polas inundacións de principios de xaneiro

- 47333 (11/PNP-003949)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir ás mulleres o exercicio dos seus dereitos sexuais e reprodutivos

- 47338 (11/PNP-003950)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia

Sobre a necesidade de incluír no Plan de nova arquitectura pedagóxica o Centro Público Integrado Fonte Díaz, de Touro

- 47356 (11/PNP-003951)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para garantir o exercicio do dereito ao aborto na rede sanitaria pública

- 47374 (11/PNP-003952)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pazos Couñago, José Alberto e 6 máis

Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España dunha reunión presencial do Consello Territorial de Servizos Sociais para abordar, xunto coas comunidades autónomas, o Anteproxecto de lei de familias

- 47398 (11/PNP-003953)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 7 máis



Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España para que garanta a aplicación das bonificacións ás que teñen dereito os membros das familias numerosas nos seus desprazamentos en tren

- 47400 (11/PNP-003954)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodeiro Tato, Ovidio e 6 máis

Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España para que incorpore á futura Lei estatal de ensinanza artística superior achegas que redunden no beneficio do alumnado

- 47401 (11/PNP-003955)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodeiro Tato, Ovidio e 6 máis

Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España para que incorpore un fondo específico de cooperación territorial co fin de que as administracións autonómicas e locais contén con máis recursos para a mellora dos centros educativos

- 47071 (11/PNP-003956)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para dar cobertura ás solicitudes de conversión e de mantemento que quedaron fóra das axudas á produción ecolóxica

- 47438 (11/PNP-003957)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego ante a sentenza do Xulgado nº1 do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, relativa ao aboamento das contías descontadas ao persoal técnico do Servizo de Prevención de Incendios Forestais pola folga do 2020

- 47453 (11/PNP-003958)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa monetarización do plan industrial da empresa Aldesa e a tramitación dos parques eólicos Mesada, Órrea e Xalo nas provincias de Pontevedra e A Coruña

- 47466 (11/PNP-003959)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e Prado Cores, María Montserrat

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para solucionar as deficiencias do centro de saúde do concello de Vedra

- 47558 (11/PNP-003961)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Bará Torres, Xosé Luís e Pérez Fernández, Rosana

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para realizar o proxecto de ordenación e urbanización do acceso ao recinto portuario de Covelo en Poio

- 47592 (11/PNP-003962)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para implementar unha política activa de apoio empresarial que acompañe a pequenas e medianas industrias e traballadores autónomos

- 47615 (11/PNP-003963)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co financiamento das tres universidades públicas galegas

- 47626 (11/PNP-003964)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para mellorar as bibliotecas de Galicia e o sector do libro

- 47632 (11/PNP-003965)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para visibilizar o sector da ilustración

- 47638 (11/PNP-003966)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para dar solución á situación crónica de saturación do Centro Hospitalario Universitario de Santiago

- 47639 (11/PNP-003967)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos problemas da residencia de maiores do concello de Sarria

- 47650 (11/PNP-003968)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para cumprir a lexislación estatal e europea de xestión de residuos



- 47656 (11/PNP-003969)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para facer fronte aos gastos de xestión do servizo de asistencia xurídica gratuíta

- 47663 (11/PNP-003970)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa presentación dun novo plan de estratexia para a igualdade nos centro educativos

- 47674 (11/PNP-003971)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para informar sobre as viaxes dos altos cargos da Xunta de Galicia

- 47692 (11/PNP-003972)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para impulsar as actuacións necesarias para facilitar a mobilidade peonil e ciclista entre ambos lados da ría da Coruña

- 47699 (11/PNP-003973)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonzo, Ramón e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para promover un maior nivel de prestación presencial dos servizos bancarios

- 47707 (11/PNP-003974)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e Prado Cores, María Montserrat

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto das listas de espera do Servizo Galego de Saúde

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.1. Proposicións presentadas

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, asignación á comisión e publicación

- 47481 (11/PNC-004094)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para restituír ao patrimonio cultural de Galicia dúas esculturas desaparecidas do mosteiro de San Lourenzo de Carboeiro

Comisión 4ª, Educación e Cultura



- 47843 (11/PNC-004112)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, Daniel e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para reverter a crise sociolaboral

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación

- 46966 (11/PNC-004056)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pardo López, Adrián e 7 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para prorrogar o Plan galego anti VIH/sida e outras infeccións de transmisión sexual

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 46970 (11/PNC-004057)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para resolver o problema das carencias de persoal nos centros médicos e nos puntos de atención continuada do distrito sanitario do Salnés

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 46972 (11/PNC-004058)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para elaborar un estudo da situación do mercado laboral en relación cos autónomos

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 46976 (11/PNC-004059)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para elaborar un plan global entre a Consellería de Economía, Industria e Innovación, a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e o Igape en relación cos autónomos galegos

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 46977 (11/PNC-004060)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para elaborar un plan global entre a Consellería de Economía, Industria e Innovación, a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e o Igape en relación cos autónomos galegos

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego



- 46980 (11/PNC-004061)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, Daniel e Pérez Fernández, Rosana

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para repoñer o servizo de practicaxe nos portos da Costa da Morte

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 46989 (11/PNC-004062)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Rodil Fernández, Olalla

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para dotar o concello de Carral dun centro de día público de atención aos maiores

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 46997 (11/PNC-004063)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Seco García, Martín

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir o acceso a todos os solicitantes das axudas do programa Impacto Autónomo

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes

- 47005 (11/PNC-004064)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e 3 máis

Sobre as accións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a reactivación de Alcoa en San Cibrao

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 47008 (11/PNC-004065)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e Prado Cores, María Montserrat

Sobre as medidas que debe levar a cabo o Goberno galego para recuperar un servizo médico de calidade na Casa do Mar de Moaña

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 47032 (11/PNC-004066)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para establecer unha liña extraordinaria de compensacións para o sector marisqueiro

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 47036 (11/PNC-004067)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis



Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para garantir a calidade e regularidade do servizo de transporte escolar do Instituto de Educación Secundaria Lagoa de Antela, en Xinzo de Limia

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 47043 (11/PNC-004068)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para aprobar e poñer en funcionamento un protocolo de atención ás vítimas de violencia de xénero

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 47070 (11/PNC-004069)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para dar cobertura ás solicitudes de conversión e de mantemento que quedaron fóra das axudas á produción ecolóxica

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 47098 (11/PNC-004071)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 7 máis

Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España para solicitarlle ao presidente do Goberno o cesamento inmediato da secretaria de Estado de Igualdade

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 47143 (11/PNC-004072)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 3 máis

Sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galicia respecto do Servizo de Urgencias do Complexo Hospitalario de Ourense

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 47189 (11/PNC-004073)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para dotar a comarca de Monterrei dun servizo próximo e continuado de pediatría

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 47203 (11/PNC-004075)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para facer un informe detallado sobre a construción do parque eólico Troitomil e doutros previstos no concello da Baña e concellos limítrofes

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos



- 47220 (11/PNC-004076)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para desenvolver a Lei 13/2021, do 20 de xullo, pola que se modifica o Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, para garantir a igualdade real entre mulleres e homes no ámbito universitario e da investigación

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 47225 (11/PNC-004077)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto das alegacións realizadas polo Concello do Val do Dubra e a súa veciñanza respecto do parque eólico de Vilartoxo

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 47230 (11/PNC-004078)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para desenvolver, dentro do marco do Plan de seguridade viaria, un programa específico para reducir a sinistralidade e as vítimas de accidentes de tráfico

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 47246 (11/PNC-004079)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coas axudas temporais e excepcionais ás persoas produtoras de carne

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 47282 (11/PNC-004080)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Fernández Alfonso, Ramón

Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno do Estado en relación cos proxectos industriais e empresariais vinculados á transición enerxética no concello de Cerceda

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 47290 (11/PNC-004081)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos parques eólicos adxudicados á empresa Estela Eólica

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos



- 47296 (11/PNC-004082)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co parque eólico Os Cotos, en Cerdedo-Cotobade

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 47328 (11/PNC-004083)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 6 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para habilitar axudas aos concellos da provincia de Pontevedra afectados polas inundacións de principios de xaneiro

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 47332 (11/PNC-004084)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir ás mulleres o exercicio dos seus dereitos sexuais e reprodutivos

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 47337 (11/PNC-004085)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia

Sobre a necesidade de incluír no Plan de nova arquitectura pedagóxica o Centro Público Integrado Fonte Díaz, de Touro

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 47357 (11/PNC-004086)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para garantir o exercicio do dereito ao aborto na rede sanitaria pública

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 47375 (11/PNC-004087)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pazos Couñago, José Alberto e 6 máis

Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España dunha reunión presencial do Consello Territorial de Servizos Sociais para abordar, xunto coas comunidades autónomas, o Anteproxecto de lei de familias

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 47397 (11/PNC-004088)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 6 máis



Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España para garantir a aplicación das bonificacións ás que teñen dereito os membros das familias numerosas nos seus desprazamentos en tren

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 47399 (11/PNC-004089)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodeiro Tato, Ovidio e 6 máis

Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España para que incorpore á futura Lei estatal de ensinanza artística superior achegas que redunden no beneficio do alumnado

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 47402 (11/PNC-004090)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodeiro Tato, Ovidio e 6 máis

Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España para que incorpore un fondo específico de cooperación territorial co fin de que as administracións autonómicas e locais contén con máis recursos para a mellora dos centros educativos

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 47437 (11/PNC-004091)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego ante a sentenza do Xulgado nº1 do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, relativa ao aboamento das contías descontadas ao persoal técnico do Servizo de Prevención de Incendios Forestais pola folga do 2020

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 47452 (11/PNC-004092)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa monetarización do plan industrial da empresa Aldesa e a tramitación dos parques eólicos Mesada, Órrea e Xalo nas provincias de Pontevedra e A Coruña

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 47467 (11/PNC-004093)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e Prado Cores, María Montserrat

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para solucionar as deficiencias do centro de saúde do concello de Vedra

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 47557 (11/PNC-004095)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Bará Torres, Xosé Luís e Pérez Fernández, Rosana

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para realizar o proxecto de ordenación e urbanización do acceso ao recinto portuario de Covelo en Poio

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 47593 (11/PNC-004096)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para implementar unha política activa de apoio empresarial que acompañe a pequenas e medianas industrias e traballadores autónomos

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 47616 (11/PNC-004097)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co financiamento das tres universidades publicas galegas

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 47625 (11/PNC-004098)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para mellorar as bibliotecas de Galicia e o sector do libro

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 47631 (11/PNC-004099)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para visibilizar o sector da ilustración

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 47637 (11/PNC-004100)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para dar solución á situación crónica de saturación do Centro Hospitalario Universitario de Santiago

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 47640 (11/PNC-004101)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos problemas da residencia de maiores do concello de Sarria

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego



- 47648 (11/PNC-004102)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para publicar da información complementaria dos orzamentos na páxina de transparencia da Xunta de Galicia

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 47651 (11/PNC-004103)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para cumprir a lexislación estatal e europea de xestión de residuos

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 47657 (11/PNC-004104)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para facer fronte aos gastos de xestión do servizo de asistencia xurídica gratuíta

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 47666 (11/PNC-004105)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa presentación dun novo plan de estratexia para a igualdade nos centro educativos

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 47673 (11/PNC-004106)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para informar sobre as viaxes dos altos cargos da Xunta de Galicia

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 47693 (11/PNC-004107)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para impulsar as actuacións necesarias para facilitar a mobilidade peonil e ciclista entre ambos lados da ría da Coruña

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 47700 (11/PNC-004108)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón e 2 máis



Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para promover un maior nivel de prestación presencial dos servizos bancarios

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 47706 (11/PNC-004109)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e Prado Cores, María Montserrat

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto das listas de espera do Servizo Galego de Saúde

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

1.4. Procedementos de información

1.4.2. Solicitudes de comparecencia

1.4.2.1. Solicitudes de comparecencia en Pleno

Admisión a trámite, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

- 47450 (11/PPP-000114)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Do conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, por petición do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, para avaliar o desenvolvemento do Programa 151A Fomento da Lingua Galega, así como o proxecto para este 2023

1.4.2.2. Solicitudes de comparecencia en Comisión

Admisión a trámite, traslado á Mesa da comisión e publicación

- 47451 (11/CPC-000091)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Do secretario xeral de Política Lingüística, por petición do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para avaliar o desenvolvemento do Programa 151A Fomento da Lingua Galega, así como o proxecto para este 2023

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 47585 (11/CPC-000092)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do director xeral de Comercio e Consumo, por petición propia, para informar sobre as medidas de apoio ao comercio de proximidade galego previstas para 2023

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

1.4.3. Interpelacións

Admisión a trámite e publicación

- 46979 (11/INT-002276)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 4 máis
Sobre as axudas para os traballadores autónomos

- 46996 (11/INT-002277)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Seco García, Martín
Sobre as axudas directas a traballadores autónomos no contexto do sector agrogandeiro

- 47004 (11/INT-002278)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Rodríguez, Patricia e 3 máis
Sobre a política do Goberno galego en relación coa reactivación da planta de Alcoa en San Cibrao

- 47028 (11/INT-002279)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Otero Rodríguez, Patricia
Sobre a produción marisqueira

- 47042 (11/INT-002280)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo
Sobre a atención ás vítimas de violencia de xénero

- 47075 (11/INT-002281)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis
Sobre as axudas á actividade agrogandeira

- 47146 (11/INT-002282)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 3 máis
Sobre os servizos de urxencias hospitalarias

- 47151 (11/INT-002283)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e Pérez Fernández, Rosana
Sobre o índice de prezos ao consumo

- 47192 (11/INT-002284)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 2 máis
Sobre o servizo de pediatría na comarca de Monterrei

- 47219 (11/INT-002286)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis



Sobre a Lei 13/2021, do 20 de xullo, pola que se modifica o Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, para garantir a igualdade real entre mulleres e homes no ámbito universitario e da investigación

- 47233 (11/INT-002287)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago
Sobre as vítimas de accidentes de tráfico

- 47245 (11/INT-002288)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis
Sobre as axudas aos produtores de carne

- 47251 (11/INT-002289)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e Fernández Gómez, Alexandra
Sobre o acceso á vivenda pública

- 47285 (11/INT-002290)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e Fernández Alfonso, Ramón
Sobre a transición enerxética

- 47324 (11/INT-002291)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis
Sobre os dereitos sexuais e reprodutivos da muller

- 47360 (11/INT-002292)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 2 máis
Sobre a saúde sexual e reprodutiva da muller

- 47395 (11/INT-002293)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis
Sobre os parques eólicos

- 47407 (11/INT-002294)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis
Sobre o orzamento da Axencia Galega das Industrias Culturais

- 47433 (11/INT-002295)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen
Sobre os dereitos dos traballadores á folga

- 47465 (11/INT-002296)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Carreira Pazos, Iria e Prado Cores, María Montserrat
Sobre a situación dos centros de saúde

- 47594 (11/INT-002297)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Caballero Miguez, Gonzalo e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña
Sobre o respaldo do Goberno galego ao tecido produtivo

- 47608 (11/INT-002298)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis
Sobre o fomento da lingua galega

- 47617 (11/INT-002299)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Caballero Miguez, Gonzalo e 3 máis
Sobre o financiamento das universidades públicas galegas

- 47623 (11/INT-002300)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia
Sobre o servizo de biblioteca

- 47633 (11/INT-002301)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia
Sobre a ilustración como disciplina artística

- 47644 (11/INT-002302)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Caballero Miguez, Gonzalo
Sobre a publicación da información complementaria dos orzamentos

- 47652 (11/INT-002303)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e 5 máis
Sobre a xestión de residuos

- 47658 (11/INT-002304)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo
Sobre a xestión do acceso á xustiza gratuíta



- 47667 (11/INT-002305)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Lago, Noelia e Díaz Varela, Noa Susana
Sobre a igualdade nos centros de ensino

- 47675 (11/INT-002306)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma
Sobre o cumprimento da Lei de transparencia

- 47705 (11/INT-002307)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Carreira Pazos, Iria e Prado Cores, María Montserrat
Sobre as lista de espera do Servizo Galego de Saúde

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2023

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª





A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa das deputadas e deputados, Teresa Egerique Mosquera, José Luis Ferro Iglesias, Ovidio Rodeiro Tato, Elena Suárez Sarmiento, Carlos Gómez Salgado, Felisa Rodríguez Carrera, Moisés Rodríguez Pérez, Paula Prado del Río, Alberto Pazos Couñago, Marta Nóvoa Iglesias, Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, José Antonio Armada Pérez e José Manuel Balseiro Orol, ao abeiro do disposto no artigo 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre esta cuestión.

Exposición de motivos

O Mosteiro de San Lorenzo de Carboeiro é un auténtico tesouro dentro do rico patrimonio de Galicia. A súa arquitectura románica e a impresionante paisaxe natural que o rodean fan deste monumento un lugar de gran interese cultural. Actualmente protexido polos seus valores únicos –baixo a categoría de Ben de Interese Cultural– o mosteiro é parte da historia de Galicia.

Precisamente unha recente investigación, liderada polo historiador Francisco Prado-Villar, completa o relato histórico deste monumento, apuntando cara un posible espolio de varias pezas integrantes do ben que actualmente se atopan emprazadas no Museo Frederic Marès de Barcelona: un Cristo en Maxestade e unha talla con símbolos dos evanxelistas san Lucas e san Xoán.

A aparición de diversas cartas no Arquivo de Galicia e o Arquivo Xeral da Administración, por parte do historiador, poderían probar a subtracción ilegal destas dúas esculturas da igrexa. Nelas, o entón comisario da Primeira Zona de Defensa del Patrimonio Artístico Nacional, Manuel Chamoso Lamas, abordaría a preocupación pola desaparición de dúas esculturas do mosteiro que se atopaban en paradiro descoñecido.

O comisario iniciaría entón a procura das pezas, denunciando os feitos e contactando con diversos organismos tentando chegar ata as esculturas. Todas as xestións resultarían infrutuosas e durante anos perderíase a pista destes valiosos bens.





A situación mudaría a finais dos anos 70 do século pasado, cando as esculturas afloraron na colección de Ferdinand Birk Crecelius, un empresario de orixe alemán de quen foron adquiridas polo Museo Frederic Marès, onde se atopan desde entón.

A documentación atopada nas recentes investigación, podería probar que a subtracción das pezas foi un acto ilegal, xa que desde o 3 de xuño de 1931 o conxunto de Carboeiro goza do máximo nivel de protección (o equivalente na actualidade a un Ben de Interese Cultural). Por este motivo, a Xunta de Galicia xa solicitou, tanto aos responsables do Museo Frederic Marès como á alcaldesa de Barcelona, Ada Colau, toda a información sobre as pezas e a súa procedencia a fin de aclarar a súa orixe.

Coas máximas cautelas e sen improvisacións —como se debe actuar nestes casos—, o Grupo Parlamentario Popular, considera fundamental analizar en profundidade o caso con todas as partes e iniciar as accións necesarias para que estes bens se restitúan ao patrimonio cultural de Galicia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a analizar o caso da desaparición das dúas esculturas do mosteiro de San Lorenzo de Carboeiro có obxectivo de restituír estes bens ao patrimonio cultural de Galicia”.

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 18/01/2023 13:51:52

Teresa Egerique Mosquera na data 18/01/2023 13:52:16

José Luis Ferro Iglesias na data 18/01/2023 13:52:30

Ovidio Rodeiro Tato na data 18/01/2023 13:52:45

María Elena Suárez Sarmiento na data 18/01/2023 13:53:01

Gómez Salgado, Carlos na data 18/01/2023 13:53:20

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





**PARLAMENTO
DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2023 13:59:44
Nº Rexistro: 47482
Data envío: 18/01/2023 13:59:44.860

María Felisa Rodríguez Carrera na data 18/01/2023 13:53:31

Rodríguez Pérez, Moisés na data 18/01/2023 13:53:43

Paula Prado del Río na data 18/01/2023 13:54:15

José Alberto Pazos Couñago na data 18/01/2023 13:54:39

Marta Nóvoa Iglesias na data 18/01/2023 13:54:52

María Encarnación Amigo Díaz na data 18/01/2023 13:55:09

Raquel Arias Rodríguez na data 18/01/2023 13:55:24

José Antonio Armada Pérez na data 18/01/2023 13:55:43

José Manuel Balseiro Orol na data 18/01/2023 13:55:59

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-I0UuIQN4q-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados **Adrián Pardo López, José Alberto Pazos Couñago, Corina Porro Martínez, Noelia Pérez López, Encarna Amigo Díaz, Rosalía López Sánchez, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez e Elena Suárez Sarmiento** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en pleno**.

Exposición de Motivos:

As infeccións de transmisión sexual (ITS) son un problema importante de saúde pública tanto pola súa magnitude como polas súas complicacións e secuelas se non se realiza un diagnóstico e tratamento precoz.

En Galicia, aínda que con taxas inferiores ás españolas, a infección polo VIH e outras infeccións de transmisión sexuais continúa sendo un problema de saúde pública que require dunha acción coordinada destinada ao seu control.

Recentemente coñecíamos un estudo do Instituto de Saúde Carlos III onde alertaba de que as ITS aumentaron un 158,93% nas mulleres e un 113,83% nos homes.

As ITS supoñen un risco, xa que na meirande parte dos casos estas son asintomáticas ou con síntomas moi leves que moitas veces pasan desapercibidos, o que acaban provocando que estas ITS evolucionen en ETS (enfermidades de transmisión sexual).

Probablemente os factores que explican o aumento destas ITS son moitos, dende que cada vez mantense a primeira relación sexual antes a que descendeu o uso do preservativo como principal método preventivo.

Unha enquisa da Sociedade Española de Contracepción destacaba que tan só o 52% da mocidade entre os 18 e os 25 anos usaba o preservativo de forma exclusiva como método anticonceptivo sen usalo dende o principio ata o final da relación sexual.

Segundo os últimos datos do Ministerio de Sanidade referentes ao ano 2019, se diagnosticaron en España 36.352 casos de gonorrea, clamidia, sífilis e linfogranuloma.

Por exemplo, no caso da sífilis pasamos no 2009 dunha taxa por 100 mil habitantes do 5,56 a unha taxa do 13,29 por 100 mil habitantes no 2019; ou a clamidia que pasou dunha taxa do 18,04 por 100 mil habitantes en 2016 a unha do 44,18 por 100.000 habitantes.



Tamén é preocupante que España se sitúa a cola na realización de probas, onde tan só o 2,4% da poboación se someteu a unha proba (ou revisión) de ITS durante o 2019, moi lonxe de países como Portugal onde esta porcentaxe é do 22% ou de Alemaña co 13,4%.

O Plan galego anti VIH/sida e outras infeccións de transmisión sexual (ITS) que se iniciou para os anos 2015-2018 e que foi prorrogado para os 2018-2022 conta con cinco eixos estratéxicos:

- 1) Prevención primaria
- 2) Diagnóstico precoz
- 3) Garantir a asistencia sanitaria e o tratamento das persoas con infección polo VIH e outras ITS en Galicia.
- 4) Reducir o estigma e a discriminación das persoas afectadas polo VIH e outras ITS.
- 5) Promover o acceso aos servizos e prestacións sexuais.

Por iso, ante este aumento exponencial das infeccións de transmisión sexual durante os últimos anos parece necesario seguir prorrogando o Plan galego anti VIH/sida e outras infeccións de transmisión sexual (ITS).

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte **proposición non de lei**:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a prorrogar o Plan galego anti VIH/sida e outras infeccións de transmisión sexual (ITS)”.

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2023.





**PARLAMENTO
DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 46965
Data envío: 12/01/2023 14:10:55.996

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 12/01/2023 14:08:49

Pardo López, Adrián na data 12/01/2023 14:08:55

José Alberto Pazos Couñago na data 12/01/2023 14:09:06

María Corina Porro Martínez na data 12/01/2023 14:09:19

Noelia Pérez López na data 12/01/2023 14:09:31

María Encarnación Amigo Díaz na data 12/01/2023 14:09:46

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 12/01/2023 14:09:59

María Elena Suárez Sarmiento na data 12/01/2023 14:10:25

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-I0UuIQN4q-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A situación da Atención Primaria en Galicia está nun momento de ampla preocupación, con profesionais saturados e centros sanitarios sobrevivindo ante a demanda asistencial sen recibir ningún apoio real en formato de recursos ou medidas de xestión eficiente por parte da dirección do sistema sanitario galego.

O escenario no que se atopa o sistema sanitario é de gran preocupación, cun problema de persoal froito dos recortes da última década expresados fundamentalmente na non reposición dos profesionais, a renuncia do Goberno galego a formar decenas e decenas de novos profesionais para primaria, tanto facultativos como profesionais de enfermaría, e o sometemento a condicións laborais en continuo empeoramento que fan das prazas un espazo profesional moi pouco atractivo para captar novos sanitarios.

A comarca de Arousa – O Salnés é un punto no que estes problemas se amosan na súa máxima expresión. Dende a dirección do sistema sanitario público véñense abandonando as políticas de dotación de recursos humanos axeitados para a atención primaria, ademais de demorar durante anos a atención ás necesidades de infraestruturas axeitadas que están chegando tarde (centros de saúde de Vilagarcía ou Meis), que directamente non queren ser postas en marcha (centro de saúde do Grove), ou que foron arranxadas sen afrontar o conxunto dos problemas (centro de saúde da Illa).

Esta situación agrávase cando se trata de avaliar o funcionamento dos PAC, onde durante o último ano vivíronse escenarios moi preocupantes con dotacións mínimas de persoal ou incluso ausencia de profesionais facultativos nos PAC desta comarca. Ocorreu en numerosas ocasións durante o verán, sendo a comarca turística de referencia de Galicia, e dende o Goberno de Galicia apuntouse aos problemas de cubrir persoal nos meses de vacacións dos profesionais e co aumento poboacional. Pero chegado o inverno seguen a ocorrer as mesmas situacións, e evidéncianse como incapaces de solucionar nada todos os anuncios baleiros de propostas que nunca se concretan.

Entrado 2023 seguimos nesta comarca cun problema grave de abandono dos PAC por parte da dirección do sistema, e coas fins de semana en que a área Pontevedra – Salnés sofre sen médicos nos puntos de atención continuada, o que repercute



además nunha grave saturación dos servizos de urxencias dos hospitais, cuxos profesionais alertaron en numerosas ocasións da necesidade de que se poña freo a esta ausencia de profesionais en Atención Primaria.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta ao goberno de Galicia a:

1º) Cubrir as carencias de persoal nos centros médicos e nos PAC do distrito sanitario do Salnés ata acadar as dotacións que cada centro ten asignadas no Plan funcional.

2º) Reforzar os cadros de persoal e dimensionar de forma axeitada as quendas de traballo, tanto nas urxencias hospitalarias xerais coma nas pediátricas, para poder prestar unha atención sanitaria de calidade.

Pazo do Parlamento, 13 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 12/01/2023 16:56:02

Marina Ortega Otero na data 12/01/2023 16:56:14

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 12/01/2023 16:56:27



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados, Carmen Rodríguez Dacosta, Begoña Rodríguez Rumbo, Gonzalo Caballero Miguez, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

Como xa acontecía co lanzamento do bono turístico e o desconto cultural a páxina *web* da Xunta de Galicia quedou colapsada o día 9 de xaneiro cando se abriu o prazo de presentación de axudas directas de entre 800 e 1.500 euros do Programa impacto autónomo.

O prazo de solicitude e presentación de documentación abríase o día 9 e a *web* saturábase pasada a media noite e estivo caída por momentos prexudicando tanto a particulares como a profesionais que xestionan estas axudas

O colexio de xestores administrativos de Galicia recolleu críticas polo colapso na sede electrónica da Xunta de Galicia denunciando que a publicación inclúe unha captura de pantalla cos datos de cola virtual con case unha hora de espera e mais de medio millar de usuarios por diante. As 00.04 horas xa había 4.000 postos en espera.

O Grupo Parlamentario Socialista considera que a tardanza na publicación da convocatoria, a fuxida da Consellería de Economía e do Igape en afrontar a situación desesperada dos autónomos e o maltrato continuado que reciben empresas e traballadores autónomos polo Goberno galego é insostible.

O Programa impacto autónomo da Consellería de Emprego chega tarde, non é ambicioso e suple as funcións e orzamento de que dispón a Xunta de Galicia a través da Consellería de Economía para paliar a situación das empresas e dos autónomos e autónomas galegas para minorar as consecuencias primeiro da pandemia e agora da alza de prezos provocada pola guerra de Ucraína

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que con urxencia elabore un estudo da situación do mercado laboral en relación cos autónomos galegos e en virtude do mesmo se realice un plan de actuación global que implique á



Consellería de Economía, Industria e Innovación, ao Instituto de Promoción Económica e á Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade.

Pazo do Parlamento, 11 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 12/01/2023 17:11:32

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 12/01/2023 17:11:49

Gonzalo Caballero Míguez na data 12/01/2023 17:12:05

Julio Torrado Quintela na data 12/01/2023 17:12:29

Marina Ortega Otero na data 12/01/2023 17:12:41

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 12/01/2023 17:12:55





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Daniel Pérez López** e da deputada **Rosana Pérez Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa ao servizo de practicaxe portuario nos portos de Cee, Corcubión, Corme e Laxe.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende o BNG da Costa da Morte asistimos con gran preocupación ao xiro que deu o procedemento de cobertura do servizo de practicaxe portuario, que afecta aos portos de Cee, Corcubión, Corme e Laxe. Dende marzo do ano pasado vimos advertindo sobre os erros substanciais que figuraban no prego de condicións para a contratación do servizo, e sobre a altísima probabilidade de que quedase deserta a convocatoria, co grave problema que iso suporía para a seguridade de navegación na zona.

Despois dunha primeira convocatoria (na que non se corrixiron eivas), Portos de Galiza teimou no despropósito cando, por un erro non explicado no procedemento, realizou unha nova convocatoria para cubrir o servizo e non corrixiu as eivas denunciadas no prego nin os recortes orzamentarios.

No seu día desde o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego propuxemos na Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo do Parlamento Galego que se deixase sen efecto ese prego, que se tramitase un novo que corrixise as eivas substanciais do publicado e que revisasen as condicións económicas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Porén, o Partido Popular vetou esta iniciativa. Veto que constituía unha irresponsabilidade porque de non variarse as condicións económicas, o servizo corría o risco de quedar deserto.

De darse esta circunstancia, a Costa da Morte perdería un servizo vital para a seguridade marítima no corredor de Fisterra e vería comprometida a actividade portuaria ordinaria nos portos da zona.

Coa circunstancia engadida que a perda deste servizo suporía un novo golpe para as fábricas de ferroalixes de Cee e Dumbría, ao non poder cargar e descargar no Porto de Brens a materia prima e dar saída por mar ao producido no complexo industrial de XEAL. A razón é sinxela; a figura do práctico e a súa tripulación é imprescindible para a entrada de tráfico marítimo nos portos.

Aínda así, Portos de Galiza porfiou nunha convocatoria que, cando se publicaba, xa estaba abocada á non cobertura do servizo.

Unha convocatoria que, como adiantamos, ficou deserta, coa consecuencia que desde o 1 de decembro do ano pasado até o día de hoxe, a Costa da Morte no dispón do servizo de practicaxe. Así as cousas, a pregunta oral en Pleno do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a Conselleira do Mar manifestou que se estaba a traballar dende o goberno galego para garantir este servizo. Mais a realidade é que de momento non hai novidade algunha ao respecto, co que esta parte do litoral do noso país carece dun servizo vital para a seguridade marítima e para a operatividade dos portos da zona.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a que repoña de maneira inmediata e con carácter de urxencia o servizo de practicaxe nos portos da Costa da Morte, de xeito que se garanta a operatividade dos portos e a seguridade marítima da zona.”

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Daniel Pérez López**

Rosana Pérez Fernández

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 12/01/2023 17:09:14

Rosana Pérez Fernández na data 12/01/2023 17:09:24

Ana Pontón Mondelo na data 12/01/2023 17:09:33





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Mercedes Queixas Zas** e **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a necesidade de dotar a vila de Carral dun centro de día público para o a coidado das persoas maiores.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Carral é un concello da comarca da Coruña cuxo censo actual supera os 6.000 habitantes, unha poboación que, segundo datos do INE, medrou progresivamente nas últimas dúas décadas ao longo do municipio e que se duplicou no propio lugar de Carral, aglutinando a poboación das zonas máis rurais e acollendo tamén poboación deslocada desde a cidade próxima da Coruña.

Na actualidade, como no conxunto de Galiza, este concello presenta unha elevada porcentaxe de poboación de idade avanzada que precisa dunha atención e coidado de calidade garantidos desde os servizos públicos.

Carral é un concello que na actualidade non conta con ningún centro de día público, malia a demanda social existente e que no BNG puidemos testemuñar.

O que si existe na memoria colectiva desde o ano 2016 son os sucesivos anuncios do Partido Popular, tanto desde a Xunta como do Concello, da posta en marcha dun centro de día para os maiores, mesmo comprometendo unha partida de 150.000 euros do orzamento público e ubicación no colexio Víctor Velasco, que xa leva tempo pechado.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Transcorridos seis anos Carral segue sen ningún centro de día de atención aos maiores e con todas as necesidades de coidado para unha vellez digna sen atender.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta a cumprir o seu compromiso coa vila de Carral iniciando os trámites para dotar o concello dun centro de día público de atención aos maiores á maior brevidade posíbel.”

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Deputada do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 12/01/2023 17:24:37





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 12/01/2023 17:24:41



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, Carmen Rodríguez Dacosta e Martín Seco García, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

Mediante a orde do 28 de decembro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras do programa impacto autónomo se procede a convocatoria de axudas, abríndose o prazo de presentación o día 9 de xaneiro.

O Grupo Parlamentario Socialista considera que a tardanza na publicación da convocatoria, a fuxida da Consellería de Economía e do Igape en afrontar a situación desesperada dos autónomos e o maltrato continuado que reciben empresas e traballadores autónomos polo Goberno galego e insostible.

Por outra banda, o Grupo Parlamentario Socialista o igual que a Organización Unións Agrarias considera intolerable os límites impostos pola Administración autonómica; que deixan fóra da convocatoria á práctica totalidade das explotacións de vacún de carne da Comunidade e vetan aos profesionais coas rendas máis baixas, quen máis precisa deste apoio.

Afirma a organización agraria que a inmensa maioría dos gandeiros de vacún de carne galegos non poderán acceder ás axudas da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade para minimizar as consecuencias da suba dos custos na actividade das persoas autónomas e das microempresas.

É así porque, de xeito ilóxico, a Xunta de Galicia exclúe da convocatoria aos traballadores con rendementos inferiores aos 10.000 €. Unha cantidade que non acadan as explotacións galegas e que representa unha decisión incomprensible, pois supón excluír as rendas máis baixas deste apoio.

Outra vez máis o rural segue a sufrir unha discriminación por parte de Goberno galego.

Entende este grupo parlamentario que a Xunta debe ampliar a contía orzamentaria destinada a paliar a suba de custos na actividade de autónomos e pequenas empresas, quedando moitos traballadores e traballadoras excluídos debido ao cativo gasto que a Administración destina.



Por outra banda o igual que aconteceu co bono turístico e cultural que a solicitude de axudas tan só poida tramitarse a través da sede electrónica da Xunta de Galicia e un factor que supón unha discriminación para a poboación do rural, que padece a fenda dixital, e que supón un agravio comparativo, pois impedirá o acceso en igualdade de condicións respecto á cidadanía de contornas urbanas cunha mellor cobertura dixital. Algo máis grave aínda tendo en conta de que as axudas se concederán por orde de solicitude e ata esgotamento de crédito.

Debe recordar a Xunta de Galicia o carácter estratéxico da gandería e agricultura que se está a converter no derradeiro soporte económico e social para comarcas enteiras nas que o despoboamento e o colapso demográfico son xa unha realidade.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1º) Rectificar de inmediato as condicións de acceso ás axudas do Programa Impacto Autónomo co fin de que se poidan acoller a elas as explotacións agrogandeiras coas rendas máis baixas tomando as medidas preceptivas e habilitando un procedemento de concesión de axudas que garanta o acceso en igualdade de condicións para os solicitantes, en especial a veciñanza do rural.

2º) Ampliar a contía orzamentaria destinada a paliar o incremento de custos na actividade de autónomos e pequenas empresas.

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 12/01/2023 13:59:17

Martín Seco García na data 12/01/2023 13:59:31

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 12/01/2023 14:00:05



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Patricia Otero Rodríguez, Begoña Rodríguez Rumbo, Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A finais de decembro de 2021 os traballadores e traballadoras da planta de Alcoa en San Cibrao aceptaban a proposta da multinacional de cesar a produción de aluminio primario parando as cubas de electrolise da planta de aluminio ata o 1 de xaneiro de 2024.

A proposta de parar as cubas de electrolise durante 24 meses implicaba o compromiso da empresa de traballar con subministradores de enerxía para acadar a medio e longo prazo (PPAs) a prezo competitivo, que entrarían en vigor en 2024 e cunha vixencia de 10 anos.

Creouse tamén unha mesa constituída polos Representantes Legais dos Traballadores, empresa, Xunta de Galicia e Goberno central para analizar e facer seguimento dos compromisos adquiridos por todas as partes.

Xunta de Galicia e Goberno de España deben de acompañar, axudar e cumprir os seus compromisos para que, como moi tarde, o 1 de xaneiro de 2024, as cubas estean operativas. Sendo imprescindible acadar eses contratos de subministro de enerxía renovables, a prezos competitivos, que garantan a viabilidade da actividade.

Para que ese rearranque sexa unha realidade é preciso, que se facilite, por parte do Goberno galego, a tramitación dos parques eólicos que blinden o subministro enerxético a Alcoa a prezos competitivos. Estes novos parques eólicos deben de desenvolverse dun xeito ordenado, con control, respectando os dereitos dos propietarios dos terreos, os espazos naturais sensíbles e as zona de aproveitamento agrícola e gandeiro, e con retorno no propio territorio.

Dende o PSdeG e dende o MITECO, ante a actitude pasiva do Goberno galego, lévase moito tempo reclamando axilidade á Xunta de Galicia na tramitación destes parques eólicos fundamentais para poder manter os postos de traballo de Alcoa en San Cibrao. Foron numerosos os chamamentos e requirimentos feitos dende o propio Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico de cara a que a Xunta de Galicia facilitase a tramitación destes parques.

No pleno do Parlamento de Galicia do 9 de novembro de 2022 sacamos adiante unha Proposición non de lei deste Grupo Parlamentario, que despois de ser transaccionado cunha emenda do Grupo Parlamentario Popular instaba a Xunta de Galicia e ao Goberno central a facilitar a tramitación dos parques eólicos que sexan necesarios e



cumpran coa normativa para que o prezo da enerxía sexa competitivo para a planta de Alcoa de San Cibrao. Nesas mesmas datas nunha reunión entre o presidente da Xunta de Galicia e a ministra de Transición Ecolóxica acordaban avanzar na tramitación eólica a prol da industria e Rueda garantía axilidade na tramitación destes parques eólicos.

Pero a verdade é que a pesar destes compromisos acadados polo PP e polo Goberno galego a actitude da Xunta de Galicia non ten mudado moito e o Goberno do Estado, a pesar de reiteradas solicitudes está á espera dos informes da Xunta de Galicia, necesarios para tramitar os parques eólicos que darán enerxía a Alcoa. Parques estes que son instalacións vitais para a industria galega e para poder reactivar a produción de aluminio primario prevista para comezos de 2024.

Os informes enviados polo Goberno galego para estes parques eólicos non eran válidos, e o MITECO continúa á espera dos novos informes, tras varias reiteracións de solicitude.

É precisa seriedade para poder obter unha resolución favorable cun traballo conxunto das administracións e con lealdade institucional. De nada serve promulgar declaracións de excepcionalidade se despois non se fai o traballo para aprobar os trámites administrativos e non perder os puntos de conexión e acceso, cos que xa contan os proxectos vinculados a Alcoa.

Polo tanto, ante a falta dos informes da Xunta de Galicia, necesarios para a tramitación destes parques eólicos, é preciso que o Goberno galego dea unha resposta inmediata. Estamos en tempo de desconto, xa que o vindeiro 26 de xaneiro caducan estes permisos de conexión, que cómpre recordar que o MITECO xa lle ten concedidas dúas prórrogas previas ao Goberno galego, debido a que este estivo case que dous anos de brazos cruzados.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a axilizar os expedientes e ao envío inmediato ao MITECO dos informes necesarios para a tramitación dos parques eólicos que cumpran a normativa e que sexan necesarios para que Alcoa (San Cibrao) consiga contratos de subministro de enerxía renovable, a prezos competitivos, que garantan a viabilidade da actividade e o mantemento dos postos de traballo.

Pazo do Parlamento, 13 de xaneiro de 2023



Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 12/01/2023 17:59:51

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 12/01/2023 18:00:07

María Leticia Gallego Sanromán na data 12/01/2023 18:00:24

Martín Seco García na data 12/01/2023 18:00:35

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 12/01/2023 18:00:48





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Paulo Ríos Santomé** e da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre as medidas para recuperar un servizo médico de calidade na Casa do Mar de Moaña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na última década, coa escusa da crise, a Xunta de Galiza, aplicou duras políticas de recortes e fixo modificacións lexislativas e organizativas que danaron gravemente a Sanidade Pública de Galiza. Todas as medidas que tomaron tiveron como fin a privatización e o desmantelamento da sanidade pública galega, a base de recortes continuos e de pór os recursos desta ao servizo de intereses privados para poder facer negocio coa enfermidade das persoas.

Redución de orzamentos, de centros, de profesionais, de camas hospitalarias, privatizacións e externalización de servizos esenciais, derivacións de doentes a centros privados, listas de agarda disparadas, colapsos de urxencias, desatención clamorosa da saúde mental e das mulleres.

A Atención Primaria foi o ámbito da sanidade pública galega que con máis intensidade sofre os recortes, as consecuencias son tremendas: masificación de consultas, cupos desbordados, redución de profesionais, non substitución, as listaxes de agarda de máis dunha semana para médica/o de familia, peche de axendas, saturacións, ausencia de pediatras, PACs ao límite...





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Con esta situación de partida, a chegada da pandemia COVID-19 foi a coartada perfecta para que a Consellaría de Sanidade levara a cabo medidas organizativas provisionais nos centros de atención primaria que teñen visos de acabar en medidas definitivas.

Entre esas medidas estivo o traslado das urxencias de Moaña a Cangas e a implantación da atención médica telefónica. A veciñanza puido entender que, ante a gravidade dos efectos da pandemia, se puidese centralizar a atención de doentes con síntomas compatibles coa enfermidade provocada polo coronavirus en centros de saúde concretos. Ou mesmo que ante a aparición de síntomas sospeitosos de padecer a enfermidade se debesen realizar consultas telefónicas previas para valorar o protocolo a seguir.

O que non xa non se pode comprender é que o Sergas leve máis de 13 meses sen cubrir as vacantes xeradas tras o concurso de traslados que deixa sen médica/o de atención primaria a máis de 2.800 persoas veciñas, o que na práctica supón denegarlle a estas o acceso ao sistema sanitario público, xa que tampouco se lles permite introducirse no cupo de outra/o médica/o e só se lles atende cando hai dispoñibilidade ou por urxencias.

Hai que engadir, que hai períodos nos que non se substitúen á/ao pediatras, obrigando ás familias a desprazarse ás urxencias hospitalarias ou a acudir á sanidade privada, algo totalmente inadmisíble, ademais de ter que soportar elevadas listaxes de agarda para unha cita.

Ademais, a Consellería de Sanidade teima en manter as urxencias de Moaña no PAC de Cangas, que na maior parte do tempo se atopa colapsado porque non se dota do persoal necesario para atender ás máis de 46.000 persoas residentes en ambas localidades. O traslado das urxencias a Cangas tamén provoca a dificultade de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

desprazamento ata esta vila que teñen aquelas persoas que non dispoñen de medio de transporte propio. E ademais destas cuestións, manter o PAC en Cangas supón unha dilatación moi importante nos tempos de resposta ante as emerxencias sanitarias que se dan en Moaña. A pesar disto, a Xunta de Galiza sigue a denegar aos concellos de Cangas e Moaña unha terceira ambulancia de reforzo que poida desprazar con maior rapidez o equipo médico do PAC en caso de urxencia vital ou que poida atender emerxencias no territorio cando as ambulancias actuais están xa nun servizo.

A permanencia destas medidas ilóxicas por parte da Xunta de Galiza só perseguen un obxectivo: continuar co desmantelamento da rede pública sanitaria, potenciando o transvase de doentes cara ás redes privadas.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno Galego a levar a cabo as seguintes medidas:

1º) Cubrir de xeito inmediato as vacantes médicas que deixou o concurso de traslados, así como o reforzo do persoal da atención primaria para reducir as importantes listaxes de agarda.

2º) Restituír de xeito inmediato o servizo de urxencias na Casa do Mar de Moaña.

3º) Reforzar o servizo de ambulancias para os concellos de Moaña e Cangas.”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

Montserrat Prado Cores

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 12/01/2023 18:05:58

María Montserrat Prado Cores na data 12/01/2023 18:06:03

Paulo Ríos Santomé na data 12/01/2023 18:06:14



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, Julio Torrado Quintela e Patricia Otero Rodríguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

De maneira reiterada e durante xa varios anos, a explotación marisqueira das rías galegas sofre un descenso de capturas e de produción apuntado polos propios colectivos de mariscadoras/es e tamén polos patróns/as maiores das confrarías que apuntan a un grave problema que non está sendo afrontado.

Paralelamente o Goberno de Galicia afronta esta situación de mans paradas, escusando constantemente a situación mediante afirmacións repetidas de que os datos non confirman estas tendencias que o sector apunta e que as alteracións son cuestións puntuais e non estruturais. Tanto a través das propostas parlamentarias e debates producidos, como en declaracións públicas e a través das xuntanzas co propio sector, o Goberno de Galicia expón unha visión non coincidente cos traballadores do mar e manifesta a súa convicción de estar facendo todo o necesario e de tomar decisións e actuacións correctas para afrontar o que, na súa valoración, non é un problema.

Este ano, como noutras ocasións, a campaña de libre marisqueo vén de ser pechada antes de tempo pola baixa produción que ofreceron as rías galegas. Este escenario agrava e pon en perigo novamente a viabilidade do marisqueo nos formatos actuais se o Goberno de Galicia non toma decisións sobre o asunto. Os colectivos de mariscadoras/es ven esmorecer as súas posibilidades e, un ano máis, afronta con preocupación a situación.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o goberno de Galicia a:

- 1º) Abrir unha liña extraordinaria de compensacións para o sector do marisqueo afectado pola caída de produción desta última tempada.
- 2º) Establecer unha mesa de traballo coa participación da Consellería do Mar, profesionais dos centros de investigación da propia consellería, representantes das confrarías e centros de coñecemento (universidades...) que poidan establecer



liñas estratéxicas a seguir para afrontar as melloras necesarias de cara a recuperar a produción nos vindeiros anos.

Pazo do Parlamento, 13 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 12/01/2023 19:27:14

Patricia Otero Rodríguez na data 12/01/2023 19:27:26

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 12/01/2023 19:27:40



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A Lei 4/2015, do 27 de abril, regula a organización das Oficinas de Asistencia ás Vítimas cuxo obxectivo xeral é prestar unha asistencia integral, coordinada e especializada ás vítimas como consecuencia do delito e dar resposta ás necesidades específicas no eido xurídico, psicolóxico e social.

E prevé que serán as comunidades autónomas que teñan asumido competencias en materia de Xustiza as que terán que organizar, permitindo a posibilidade de celebrar convenios de colaboración con entidades públicas e privadas, sen ánimo de lucro, para prestar os servizos de asistencia e apoio.

Esta lei regula tamén os protocolos de actuación e dispón que o Goberno e as comunidades autónomas no marco das súas competencias, co fin de facer máis efectiva a protección das vítimas e dos seus dereitos recoñecidos por esta lei, aprobarán os protocolos que resulten necesarios para a protección das vítimas.

A maiores disto o Pacto de Estado contra a violencia de xénero que contén diferentes medidas dirixidas a previr e combater a violencia contra as mulleres e a mellorar a resposta que as institucións ofrecen ás mulleres vítimas e ás súas fillas e fillos menores, recomenda potenciar as Oficinas de Asistencia a Vítimas para tutelar os dereitos das vítimas de violencia de xénero, así como o establecemento dun protocolo específico para menores nas Oficinas de Atención ás Vítimas.

En Galicia existen estas oficinas nas sete grandes cidades pero aínda seguimos á espera da aprobación dun protocolo, que tiña que estar aprobado hai mais dun ano e que segundo manifestou o Goberno da Xunta nunha comparecencia en sede parlamentaria, leva todo este tempo pendente dun trámite de aprobación.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista entendemos que é urxente a súa aprobación e posta en funcionamento, estamos a vivir uns meses moi difíciles no que se refire á violencia de xénero e ás mulleres vítimas que acudan á Xustiza a denunciar teñen que se atopar cunha total protección e coordinación dos diferentes axentes públicos que minimice a vitimización primaria e evite a vitimización secundaria.



Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a aprobar e poñer en funcionamento de forma inmediata o protocolo de atención ás vítimas de violencia de xénero aplicable nas Oficinas de Atención ás Vítimas.

Pazo do Parlamento, 13 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 12/01/2023 19:58:12

Pablo Arangüena Fernández na data 12/01/2023 19:58:27

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 12/01/2023 19:58:45





A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Paula Prado del Río, Corina Porro Martínez, Encarna Amigo Díaz, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Rosalía López Sánchez e Elena Suárez Sarmiento**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

A violencia contra as mulleres en todas as súas manifestacións, constitúe unha violación dos dereitos humanos e das liberdades fundamentais que impide o total desenvolvemento dun Estado social e democrático de Dereito como o noso. Por ese motivo, os Poderes Públicos non podemos permanecer impasibles ante situacións de desigualdade e violencia por razón de xénero é a nosa obriga, polo tanto, tomar decisións para erradicalas.

É indiscutible que Galicia leva anos promovendo políticas públicas e impulsando instrumentos legais para logralo, pero tamén para avanzar na supresión dos atrancos que día a día impiden o pleno desenvolvemento das mulleres nas distintas esferas, combatendo, así, as diferentes expresións e as novas formas que adopta a violencia de xénero.

Neste sentido, cómpre destacar normas como a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, que, nos últimos tempos, está a avanzar na tipificación doutras formas de violencia, como a violencia vicaria e a violencia dixital, á que se ten sumado recentemente o recoñecemento expreso da explotación sexual como violencia de xénero.

Erradicar a violencia de xénero é unha tarefa na que non podemos permitírnos retroceder nin un paso, e para o Grupo Parlamentario Popular é unha prioridade e un deber de xustiza coas vítimas e as súas familias seguir traballando nese camiño. Debemos loitar tamén para que sobre os maltratadores caia todo o peso da lei, da xustiza e do rexeitamento social, pois estes actos non poden de ningún xeito ter cabida nunha sociedade democrática e avanzada.

Todas as medidas son insuficientes mentres unha muller viva baixo o medo e a falta de liberdade que iso supón e, calquera balance será negativo mentres haxa unha soa muller asasinada por esta causa.



Por todas estas razóns, acollemos con inmensa preocupación e rexeitamento as recentes declaracións da Secretaria de Estado de Igualdade, Ánxela Rodríguez, a respecto da rebaixa das penas de agresores sexuais motivado pola aprobación da lei integral de liberdade sexual (LO 10/2022) cuxa entrada en vigor foi o día 7 de outubro de 2022, e que derivou a día de hoxe en mais de 160 casos de reducións de penas xa impostas por delitos sexuais, en Galicia xa son unha vintena os agresores que se viron beneficiados polo Goberno do Presidente Pedro Sánchez; lonxe de rectificar unha lei lesiva e que ten creado unha grave alarma social, fundamentalmente entre as vítimas da violencia sexual, a señora Rodríguez se mofa da redución de estas penas, dentro do contexto dunha tertulia pública, feito totalmente inadmisíble.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

1. O Parlamento de Galicia amosa o seu rexeitamento á actitude e declaracións da Secretaria de Estado de Igualdade bromeando sobre as rebaixas de penas e a excarceración de agresores sexuais.
2. O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que se dirixa ao Goberno de España solicitándolle ao Presidente do Goberno o cese inmediato da Secretaria de Estado de Igualdade.

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 13/01/2023 12:54:19

Paula Prado del Río na data 13/01/2023 12:54:34

María Corina Porro Martínez na data 13/01/2023 12:54:49

María Encarnación Amigo Díaz na data 13/01/2023 12:55:02

José Alberto Pazos Couñago na data 13/01/2023 12:55:18

Noelia Pérez López na data 13/01/2023 12:55:33

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia

@GrupoPopularGal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2023 12:58:02
Nº Rexistro: 47099
Data envío: 13/01/2023 12:58:02.937

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 13/01/2023 12:55:48

López Sánchez, Rosalía na data 13/01/2023 12:56:00

María Elena Suárez Sarmiento na data 13/01/2023 12:56:10

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-I0UuIQN4q-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Noa Presas Bergantiños**, **Iria Carreira Pazos** e **Montserrat Prado Cores** e deputado **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a alerta de risco de colapso do CHUO denunciada polos profesionais sanitarios no mes de xaneiro de 2023 e ás actuacións que debe levar a cabo o goberno galego para reforzar o servizo e os cadros de persoal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego tivo coñecemento de informacións públicas emitidas por membros do cadro de persoal de urxencias que alertaban dunha situación insostible. Informaban de que desde a época navideña estaba a ser imposible cubrir as quendas de traballo na súa totalidade. A presidenta do Colexio de Médicos de Ourense, urxencióloga do CHUO, alertaba de que no lugar de 17 facultativos entre mañá e tarde, había 12, cinco menos e que o equipo precisaría dun reforzo de 10 profesionais para prestar un servizo adecuado.

Esta situación non é nova, pois cabe lembrar que ao longo de 2021 e 2022 foron numerosas as mobilizacións do servizo e que tamén se ten posicionado publicamente a a Comisión de Centro do Complexo Hospitalario de Ourense respecto da saturación dos servizos de urxencias.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ademais, cabe recordar que en xuño o cadro de persoal enviou unha queixa á Valedora do Pobo para sinalar a súa precaria situación e que no mes de decembro de 2022 enviaron tamén unha carta na mesma liña ao colexio de Médicos de Ourense.

Isto acontece nun contexto no que en Galiza se normalizou a lista de espera para acudir a un centro de saúde, ao especialista ou a operarse, e isto ten consecuencias negativas sobre a vidas persoas ao demorárense os diagnósticos e tamén con consecuencias na sobrecarga das urxencias.

Por estes motivos, é necesario que o goberno galego tome medidas relativas á alerta de risco de colapso do CHUO denunciada polos profesionais sanitarios no mes de xaneiro de 2023 de cara a reforzar o servizo e os cadros de persoal

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento Galego insta a Xunta de Galiza a tomar medidas para evitar a saturación dos servizos de urxencias no Complexo Hospitalario de Ourense, singularmente:

1. Negociar co persoal do CHUO o incremento de persoal demandado, partindo do obxectivo de incorporar a
2. Impulsar un Plan de choque que permita un investimento urxente de 200 ME adicionais a nivel galego, que permita contratar máis persoal e dotar de máis medios a atención primaria.”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2023

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 16/01/2023 10:34:21

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 16/01/2023 10:34:28

Iria Carreira Pazos na data 16/01/2023 10:34:37

María Montserrat Prado Cores na data 16/01/2023 10:34:47

Noa Presas Bergantiños na data 16/01/2023 10:34:55





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Noa Presas Bergantiños, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A sanidade é un servizo público elemental para a boa calidade de vida dos galegos e galegas con independencia de onde teñan o seu lugar de residencia. Ademais de ser un dereito que debe ser subministrado e salvagardado pola administración pública, cando afecta a crianzas cómpre salvagardalo aínda máis. Porén, a Consellaría de Sanidade e a Xunta de Galiza parecen ter decidido avanzar na senda da depauperación da atención pediátrica nas comarcas menos poboadas do país, como é o caso das de Ourense.

Cando se van cumprir tres anos das históricas mobilizacións do Verín non se pecha, novamente pais, nais, profesionais e veciñanza da comarca de Monterrei están a saír á rúa e a recoller sinaturas pola falta de persoal continuada do centro de saúde de Verín e pola desatención na comarca.

Así as cousas, o pasado 6 de decembro realizaban unha mobilización e nas últimas semanas do ano denunciaban que aos problemas da espera nas citas ordinarias engadíanse a derivación constante de urxencias cara o hospital de Ourense. Hai que ter en conta que desde Verín ata este hospital hai unha hora de coche, mais que no caso das poboacións como Laza o tempo increméntase aínda máis, constituíndo unha auténtica





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

odisea para as familias e que estamos a falar de consultas habituais no inverno como son as infeccións respiratorias, non dunha cuestión que poida ser excepcional e precisar unha derivación puntual.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a tomar as medidas necesarias de contratación de reforzos de persoal estables de forma que se dote dun servizo de calidade, próximo e continuado de pediatría na comarca de Monterrei, evitando os sucesivos desprazamentos a Ourense e garantindo a atención e seguimento da saúde da poboación infantil. Estas medidas serán negociadas co persoal e contarán cunha reserva orzamentaria.”

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 16/01/2023 12:27:04

Iria Carreira Pazos na data 16/01/2023 12:27:09

María Montserrat Prado Cores na data 16/01/2023 12:27:19

Noa Presas Bergantiños na data 16/01/2023 12:27:28





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres** e das deputadas **Noa Presas Bergantiños** e **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre o parque eólico Troitomil e outros parques eólicos previstos no concello da Baña e nos concellos limítrofes.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 22 de novembro de 2022 publicouse no DOG a Declaración de Impacto Ambiental favorábel do parque eólico Troitomil, situado nos concellos de A Baña e Negreira.

Trátase dun polígono industrial eólico de 30MW promovido pola empresa Green Capital Power que afecta a centos de hectareas de terras de uso agrario, gandeiro e forestal e a varios núcleos de poboación, que se verán tamén afectados polo impacto ambiental e visual de 5 aeroxeradores de 200 m de altura e 6 MW de potencia. A afección territorial inclúe a construción de viais de acceso, gaviás de canalización, drenaxes de augas, explanación de terreos, construción de subestación, escavación das bases para a cimentación dos muíños...

Na avaliación do proxecto non se tiveron en conta as captacións de auga existentes na zona, que son a única fonte de abastecemento ao non haber traída de auga municipal. Aínda que o promotor indica que se procederá á reposición de captacións de auga que puidesen verse afectadas, non existe unha garantía de que este impacto sexa irreversible ou que poida ver mermada a dispoñibilidade de auga. Ademais, na





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

documentación do proxecto e nos informes oficiais non figuran varias captacións de auga existentes na zona.

Ademais, na tramitación do proxecto prevese a ocupación e expropiación de viais públicos, propiedade do concello e da Deputación, o que supón un trato de favor a unha empresa privada que prevalece sobre o interese público e da veciñanza.

Por outra parte, no queda claro o impacto visual e paisaxístico do proxecto sobre o Camiño de Fisterra, e nomeadamente sobre a ponte medieval de Ponte Maceira, declarada BIC polo Decreto 83/2022 (DOG do 1 de xuño de 2022). Cómpre ter en conta que o procedemento para a declaración como ben de interese cultural comezou en maio de 2020, polo que se deberían extremar as cautelas ao respecto.

En relación coa Declaración de Impacto Ambiental, na mesma faise referencia a numerosos documentos achegados pola empresa así como a informes de departamentos da Xunta que non son de acceso público, o que crea indefensión para as entidades e persoas afectadas.

No ámbito do concello da Baña estanse a tramitar na actualidade 6 proxectos industriais eólicos, que suman en conxunto 256, 5 MW e 45 aerogeradores de 200 m de altura.

Trátase dos seguintes proxectos

- Troitamil, de Green Capital Power (A Baña e Negreira): 30 MW, 5 aerogeradores de 6MW
- Vilartoxo, de Green Capital Power (Val do Dubra e A Baña): 27 MW, 6 aerogeradores de 4,5 MW. DIA favorable
- Barrosino, de Green Capital Power (A Baña): 13,5 MW, 3 aerogeradores de 4.5 MW





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Monte de Portodechán, de Green Capital Development (A Baña, Santa Comba e Val do Dubra): 66 MW, 11 aerogeradores de 6MW

- As Castiñeiras, de Green Capital Development (A Baña, Santa Comba e Val do Dubra): 54 megawattios, 9 aerogeradores de 6MW

- Monte Silvariño, de Green Capital Development (A Baña), 66 MW, 11 aerogeradores de 6 MW

Para avaliar a dimensión e a potencia instalada nestes proxectos, hai que ter en conta que suman unha potencia total superior á que había instalada en 2021 en Euskadi, Cantabria e Extremadura xuntas.

Tamén é necesario considerar as dimensións dos aerogeradores, de máis de 200 m de altura, nunha zona habitada e con unha importante actividade agraria, gandeira e forestal. Precisamente polos cambios tecnolóxicos e a maior dimensión dos aerogeradores a respecto dos instalados até datas recentes, en 2022 introduciuse un cambio normativo para incrementar a distancia con respecto a núcleos habitados, mais esta modificación non é de aplicación para os proxectos que estaban en tramitación con anterioridade a 2022.

Xunto con estes polígonos industriais eólicos hai que ter en conta o impacto das liñas eléctricas de evacuación. Unha delas, a LAT 132 kV SET parque eólico Troitomil-LAT 132kV SET parque eólico Banzas/SET colectora Lousame afecta de maneira directa e prexudicial aos concellos de A Baña e Lousame.

No caso dos parques Monte de Portodechán, As Castiñeiras e Silvariño son de competencia do goberno central e comparten a liña de evacuación, que ten unha tramitación independente.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Os parques eólicos Vilartoxo e Barrosino comparten subestación e liñas de evacuación coa subestación de Troitomil.

Dado que todos estes proxectos son promovidos polo mesmo grupo empresarial e teñen unha clara vinculación territorial e de infraestruturas comúns, deberá garantirse que non se leva a cabo unha fragmentación fraudulenta.

Tendo en conta as anteriores circunstancias, deberían someterse todos os proxectos citados a unha avaliación ambiental conxunta, que teña en conta os seus efectos sinérxicos e acumulativos e o seu impacto global no territorio, no medio, nas actividades económicas propias da zona, nos usos e valores do solo e na calidade de vida das persoas.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta á Xunta a

1. Realizar por medio de Augas de Galicia un informe detallado sobre as captacións de auga para o abastecemento que poderían estar afectadas pola construción do parque eólico Troitomil.
2. Elaborar un informe, por medio da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, que Garantir a non afección do parque eólico Troitomil sobre o Camiño de Fisterra e sobre a ponte medieval de Ponte Maceira, declarada Ben de Interese Cultural.
3. Suspender a tramitación do parque eólico Troitomil mentres non se leve a cabo unha avaliación ambiental conxunta de todos os parques eólicos proxectados na zona e sobre o seu impacto acumulativo no territorio, no medio natural, nas actividades económicas, nos usos e valores do territorio e na calidade de vida das persoas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4. Suspende a tramitación dos proxectos dos parques eólicos Troitomil, Barrosino e Vilartoxo mentres non se leve a cabo un informe sobre a posíbel fragmentación fraudulenta na súa tramitación.”

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 16/01/2023 13:15:56

Iria Carreira Pazos na data 16/01/2023 13:16:25

Xosé Luis Bará Torres na data 16/01/2023 13:16:43



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Noa Díaz Varela, Noelia Otero Lago, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

Dende o ano 2015 celébrase o 11 de febreiro como Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia coa idea de promover o avance de maneira decidida no papel e protagonismo da muller nas áreas científicas e tecnolóxicas, así como a incorporación das nenas á vocación e á carreira científica.

Para avanzar é indispensable reivindicar, difundir e rescatar do esquecemento ás investigadoras que inxustamente foron relegadas a un papel secundario, logrando que poidan ser un referente para as futuras xeracións. Debemos reivindicar a súa contribución determinante no desenvolvemento do coñecemento aínda cando se atoparon con numerosos obstáculos para desenvolver as súas carreiras profesionais. Os poderes públicos deben propoñer medidas efectivas para compensar este inxusto esquecemento do relato sobre o papel da muller no desenvolvemento científico e tecnolóxico, condición indispensable para ter éxito na incorporación das nenas na carreira científica e o seu posterior desenvolvemento.

Son moitos e importantes os retos presentes no noso sistema científico e universitario para avanzar na igualdade e o papel das mulleres científicas, e a moitos deles en Galicia tentamos dar resposta coa Lei 13/2021 do 20 de xullo, coñecida como ‘lei Ángeles Alvariño’ e aprobada coa unanimidade de todos os grupos. Ano e medio despois da súa aprobación, faise necesario coñecer que pasos se ten dado xa no seu desenvolvemento para comezar canto antes a avaliar a efectividade de todas as medidas propostas.

Por outra banda, o Goberno galego aprobou o pasado ano o III programa Muller e Ciencia da Xunta de Galicia no que fai un balance positivo da súa segunda edición, que se basea máis en datos cuantitativos que cualitativos. Non en van, nesa avaliación dise que “as accións estiveron dirixidas principalmente ao eido escolar e universitario e permitiron, entre outras finalidades, activar medidas para “enganchar” ás nenas ás carreiras tecnolóxicas e facelas máis partícipes da Sociedade da Información”.

Diante desta información, no Grupo Socialista preguntámonos como é entón que en Galicia as cifras de mulleres matriculadas en estudos STEM seguen a ser cada



vez máis baixos ou mesmo que a propia Xunta de Galicia favoreza a implantación de estudos que perpetúan estereotipos de xénero. Todo isto agravado pola inexistencia da avaliación do I Plan de Igualdade nos centros educativos de Galicia e o descoñecemento de se haberá unha segunda edición.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia, insta o Goberno galego a:

1. Desenvolver coa maior celeridade posible a Lei 13/2021 e facilitar asesoramento a todas as entidades e institucións do ámbito científico e investigador para asegurar o seu cumprimento.
2. Elaborar unha estratexia urxente de fomento das vocacións tecnolóxicas entre as mulleres que rache coa tendencia actual de incremento da fenda de xénero.
3. Presentar no Parlamento de Galicia, no primeiro trimestre do ano, un novo plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia que poña especial atención en rachar cos estereotipos de xénero.

Pazo do Parlamento, 16 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 16/01/2023 12:54:44

Noelia Otero Lago na data 16/01/2023 12:54:59

Julio Torrado Quintela na data 16/01/2023 12:55:11

Marina Ortega Otero na data 16/01/2023 12:55:23

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 16/01/2023 12:55:37



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Noa Díaz Varela, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Pleno da Deputación da Coruña aprobaba o 22 de decembro de 2022 unha moción urxente de apoio ás alegacións realizadas polo concello do Val do Dubra e a veciñanza afectada polo parque eólico de Vilartoxo que remitiron de inmediato a todos os grupos parlamentarios.

Na súa exposición de motivos alegan:

“A entidade "Green Capital Power SL" está a promover o Parque Eólico de Vilartoxo no que prevé instalar 6 aeroxeneradores SG145- 4,5MW (27MW en total), cunha altura de buxe de 145 m. e unas palas de 71 m., entre os municipios de A Baña e de Val do Dubra, con especial afectación na parroquia de San Román deste segundo concello.

Trala existencia das correspondentes xuntanzas cos/as representantes da veciñanza afectada e das entidades creadas polos/as mesmos/as, para levar a cabo o estudo, seguimento e presentación de alegacións a este proxecto, e despois das correspondentes explicacións, datos e probas amosadas polos/as afectados/as, todo parece indicar que o proxecto do Parque de Vilartoxo é en realidade resultado dun fraccionamento para evitar os efectos dunha avaliación ambiental máis restritiva, tramitándose por separado, a pesares de que os tres comparten infraestruturas como a liña de evacuación de Lousame ou un centro de control conxunto.

Así mesmo, cómpre deixar constancia tamén das alegacións presentadas polo propio Concello do Val do Dubra, que van na mesma dirección que as realizadas polos veciños e veciñas afectados/as, e que inciden, entre outros aspectos, na vulneración da Directiva 92/43/CEE, relativa á Conservación de Hábitats Naturais e da Fauna e Flora Silvestres, na ausencia de utilidade pública e interese social do proxecto eólico Vilartoxo, na vulneración flagrante da Directiva Marco da Auga (DMA), na afectación para as familias que residen nos núcleos máis próximos, na falta de autorizacións de Patrimonio Cultural, etc.”

No Grupo Socialista facemos nosa a petición do Pleno da Deputación da Coruña ao considerar que existen innumerables razóns para non autorizar o parque eólico



de Vilartoxo tal e como vén formulado dende o inicio, ao supor na práctica un fraccionamento en varios parques ademais de vulnerar normativas medio ambientais e de afectación ao patrimonio cultural.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia, insta o Goberno galego a valorar positivamente as alegacións realizadas polo Concello do Val do Dubra e a veciñanza afectada polo Parque Eólico de Vilartoxo e non autorizar o mencionado parque.

Pazo do Parlamento, 16 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 16/01/2023 13:08:08

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 16/01/2023 13:08:28

María Leticia Gallego Sanromán na data 16/01/2023 13:08:46

Martín Seco García na data 16/01/2023 13:08:57

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 16/01/2023 13:09:18





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre mortes por accidentes de tráfico en 2022.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo a estatística provisional da DGT sobre mortes en estradas en Galiza no ano 2022 (mortes en vías interurbanas nas 24 h posteriores ao accidente), houbo no pasado ano 89 vítimas mortais repartidas por provincias do seguinte xeito: 42 en Coruña, 18 en Pontevedra (incluíndo as 7 vítimas do accidente do autobús na noiteboa en Pedre), 17 en Lugo e 12 en Ourense. Resulta moi alarmante o número tan elevado de mortes na provincia da Coruña, que debería ser obxecto dunha análise específica.

Trátase de datos moi preocupantes, xa que supoñen 10 vítimas máis que no ano 2021 e as mesmas que en 2019. En realidade, estas cifras non reflicten a mortalidade real nas estradas, xa que só computan as vítimas en estradas interurbanas e non inclúen as mortes en vías urbanas. E, como sinalamos, só computan as mortes nas 24 h posteriores ao accidente.

Segundo datos do IMELGA, as vítimas mortais por accidentes de tráfico foron 113 en 2021 (frente ás 79 da estatística da DGT) e 131 en 2019 (frente ás 89 da DGT). E nunha análise máis polo miúdo deberían estudarse os datos por tipos de estradas e por tipo de persoas usuarias das vías, con especial atención ás máis vulnerábeis. Así como outras circunstancias relacionadas coa concentración de accidentes, a intensidade do tráfico nas vías, o uso das vías relacionados con cambios laborais e no sector do





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

transporte, a relación entre sinistralidade e idade, a incidencia de novas formas de mobilidade, ou a incidencia de prácticas de risco como o exceso de velocidade, a condución sen cinto, o uso do móbil, ou o consumo de alcol e drogas.

O peor que podemos facer diante desta dramática realidade é normalizala, facer que pase desapercibida, actuar como se fose algo natural e inevitábel.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta á Xunta a

1. Elaborar un estudo sobre a evolución da mortalidade nas vías urbanas e nas estradas interurbanas nos últimos cinco anos co obxecto de coñecer mellor as causas da sinistralidade e poder reducir o número de vítimas. Neste estudo deberá facerse unha análise específica por tipo de vía (con especial atención ao ámbito urbano) e por tipo de persoa usuaria (con especial atención ás máis vulnerábeis). Tamén se terá en conta a incidencia de accidentes in itinere e a posíbel influencia dos cambios socioeconómicos e das condicións laborais. Ademais, deberase analizar a incidencia de novas formas de mobilidade e das distraccións polo uso do móbil, entre outros factores. Por último, analizarase a especial incidencia de accidentes mortais de tráfico na provincia da Coruña.

2. Desenvolver, no marco do Plan de Seguridade Viaria, un programa específico que teña como obxectivo reducir a sinistralidade e as vítimas de accidentes de tráfico que inclúan entre outras medidas:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-A coordinación efectiva e continuada -mediante un grupo de traballo específico- das administracións e dos departamentos con competencias na materia e un plan de acción conxunta para reducir a sinistralidade viaria.

-A creación dun órgano de participación social en materia de seguridade viaria.

-Unha auditoría de seguridade viaria das estradas e itinerarios con maior sinistralidade.

-Medidas de protección de persoas usuarias máis vulnerábeis.

-Medidas de vixilancia, control e corrección das condutas de risco.

-Medidas en relación coas novas formas de mobilidade.

-Actuacións en relación coa mobilidade e o risco no ámbito laboral e do transporte.

-Medidas de formación, información e sensibilización sobre a violencia viaria e as súas consecuencias, para evitar a súa naturalización e normalización.

-Introdución do concepto de “violencia viaria” no discurso e na planificación en materia de seguridade viaria.

3. Desenvolver un programa de atención integral ás vítimas de accidentes de tráfico e ás persoas da súa familia e contorna.”

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 16/01/2023 13:40:29

Xosé Luis Bará Torres na data 16/01/2023 13:40:41





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Xosé Luis Rivas Cruz** e das deputadas **María González Albert** e **Carmen Aira Díaz**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 29 de setembro do pasado ano rexistrabamos unha serie de iniciativas a respecto do RD 428/2022 poñendo o énfase no feito do descoñecemento de parte do Ministerio da realidade do sector da carne de vacún en Galicia que este real decreto amosaba.

“...constitúe un compendio de erros e discriminacións do vacún, ovino e cabrún de Galicia, xa que a meirande parte das granxas afectadas son pequenas e medianas, cunha orientación produtiva mixta, na que se combina a cría de becerros co mantemento das vacas nutrices na granxa.”

“...que considera o cebo de tenreiros neste tipo de granxas como unha actividade complementaria á da vaca nodriza.”

Criticabamos naquela altura o feito de que a Consellería para materializar aquelas declaracións do presidente da Xunta en que lle parecía escasa a partida destinada polo Ministerio ó efecto e na que falaba de 17 millóns de euros que a Xunta ametería para complementa-las axudas ó sector da carne. E a nosa crítica era porque tamén excluía os xatos nados e criados na mesma granxa.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E a Xunta corrixiu este erro (a intención) pero cae novamente noutros que apuntan a que o descoñecemento do sector non é so do Ministerio.

E así, o pasado venres 13, activou procedemento de solicitude de *axudas temporais e excepcionais ás persoas produtoras de carne para compensar as dificultades económicas derivadas da invasión rusa de Ucraína (MR244A)*. E unha vez máis bota mal as contas e establece un reparto totalmente inxusto:

- a) Faino por tramos e deste xeito un produtor con 4 cabezas cobra case 200 euros por res e un produtor con 10 cabezas cobra 79 euros.
- b) Tendo a man unha calculadora das de antes, 11.854 produtores e produtoras, botando a conta polo sistema de tramos establecido pola propia Administración galega, o total orzamentado pola Xunta de Galicia debería ser de 18.415.640 €, e non 17.156.000 €. Faltan, pois, 1.259.640 euros.
- c) A concesión das axudas queda condicionada a quen chegue antes coa documentación e de xeito obrigatoriamente dixital, establecendo de facto unha discriminación nun sector que polas súas características non anda sobrado de cobertura en internet.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

- 1- Modificar o sistema de reparto por tramos das *axudas temporais e excepcionais ás persoas produtoras de carne para compensar as dificultades*





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

económicas derivadas da invasión rusa de Ucraína (MR244A) por unha axuda por animal primable.

2- Ampliar a partida orzada ata que dea cobertura a tódolxs produtorxs con dereito a estas axudas.

3- Establecer a tramitación destas, e de *tódalas axudas públicas activadas pola Xunta de Galiza*, polo procedemento de concorrència competitiva.”

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2023

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Carmen Aira Díaz

María González Albert

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 16/01/2023 19:04:41

María González Albert na data 16/01/2023 19:04:57





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María del Carmen Aira Díaz na data 16/01/2023 19:05:06

Ana Pontón Mondelo na data 16/01/2023 19:05:18





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Mercedes Queixas Zas** e do deputado **Ramón Fernández Alfonzo**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a necesidade de a Xunta achegar información pública detallada a respecto do necesidade de desenvolver concursos de transición xusta na Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos tempos, a través dos medios de comunicación, foron sucedéndose unha serie de informacións que daban conta, de forma independente e descoordinada, do anuncio de diferentes proxectos industriais e empresariais ou de colaboración público-privada, vinculados á transición enerxética, que teñan como epicentro xeográfico o concello de Cerceda.

Os proxectos anunciados son os seguintes:

Un proxecto de planta de hidróxeno verde renovábel nos terreos da antiga central térmica de Meirama, apoiado por Reganosa, Naturgy e Repsol, declarado pola Xunta como iniciativa empresarial prioritaria.

Outro proxecto para unha central hidroeléctrica reversíbel no lago das Encrobas a proposta da empresa Green Capital Power.

Un outro proxecto para unha planta de biogás que tratará puríns e outros residuos para os converter en biometano e fertilizantes orgánicos, presentado





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

conxuntamente polas empregas enerxéticas Repsol, Naturgy e Reganosa e mais a sociedade Impulsa Galicia, promovida pola Xunta.

E aínda un novo proxecto dunha planta de metanol verde vinculada á instalación do proxecto de Maersk no porto de Punta Langosteira.

Todos estes proxectos aparecen vinculados á oferta de produción enerxética que se derivaría da suposta aprobación de catro proxectos eólicos en tramitación, localizados en Cerceda e arredores: o parque eólico Os Teixos, o Meirama, o Meirama 76 e o das Encrobas, ao que cómpre engadir as diferentes liñas de alta tensión que atravesarán esta comarca procedentes desde a Costa da Morte.

Esta absoluta carencia de planificación enerxética contradí as previsións e compromisos do goberno do Estado a respecto da convocatoria dun concurso de transición xusta que si se está a aplicar noutras comunidades como a de Aragón.

De novo, máis unha vez asistimos a un novo capítulo da historia en que o concello de Cerceda se quere converter no quilómetro 0 da produción enerxética, mais tamén da contaminación e da especulación, a través dun proceso totalmente opaco, carente de información pública que deixa indefensa a poboación e ausente da máis mínima coordinación interinstitucional.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta a:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Solicitar do goberno do Estado a iniciación inmediata do concurso de transición xusta para a central térmica de Meirama.

2. Elaborar un estudo de impacto ambiental integral que inclúa todos os proxectos industriais enerxéticos anunciados e analice a súa afección sobre o territorio e a vida das persoas no concello de Cerceda e arredores da comarca.”

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Ramón Fernández Alfonso

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 17/01/2023 10:54:03

Ramón Fernández Alfonso na data 17/01/2023 10:54:07

Mercedes Queixas Zas na data 17/01/2023 10:54:17





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e **Ramón Fernández Alfonzo** e da deputada **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre o cumprimento dos compromisos do plan industrial de Estela Eólica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A empresa Estela Eólica resultou adxudicataria de 186 MW no concurso eólico de 2010. Na valoración dos proxectos tívose en conta que a empresa ofertou un Plan industrial consistente na construción dunha “Planta de tratamento de residuos sólidos urbanos con xeneración termoeléctrica de 50 MW e cinco plantas de transferencia”, cun investimento en 287 millóns de euros e a creación de 498 postos de traballo.

A empresa Estela Eólica foi adxudicataria de cinco parques eólicos, que a estas alturas aínda non están aprobados nin construídos. A empresa foi no seu día vendida a Gas Natural e os proxectos eólicos foron “reciclados”.

Dous dos proxectos eólicos adxudicados en 2010, o denominado “Bullos” e o denominado “Pena do Corvo”, volvéronse tramitar, coa mesma potencia e case idéntica ubicación por iniciativa da empresa Greenalia: son os parques eólicos Gato, de 18 MW, e Felga, de 21 MW.

Antes de aprobar os citados proxectos eólicos débese aclarar se son continuación dos inicialmente adxudicados e polo tanto débese informar se a empresa que actualmente os tramita debe asumir os compromisos do plan industrial ofertado por Estela Eólica no seu día e que foi determinante para a adxudicación.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta a recabar un informe xurídico sobre a relación entre os parques eólicos Bullos e Pena do Corvo e os parques eólicos Gato e Felga, para determinar se a empresa que está a tramitar actualmente os proxectos debe asumir en todo ou en parte os compromisos derivados da adxudicación do concurso eólico de 2010. Este informe débese facer extensivo a outros parques eólicos adxudicados no ano 2010 a Estela Eólica que estean pendentes de tramitación ou de aprobación.”

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Noa Presas Bergantiños

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonso na data 17/01/2023 11:59:47

Noa Presas Bergantiños na data 17/01/2023 12:00:04

Xosé Luis Bará Torres na data 17/01/2023 12:00:14





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e **Ramón Fernández Alfonzo** e da deputada **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a legalidade da tramitación do parque eólico Os Cotos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 11 de novembro de 2022 (DOG do 25 de novembro) a Xunta resolveu favorablemente a declaración de impacto ambiental do parque eólico Os Cotos, situado no concello de Cerdedo Cotobade e promovido formalmente pola empresa Tiraventos SL, aínda que na documentación do proxecto figura a empresa ECOENER.

O parque eólico Os Cotos está incluído na relación de proxectos de parques eólicos seleccionados ao abeiro da orde do 29 de marzo de 2010 para a asignación de 2.325 MW, cuxa resolución foi publicada no DOG do 28 de decembro de 2010.

Na relación de proxectos seleccionados figuran os seguintes da empresa Tiraventos:

-Parque eólico dos Cotos, de 30 MW

-Parque eólico do Merendón, de 21 MW

Na oferta da empresa Tiraventos, pola que foi adxudicataria do concurso de 2010, figura un plan industrial cun investimento de 20,7 millóns de euros e a creación de 59 postos de traballo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tendo en conta que o parque eólico Merendón conta con declaración de impacto ambiental negativa, e o parque eólico dos Cotos ten declaración de impacto ambiental favorábel, cómpre que a empresa promotora cumpra os compromisos derivados da adxudicación de 2010.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta a:

1. Recabar un informe xurídico sobre a legalidade da tramitación do parque eólico Os Cotos en relación co cumprimento do compromiso de desenvolvemento do plan industrial ofertado pola empresa Tiraventos SL no concurso eólico do 2010.
2. Reclamar á empresa Tiraventos SL o cumprimento do compromiso de investimento e creación de postos de traballo derivado da resolución pola que se lle adxudicaron 51 MW no concurso eólico de 2010.”

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Noa Presas Bergantiños

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonso na data 17/01/2023 12:22:40

Noa Presas Bergantiños na data 17/01/2023 12:22:53

Xosé Luis Bará Torres na data 17/01/2023 12:23:17



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputada e dos seus deputado **Leticia Gallego Sanromán, Paloma Castro Rey, Julio Torrado Quintela, Noelia Otero Lago, Gonzalo Caballero Miguez, Pablo Arangüena Fernández e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

As fortes choivas que se produciron na madrugada do día 1 de xaneiro do 2023 provocaron importantes inundacións de fincas e estradas, así como importantes escorrentías de auga con arrastre de materiais que nalgúns zonas provocaron erosións e socavóns moi destrutivos. Estas erosións provocadas pola auga provocaron derrubes e colapsos, algúns deles moi graves, que requiren unha reparación inmediata polo perigo que representan para a veciñanza ou porque de non actuar con celeridade continuará o seu deterioro.

O Grupo Parlamentario Socialista solicita do Goberno galego que poñan os medios necesarios para reparar os danos provocados polas abundantes choivas e as posteriores escorrentías. Dado a envergadura dos danos, a orixe natural dos mesmos e nas zonas nas que se produciron afectando a moitos concellos, consideramos que é necesario actuar con urxencia nestes municipios da provincia de Pontevedra.

Tamén, dende algúns concellos desta provincia afectados polos temporais que asolaron Galicia durante o pasado Nadal, solicitan á Xunta de Galicia a acometer de forma inmediata a reparación dos danos nestas zonas polo perigo que representa e porque de non facelo coas próximas choivas aumentará a superficie afectada.

Nestes temporais de choiva e vento danse tódolos requisitos establecidos pola Lei de Emerxencias de Galicia 5/2007 para que o Consello da Xunta aprobe a emerxencia de interese galego e se habiliten as modificacións orzamentarias necesarias, tal e como establece o artigo 36 deste texto legal.



A Xunta de Galicia debe aprobar de maneira urxente o Decreto para establecer os criterios de reparto das axudas. Dita regulación vén recollida expresamente no artigo 38 da Lei de emerxencias.

O Goberno galego non pode seguir ausente porque existe un clamor de alcaldes e alcaldesas, así coma da veciñanza que se escoita en toda a provincia, onde temos moitos concellos gravemente afectados que viron como servizos e espazos públicos quedaron moi danados a causa dos fortes temporais.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a aprobar de maneira urxente a emerxencia de interese galego, recollido pola Lei de emerxencias de Galicia 5/2007, para habilitar axudas aos concellos da provincia de Pontevedra afectados por esas importantes inundacións de principios de xaneiro.

Pazo do Parlamento, 17 de xaneiro do 2023

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 17/01/2023 13:04:44

Paloma Castro Rey na data 17/01/2023 13:04:52

Julio Torrado Quintela na data 17/01/2023 13:05:01

Noelia Otero Lago na data 17/01/2023 13:05:10

Gonzalo Caballero Míguez na data 17/01/2023 13:05:19

Pablo Arangüena Fernández na data 17/01/2023 13:05:28

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 17/01/2023 13:05:43

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 17/01/2023 13:05:54





Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Noa Díaz Varela, Noelia Otero Lago, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O aborto no Estado está regulado pola Lei orgánica 2/2010 de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo -que substituíu a de 1985 coñecida como 'lei de supostos'- e que foi recorrida polo PP no Tribunal Constitucional, sen existir aínda pronunciamento. No ano 2015 o Goberno de Mariano Rajoy modificaba esa lei para obrigar ao permiso paterno ou materno para as menores de 16 e 17 anos e para as mulleres con discapacidade.

O actual Goberno do Estado presidido polo socialista Pedro Sánchez presentou nesta lexislatura unha nova reforma da vixente lei que o pasado decembro conseguiu a aprobación no Congreso do texto lexislativo -co voto en contra de PP e VOX-, que agora mesmo agarda ser referendado no Senado e que devolve ás mulleres de 16 e 17 anos e as que teñan discapacidade o dereito a abortar sen consentimento das súas titoras ou titores legais. No período de emendas, o PP rexistrou unha emenda de devolución do texto sen tan sequera presentar un texto alternativo.

Ademais da eliminación do consentimento, o novo marco lexislativo mantén a garantía do dereito á interrupción do embarazo das mulleres, que a rede pública sexa a de referencia para que as mulleres que decidan abortar poidan facelo no centro público hospitalario máis próximo ao seu domicilio, elimina o período actual de reflexión de tres días, así como a información previa obrigatoria e establece que a píldora do día despois será de acceso gratuíto nos centros de saúde e nos futuros centros públicos de atención especializada en dereitos sexuais e reprodutivos.

A esta nova reforma súmase a Lei orgánica 4/2022, do 12 de abril, pola que se modifica a Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código Penal, para penalizar o acoso ás mulleres que acoden a clínicas para a interrupción voluntaria do embarazo. Tamén esta modificación lexislativa se atopou co voto en contra do Partido Popular e da ultradereita.

Como colofón a todo isto, diante da inminente aprobación da reforma da Lei orgánica 2/2010 de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo, o Goberno de Castela e León vén de anunciar un protocolo para coartar o dereito das mulleres a interromper o seu embarazo con métodos máis propios de tempos hitlerianos que dunha democracia verdadeiramente asentada. Diante deste atropelo aos dereitos das mulleres iniciado pola vicepresidencia dese goberno autonómico presidida por Vox, a única resposta do Partido Popular é o silencio ou posturas nada contundentes de apoio aos dereitos das mulleres.



Neste preocupante contexto de retroceso de dereitos, ao Grupo Socialista preocupáanos que o Goberno galego valore poñer trabas á inminente normativa e, o que é peor, non resolva os problemas que teñen as mulleres que queren abortar na sanidade pública galega, algo ao que teñen dereito pero que non está garantido en todo o noso territorio.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1º) Garantir os dereitos sexuais e reprodutivos de todas as mulleres galegas no marco da Lei orgánica 2/2010 de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo.

2º) Mostrar o seu rexeitamento a calquera posición que vulnere os dereitos sexuais e reprodutivos das mulleres amparados pola lexislación, nomeadamente o acontecido co recente anuncio da vicepresidencia do Goberno de Castela e León de aprobar un protocolo que atenta contra eses dereitos.

Pazo do Parlamento, 16 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 16/01/2023 12:39:20

Noelia Otero Lago na data 16/01/2023 12:39:36

Julio Torrado Quintela na data 16/01/2023 12:39:47

Marina Ortega Otero na data 16/01/2023 12:39:58

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 16/01/2023 12:40:12



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2023 13:16:51



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2023 13:13:50
Nº Rexistro: 47333
Data envío: 17/01/2023 13:13:50.192

CSV: BOPGDSPG-I0UuIQN4q-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia por iniciativa das súas deputadas, Noa Díaz Varela e Noelia Otero Lago, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A atención ás comarcas rurais e a loita contra o seu despoboamento pasa polo mantemento e consolidación dos servizos básicos, e en maior medida en zonas nas que existe un problema demográfico. É por iso que os poderes públicos non poden permanecer alleos a procesos que están a supor un cada vez maior esmorecemento do rural, en contra precisamente do manifestado en múltiples ocasións polo actual Goberno galego.

Touro é un deses concellos do interior de Galicia cunha poboación cada vez máis envellecida, un problema contra o que hai que loitar mellorando servizos como os educativos para que as familias desexen afianzarse no concello.

Unha educación pública de calidade, como dereito fundamental, debe estar garantida en todos os lugares do noso territorio e para iso é preciso dotar de recursos os centros educativos, o que pasa tamén por asegurar a plena integración de todo o alumnado, acorde a uns tempos nos que a inclusión dos nenos e nenas pasou a ser xa unha prioridade do noso sistema pedagóxico.

En resposta recente ao Grupo Parlamentario Socialista, a Consellaría de Educación continúa sen desvelar as previsións de actuacións do seu Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica, razón pola que descoñecemos se o CPI Fonte Díaz de Touro é un dos afortunados.

O que si coñecemos neste grupo é que ese centro precisa de accións de mellora ás que o Concello non fai fronte, así como a conversión do patio de xogos nun inclusivo con zonas multixogo e multideporte para facer realidade o principio da inclusión educativa, precisamente unha das claves dese Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica.

Esta petición foi incluída por iniciativa do Grupo Municipal Socialista de Touro, e apoiada por diversos colectivos do Concello, como emenda do PSdeG aos Orzamentos da Xunta de Galicia para 2023 pero foi rexeitada polo Partido Popular.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:



O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a incluír no Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica o CPI Fonte Díaz de Touro cun proxecto de mellora que inclúa, cando menos, a construción dun patio inclusivo.

Pazo do Parlamento, 17 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 17/01/2023 10:53:21

Noelia Otero Lago na data 17/01/2023 10:53:38

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 17/01/2023 10:53:49





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a garantía do exercicio do dereito ao aborto na rede sanitaria pública galega.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 26 de outubro de 2021 desde o G.P. do Bloque Nacionalista Galego impulsamos un acordo unánime na Cámara para esixir o cumprimento da Lei Orgánica 2/2010 de saúde sexual e reprodutiva e de I.V.E toda vez que, dez anos despois da súa aprobación e entrada en vigor, a maior parte –case a totalidade-- dos abortos en Galiza eran derivados a clínicas privadas en vez de practicase en centros públicos.

No mes de decembro dese mesmo ano formulamos preguntas orais na Comisión de Sanidade insistindo no cumprimento do acordo, comisión na que o daquela responsábel do SERGAS asegurou que se comprometían a mellorar a asistencia das mulleres neste ámbito.

Porén, cos últimos datos publicados polo Ministerio de Sanidade (2021) a maior parte das I.V.E en Galiza continúan levándose a cabo na sanidade privada.

Dos 2.284 abortos que tiveron lugar en 2021 no noso País, 114 foron en centros hospitalarios (69 na pública e 45 na privada) e 2170 en centros extrahospitalarios (435 na pública e 1735 en clínicas privadas).





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Este feito que ademais de vulnerar a Lei 2/2010 que prioriza a sanidade pública fronte á privada no exercicio do dereito ao aborto, supón un maior incomodo para as mulleres que deciden interromper o seu embarazo toda vez que, como acontece por exemplo en Lugo, están obrigadas a se desprazar até A Coruña para acceder a unha clínica que practique abortos cirúrxicos.

A I.V.E é un dereito fundamental das mulleres recollido na lexislación desde hai máis dunha década, un dereito cuxo exercicio só depende da libre e autónoma decisión das mulleres nas primeiras 14 semanas. Non poden, non podemos, polo tanto ser coaccionadas ou ver mermada de ningunha das maneiras o exercicio dese dereito.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta a:

1. Publicar de maneira anual e actualizada a través da páxina web do SERGAS as estatísticas relativas ás interrupcións voluntarias do embarazo que teñen lugar en Galiza.
2. Remitir ao Parlamento, no prazo máximo dun mes, os datos relativos ao ano 2022.
3. Adoptar as medidas que sexan necesarias para dar cumprimento pleno á L.O 2/2010 de saúde sexual e reprodutiva e de I.V.E en Galiza a comezar por garantir que ningunha muller se ve na obriga de desprazarse a outra provincia para exercer o seu dereito ao aborto nin tampouco a acudir a centros privados. Para tal fin, a Xunta de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Galiza deberá garantir a existencia de equipos médicos debidamente cualificados nos centros públicos das áreas sanitarias galegas.”

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 17/01/2023 16:16:05

Iria Carreira Pazos na data 17/01/2023 16:16:17

Olalla Rodil Fernández na data 17/01/2023 16:16:31





Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e deputados **José Alberto Pazos Couñago, Corina Porro Martinez, Noelia Pérez López, Encarna Amigo Díaz, Rosalía López Sánchez, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez e Elena Suárez Sarmiento** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de Lei en Pleno**.

Exposición de Motivos

O Consello de Ministros aprobou o pasado 13 de decembro de 2022 o anteproxecto de Lei de Familias, deseñada polo Ministerio de Dereitos Sociais e negociada durante meses con varios ministerios. A norma que a ministra de Dereitos Sociais presentou ao resto dos departamentos en decembro de 2021, foi aprobada con retraso polos choques que se produciron no seno do Goberno de coalición polas medidas que incluía. Cando se acordou o eu aprazamentos, a ministra tachou de incomprensibles os argumentarios da parte socialista do Goberno para retrasar a aprobación dun dos proxectos estrela do seu departamento e apelou ao consenso e á unidade para protexer ás familias.

Segundo a ministra de Dereitos Sociais e Axenda 2030, esta norma da resposta aos problemas de conciliación e ven a remediar carencias históricas e reforzar a protección de todas as familias.

O anteproxecto de Lei de Familias do Goberno central incumpre os principais compromisos que no seu día anuncio o propio Goberno central:

En primeiro lugar, o Executivo prometeu ampliar os permisos de maternidade e paternidade das 16 semanas actuais ás 24 semanas e non se recolle no anteproxecto de Lei ningún tipo de ampliación.





En segundo lugar, asegurou unha nova renda universal pola crianza de fillos ata os 3 anos, pero a lei só inclúe unha ampliación da prestación de 100 euros mensuais ás nais traballadoras, algo que xa existe desde hai moitos anos. É dicir, non se trata dunha nova renda, porque a maioría das familias xa a viñan percibindo e algunhas nais, por non ter nada cotizado, seguirán sen cobrala. Polo tanto, esa universalidade que tanto pregoaban na Moncloa, non está plasmada no anteproxecto de Lei.

En terceiro lugar, a gran promesa incumplida é que o Executivo central prometeu un permiso parental de 8 semanas para o coidado de fillos de ata 8 anos, pero polo que puidemos coñecer da normativo, en realidade trátase dun permiso non retribuído, é dicir, unha excedencia, polo que os traballadores que intenten beneficiarse deste permiso, terán que renunciar ao seu salario.

Desde a Xunta de Galicia sempre se adoptou unha actitude construtiva pese as constantes deslealdades do Goberno central co resto das administracións, xa que este anteproxecto de lei foi elaborado sen ter en conta a opinión das Comunidades, incluso cando invaden competencias autonómicas como o concepto de familia monoparental, que na actualidade está regulado por normativa autonómica (Lei de Protección á familia 2011, modificada pola Lei de Impulso Demográfico). Se o Estado entra a regular isto, Galicia verase afectada e seguramente obrigada a cambiar a súa normativa. Incluso pode darse o caso de que lle quiten o título de familia monoparental a familias que agora xa o teñen, no caso de que os requisitos que estableza o Estado sexan máis estritos dos que agora temos en Galicia.

Tampouco aparece no anteproxecto de lei ningún avance nun aspecto fundamental para as familias como é a primeira etapa educativa para os seus fillos e fillas.

Galicia puxo en marcha a gratuidade de escolas infantís e este curso máis de 31.000 nenos de 0 a 3 anos están a ir de xeito gratuíto a un centro, independentemente da súa titularidade.





Preocúpanos que o Goberno central non destine nin pretenda destinar un só euro a esta etapa tan importante para os nenos e para as familias.

A Lei de Familias establece que a educación de 0 a 3 anos sexa un dereito garantido, pero chega tarde porque en Galicia esta xa é gratuíta para todos os nenos e no 100% das escolas infantís. Galicia é a única Comunidade Autónoma que garante o dereito da atención educativa gratuíta de 0 a 3 anos.

A familia é o fundamento da nosa sociedade, que xa sabemos que é diversa, ampla e respectuosa. O exceso de etiquetas non axuda neste sentido, só confunde e busca unha división ficticia.

- Familia biparental. Formada por dos personas unidas por matrimonio o pareja de hecho y sus descendientes o menores de edad bajo su tutela.
- Familia monomarental o monoparental. Aquellas familias formadas por un solo progenitor y sus descendientes.
- Familia joven. Formada por menores de 29 años y sus descendientes.
- Familia LGTBI homomarental y homoparental. Otra vez el Ministerio patenta un nuevo término para etiquetar a las familias.
- Familia con mayores necesidades de apoyo a la crianza. Se refiere a familias numerosas y demás supuestos establecidos en la legislación vigente.
- Familia múltiple. Aquella que incluye descendientes, adopciones o acogimientos múltiples.
- Familia reconstituída. Formada por miembros que tenían hijos de relaciones anteriores.
- Familia inmigrante. En la que todos sus integrantes proceden de otro país.
- Familia transnacional. En la que alguno de sus integrantes reside fuera del país.
- Familia intercultural. Entre personas de entornos culturales o étnicos diferentes.
- Familia en el exterior. Uno de los miembros tiene la nacionalidad española durante su residencia en otro país.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





- Familia retornada. Alguno de sus miembros tiene la nacionalidad tras su retorno a España después de residir en el extranjero, al menos, un año.
- Familia en situación de vulnerabilidad. En donde confluyen factores económicos o sociales en riesgo de exclusión.
- Personas unidas en matrimonio.
- Parejas de hecho.
- Personas solas.

Curiosamente, entre as 16 denominacións coas que se etiqueta ás familias, ningunha aluda ás familias numerosas porque é un concepto que desaparece.

Por outra banda, a Lei establece como tipoloxía de familia a aquelas que viven no rural pero sen establecer medidas concretas. O Executivo central vende fume e non apoios. Estar ao carón das familias do rural é poñen en marcha medidas concretas como as casas niño, o incremento da axuda da Tarxeta Benvida ou o programa de impostos cero no rural.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España a convocatoria dunha reunión presencial do Consello Territorial de Servizos Sociais para abordar xunto coas Comunidades Autónomas o anteproxecto de Lei de Familias”

Santiago de Compostela, 17 de Xaneiro 2023.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 17/01/2023 17:08:35

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





**PARLAMENTO
DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2023 17:37:10
Nº Rexistro: 47374
Data envío: 17/01/2023 17:37:10.821

José Alberto Pazos Couñago na data 17/01/2023 17:08:53

María Corina Porro Martínez na data 17/01/2023 17:09:14

Noelia Pérez López na data 17/01/2023 17:09:28

López Sánchez, Rosalía na data 17/01/2023 17:09:43

María Encarnación Amigo Díaz na data 17/01/2023 17:09:57

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 17/01/2023 17:10:19

María Elena Suárez Sarmiento na data 17/01/2023 17:12:35

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-I0UuIQN4q-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa dos deputados e deputadas **José Manuel Balseiro Orol, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, Marisol Díaz Mouteira, Marta Nóvoa Iglesias, Begoña Freire López, Belén Salido Maroño e Rubén Lorenzo Gómez** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en pleno.

Exposición de motivos:

A Unión de Consumidores de Galicia vén de denunciar publicamente hai uns días que os usuarios do transporte ferroviario non poden beneficiarse das vantaxes económicas establecidas para o colectivo de familias numerosas.

O colectivo criticou que a empresa Renfe non permite formalizar a bonificación á que teñen dereito as familias numerosas na compra de billetes, tanto a través do servizo on line, como nos puntos de venta das estacións. A Unión de Consumidores de Galicia puxo de exemplo o acontecido a unha familia numerosa que en varias ocasións que tentou, sen éxito, formalizar a compra de billetes para o traxecto Santiago-Madrid.

A asociación de consumidores criticou que o persoal de Renfe, na vez de dar solución ao problema, optaran por recomendar aos afectados a adquisición de billetes ordinarios e posteriormente presentar unha reclamación para que lle devolvan o importe cobrado de máis.

Polo exposto, e ante feitos que consideramos que non son admisibles, por canto supoñen unha discriminación e vulneran o cumprimento da normativa de familias numerosas, dende o Grupo Parlamentario Popular consideramos necesario presentar esta proposición non de lei para o seu debate en **pleno**:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar ao Goberno de España que garanta a aplicación das bonificacións ás que teñen dereito os membros das familias numerosas nos seus desprazamentos en tren”.

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2023.





**PARLAMENTO
DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2023 18:21:29
Nº Rexistro: 47398
Data envío: 17/01/2023 18:21:29.696

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 17/01/2023 18:16:23

José Manuel Balseiro Orol na data 17/01/2023 18:16:47

Carmen María Pomar Tojo na data 17/01/2023 18:17:00

Ramón Carballo Páez na data 17/01/2023 18:17:14

María Sol Díaz Mouteira na data 17/01/2023 18:17:26

Freire Vázquez, María Begoña na data 17/01/2023 18:17:51

María Belén Salido Maroño na data 17/01/2023 18:17:59

Rubén Lorenzo Gómez na data 17/01/2023 18:18:06

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-IOUuQN4q-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados **Ovidio Rodeiro Tato, Teresa Egerique Mosquera, Elena Suárez Sarmiento, Carlos Gómez Salgado, Moisés Rodríguez Pérez, José Luis Ferro Iglesias e María Felisa Rodríguez Carrera** ao abeiro do disposto ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en pleno**.

Exposición de Motivos:

Galicia conta cunha importante rede de centros de Ensinanzas Artísticas públicos. O alumando galego pode formase nun total de 16 centros dependentes da Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades.

Estamos a falar de que na nosa comunidade, baixo competencia autonómica, funcionan nove Conservatorios de Música (7 Profesionais e 2 Superiores), catro Escolas de Arte e Superiores de Deseño, a Escola de Arte Dramática e a Escola de Conservación e Restauración de Bens Culturais e un Conservatorio de Danza.

O Grupo Parlamentario Popular comparte a preocupación da Xunta respecto a que, tal e como aconteceu coa LOMLOE e con outras leis, a futura lei estatal de ensinanzas artísticas superiores que está preparando o Goberno central sexa unha nova oportunidade perdida para poñer en valor esta formación académica de alta cualificación.

Xa que o Estado ten iniciado un novo proceso de elaboración dunha lei estatal en materia de ensinanzas artísticas superiores, agardamos que haxa unha vontade de mellora real porque, do contrario, volveríamos a estar ante unha oportunidade perdida.

Con motivo dunha reunión celebrada nas primeiras semanas de xaneiro, é coñecido que a Xunta quere facer achegas construtivas ao proceso de elaboración desta nova lei, pese a que nin se coñece un texto de anteproxecto.

As propostas feitas pola Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades teñen que ver, por unha banda, coa oportunidade de afrontar unha equiparación efectiva e real dos titulados en ensinanzas artísticas superiores co ensino universitario; e, por outra, coa conveniencia de establecer sinerxías co ámbito universitario e que crear un





registro único de centros e universidades que imparten ensinanzas artísticas superiores.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan a seguinte proposición non de lei en pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que solicite ao Goberno de España que incorpore á futura lei estatal de ensinanzas artísticas superiores as achegas que redunden non beneficio do alumnado, entre elas, medidas que impliquen unha equiparación efectiva e real dos titulados en ensinanzas artísticas superiores cos do ensino universitario e a creación dun registro único de centros e universidades que imparten ensinanzas artísticas superiores.”

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 17/01/2023 18:32:05

Ovidio Rodeiro Tato na data 17/01/2023 18:32:29

Teresa Egerique Mosquera na data 17/01/2023 18:32:43

María Elena Suárez Sarmiento na data 17/01/2023 18:32:54

José Luis Ferro Iglesias na data 17/01/2023 18:33:05

Gómez Salgado, Carlos na data 17/01/2023 18:33:15

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 47400
Data envío: 17/01/2023 18:37:19.040

Rodríguez Pérez, Moisés na data 17/01/2023 18:33:40

María Felisa Rodríguez Carrera na data 17/01/2023 18:33:51

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-IOUuQN4q-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados **Ovidio Rodeiro Tato, Teresa Egerique Mosquera, Elena Suárez Sarmiento, Carlos Gómez Salgado, Moisés Rodríguez Pérez, José Luis Ferro Iglesias e María Felisa Rodríguez Carrera** ao abeiro do disposto ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en pleno**.

Exposición de Motivos:

A Xunta de Galicia, atendendo sempre ás necesidades e ás dispoñibilidades orzamentarias, leva realizando desde 2009 un traballo continuo de planificación e execución de obras en centros educativos da nosa comunidade. Non se pode esquecer que a antigüidade media das infraestruturas educativas galegas sitúase nos 40 anos e suman máis de 1.600 edificacións.

A través de recursos propios, recollidos nos correspondentes orzamentos autonómicos anuais, a Administración educativa galega está a afrontar obras e actuacións de mellora que permiten que Galicia estea a renovar progresivamente as instalacións educativas existentes, xa que se considera un elemento que redonda no benestar do alumando galego e na calidade do propio sistema educativo.

O Grupo Parlamentario Popular reconece que a Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades ten como prioridade manter e mellorar os centros educativos de Galicia. Este compromiso coa calidade dos espazos físicos nos que se desenvolve a actividade lectiva foi reforzado desde 2021. Desde ese ano, Galicia conta cun Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica co fin de adaptar os centros escolares ás novas necesidades educativas, sanitarias e tecnolóxicas, cun investimento previsto de 191 M€ ata 2024.

Sen dúbida a Xunta está a facer un importante esforzo en materia de mellora de infraestruturas educativas, mais o Grupo Parlamentario Popular cree que este traballo autonómico e, nalgúns casos, os esforzos que teñen que acometer os concellos, debería verse reforzado e acompañado con recursos achegados desde o Estado aproveitando os fondos europeos para a recuperación e a resiliencia previstos para estes anos.





Pese a que os recursos europeos posibilitaron habilitar fondos Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR) en España, desde o Goberno central non se tivo en conta a oportunidade e necesidade de dotar unha partida específica para afrontar obras en centros educativos do país. Parece de interese apoiar con recursos europeos a mellora das infraestruturas educativas, tendo en conta o obxectivo de eficiencia enerxética para a UE (Directiva de Eficiencia Enerxética) e tamén o previsto na Axenda 2030 e os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS).

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que solicite ao Goberno de España un fondo específico de cooperación territorial, dotado con fondos europeos, para que as Administracións autonómicas e locais, dentro das súas respectivas competencias, contén con máis recursos coa finalidade última de mellora dos centros educativos e adaptalos aos novos retos da sociedade actual”.

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2023.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 17/01/2023 18:43:53

Ovidio Rodeiro Tato na data 17/01/2023 18:44:08

José Luis Ferro Iglesias na data 17/01/2023 18:44:24

Teresa Egerique Mosquera na data 17/01/2023 18:44:33

María Elena Suárez Sarmiento na data 17/01/2023 18:44:46

Gómez Salgado, Carlos na data 17/01/2023 18:45:00

Rodríguez Pérez, Moisés na data 17/01/2023 18:45:08





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 47401
Data envío: 17/01/2023 18:46:03.180

María Felisa Rodríguez Carrera na data 17/01/2023 18:45:22

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-IOUuQN4q-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado **Xosé Luis Rivas Cruz** e das deputadas **María González Albert** e **Carmen Aira Díaz**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Que a nova PAC foi un parto longo, difícil e doloroso é un feito non discutible. Tampouco o é a súa marcada tendencia polo respecto medio ambiental, a diminución no uso tanto de fitosanitarios coma de fertilizantes e a fixación dunha porcentaxe (25%) da SAU para a produción ecolóxica. Todo isto en aras dunha maior saúde alimentaria da poboación da UE.

E así neste marco, a propaganda previa, necesaria para este novo estilo “verde intenso” deu os seus froitos en Galicia cun aumento moi notable nas solicitudes de conversión a ecolóxico. A primeiros do ano 2022 xa se albiscaba este aumento e xa desde a Consellería se previra un aumento do orzamento para as axudas. A fins do primeiro trimestre xa se sabía que mesmo este aumento ía ser insuficiente e a mediados de maio os datos eran claros, os cartos necesarios para dar a imprescindible cobertura ao número de explotacións solicitantes e ao montante de novas hectáreas chegaban aos 5,6 millóns de euros. E a Consellería seguía dando palmadiñas de tranquilidade afirmando que non ía haber problemas.

Pero houbos, e a confianza foi tronzada cruentamente . Tivo un preámbulo a primeiros de decembro do 2022 nunha reunión de gandeiros. Pero o mal estaba xa feito.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Non obstante quedaba a posibilidade que a Consellería de Medio Rural nun acto de responsabilidade política sacase unha cantidade de fondos propios para remediar o mal feito.

E non.

E así, a primeiros de xaneiro deste ano en curso saíron da man do FOGGA as listas de afectados, a consumación do atentado contra da agricultura e gandería en ecolóxico. Quedaba así rompido o mínimo nexo de confianza entre unha campaña avalada e protagonizada pola Consellería do PP e a crúa realidade. Pódese cualificar de traizón feita a un sector que no estado español e Europa debe ter e ten futuro. Trátase dunha confianza fanada, dun precedente que abre unha fenda difícil de reparar.

Faise pois imprescindible para a boa saúde da actividade agrogandeira en xeral recuperar a fiabilidade nas institucións que en román paladino viría a ser emendar os erros cometidos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

-Habilitar os fondos necesarios para dar cobertura ás solicitudes de conversión e de mantemento que, cumprindo cos requisitos legais, quedaron fóra das axudas á produción ecolóxica no listado de resolución publicado polo FOGGA o pasado día 9 de xaneiro.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Planificar e orzar debidamente a converxencia do País galego no 25% de SAU en ecolóxico que marca a nova PAC fortalecendo ó tempo os mercados dos seus produtos.”

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Carmen Aira Díaz

María González Albert

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 13/01/2023 11:08:04

María del Carmen Aira Díaz na data 13/01/2023 11:08:21

María González Albert na data 13/01/2023 11:08:33

Ana Pontón Mondelo na data 13/01/2023 11:08:42



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, Martin Seco García e Carmen Rodríguez Dacosta, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O 6 de xullo de 2020 os representantes dos traballadores técnicos forestais do SPIF realizaron unha asemblea telemática e aprobaron consultar ao colectivo afectado sobre a convocatoria dunha folga para pedir a actualización do acordo sobre as condicións de traballo do persoal funcionario pertencente aos grupos A1 e A2 da Xunta de Galicia do Servizo de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais.

Esta enquisa telemática a todo o colectivo, estivo aberta para votacións ata o día 8 de xullo de 2020 ás 10:00 horas, nela a participación foi moi alta, de 80 persoas (dos 123 postos técnicos afectados polo acordo de 2008, número que inclúe tamén os cargos de libre designación). O 75 % dos que responderon a enquisa amosaron a súa disposición de ir á folga. Ante esta resposta as organizacións sindicais CIG, CCOO, CSIF e UGT convocaron de forma unitaria a folga do colectivo do persoal técnico forestal vinculado ao SPIF a partir do 1 de agosto de 2020.

Posteriormente, os sindicatos denunciaron que en represalia polo éxito da folga convocada e secundada de forma maioritaria polo persoal técnico do SPIF dende o 1 de agosto, a Consellería do Medio Rural aplicou descontos salariais ilegais nos días en que as persoas traballadoras prestaban servizos en cumprimento dos servizos mínimos, denunciaron que, a pesares do estrito cumprimento dos servizos mínimos estipulados pola Administración, que dan fe da máxima responsabilidade e compromiso do colectivo có servizo público de prevención e extinción de incendios, a Consellería decidiu, nun claro acto de mala fe, coaccionar o persoal aplicando descontos ilegais nos días de traballo por servizos mínimos, incumprindo a normativa vixente e tentando de forma ilegal impedir o exercicio do dereito a folga.

Algo polo que comunicaron que tamén formularían a correspondente demanda xudicial por vulneración grave de dereitos fundamentais, reclamando nela o cese inmediato desta actuación e a reposición integral das cantidades retidas de xeito ilegal. Cuestións como que se desconte menos cantos máis incendios, considerar do mesmo xeito un incendio de 7 gardas cun incendio dunha hora, etc ...



Dende o Grupo Parlamentario Socialista presentamos unha iniciativa co fin de desbloquear a negociación e pedímoslle á Consellería do Medio Rural que deixase de ter comportamentos que vulneran o dereito á folga das persoas traballadoras técnicos do SPIF e que avalíase e corrixisen os criterios aplicados para os descontos excesivos en nómina do cadro de persoal que participa na dita folga. Esta iniciativa tivo en contra o voto do Partido Popular.

O Xulgado nº1 do Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela acaba de estimar o recurso contencioso administrativo contra a resolución da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Medio Rural, do 27 de agosto de 2020, na que inventa uns criterios de descontos salariais que aplicou nas nóminas de agosto e setembro de 2020 ao persoal técnico de incendios. Especificamente, declara a “NON conformidade a dereito” da resolución e o dereito das persoas afectadas a percibir o 100 % das súas retribucións mensuais no tempo que prestaron servizos mínimos. A maiores, a sentenza imponse costas á Xunta de Galicia.

A Consellería do Medio Rural tentou por varios medios reprimir a folga atentando contra este dereito fundamental: contratando a persoal de empresas externas (Seaga) para a realización de tarefas habituais non decretadas nos servizos mínimos, presionou individualmente ao persoal facendo que declarase se apoiaba a folga convocada e finalmente exerceu descontos salariais sobre o persoal que estaba a cumprir os servizos mínimos. Estes descontos realizáronse ademais cunha celeridade pouco habitual, tocando o salario ao persoal antes de rematar o mes de agosto de 2020, cando a folga aínda estaba en marcha.

A situación foi inaudita xa que é a primeira vez que se aplicaron descontos salariais a un persoal que traballou en servizos mínimos, xustificando a dita actuación, vinculando a rebaixa salarial ao número de incendios que tiveron en cada centro de coordinación (a menor número de lumes, maior desconto) aínda que o 100 % deles foron atendidos con normalidade.

O xulgado non entra a valorar a xustificación da Consellaría e deixa claro que con independencia de que non se desempeñaran todas as funcións que lle corresponde ao persoal técnico, esa dispoñibilidade outórgalles o dereito a percibir o salario sen dedución proporcional ás funcións desenvolvidas ou á taxa de incendios. Queda tamén claro que na aplicación dos descontos salariais vulnerouse o establecido nos artigos 30.2 e 14 d) do EBEP, sendo non conforme a dereito e tendo por único obxectivo real a desmobilización do seguimento da folga legalmente convocada nese momento.

Aínda que a sentenza pode ser apelada pola Consellería do Medio Rural ante o TSXG, entendemos que o fallo é moi claro e debería acatar e abonar os descontos que se lle fixeron aos técnicos do servizo. Non hai que esquecer que esta decisión



foi tomada pola actual conselleira de Emprego e Igualdade, María Jesús Lorenzana, que naquel momento era secretaria xeral técnica da Consellería do Medio Rural e que pouco despois deste conflito foi ascendida a conselleira nada máis e nada menos que de Emprego e Igualdade, polo que debería de asumir responsabilidades ao quedar inhabilitada para tal función unha responsable pública que non respecta o dereito á folga dos traballadores que ten ao seu cargo.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

- 1º) Acatar a sentenza do Xulgado nº1 do Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela, abonar as contías descontadas ao persoal técnico do SPIF pola folga de agosto do 2020 e renunciar a presentar recurso ante o TSXG.
- 2º) Pedirlle a asunción de responsabilidades á naquel momento secretaria xeral técnica da Consellería do Medio Rural e que pouco despois deste conflito foi ascendida a conselleira de Emprego e Igualdade.

Pazo do Parlamento, 13 de xaneiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 17/01/2023 18:24:30

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 17/01/2023 18:24:49

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 17/01/2023 18:25:02





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados e deputada **Luis Bará Torres**, **Noa Presas Bergantiños** e **Ramón Fernández Alfonzo**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre proxectos eólicos de Aldesa e a súa monetarización.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A empresa ALDESA ENERGÍAS RENOVABLES DE GALICIA recibiu a adxudicación de 98 MW no concurso eólico de 2010 (DOG do 28 de xaneiro de 2010). A empresa presentou na súa oferta un plan industrial, mais solicitou a substitución pola monetarización na cantidade de 7.343.217 euros.

Esta empresa está a tramitar proxectos de parques eólicos derivados da adxudicación do ano 2010, como é o caso dos parques eólicos Mesada, Órrea e Xalo. No caso de Mesada, conta con declaración de impacto ambiental favorábel.

Resulta de esencial transcendencia coñecer as actuacións da Xunta en relación coa monetarización do plan industrial presentado no seu día pola empresa, independentemente do debate sobre a viabilidade dos mesmos.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta a informar aos concellos, á veciñanza e aos grupos parlamentares sobre as xestións realizadas en relación coa monetarización do plan industrial presentado pola empresa Aldesa no concurso eólico de 2010, e a paralizar a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

tramitación dos parques eólicos Mesada, Órrea e Xalo en tanto non se resolva esta cuestión.”

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2023

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Ramón Fernández Alfonso

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 18/01/2023 13:21:10

Ramón Fernández Alfonso na data 18/01/2023 13:21:29

Xosé Luis Bará Torres na data 18/01/2023 13:21:39





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Iria Carreira Pazos** e **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a situación do centro de saúde de Vedra.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

A sanidade pública galega está a atravesar unha fonda crise sanitaria, especialmente notoria na Atención Primaria, con consecuencias para profesionais mais tamén para doentes.

A falta de previsión e planificación, unida a uns orzamentos para Atención Primaria que reiteradamente se manteñen nuns niveis paupérrimos, rematou por conducir ao panorama que temos que a día de hoxe, cunha gran falta de profesionais por todo o País, coa degradación que isto supón na calidade asistencial e tamén nas condicións laborais do persoal da sanidade pública.

Mais esta falta de preocupación e investimento na Atención Primaria tamén repercute nas infraestruturas e medios materiais. Así vemos por toda a Galiza centros de saúde e PAC que se manteñen con recursos escasos ou en mal estado, como sucede no caso do centro de saúde de Vedra. O edificio que o alberga presenta numerosas deficiencias técnicas, como humidades e filtracións de auga, unha instalación eléctrica obsoleta e deficitaria, problemas de accesibilidade e incluso se teñen chegado a producir desprendementos da fachada do edificio. Ademais, este centro de saúde non conta con





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

espazo suficiente para prestar a asistencia sanitaria que require a poboación de Vedra, coma unha sala para a educación maternal ou unha consulta para a atención a urxencias.

Este deterioro prodúcese despois de anos de negligencia e abandono por parte da administración local como tamén da Xunta de Galiza, esta última ao non asumir as competencias que lle son propias en materia de sanidade e enfrontar o mantemento das instalacións sanitarias no concello de Vedra.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar do BNG formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1º.- Establecer unha canle de diálogo co concello de Vedra e asumir de inmediato a titularidade do seu centro de saúde.

2º.- Realizar as obras que sexan oportunas, ben mediante unha reforma integral ou ben coa construción dun novo edificio, para solucionar as deficiencias que presenta o actual centro, tanto por deterioro, como no que se refire á dotación de salas e recursos materiais.”

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**
Montserrat Prado Cores





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 18/01/2023 13:50:57

Olalla Rodil Fernández na data 18/01/2023 13:51:00

Iria Carreira Pazos na data 18/01/2023 13:51:09





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres**, e da deputada **Rosana Pérez Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre as actuacións pendentes no porto de Covelo (Poio).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2009 Portos de Galicia iniciou a tramitación dos convenios e dos proxectos para a mellora dos portos de Covelo e Raxó, que prevían un investimento de 1,9 millóns de euros en Covelo e 1,3 no porto de Raxó.

No ano 2010 Portos anunciou que os dous proxectos serían unificados nun só, e que serían recollidas as melloras demandadas polo concello e a veciñanza. En maio de 2010 o presidente do organismo, o sr Álvarez Campana, anunciou que o proxecto prevía un investimento superior aos 3 millóns de euros e que a licitación da obra se faría no outono desa anualidade.

Transcorridos máis de 12 anos daquel anuncio, os proxectos están sen realizar. No caso de Raxó anunciouse recentemente o investimento de 900.000 euros (dos que o concello asumirá o 30%), mediante un acordo entre Portos de Galicia e o concello.

No caso do porto de Covelo, fixéronse algunha reformas parciais mais está sen realizar o proxecto inicialmente acordado e redactado, que permitiría ordenar e urbanizar o acceso ao recinto portuario desde a PO 308, a pavimentación da calzada e das beirarrúas, a creación dunha zona de estacionamento e a dotación de saneamento, alumeado e mobiliario urbano.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta a levar a cabo no ano 2023 o proxecto de ordenación e urbanización do acceso ao recinto portuario de Covelo (Poio) desde a PO 308, que inclúe a pavimentación da calzada e das beirarrúas, a creación dunha zona de estacionamento, a dotación de alumado e mobiliario urbano e a renovación da rede de saneamento.”

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 18/01/2023 19:02:59

Xosé Luis Bará Torres na data 18/01/2023 19:03:23



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Gonzalo Caballero Miguez e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

A taxa de crecemento da economía galega reflicte un nivel inferior á do conxunto de Estado en 2022, situando a Galicia na cola das comunidades autónomas neste ano, e as previsións de crecemento manteñen á nosa comunidade nunha situación comparativamente preocupante para 2023 segundo distintos estudos de conxuntura. Esta debilidade do crecemento apréciase tamén na evolución do emprego autónomo na nosa comunidade.

Os datos da Federación de Autónomos de Galicia amosan un 2022 trágico para as persoas traballadoras por conta allea na nosa comunidade, toda vez que estiman a perda de máis de 2.500 persoas autónomas a peche do pasado ano con respecto ás cifras do exercicio anterior. En concreto, a directiva desta federación sinala a desaparición de “sete autónomos ao día en Galicia” nun ano no que se perdeu autoemprego “todos os meses”.

Esta situación, que afecta especialmente ao sector do comercio, súmase á baixa dun 13 % na creación de empresas en Galicia, segundo os últimos datos publicados polo Instituto Nacional de Estatística, que responden ao mes de outubro de 2022. Mentres Galicia é a quinta comunidade con maior caída do conxunto de España, a media estatal, no mesmo período, sitúase nun retroceso do 2,2 %. A evolución comparada galega non é positiva.

Neste contexto, cómpre sinalar que o informe do Banco de España sobre a evolución económica das pemes pon de manifesto a dificultade que están atopando as empresas de menor tamaño para acceder a financiamento bancario. De feito, os datos do segundo e terceiro trimestre do ano 2022 en relación con esa dificultade -xuros máis altos e requisitos máis estritos nun contexto inflacionario- son os máis complexos para as pemes dende 2013.



Ante estas dificultades, o goberno da Xunta non está adoptando unha política económica activa e suficiente para respaldar ao tecido produtivo galego ante os retos existentes.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento insta á Xunta de Galicia a implementar:

- Unha política económica activa cunha liña estratéxica de apoio empresarial que acompañe a pemes e traballadores e traballadoras autónomas para que poidan sobrevivir, primando as iniciativas empresariais deste tipo, e abordando cooperativamente co Consello Económico e Social este reto de país.
- Un plan de apoio extraordinario con medidas financeiras, comerciais e económicas para o tecido empresarial galego ante as dificultades económicas e de acceso ao crédito e o seu custe, reforzado para pemes e autónomos para este 2023.
- Un plan de impulso para fomentar o autoemprego e a xeración, asentamento e supervivencia de pemes, coa intención de frear a tendencia negativa existente na economía galega.

Pazo do Parlamento, 18 de xaneiro do 2023

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luis Manuel Álvarez Martínez

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 19/01/2023 10:22:29

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2023 10:35:44
Nº Rexistro: 47592
Data envío: 19/01/2023 10:35:44.482

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 19/01/2023 10:22:38

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 19/01/2023 10:22:49

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas **Gonzalo Caballero Miguez, Noa Díaz Varela, Noelia Otero Lago e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

O Consello de Contas estimou en 159,7 millóns de euros o financiamento pendente por parte da Xunta cara ás universidades públicas galegas no período 2010-2017 con respecto á media das universidades públicas presenciais españolas como resultado da conxelación de taxas universitarias decretada polo goberno autonómico sen a axeitada compensación económica para o Sistema Universitario Galego.

O goberno de Galicia decidiu conxelar as taxas universitarias de grao e máster en distintos cursos académicos no Sistema Universitario Galego, o cal implicou menos ingresos para as universidades públicas galegas, ás que, como sinalou o propio Consello de Contas, non lles correspondería soportar o custo desta decisión, polo que a Xunta debería dotalas dos fondos necesarios e pendentes.

Non obstante, nun novo exercicio de “eu invito, ti pagas”, o goberno galego non ten compensado a estas institucións académicas, cuxas perdas de financiamento cuantifica o Consello de Contas. Con esta materia pendente, é relevante tamén ser moi dilixentes á hora de abordar o financiamento universitario e as distintas partidas. Neste contexto, cómpre analizar o programa orzamentario 422C-Ensinanzas universitarias, os acordos co SUG, os maiores custes que a inflación implica para o funcionamento das universidades e aqueles derivados da contratación de persoal.

Nun momento no que o Goberno galego debe servir como apoio e motor das universidades públicas galegas, cómpre ter toda a información detallada sobre o financiamento universitario así como ser firmes no compromiso de dotar dos recursos suficientes ao noso sistema universitario público galego ao longo desta lexislatura e dos vindeiros anos.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento insta a Xunta de Galicia a:

- Elaborar un informe que actualice as necesidades de financiamento das Universidades públicas galegas derivadas do incremento de prezos e do incrementos de custes de persoal e comprometerse a incrementar o financiamento universitario da Xunta para facer fronte a estas necesidades.
- Desenvolver un plan plurianual para devolver as universidades os 159,7 millóns de custes que segundo o Consello de Contas se lle deben pola conxelación das taxas de 2010-2017.
- Estimar a perda de financiamento que a conxelación das taxas implicou para as universidades galegas a partires de 2017 e incorporar esas partidas ao plan plurianual sinalado anteriormente.
- Comprometerse decidida e economicamente coas tres universidades públicas galegas para seguir avanzando na calidade docente, investigadora e de transferencia do noso sistema universitario, garantindo unha boa planificación e execución orzamentaria acordes coa consecución da excelencia universitaria.

Pazo do Parlamento, 18 de xaneiro do 2023

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez

Noa Díaz Varela

Noelia Otero Lago

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo

Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luis Manuel Álvarez Martínez

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia





Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 19/01/2023 13:57:30

Noa Susana Díaz Varela na data 19/01/2023 13:57:39

Noelia Otero Lago na data 19/01/2023 13:57:48

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 19/01/2023 13:57:56

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 19/01/2023 13:58:05



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, Noa Díaz Varela e Noelia Otero Lago, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

Na súa recente e recorrente valoración das estatísticas das bibliotecas públicas de Galicia correspondentes a 2020 elaboradas polo Ministerio de Cultura, a Asociación de profesionais dos arquivos, bibliotecas, museos e centros de documentación en Galicia (BAMAD) alertaba de varias cuestións que dan conta dun empeoramento da súa situación.

Se no ano 2018 eran 75 os concellos que non dispuñan de biblioteca, dous anos máis tarde eran xa 91, e isto a pesar de que o director xeral de Cultura anunciaba no Parlamento en 2020 que “un dos obxectivos máis inmediatos da Xunta é o de concretar novas ferramentas de cooperación coas administracións locais que permitan coñecer as necesidades bibliotecarias de cada unha delas”.

E se ben é certo que este ano por fin sae adiante o proxecto de bibliotecas móbiles itinerantes -que darán servizo a 20 concellos-, tamén o é que esta iniciativa se fixo con moito do orzamento para 2023 que estaba destinado ás bibliotecas nas contas do Goberno galego.

Neste senso, e tal e como xa denunciou o Grupo Parlamentario Socialista, en materia de bibliotecas deixan en mínimos para o vindeiro exercicio a partida de investimentos dedicada á adquisición de libros en galego, que queda nun 17 % do que era. Esta cuestión contrasta cunha das conclusións do II Mapa de Bibliotecas, nas que se marcaban como reto “manter as medidas de apoio á produción en galego de calidade e á adquisición de recursos en galego”.

Os últimos datos do Ministerio apuntan ademais que estamos por baixo da media estatal en todos os indicadores agás no número de documentos por habitante e nas adquisicións de documentos por cada 1.000 habitantes.

Por outra banda, o marco lexislativo segue sen se desenvolver regulamentariamente, nomeadamente no que ten que ver coa organización e cooperación da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia da Lei 5/2012 de bibliotecas de Galicia e coa inexistencia dun plan de fomento da lectura a que obriga a Lei 17/2006 do libro e da lectura de Galicia.



Da diagnose e conclusións do II Mapa de Bibliotecas aprobado en maio de 2022 infírese que, tal e como apunta Bamad, é importante que “se desenvolvan e apliquen ferramentas de planificación que indiquen que servizos e de que características se deben ofrecer, en que aspectos é necesario investir e cara a onde se deben encamiñar os esforzos de cada punto bibliotecario”.

Diante do que podería ser un notablemente mellor balance da situación das bibliotecas en Galicia, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate e aprobación:

O Parlamento de Galicia, insta o Goberno galego a:

- 1º) Desenvolver regulamentariamente en 2023 a totalidade da Lei 5/2012 de Bibliotecas de Galicia.
- 2º) Artellar unha estratexia de cooperación coas administracións locais para conseguir completar co servizo de biblioteca todo o territorio galego en 2023.
- 3º) Incrementar en 2023 a partida orzamentaria dedicada á adquisición de fondos en galego de xeito que supere o importe destinado no exercicio 2022 e co compromiso de non diminuíla en orzamentos posteriores.
- 4º) Aprobar no primeiro semestre de 2023 o Plan de fomento da lectura a que obriga a Lei 17/2006 do libro e da lectura de Galicia.

Pazo do Parlamento, 18 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 18/01/2023 11:26:56

Noelia Otero Lago na data 18/01/2023 11:27:10

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 18/01/2023 11:27:20



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, Noa Díaz Varela e Noelia Otero Lago, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

Coincidindo coa efeméride do nacemento de Castelao, este 30 de xaneiro celébrase unha nova edición do Día da Ilustración para visibilizar este sector a través da lembranza de sobranceiros artistas e o seu legado. Este ano a homenaxeada será María Antonia Dans Boado (Oza dos Ríos, 1922-Madrid, 1988), referente do neoexpresionismo e en cuxas obras os escenarios galegos estaban moi presentes.

A ilustración en Galicia conta na actualidade con moito peso dentro do noso escenario cultural, pero certamente non é unha profesión que goce da proxección e recoñecemento que debería, sendo esta unha das reivindicacións da Asociación Galega de Profesionais da ilustración (AGPI), que na actualidade conta con preto de 140 socios e socias.

A falta de profesionalización e as escasas axudas e preocupación que para este sector concreto existen dende as administracións, en contraposición con outros sectores culturais, son algunhas das reivindicacións trasladadas polo sector ao Grupo Socialista e que compartimos.

Mostra disto é que no extenso documento que recolle a Estratexia Cultural Galega 2021 a ilustración aparece só en tres ocasións e sempre vencellada ao sector do libro. Así, esa ECG21 formúlase como medidas a desenvolver:

- . Aumento da promoción internacional da literatura infantil e xuvenil, e da ilustración galegas.
- . Impulso de liñas de axuda para a participación dos creadores literarios (escritores, tradutores e ilustradores) en programas culturais internacionais de acordo coas asociacións do sector do libro.
- . Creación dun programa anual que difunda o labor dos creadores do ecosistema do libro (escritores, ilustradores e tradutores).

Mais ata o de agora non semella que ningún destes tres retos se conseguise ou se desenvolvese algunha acción nese senso.



Alén disto, ao Grupo Socialista parécenos un erro a concepción por parte da Administración autonómica da ilustración como disciplina cultural unicamente vencellada ao libro.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1. Desenvolver unha estratexia cultural para prestixiar e proxectar a ilustración como disciplina artística con entidade propia.
2. Pór en marcha unha liña de axudas dirixidas a empresas para a contratación de servizos de ilustración.
3. Incrementar a dotación da liña de axudas para a concesión de subvencións para a participación de persoas escritoras, ilustradoras e tradutoras nas actividades que se celebren no sector do libro

Pazo do Parlamento, 18 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 18/01/2023 16:34:07

Noelia Otero Lago na data 18/01/2023 16:34:22

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 18/01/2023 16:34:31



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Noa Díaz Varela, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O colapso no servizo de Urxencias do Centro Hospitalario da Universidade de Santiago (CHUS) vén sendo unha constante nestes últimos anos que se viu agravada aínda máis se cabe nestes últimos tempos. Fronte a isto, o Goberno galego mantén unha actitude pasiva sen dar os pasos necesarios para afrontar un problema que xa é crónico.

A Asociación de Pacientes e Persoas Usuarias do CHUS volvía denunciar a situación de saturación nese servizo na mesma semana de Reis, na que 13 pacientes graves permanecían en padiolas e cadeiras de rodas nos corredores de acceso de Urxencias. A maiores, sempre segundo este colectivo, a pesares das advertencias do persoal sanitario aos responsables do servizo, 19 pacientes co ingreso en planta asinado estaban ocupando os espazos de traballo e 8 padiolas da zona de atención permanecían sen ocupar por falta de persoal sanitario asignado.

No Sergas aducen que xa tiñan previsto o aumento das urxencias hospitalarias por causa do incremento de afeccións respiratorias, para o que aprobaron un plan de continxencias, máis a realidade apunta a que non son problemas puntuais senón situacións recorrentes que poderían mellorar de existir unha mellor organización.

Dotar de suficientes recursos e boa xestión a atención primaria, desenvolver axeitadamente o servizo de hospitalización a domicilio, pór a disposición das persoas doentes todas as camas das que dispón a área sanitaria de Santiago e Barbanza ou establecer circuítos claros para ser áxiles na desviación de doentes dende urxencias a hospitalización serían cuestións que sen dúbida poderían facer mellorar o servizo de Urxencias do CHUS.

Por todo isto, parece claro que o colapso crónico do que adolece o servizo de Urxencias do CHUS obedece a un problema organizativo que pasa por unha dotación estrutural e de profesionais adecuada, por potenciar as alternativas que teñen demostrado ser eficientes noutras áreas sanitarias como a área de observación, a unidade de curta estadía, o hospital de día ou a hospitalización a



domicilio e por adecuar a oferta ás necesidades reais de hospitalización convencional e de atención sociosanitaria.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, presentan a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1. Elaborar urxente un plan funcional do servizo de Urgencias do CHUS que dea solución á situación crónica de saturación que vén padecendo e que marque circuitos claros e eficaces para desviar as persoas doentes ás diversas unidades de hospitalización.
2. Abrir de inmediato todas as camas da área sanitaria de Santiago e Barbanza necesarias para aliviar a sobrecapacidade do servizo de urgencias do centro compostelán e dotar do persoal preciso para cubrir esa demanda asistencial.
3. Reforzar o sistema de urgencias extrahospitalarias da área sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza para frear a desbordada demanda nos propios servizos de urgencias do CHUS.

Pazo do Parlamento, 19 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 19/01/2023 14:05:47

Julio Torrado Quintela na data 19/01/2023 14:06:01

Marina Ortega Otero na data 19/01/2023 14:06:15

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 19/01/2023 14:06:29





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a situación vivida na residencia de maiores do Consello de Sarria.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A residencia de maiores de Sarria, xestionada por un organismo autónomo dependente do Concello, foi obxecto de diversas informacións públicas que, desde o G.P. do BNG, acollemos con preocupación.

De maneira sintética:

1.- Destapouse un caso de espionaxe sobre as traballadoras da residencia a través da contratación, por parte dun responsábel municipal, concretamente o concelleiro de Servizos Sociais en 2019, dun detective privado.

2.- Investígase o acceso irregular de persoas alleas ao centro ás imaxes das cámaras de vixianza da residencia de maiores o que suporía, de confirmarse, unha vulneración da privacidade e intimidade das persoas usuarias da residencia e das traballadoras.

3.- Na residencia de maiores existía unha caixa de diñeiro en efectivo propiedade das persoas usuarias para sufragar gastos complementarios como podoloxía, perrucaría ou farmacia. Recentemente sóbose dun descuadre nas contas desa caixa e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

tamén da existencia de senllos informes das traballadoras e de Tesourería municipal reclamando a desaparición desa caixa e a práctica que representa.

Ao Bloque Nacionalista Galego cóstanos porque así se publicou nos medios de comunicación (curioso cando se nos nega por parte da Xunta de Galiza e de maneira reiterada acceso a actas de inspección e expedientes nesta materia) das irregularidades detectadas nesta residencia por parte dos servizos de inspección da Consellaría.

A información publicada sinala, literalmente: “realizó el día 14 de noviembre una inspección de servicios sociales en la residencia de Sarria que releva una gestión con numerosas irregularidades. Desde medicación mal administrada, a habitaciones con techos rotos y cayéndose o falta de registros en asuntos como las caídas de los usuarios o las sujeciones. La inspectora dio diez días a los responsables de la residencia para enmendar los fallos. El plazo acaba este jueves”.

Para o G.P. do BNG é inadmisíbel que cousas como as relatadas con anterioridade acontezan en calquera servizo público, máis aínda nunha residencia de maiores. Tendo en conta que a Xunta de Galiza é responsábel de velar polos dereitos das persoas usuarias e o correcto funcionamento dos servizos sociais, independentemente de cal sexa a titularidade e/ou o modelo de xestión destes, formulamos a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a adoptar as medidas que sexan necesarias, no marco do establecido na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galiza para garantir o cumprimento escrupuloso dos dereitos das persoas usuarias e dirimir calquera responsabilidade que houber na vulneración dos seus





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

dereitos e/ou dos dereitos das traballadoras do centro así como a esixir o cumprimento das obrigas que a entidade titular e xestora da residencia ten.”

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 19/01/2023 16:23:46

Iria Carreira Pazos na data 19/01/2023 16:23:57

Olalla Rodil Fernández na data 19/01/2023 16:24:08



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Paloma Castro Rey, Pablo Arangüena Fernández, Noa Díaz Varela, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Patricia Otero Rodríguez e Eduardo Ojea Arias**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

A Lei de residuos e solos contaminados de carácter estatal para una economía circular. Lei 7/2022, do 8 de abril, que entrou en vigor hai case 1 ano, establece no seu artigo 25 que para facilitar a preparación para a reutilización e o reciclado de alta calidade, as entidades locais establecerán a recollida separada de, a lo menos, as fraccións de biorresiduos de orixe doméstico antes do 30 de xuño de 2022 para as entidades locais con poboación de dereito superior a cinco mil habitantes, e antes do 31 de decembro de 2023 para o resto.

Entendendo tamén como recollida separada de biorresiduos a separación e reciclaxe en orixe mediante compostaxe doméstico ou comunitario.

Esta lei vén traspoñer unha directiva comunitaria do ano 2018 para adaptar a lexislación estatal ás esixencias europeas.

Os anos de desleixo do Goberno galego na súa política de xestión de residuos fai que cheguemos tarde ao cumprimento destes obxectivos o que obriga a ter que tomar medidas urxentes se non queremos incorrer en multas e sancións.

O sistema Sogama que xestiona os residuos da meirande parte dos concellos galegos tradicionalmente tratou os residuos provenientes da bolsa negra (residuo convencional) e amarela (plásticos, latas e bricks), no ano 2018 inaugurou a planta de Areosa dedicada a xestión dos biorresiduos que non esta a ser moi exitosa e é claramente insuficiente para tratar a materia orgánica (contedor marrón) de todos os concellos.

Por outra banda, as plantas de transferencia, onde se compacta o residuo están adaptadas para o transvase do contedor verde xenérico, e amarelo, pero non para contedor marrón FORSU (Fracción Orgánica contida nos Residuos Urbanos).



O Plan Sogama contemplaba esta adaptación en 13 plantas de transferencia: 6 de nova construción (en Cee, Ponteceso, Curtis, A Lama, Arbo y Riotorto) e 7 de adaptación (Vigo, O Porriño, Silleda, A Rúa, Ourense, Lugo e Narón), pero leva moito atraso.

E o mesmo acontece coas novas plantas de tratamento de residuo orgánico, xa que das 11 previstas no PXRUGA 2010-2022, unicamente están en proceso de execución 3: Verín, Cervo e Vilanova, e ningunha aínda en funcionamento.

Por outra banda en Galicia existen outros 2 sistemas de xestión de residuos Nostián e Barbanza que levan décadas apostando pola compostaxe, e que este goberno do partido popular despreza de forma sistemática.

Dende o Grupo Socialista somos conscientes de que Sogama non ten a día de hoxe capacidade para a xestión de a materia orgánica de todos os concellos adscritos incluso descontando aqueles que opten por unha compostaxe de proximidade e polo tanto entendemos que ten que aproveitar os fondos estatais destinados á aplicación da nova lei e os fondos propios previstos, para ademais de construír as infraestruturas que sexan preciso, formular unha complementariedade cos outros dous sistemas de residuos (Nostián e Barbanza).

Defendemos que é o momento de que o goberno da Xunta deixe de actuar coma se so existira Sogama e colabore cos outros 2 sistemas para a súa actualización e inclusión no sistema galego de xestión de residuos, o que sería máis sostible para todos os galegos e galegas, tanto económica como ambientalmente.

E por iso polo que dende o Grupo Parlamentario Socialista solicitamos ao goberno da Xunta que convoque de maneira inmediata unha mesa de negociación na que estean presentes a Fegamp e representantes dos tres sistemas de xestión de residuos (Sogama, Barbanza e Nostián) co fin de implementar e coordinar os 3 sistemas de xestión existentes en Galicia, e trazar unha folla de ruta común cara o cumprimento da lexislación estatal e europea.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a convocar de maneira inmediata unha mesa de negociación na que estean presentes a Fegamp e representantes dos tres sistemas de xestión de residuos (Sogama, Barbanza, e Nostián) co fin de



establecer unha colaboración conxunta e unha estratexia común cara o cumprimento da lexislación estatal e europea.

Pazo do Parlamento, 18 de xaneiro do 2023

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 19/01/2023 16:39:18

Pablo Arangüena Fernández na data 19/01/2023 16:39:28

Noa Susana Díaz Varela na data 19/01/2023 16:39:37

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 19/01/2023 16:39:49

Patricia Otero Rodríguez na data 19/01/2023 16:40:01

Eduardo Ojea Arias na data 19/01/2023 16:40:12

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 19/01/2023 16:40:19



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

O goberno da Xunta de Galicia aproba con carácter anual unha achega aos colexios de avogados e procuradores de Galicia para atender aos gastos derivados do funcionamento e da infraestrutura colexial que requiren os servizos de asistencia xurídica gratuíta, tales como a atención e tramitación de expedientes administrativos e o pago de infraestruturas.

Esta cantidade se corresponde co 8 por cento do importe total de gasto por este servizo certificado o ano anterior por cada un dos Colexios de Avogados e de Procuradores de Galicia.

Dende hai unha década o Goberno galego mantén a mesma porcentaxe que resulta claramente insuficiente e provoca que os colexios profesionais teñan que facer un gasto excesivo para poder ofrecer á cidadanía un dereito recoñecido constitucionalmente como é o dereito de acceso á xustiza, en detrimento doutros gastos de xestión ordinaria para o correcto funcionamento destes organismos.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista entendemos que o Goberno debe mudar o criterio de determinación das cantidades obxecto de subvención previo acordo co consello xeral da avogacía galega, co fin de poder cumprir de forma efectiva o deber de colaboración cos colexios na prestación deste servizo.

E é por isto polo que solicitamos ao goberno da Xunta que se reúna co Consello Xeral da Avogacía Galega e o Consello Xeral da Procuradoría co fin de acadar un acordo en relación ao criterio de determinación das cantidades anuais a abonar a estes colexios profesionais que responda de forma mais eficiente á necesidade de facer fronte aos gastos de xestión do servizo de asistencia xurídica gratuíta.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a acadar un acordo en relación ao criterio de determinación das cantidades anuais a abonar aos Colexios de Avogados e Procuradores de Galicia que responda de forma máis eficiente á necesidade de facer fronte aos gastos de xestión do servizo de asistencia xurídica gratuíta.

Pazo do Parlamento, 18 de xaneiro do 2023

Asdo.: Paloma Castro Rey

Pablo Arangüena Fernández

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luis Manuel Álvarez Martínez

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 19/01/2023 16:45:06

Pablo Arangüena Fernández na data 19/01/2023 16:45:14

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 19/01/2023 16:45:23



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Noelia Otero Lago** e **Noa Díaz Varela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

No ano 2016 a Xunta anunciou a creación do I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020. A Educación é un pilar fundamental na loita contra as desigualdades e discriminacións por diversidade e xénero. Vimos de pechar un ano o 2022 e comezar este 2023 nun contexto trágico e insoportable por mor das violencias machistas. Nunca antes ademais unha proporción tan alta de mulleres asasinadas por violencia machista interpuxeran denuncia. Foron 21 de 49 as vítimas que o ano pasado pediron axuda ao sistema, pero non foron protexidas.

Tal e como recollía ese I Plan para a Igualdade nos centros educativos, nos últimos anos observouse un aumento das condutas discriminatorias e dos estereotipos sexistas entre o alumnado dos centros educativos que inflúen no desenvolvemento da súa identidade e en como se manifesta na convivencia escolar, o que orixina un aumento dos conflitos e a resolución non pacífica destes conflitos entre os rapaces e as rapazas. A coeducación preséntase como unha das ferramentas máis útiles e potentes para poder acabar coa desigualdade, e a escola constitúe unha plataforma imprescindible para a superación dos prexuízos sexistas e machistas.

Amais da importancia de traballar pola igualdade real desde a escola, cómpre tamén lembrar que o Goberno da Xunta de Galicia ten a obriga de implementar un plan de igualdade consensuado capaz de dar resposta ás desigualdades na docencia que por razón de sexo padecen as profesionais no exercicio da súa profesión. Pero a realidade neste contexto tan delicado e no que a as administracións e institucións teñen o deber de poñer todo o esforzo na loita contra as violencias machistas é que nada se sabe dous anos despois de rematado o citado Plan para a igualdade nos centros educativos sobre resultados, aínda hai centros que non teñen elaborados os seus plans específicos, e son moitos os que teñen manifestado a ausencia de recursos para poder desenvolver os obxectivos contemplados no mesmo.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a presentar un novo plan de actuación ou Estratexia para a Igualdade nos centros Educativos galegos con dotación económica suficiente e todos os recursos necesarios para que as medidas e obxectivos contemplados poidan desenvolverse tal e como demandan os propios centros.

Pazo do Parlamento, 18 de xaneiro do 2023

Asdo.: Noelia Otero Lago

Noa Díaz Varela

Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luis Manuel Álvarez Martínez

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 19/01/2023 16:48:19

Noa Susana Díaz Varela na data 19/01/2023 16:48:26

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2023 16:54:00
Nº Rexistro: 47663
Data envío: 19/01/2023 16:54:00.669

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 19/01/2023 16:48:35

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A Lei de transparencia e bo goberno da Xunta de Galicia, no artigo 10, letra m) dispón que se debe publicar “A información sobre as viaxes dos altos cargos, con indicación dos obxectivos, subministrada periodicamente ao Parlamento de Galicia.”

As últimas comparecencias no Parlamento para informar sobre viaxes datan do ano 2019, ademais de que estas comparecencias só facían referencia ás viaxes no exterior, cando a regulación se referise a todas elas.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate e aprobación:

O Parlamento de Galicia, insta o Goberno galego a proceder a levar a cabo as comparecencias periódicas previstas na lei para informar sobre todas as viaxes dos altos cargos da Xunta e os seus obxectivos, incluíndo tanto as viaxes exteriores como as realizadas dentro do territorio estatal, cando menos, semestralmente como se viña facendo até o ano 2019, para mellorar a transparencia e cumprir coa lexislación vixente.

Pazo do Parlamento, 19 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 19/01/2023 11:29:21

Paloma Castro Rey na data 19/01/2023 11:29:40

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 19/01/2023 11:29:51



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Pablo Arangüena Fernández, Patricia Otero Rodríguez e Eduardo Ojea Arias, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O 8 de abril de 2022 a Xunta anunciou a construción dunha pasarela peonil que cruzaría a ría da Coruña desde a praia de Santa Cristina radicada no concello de Oleiros ata a outra beira da ría, situada no concello da Coruña. O proxecto, que costaría 8 millóns de euros, non foi consultado cos concellos afectados e polo que se coñece do mesmo ata o momento parece propio dunha concepción das infraestruturas xa superada e que vai en contra da máis moderna concepción das obras públicas (mínimo impacto ambiental e visual, integración na paisaxe e no medio, redución de custos, etc).

Investigadores do CICA da Coruña e do CSIC valoraron moi negativamente o proxecto, chegando a cualificalo de “aberración”. A asociación Mobiliza fixo pública a proposta alternativa de usar a parte inferior da Ponte da Pasaxe para conectar ambos lados da ría, a un coste moi inferior e cun impacto tamén moito máis pequeno, ademais de que podería servir para completar o paseo marítimo a ambos lados da ría dun xeito idóneo para as necesidades dos paseantes e ciclistas.

A necesidade de mellorar a comunicación entre ambos lados da ría é un feito e unha demanda desde hai moito tempo, pero o anuncio dunha obra que parece mal concibida, excesivamente aparatosa e custosa e que, ademais, non parece que fose consultado con ninguén non é unha boa maneira de contribuír a satisfacer esa necesidade, que debería ademais enlazar e estar coordinada coas obras de rexeneración da ría que se están levando a cabo co impulso do Goberno do Estado, que a financia integramente, e cos plans para completar o paseo marítimo entre A Coruña e Culleredo.

Transcorrido xa bastante tempo desde o anuncio da obra, a Consellería de Infraestruturas parece estar desenvolvendo un xogo meramente electoralista en troques de satisfacer –como é a súa obriga– unha necesidade obxectiva como é facilitar a mobilidade peonil e ciclista entre ambos lados da ría, hoxe limitada á Ponte da Pasaxe.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que, previo diálogo responsable cos concellos afectados, proceda como Administración supraterritorial a impulsar as obras e actuacións necesarias para facilitar a mobilidade peonil e ciclista entre ambos lados da ría da Coruña, priorizando, ademais da maior utilidade pública, o menor coste económico e impacto medioambiental e visual delas.





Pazo do Parlamento, 17 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 19/01/2023 17:42:33

Patricia Otero Rodríguez na data 19/01/2023 17:42:51

Eduardo Ojea Arias na data 19/01/2023 17:43:07

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 19/01/2023 17:43:18





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Ramón Fernández Alfonso** e **Daniel Pérez López** e da deputada **Rosana Pérez Fernández**, e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza atópase á cola do Estado en oficinas bancarias por habitantes. Segundo os datos ofrecidos polo Boletín Estatístico do Banco de España para setembro de 2022, último mes con cifras, o país contaba con 3,8 sucursais de entidades de crédito por cada 100.000 habitantes, unha cifra 0,9 puntos inferior á media estatal, situada en 4,7 sucursais por cada 100.000 habitantes

Por outra parte, as oficinas bancarias da Galiza sitúanse á cola do Estado e da Unión Europea en persoal. Nesta dirección, as cifras achegadas polo anuario estatístico de 2021 da Asociación Española da Banca (AEB) indican que nese ano ocupábanse nas sucursais galegas 2.692 persoas, o que significaba 2,62 empregados por oficina, 5 empregados menos por oficina que a media estatal .

Este déficit de persoal nas sucursais de crédito xera unha redución sistemática dos servizos ás persoas usuarias, sobre todo da atención presencial, e responde a unha estratexia dirixida a encamiñar ás persoas usuarias cara a banca dixital.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ao mesmo tempo aumenta a posibilidade de sufrir ciberroubos, e sorprende a súa taxa de éxito. Un 21% dos clientes financeiros admite ter sido vítima dunha tentativa de hackeo, e o 10% recoñecen que efectivamente chegou a producirse.

De feito, de entre as reclamacións presentadas perante o Banco de España, as quintas reclamacións máis numerosas, pero as terceiras que máis medran, son as relacionadas con transferencias presuntamente fraudulentas realizadas por internet.

Estas son algunhas das cifras de contexto dunha situación de exclusión bancaria que gaña corpo no noso país. A falta de posibilidades económicas, de cultura dixital, e a desconfianza cara estes novos medios de xestión dos recursos económicos propios, son a outra parte do cadro, a das persoas usuarias que ven descender a calidade e a seguridade dos servizos bancarios que reciben por parte das entidades financeiras.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta a establecer unha mesa de diálogo permanente coas entidades financeiras que operan na Galiza para promover un maior nivel de prestación presencial dos servizos bancarios, fomentando a universalidade, calidade e seguridade destes servizos.”

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Pérez López

Rosana Pérez Fernández

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 19/01/2023 18:11:42

Rosana Pérez Fernández na data 19/01/2023 18:11:45

Daniel Pérez López na data 19/01/2023 18:11:53

Ramón Fernández Alfonzo na data 19/01/2023 18:12:02





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Iria Carreira Pazos, Montserrat Prado Cores e Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a información das listas de espera no SERGAS.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

As listas de espera hospitalarias son un dos indicadores que permiten visualizar a situación da sanidade pública galega. Após a pandemia da COVID19, o número de doentes en agarda dunha primeira consulta hospitalaria ascendía o 30 de xuño de 2022 a 198.323, das cales 599 pacientes levaban máis de 12 meses agardando por esa cita, a maioría delas no Hospital da Mariña, mais tamén no de Valdeorras e no CHUO. Nesa mesma data, as doentes en espera dunha cirurxía ascendían a 46.553, cunha importante cifra de pacientes que levaban tamén máis dun ano esperando por esa intervención, 331 persoas. Ao contrario do que sucede no caso da lista de agarda pola primeira consulta hospitalaria, neste caso, as pacientes que permanecen máis de 12 meses en espera dunha cirurxía concéntranse nos hospitais cabeceira das áreas sanitarias.

Se atendemos á situación das listas de espera de probas diagnósticas, 119.197 doentes estaban agardando ao remate do segundo trimestre do 2022, sendo 3.116 as persoas que estaban nesa situación desde antes do verán de 2021.

Cómpre ter presente ademais, o incremento de pacientes que se atopan nesta situación con respecto a publicacións anteriores, cun incremento superior ás 3.000





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

persoas en espera dunha cirurxía respecto a decembro de 2021 ou de 6.300 nas listas de espera de primeira consulta hospitalaria.

Aínda que estes datos poderían traducirse nunha análise lixeiramente positiva pola melloría de certos parámetros con respecto aos publicados en semestres anteriores, cómpre ter presente que non permiten unha análise real da situación das listas de espera. Son datos absolutamente parciais, pois só responden ás listas de espera estruturais, manténdose na absoluta opacidade os datos correspondentes ás listas de espera non estruturais, a pesar das demandas reiteradas por parte de forzas políticas, sindicais e sociais. Opacidade que tamén soportan as doentes incluídas nestas listas de espera non estruturais, que non contan con ningún tipo de información acerca da súa situación, incluso a pesar de tamén se ter pronunciado a este respecto a Valedora do Pobo.

Outra fórmula utilizada polo goberno do Partido Popular á hora de xestionar a información das listas de espera é o feito de que cada vez son máis as pacientes que non reciben unha data e hora para a realización dunha proba ou consulta, senón que fican pendentes dunha chamada telefónica para que se lles sexa adxudicada esta cita. Deste xeito, miles de pacientes están pendentes do teléfono para poderen recibir esa cita, vulnerando o seu dereito á información e sen permitirlles unha debida planificación.

Cómpre ter presente ademais, que tampouco se fan públicos os datos referentes á segundas e sucesivas consultas hospitalarias, sendo frecuente que nestes casos non se respecten os períodos estipulados polas facultativas baixo criterios clínicos, sendo moitas as pacientes pendentes de revisións que agardan máis tempo do que lles corresponde.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar do BNG formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1º.- Rematar coa política de non adxudicación de citas no momento de seren solicitadas, garantindo que as pacientes non fiquen pendentes dunha chamada telefónica para esta citación.

2º.- Facer públicas a totalidade das listas de espera do SERGAS, tanto estruturais como non estruturais.

3º.- Incorporar de inmediato a todas as pacientes que se atopan nunha lista de espera non estrutural á lista estrutural, garantíndolles por igual un tempo máximo de espera sen facer distincións de ningún tipo.”

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 19/01/2023 18:16:48

María Montserrat Prado Cores na data 19/01/2023 18:16:52

Iria Carreira Pazos na data 19/01/2023 18:17:31





A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Teresa Egerique Mosquera, José Luis Ferro Iglesias, Ovidio Rodeiro Tato, Elena Suárez Sarmiento, Carlos Gómez Salgado, Felisa Rodríguez Carrera e Moisés Rodríguez Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª, Educación e Cultura**, polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre esta cuestión.

Exposición de motivos

O Mosteiro de San Lorenzo de Carboeiro é un auténtico tesouro dentro do rico patrimonio de Galicia. A súa arquitectura románica e a impresionante paisaxe natural que o rodean fan deste monumento un lugar de gran interese cultural. Actualmente protexido polos seus valores únicos –baixo a categoría de Ben de Interese Cultural— o mosteiro é parte da historia de Galicia.

Precisamente unha recente investigación, liderada polo historiador Francisco Prado-Villar, completa o relato histórico deste monumento, apuntando cara un posible espolio de varias pezas integrantes do ben que actualmente se atopan emprazadas no Museo Frederic Marès de Barcelona: un Cristo en Maxestade e unha talla con símbolos dos evanxelistas san Lucas e san Xoán.

A aparición de diversas cartas no Arquivo de Galicia e o Arquivo Xeral da Administración, por parte do historiador, poderían probar a subtracción ilegal destas dúas esculturas da igrexa. Nelas, o entón comisario da Primeira Zona de Defensa del Patrimonio Artístico Nacional, Manuel Chamoso Lamas, abordaría a preocupación pola desaparición de dúas esculturas do mosteiro que se atopaban en paradiro descoñecido.

O comisario iniciaría entón a procura das pezas, denunciando os feitos e contactando con diversos organismos tentando chegar ata as esculturas. Todas as xestións resultarían infrutuosas e durante anos perderíase a pista destes valiosos bens. A situación mudaría a finais dos anos 70 do século pasado, cando as esculturas afloraron na colección de Ferdinand Birk Crecelius, un empresario de orixe alemán de quen foron adquiridas polo Museo Frederic Marès, onde se atopan desde entón.





A documentación atopada nas recentes investigación, podería probar que a subtracción das pezas foi un acto ilegal, xa que desde o 3 de xuño de 1931 o conxunto de Carboeiro goza do máximo nivel de protección (o equivalente na actualidade a un Ben de Interese Cultural). Por este motivo, a Xunta de Galicia xa solicitou, tanto aos responsables do Museo Frederic Marès como á alcaldesa de Barcelona, Ada Colau, toda a información sobre as pezas e a súa procedencia a fin de aclarar a súa orixe.

Coas máximas cautelas e sen improvisacións —como se debe actuar nestes casos—, o Grupo Parlamentario Popular, considera fundamental analizar en profundidade o caso con todas as partes e iniciar as accións necesarias para que estes bens se restitúan ao patrimonio cultural de Galicia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a analizar o caso da desaparición das dúas esculturas do mosteiro de San Lorenzo de Carboeiro có obxectivo de restituír estes bens ao patrimonio cultural de Galicia”.

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 18/01/2023 13:49:17

Teresa Egerique Mosquera na data 18/01/2023 13:49:40

José Luis Ferro Iglesias na data 18/01/2023 13:50:03

Ovidio Rodeiro Tato na data 18/01/2023 13:50:17

María Elena Suárez Sarmiento na data 18/01/2023 13:50:32

Gómez Salgado, Carlos na data 18/01/2023 13:50:50

María Felisa Rodríguez Carrera na data 18/01/2023 13:51:02





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2023 13:59:29
Nº Rexistro: 47481
Data envío: 18/01/2023 13:59:29.672

Rodríguez Pérez, Moisés na data 18/01/2023 13:51:16

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-IOUuIQN4q-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Daniel Pérez López** e **Ramón Fernández Alfonzo**, e da deputada **Rosana Pérez Fernández**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 3ª polo trámite de urxencia**, relativa á grave crise social e económica que atravesamos o noso país así como ás medidas de reorientación e transformación social e económica que atravesamos o noso país e medidas de reorientación e transformación que debe adoptar o goberno galego no mercado de traballo e no sector industrial para superala.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola grave crise económica e social que atravesamos o noso país que require unha actuación inmediata da Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A análise dos datos dos últimos meses do Instituto Nacional de Estatística, do Instituto Galego de Estatística, da propia Enquisa de Poboación Activa, e dos informes de outros organismos independentes de recoñecida solvencia e prestixio, poñen de manifesto a grave crise social e económica que atravesamos o noso país, que hai que enmarcar nun contexto de crise xeneralizada a nivel estatal e europeo, pero que conta con variábeis e matices propios. Unha crise que esixe que a Xunta de Galiza adopte medidas de reorientación e transformación do mercado de traballo galego e do propio sector industrial, para superala.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Os datos do paro correspondentes ao mes de decembro de 2022 evidencian unha vez máis a febleza e os problemas estruturais que padece o mercado laboral galego, que continúa a expulsar persoas traballadoras, con 5.345 afiliadas menos neste mes con respecto ao mes anterior. E iso que neste período o número de persoas desempregadas rexistrou un leve descenso debido á contratación a tempo parcial no sector servizos coincidindo coa campaña de Nadal. Tamén se rexistraron 11.000 contratos menos que en novembro e case 21.000 menos respecto ao mesmo período do ano 2021, aumentando o desemprego no sector primario, na industria e na construción. O único sector no que baixa o paro é nos servizos, o que demostra unha vez máis a febleza do mercado laboral e do modelo económico implantado en Galiza.

A mocidade galega foi unha das grandes damnificada na crise do 2008 e da crise derivada da pandemia. E atendendo aos indicadores económicos, a historia parece que vai camiño de repetirse coa actual. Falamos dun colectivo que leva anos arrastrando problemas estruturais, como a fenda salarial entre mocidade e resto de traballadores e traballadoras, e un mercado de traballo marcado pola temporalidade e a parcialidade. Unha situación precaria que aboca ás mozas e mozos galegos á emigración, coa conseguinte perda de forza de traballo altamente cualificada para o mercado de traballo do noso país.

A situación sociolaboral da muller galega segue a ser desfavorábel en comparación coa dos homes, e, en termos xerais, moi precaria. Porque a pesar de que hai indicadores que amosan unha certa mellora, segue a estar por debaixo da situación da poboación traballadora masculina no relativo á taxa de actividade e taxa de ocupación. Porén, a taxa de paro feminina (11,8%) é superior á dos homes (9,8%). O 58,3% das persoas paradas rexistradas son mulleres. Ao que hai que sumarlle que a muller segue a desempeñar actividades altamente feminizadas e traballos infravalorados, caracterizados pola precariedade laboral. Igual que o colectivo da





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

mocidade galega, a situación da muller no mercado de traballo vén marcada pola parcialidade, temporalidade e a fenda salarial, neste caso, de xénero.

No relativo á industria, a situación non é mellor. En decembro de 2022 todos os sectores da industria galega baixaron a súa produción, cunha taxa xeral negativa do 5,4%, agás o enerxético. Que avanza un 17%. Porén, a evolución da produción industrial estatal foi positiva, ao medrar un 2,2%. Esta precaria situación social e económica da Galiza coincide cunha elevada inflación, que provoca un proceso de empobrecemento das persoas máis desfavorecidas. O cal é un problema atendendo a que no nos país hai 700.000 persoas en risco de pobreza e exclusión social, segundo datos do informe de EAPN-Galiza.

Fronte a isto, é imprescindible levar a cabo un profundo cambio do sistema económico e social para favorecer a creación de emprego de calidade, con salarios dignos, apostando por un maior peso do sector industrial na nosa economía e por sectores emerxentes, dándolle prioridade nas políticas sociolaborais a mulleres e mocidade.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 3ª polo trámite de urxencia:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

a) Mudar profundamente as políticas de emprego e formación ante a ineficacia das implementadas nos catorce últimos anos, para así rachar coa temporalidade na contratación e a precariedade laboral, ou a estacionalidade e dar resposta á demanda do mercado de traballo galego.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

b) Diseñar e executar un plan específico de emprego feminino co obxectivo de atallar a precariedade e falta de oportunidades que sofre este colectivo, e, dentro das políticas activas de emprego, implementar programas de orientación, emprego e formación para o emprego dirixidas especificamente ao colectivo das mulleres, para acadar igualdade real de oportunidades.

c) Elaborar e implementar un plan de emprego para a mocidade co obxectivo de rachar coa precariedade a temporalidade estrutural que caracteriza a este colectivo, atallar a sangría migratoria constante deste colectivo e propiciar a volta dos que abandonaron o país por falta de oportunidades.

d) Impulsar unha estratexia de emprego a curto prazo para a creación de postos de traballo vencellados ao sector público, a sectores económicos estratéxicos e a sectores emerxentes, priorizando o emprego estábel e de calidade, a inserción sociolaboral da mocidade e das mulleres, a reversión do devalo demográfico e a reorientación e transformación da economía galega.

e) Impulsar o Pacto Galego pola Industria..”

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2023

Asdo.: Daniel Pérez López

Ramón Fernández Alfonso

Rosana Pérez Fernández

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 20/01/2023 12:34:59

Ramón Fernández Alfonzo na data 20/01/2023 12:35:12

Rosana Pérez Fernández na data 20/01/2023 12:35:22

Ana Pontón Mondelo na data 20/01/2023 12:35:31





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados **Adrián Pardo López, José Alberto Pazos Couñago, Corina Porro Martínez, Noelia Pérez López, Encarna Amigo Díaz, Rosalía López Sánchez, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez e Elena Suárez Sarmiento** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei Comisión 5ª Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de Motivos:

As infeccións de transmisión sexual (ITS) son un problema importante de saúde pública tanto pola súa magnitude como polas súas complicacións e secuelas se non se realiza un diagnóstico e tratamento precoz.

En Galicia, aínda que con taxas inferiores ás españolas, a infección polo VIH e outras infeccións de transmisión sexuais continúa sendo un problema de saúde pública que require dunha acción coordinada destinada ao seu control.

Recentemente coñecíamos un estudo do Instituto de Saúde Carlos III onde alertaba de que as ITS aumentaron un 158,93% nas mulleres e un 113,83% nos homes.

As ITS supoñen un risco, xa que na meirande parte dos casos estas son asintomáticas ou con síntomas moi leves que moitas veces pasan desapercibidos, o que acaban provocando que estas ITS evolucionen en ETS (enfermidades de transmisión sexual).

Probablemente os factores que explican o aumento destas ITS son moitos, dende que cada vez mantense a primeira relación sexual antes a que descendeu o uso do preservativo como principal método preventivo.

Unha enquisa da Sociedade Española de Contracepción destacaba que tan só o 52% da mocidade entre os 18 e os 25 anos usaba o preservativo de forma exclusiva como método anticonceptivo sen usalo dende o principio ata o final da relación sexual.

Segundo os últimos datos do Ministerio de Sanidade referentes ao ano 2019, se diagnosticaron en España 36.352 casos de gonorrea, clamidia, sífilis e linfogranuloma.

Por exemplo, no caso da sífilis pasamos no 2009 dunha taxa por 100 mil habitantes do 5,56 a unha taxa do 13,29 por 100 mil habitantes no 2019; ou a clamidia que pasou dunha taxa do 18,04 por 100 mil habitantes en 2016 a unha do 44,18 por 100.000 habitantes.



Tamén é preocupante que España se sitúa a cola na realización de probas, onde tan só o 2,4% da poboación se someteu a unha proba (ou revisión) de ITS durante o 2019, moi lonxe de países como Portugal onde esta porcentaxe é do 22% ou de Alemaña co 13,4%.

O Plan galego anti VIH/sida e outras infeccións de transmisión sexual (ITS) que se iniciou para os anos 2015-2018 e que foi prorrogado para os 2018-2022 conta con cinco eixos estratéxicos:

- 1) Prevención primaria
- 2) Diagnóstico precoz
- 3) Garantir a asistencia sanitaria e o tratamento das persoas con infección polo VIH e outras ITS en Galicia.
- 4) Reducir o estigma e a discriminación das persoas afectadas polo VIH e outras ITS.
- 5) Promover o acceso aos servizos e prestacións sexuais.

Por iso, ante este aumento exponencial das infeccións de transmisión sexual durante os últimos anos parece necesario seguir prorrogando o Plan galego anti VIH/sida e outras infeccións de transmisión sexual (ITS).

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte **proposición non de lei**:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a prorrogar o Plan galego anti VIH/sida e outras infeccións de transmisión sexual (ITS)”.

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2023.





**PARLAMENTO
DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 46966
Data envío: 12/01/2023 14:11:24.684

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 12/01/2023 13:30:57

Pardo López, Adrián na data 12/01/2023 13:31:05

López Sánchez, Rosalía na data 12/01/2023 13:31:16

José Alberto Pazos Couñago na data 12/01/2023 13:31:28

María Corina Porro Martínez na data 12/01/2023 13:31:37

Noelia Pérez López na data 12/01/2023 13:32:05

María Encarnación Amigo Díaz na data 12/01/2023 13:32:26

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 12/01/2023 13:33:13

María Elena Suárez Sarmiento na data 12/01/2023 13:33:22

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-I0UuIQN4q-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª.

A situación da Atención Primaria en Galicia está nun momento de ampla preocupación, con profesionais saturados e centros sanitarios sobrevivindo ante a demanda asistencial sen recibir ningún apoio real en formato de recursos ou medidas de xestión eficiente por parte da dirección do sistema sanitario galego.

O escenario no que se atopa o sistema sanitario é de gran preocupación, cun problema de persoal froito dos recortes da última década expresados fundamentalmente na non reposición dos profesionais, a renuncia do Goberno galego a formar decenas e decenas de novos profesionais para primaria, tanto facultativos como profesionais de enfermaría, e o sometemento a condicións laborais en continuo empeoramento que fan das prazas un espazo profesional moi pouco atractivo para captar novos sanitarios.

A comarca de Arousa – O Salnés é un punto no que estes problemas se amosan na súa máxima expresión. Dende a dirección do sistema sanitario público véñense abandonando as políticas de dotación de recursos humanos axeitados para a atención primaria, ademais de demorar durante anos a atención ás necesidades de infraestruturas axeitadas que están chegando tarde (centros de saúde de Vilagarcía ou Meis), que directamente non queren ser postas en marcha (centro de saúde do Grove), ou que foron arranxadas sen afrontar o conxunto dos problemas (centro de saúde da Illa).

Esta situación agrávase cando se trata de avaliar o funcionamento dos PAC, onde durante o último ano vivíronse escenarios moi preocupantes con dotacións mínimas de persoal ou incluso ausencia de profesionais facultativos nos PAC desta comarca. Ocorreu en numerosas ocasións durante o verán, sendo a comarca turística de referencia de Galicia, e dende o Goberno de Galicia apuntouse aos problemas de cubrir persoal nos meses de vacacións dos profesionais e co aumento poboacional. Pero chegado o inverno seguen a ocorrer as mesmas situacións, e evidéncianse como incapaces de solucionar nada todos os anuncios baleiros de propostas que nunca se concretan.

Entrado 2023 seguimos nesta comarca cun problema grave de abandono dos PAC por parte da dirección do sistema, e coas fins de semana en que a área Pontevedra – Salnés sofre sen médicos nos puntos de atención continuada, o que repercute



además nunha grave saturación dos servizos de urxencias dos hospitais, cuxos profesionais alertaron en numerosas ocasións da necesidade de que se poña freo a esta ausencia de profesionais en Atención Primaria.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta ao goberno de Galicia a:

1º) Cubrir as carencias de persoal nos centros médicos e nos PAC do distrito sanitario do Salnés ata acadar as dotacións que cada centro ten asignadas no Plan funcional.

2º) Reforzar os cadros de persoal e dimensionar de forma axeitada as quendas de traballo, tanto nas urxencias hospitalarias xerais coma nas pediátricas, para poder prestar unha atención sanitaria de calidade.

Pazo do Parlamento, 13 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 12/01/2023 16:55:21

Marina Ortega Otero na data 12/01/2023 16:55:32

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 12/01/2023 16:55:46



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados, Carmen Rodríguez Dacosta, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª.

Como xa acontecía co lanzamento do bono turístico e o desconto cultural a páxina *web* da Xunta de Galicia quedou colapsada o día 9 de xaneiro cando se abriu o prazo de presentación de axudas directas de entre 800 e 1.500 euros do Programa impacto autónomo.

O prazo de solicitude e presentación de documentación abríase o día 9 e a *web* saturábase pasada a media noite e estivo caída por momentos prexudicando tanto a particulares como a profesionais que xestionan estas axudas

O colexio de xestores administrativos de Galicia recolleu críticas polo colapso na sede electrónica da Xunta de Galicia denunciando que a publicación inclúe unha captura de pantalla cos datos de cola virtual con case unha hora de espera e mais de medio millar de usuarios por diante. As 00.04 horas xa había 4.000 postos en espera.

O Grupo Parlamentario Socialista considera que a tardanza na publicación da convocatoria, a fuxida da Consellería de Economía e do Igape en afrontar a situación desesperada dos autónomos e o maltrato continuado que reciben empresas e traballadores autónomos polo Goberno galego é insostible.

O Programa impacto autónomo da Consellería de Emprego chega tarde, non é ambicioso e suple as funcións e orzamento de que dispón a Xunta de Galicia a través da Consellería de Economía para paliar a situación das empresas e dos autónomos e autónomas galegas para minorar as consecuencias primeiro da pandemia e agora da alza de prezos provocada pola guerra de Ucraína.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que con urxencia elabore un estudo da situación do mercado laboral en relación cos autónomos galegos e en virtude do mesmo se realice un plan de actuación global que implique á Consellería de Economía, Industria e Innovación, ao Instituto de Promoción Económica e á Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade.





Pazo do Parlamento, 11 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 12/01/2023 10:40:27

Julio Torrado Quintela na data 12/01/2023 10:40:43

Marina Ortega Otero na data 12/01/2023 10:41:05



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados, Carmen Rodríguez Dacosta, Begoña Rodríguez Rumbo e Gonzalo Caballero Miguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª.

Como xa acontecía co lanzamento do bono turístico e o desconto cultural a páxina web da Xunta de Galicia quedou colapsada o día 9 de xaneiro cando se abriu o prazo de presentación de axudas directas de entre 800 e 1.500 euros do Programa impacto autónomo.

O prazo de solicitude e presentación de documentación abríase o día 9 e a web saturábase pasada a media noite e estivo caída por momentos prexudicando tanto a particulares como a profesionais que xestionan estas axudas

O colexio de xestores administrativos de Galicia recolleu críticas polo colapso na sede electrónica da Xunta de Galicia denunciando que a publicación inclúe unha captura de pantalla cos datos de cola virtual con case unha hora de espera e mais de medio millar de usuarios por diante. As 00.04 horas xa había 4.000 postos en espera.

O Grupo Parlamentario Socialista considera que a tardanza na publicación da convocatoria, a fuxida da Consellería de Economía e do Igape en afrontar a situación desesperada dos autónomos e o maltrato continuado que reciben empresas e traballadores autónomos polo Goberno galego é insostible.

O Programa impacto autónomo da Consellería de Emprego chega tarde, non é ambicioso e suple as funcións e orzamento de que dispón a Xunta de Galicia a través da Consellería de Economía para paliar a situación das empresas e dos autónomos e autónomas galegas para minorar as consecuencias primeiro da pandemia e agora da alza de prezos provocada pola guerra de Ucraína.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que con urxencia elabore un estudo da situación do mercado laboral en relación cos autónomos galegos e en virtude do mesmo se realice un plan de actuación global que implique á Consellería de Economía, Industria e Innovación, ao Instituto de Promoción Económica e á Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade.





Pazo do Parlamento, 11 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 12/01/2023 17:08:36

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 12/01/2023 17:08:51

Gonzalo Caballero Míguez na data 12/01/2023 17:09:07

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 12/01/2023 17:09:21



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados, Carmen Rodríguez Dacosta, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª.

Como xa acontecía co lanzamento do bono turístico e o desconto cultural a páxina *web* da Xunta de Galicia quedou colapsada o día 9 de xaneiro cando se abriu o prazo de presentación de axudas directas de entre 800 e 1.500 euros do Programa impacto autónomo.

O prazo de solicitude e presentación de documentación abríase o día 9 e a *web* saturábase pasada a media noite e estivo caída por momentos prexudicando tanto a particulares como a profesionais que xestionan estas axudas

O colexio de xestores administrativos de Galicia recolleu críticas polo colapso na sede electrónica da Xunta de Galicia denunciando que a publicación inclúe unha captura de pantalla cos datos de cola virtual con case unha hora de espera e mais de medio millar de usuarios por diante. As 00.04 horas xa había 4.000 postos en espera.

O Grupo Parlamentario Socialista considera que a tardanza na publicación da convocatoria, a fuxida da Consellería de Economía e do Igape en afrontar a situación desesperada dos autónomos e o maltrato continuado que reciben empresas e traballadores autónomos polo Goberno galego é insostible.

O Programa impacto autónomo da Consellería de Emprego chega tarde, non é ambicioso e suple as funcións e orzamento de que dispón a Xunta de Galicia a través da Consellería de Economía para paliar a situación das empresas e dos autónomos e autónomas galegas para minorar as consecuencias primeiro da pandemia e agora da alza de prezos provocada pola guerra de Ucraína.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que con urxencia elabore un estudo da situación do mercado laboral en relación cos autónomos galegos e en virtude do mesmo se realice un plan de actuación global que implique á Consellería de Economía, Industria e Innovación, ao Instituto de Promoción Económica e á Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade.





Pazo do Parlamento, 11 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 12/01/2023 10:40:27

Julio Torrado Quintela na data 12/01/2023 10:40:43

Marina Ortega Otero na data 12/01/2023 10:41:05





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Daniel Pérez López** e da deputada **Rosana Pérez Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 8ª**, relativa ao servizo de practicaxe portuario nos portos de Cee, Corcubión, Corme e Laxe.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende o BNG da Costa da Morte asistimos con gran preocupación ao xiro que deu o procedemento de cobertura do servizo de practicaxe portuario, que afecta aos portos de Cee, Corcubión, Corme e Laxe. Dende marzo do ano pasado vimos advertindo sobre os erros substanciais que figuraban no prego de condicións para a contratación do servizo, e sobre a altísima probabilidade de que quedase deserta a convocatoria, co grave problema que iso suporía para a seguridade de navegación na zona.

Despois dunha primeira convocatoria (na que non se corrixiron eivas), Portos de Galiza teimou no despropósito cando, por un erro non explicado no procedemento, realizou unha nova convocatoria para cubrir o servizo e non corrixiu as eivas denunciadas no prego nin os recortes orzamentarios.

No seu día desde o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego propuxemos na Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo do Parlamento Galego que se deixase sen efecto ese prego, que se tramitase un novo que corrixise as eivas substanciais do publicado e que revisasen as condicións económicas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Porén, o Partido Popular vetou esta iniciativa. Veto que constituía unha irresponsabilidade porque de non variarse as condicións económicas, o servizo corría o risco de quedar deserto.

De darse esta circunstancia, a Costa da Morte perdería un servizo vital para a seguridade marítima no corredor de Fisterra e vería comprometida a actividade portuaria ordinaria nos portos da zona.

Coa circunstancia engadida que a perda deste servizo suporía un novo golpe para as fábricas de ferroalixes de Cee e Dumbría, ao non poder cargar e descargar no Porto de Brens a materia prima e dar saída por mar ao producido no complexo industrial de XEAL. A razón é sinxela; a figura do práctico e a súa tripulación é imprescindible para a entrada de tráfico marítimo nos portos.

Aínda así, Portos de Galiza porfiou nunha convocatoria que, cando se publicaba, xa estaba abocada á non cobertura do servizo.

Unha convocatoria que, como adiantamos, ficou deserta, coa consecuencia que desde o 1 de decembro do ano pasado até o día de hoxe, a Costa da Morte no dispón do servizo de practicaxe. Así as cousas, a pregunta oral en Pleno do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a Conselleira do Mar manifestou que se estaba a traballar dende o goberno galego para garantir este servizo. Mais a realidade é que de momento non hai novidade algunha ao respecto, co que esta parte do litoral do noso país carece dun servizo vital para a seguridade marítima e para a operatividade dos portos da zona.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 8ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a que repoña de maneira inmediata e con carácter de urxencia o servizo de practicaxe nos portos da Costa da Morte, de xeito que se garanta a operatividade dos portos e a seguridade marítima da zona.”

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Daniel Pérez López**

Rosana Pérez Fernández

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 12/01/2023 17:10:57

Rosana Pérez Fernández na data 12/01/2023 17:11:19

Ana Pontón Mondelo na data 12/01/2023 17:11:31





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Mercedes Queixas Zas** e **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre a necesidade de dotar a vila de Carral dun centro de día público para o a coidado das persoas maiores.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Carral é un concello da comarca da Coruña cuxo censo actual supera os 6.000 habitantes, unha poboación que, segundo datos do INE, medrou progresivamente nas últimas dúas décadas ao longo do municipio e que se duplicou no propio lugar de Carral, aglutinando a poboación das zonas máis rurais e acollendo tamén poboación deslocada desde a cidade próxima da Coruña.

Na actualidade, como no conxunto de Galiza, este concello presenta unha elevada porcentaxe de poboación de idade avanzada que precisa dunha atención e coidado de calidade garantidos desde os servizos públicos.

Carral é un concello que na actualidade non conta con ningún centro de día público, malia a demanda social existente e que no BNG puidemos testemuñar.

O que si existe na memoria colectiva desde o ano 2016 son os sucesivos anuncios do Partido Popular, tanto desde a Xunta como do Concello, da posta en marcha dun centro de día para os maiores, mesmo comprometendo unha partida de 150.000 euros do orzamento público e ubicación no colexio Víctor Velasco, que xa leva tempo pechado.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Transcorridos seis anos Carral segue sen ningún centro de día de atención aos maiores e con todas as necesidades de coidado para unha vellez digna sen atender.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento insta a Xunta a cumprir o seu compromiso coa vila de Carral iniciando os trámites para dotar o concello dun centro de día público de atención aos maiores á maior brevidade posíbel.”

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Deputada do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 12/01/2023 17:19:22





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas na data 12/01/2023 17:19:28



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, Carmen Rodríguez Dacosta e Martín Seco García, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª.

Mediante a orde do 28 de decembro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras do programa impacto autónomo se procede a convocatoria de axudas, abríndose o prazo de presentación o día 9 de xaneiro.

O Grupo Parlamentario Socialista considera que a tardanza na publicación da convocatoria, a fuxida da Consellería de Economía e do Igape en afrontar a situación desesperada dos autónomos e o maltrato continuado que reciben empresas e traballadores autónomos polo Goberno galego e insostible.

Por outra banda, o Grupo Parlamentario Socialista o igual que a Organización Unións Agrarias considera intolerable os límites impostos pola Administración autonómica; que deixan fóra da convocatoria á práctica totalidade das explotacións de vacún de carne da Comunidade e vetan aos profesionais coas rendas máis baixas, quen máis precisa deste apoio.

Afirma a organización agraria que a inmensa maioría dos gandeiros de vacún de carne galegos non poderán acceder ás axudas da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade para minimizar as consecuencias da suba dos custos na actividade das persoas autónomas e das microempresas.

É así porque, de xeito ilóxico, a Xunta de Galicia exclúe da convocatoria aos traballadores con rendementos inferiores aos 10.000 €. Unha cantidade que non acadan as explotacións galegas e que representa unha decisión incomprensible, pois supón excluír as rendas máis baixas deste apoio.

Outra vez máis o rural segue a sufrir unha discriminación por parte de Goberno galego.

Entende este grupo parlamentario que a Xunta debe ampliar a contía orzamentaria destinada a paliar a suba de custos na actividade de autónomos e pequenas empresas, quedando moitos traballadores e traballadoras excluídos debido ao cativo gasto que a Administración destina.



Por outra banda o igual que aconteceu co bono turístico e cultural que a solicitude de axudas tan só poida tramitarse a través da sede electrónica da Xunta de Galicia e un factor que supón unha discriminación para a poboación do rural, que padece a fenda dixital, e que supón un agravio comparativo, pois impedirá o acceso en igualdade de condicións respecto á cidadanía de contornas urbanas cunha mellor cobertura dixital. Algo máis grave aínda tendo en conta de que as axudas se concederán por orde de solicitude e ata esgotamento de crédito.

Debe recordar a Xunta de Galicia o carácter estratéxico da gandería e agricultura que se está a converter no derradeiro soporte económico e social para comarcas enteiras nas que o despoboamento e o colapso demográfico son xa unha realidade.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1º) Rectificar de inmediato as condicións de acceso ás axudas do Programa Impacto Autónomo co fin de que se poidan acoller a elas as explotacións agrogandeiras coas rendas máis baixas tomando as medidas preceptivas e habilitando un procedemento de concesión de axudas que garanta o acceso en igualdade de condicións para os solicitantes, en especial a veciñanza do rural.

2º) Ampliar a contía orzamentaria destinada a paliar o incremento de custos na actividade de autónomos e pequenas empresas.

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 12/01/2023 13:58:31

Martín Seco García na data 12/01/2023 13:58:46

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 12/01/2023 13:59:00



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Patricia Otero Rodríguez, Begoña Rodríguez Rumbo, Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª.

A finais de decembro de 2021 os traballadores e traballadoras da planta de Alcoa en San Cibrao aceptaban a proposta da multinacional de cesar a produción de aluminio primario parando as cubas de electrolise da planta de aluminio ata o 1 de xaneiro de 2024.

A proposta de parar as cubas de electrolise durante 24 meses implicaba o compromiso da empresa de traballar con subministradores de enerxía para acadar a medio e longo prazo (PPAs) a prezo competitivo, que entrarían en vigor en 2024 e cunha vixencia de 10 anos.

Creouse tamén unha mesa constituída polos Representantes Legais dos Traballadores, empresa, Xunta de Galicia e Goberno central para analizar e facer seguimento dos compromisos adquiridos por todas as partes.

Xunta de Galicia e Goberno de España deben de acompañar, axudar e cumprir os seus compromisos para que, como moi tarde, o 1 de xaneiro de 2024, as cubas estean operativas. Sendo imprescindible acadar eses contratos de subministro de enerxía renovables, a prezos competitivos, que garantan a viabilidade da actividade.

Para que ese rearranque sexa unha realidade é preciso, que se facilite, por parte do Goberno galego, a tramitación dos parques eólicos que blinden o subministro enerxético a Alcoa a prezos competitivos. Estes novos parques eólicos deben de desenvolverse dun xeito ordenado, con control, respectando os dereitos dos propietarios dos terreos, os espazos naturais sensíbles e as zona de aproveitamento agrícola e gandeiro, e con retorno no propio territorio.

Dende o PSdeG e dende o MITECO, ante a actitude pasiva do Goberno galego, lévase moito tempo reclamando axilidade á Xunta de Galicia na tramitación destes parques eólicos fundamentais para poder manter os postos de traballo de Alcoa en San Cibrao. Foron numerosos os chamamentos e requirimentos feitos dende o propio Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico de cara a que a Xunta de Galicia facilitase a tramitación destes parques.

No pleno do Parlamento de Galicia do 9 de novembro de 2022 sacamos adiante unha Proposición non de lei deste Grupo Parlamentario, que despois de ser transaccionado cunha emenda do Grupo Parlamentario Popular instaba a Xunta de Galicia e ao Goberno central a facilitar a tramitación dos parques eólicos que sexan necesarios e



cumpran coa normativa para que o prezo da enerxía sexa competitivo para a planta de Alcoa de San Cibrao. Nesas mesmas datas nunha reunión entre o presidente da Xunta de Galicia e a ministra de Transición Ecolóxica acordaban avanzar na tramitación eólica a prol da industria e Rueda garantía axilidade na tramitación destes parques eólicos.

Pero a verdade é que a pesar destes compromisos acadados polo PP e polo Goberno galego a actitude da Xunta de Galicia non ten mudado moito e o Goberno do Estado, a pesar de reiteradas solicitudes está á espera dos informes da Xunta de Galicia, necesarios para tramitar os parques eólicos que darán enerxía a Alcoa. Parques estes que son instalacións vitais para a industria galega e para poder reactivar a produción de aluminio primario prevista para comezos de 2024.

Os informes enviados polo Goberno galego para estes parques eólicos non eran válidos, e o MITECO continúa á espera dos novos informes, tras varias reiteracións de solicitude.

É precisa seriedade para poder obter unha resolución favorable cun traballo conxunto das administracións e con lealdade institucional. De nada serve promulgar declaracións de excepcionalidade se despois non se fai o traballo para aprobar os trámites administrativos e non perder os puntos de conexión e acceso, cos que xa contan os proxectos vinculados a Alcoa.

Polo tanto, ante a falta dos informes da Xunta de Galicia, necesarios para a tramitación destes parques eólicos, é preciso que o Goberno galego dea unha resposta inmediata. Estamos en tempo de desconto, xa que o vindeiro 26 de xaneiro caducan estes permisos de conexión, que cómpre recordar que o MITECO xa lle ten concedidas dúas prórrogas previas ao Goberno galego, debido a que este estivo case que dous anos de brazos cruzados.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a axilizar os expedientes e ao envío inmediato ao MITECO dos informes necesarios para a tramitación dos parques eólicos que cumpran a normativa e que sexan necesarios para que Alcoa (San Cibrao) consiga contratos de subministro de enerxía renovable, a prezos competitivos, que garantan a viabilidade da actividade e o mantemento dos postos de traballo.

Pazo do Parlamento, 13 de xaneiro de 2023



Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 12/01/2023 17:57:07

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 12/01/2023 17:57:28

María Leticia Gallego Sanromán na data 12/01/2023 17:57:44

Martín Seco García na data 12/01/2023 17:57:57

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 12/01/2023 17:58:11





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Paulo Ríos Santomé** e da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre as medidas para recuperar un servizo médico de calidade na Casa do Mar de Moaña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na última década, coa escusa da crise, a Xunta de Galiza, aplicou duras políticas de recortes e fixo modificacións lexislativas e organizativas que danaron gravemente a Sanidade Pública de Galiza. Todas as medidas que tomaron tiveron como fin a privatización e o desmantelamento da sanidade pública galega, a base de recortes continuos e de pór os recursos desta ao servizo de intereses privados para poder facer negocio coa enfermidade das persoas.

Redución de orzamentos, de centros, de profesionais, de camas hospitalarias, privatizacións e externalización de servizos esenciais, derivacións de doentes a centros privados, listas de agarda disparadas, colapsos de urxencias, desatención clamorosa da saúde mental e das mulleres.

A Atención Primaria foi o ámbito da sanidade pública galega que con máis intensidade sofre os recortes, as consecuencias son tremendas: masificación de consultas, cupos desbordados, redución de profesionais, non substitución, as listaxes de agarda de máis dunha semana para médica/o de familia, peche de axendas, saturacións, ausencia de pediatras, PACs ao límite...





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Con esta situación de partida, a chegada da pandemia COVID-19 foi a coartada perfecta para que a Consellaría de Sanidade levara a cabo medidas organizativas provisionais nos centros de atención primaria que teñen visos de acabar en medidas definitivas.

Entre esas medidas estivo o traslado das urxencias de Moaña a Cangas e a implantación da atención médica telefónica. A veciñanza puido entender que, ante a gravidade dos efectos da pandemia, se puidese centralizar a atención de doentes con síntomas compatibles coa enfermidade provocada polo coronavirus en centros de saúde concretos. Ou mesmo que ante a aparición de síntomas sospeitosos de padecer a enfermidade se debesen realizar consultas telefónicas previas para valorar o protocolo a seguir.

O que non xa non se pode comprender é que o Sergas leve máis de 13 meses sen cubrir as vacantes xeradas tras o concurso de traslados que deixa sen médica/o de atención primaria a máis de 2.800 persoas veciñas, o que na práctica supón denegarlle a estas o acceso ao sistema sanitario público, xa que tampouco se lles permite introducirse no cupo de outra/o médica/o e só se lles atende cando hai dispoñibilidade ou por urxencias.

Hai que engadir, que hai períodos nos que non se substitúen á/ao pediatras, obrigando ás familias a desprazarse ás urxencias hospitalarias ou a acudir á sanidade privada, algo totalmente inadmisíble, ademais de ter que soportar elevadas listaxes de agarda para unha cita.

Ademais, a Consellería de Sanidade teima en manter as urxencias de Moaña no PAC de Cangas, que na maior parte do tempo se atopa colapsado porque non se dota do persoal necesario para atender ás máis de 46.000 persoas residentes en ambas localidades. O traslado das urxencias a Cangas tamén provoca a dificultade de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

desprazamento ata esta vila que teñen aquelas persoas que non dispoñen de medio de transporte propio. E ademais destas cuestións, manter o PAC en Cangas supón unha dilatación moi importante nos tempos de resposta ante as emerxencias sanitarias que se dan en Moaña. A pesar disto, a Xunta de Galiza sigue a denegar aos concellos de Cangas e Moaña unha terceira ambulancia de reforzo que poida desprazar con maior rapidez o equipo médico do PAC en caso de urxencia vital ou que poida atender emerxencias no territorio cando as ambulancias actuais están xa nun servizo.

A permanencia destas medidas ilóxicas por parte da Xunta de Galiza só perseguen un obxectivo: continuar co desmantelamento da rede pública sanitaria, potenciando o transvase de doentes cara ás redes privadas.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno Galego a levar a cabo as seguintes medidas:

1º) Cubrir de xeito inmediato as vacantes médicas que deixou o concurso de traslados, así como o reforzo do persoal da atención primaria para reducir as importantes listaxes de agarda.

2º) Restituír de xeito inmediato o servizo de urxencias na Casa do Mar de Moaña.

3º) Reforzar o servizo de ambulancias para os concellos de Moaña e Cangas.”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

Montserrat Prado Cores

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 12/01/2023 18:06:22

María Montserrat Prado Cores na data 12/01/2023 18:06:26

Olalla Rodil Fernández na data 12/01/2023 18:06:35



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, Julio Torrado Quintela e Patricia Otero Rodríguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª.

De maneira reiterada e durante xa varios anos, a explotación marisqueira das rías galegas sofre un descenso de capturas e de produción apuntado polos propios colectivos de mariscadoras/es e tamén polos patróns/as maiores das confrarías que apuntan a un grave problema que non está sendo afrontado.

Paralelamente o Goberno de Galicia afronta esta situación de mans paradas, escusando constantemente a situación mediante afirmacións repetidas de que os datos non confirman estas tendencias que o sector apunta e que as alteracións son cuestións puntuais e non estruturais. Tanto a través das propostas parlamentarias e debates producidos, como en declaracións públicas e a través das xuntanzas co propio sector, o Goberno de Galicia expón unha visión non coincidente cos traballadores do mar e manifesta a súa convicción de estar facendo todo o necesario e de tomar decisións e actuacións correctas para afrontar o que, na súa valoración, non é un problema.

Este ano, como noutras ocasións, a campaña de libre marisqueo vén de ser pechada antes de tempo pola baixa produción que ofreceron as rías galegas. Este escenario agrava e pon en perigo novamente a viabilidade do marisqueo nos formatos actuais se o Goberno de Galicia non toma decisións sobre o asunto. Os colectivos de mariscadoras/es ven esmorecer as súas posibilidades e, un ano máis, afronta con preocupación a situación.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o goberno de Galicia a:

- 1º) Abrir unha liña extraordinaria de compensacións para o sector do marisqueo afectado pola caída de produción desta última tempada.
- 2º) Establecer unha mesa de traballo coa participación da Consellería do Mar, profesionais dos centros de investigación da propia consellería, representantes das confrarías e centros de coñecemento (universidades...) que poidan establecer



liñas estratéxicas a seguir para afrontar as melloras necesarias de cara a recuperar a produción nos vindeiros anos.

Pazo do Parlamento, 13 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 12/01/2023 19:27:57

Patricia Otero Rodríguez na data 12/01/2023 19:28:10

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 12/01/2023 19:28:23





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Manuel Lourenzo Sobral e Paulo Ríos Santomé**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre o transporte escolar no IES Lagoa de Antela.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende hai meses distintos pais e nais de alumnos/as do IES Lagoa de Antela veñen manifestando a existencia de anomalías na prestación do servizo de transporte escolar, que malia seren comunicadas, non foron corrixidas.

Non é infrecuente que rapaces e rapazas usuarias do servizo de transporte escolar que agardan a ser recollidas nas paradas de Rairiz de Veiga, Castelaus e de Vilar de Santos vexan incumpridos os horarios (por chegar o autobús antes da hora habitual de chegada) ou mesmo que estando as alumnas na parada ou nas súas proximidades e á vista do condutor non sexan recollidas para poder acudir con puntualidade ao centro escolar.

Autobús que pasa 10 minutos antes da hora prevista e non agarda polos rapaces que diariamente usan o transporte escolar, ou non agardar polas nenas que se aproximan ao vehículo e que son deixadas “en terra” son circunstancias que distan moito de consistiren fitos illados.

Non podemos esquecer que as consecuencias do irregular funcionamento deste servizo de transporte escolar, que informalmente foi participado ao Centro, atinxen





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

fundamentalmente a alumnas de menos de 16 anos que, ao marxe da tensión propia da situación, vense imposibilitadas para acudir puntualmente e con normalidade ao seu centro educativo, debendo procurarse un medio para o desprazamento.

Estas irregularidades que distan moito de ser casos puntuais ou illados evidencian unha falla de control no xeito que se está a prestar este servizo básico no rural para a normal exercicio do dereito á educación que teñen recoñecido os cativos e, xa que logo, a administración pública debe prestar.

Por todo o exposto anteriormente o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a que periodicamente realice as actuacións de control e, no seu caso adopte as medidas necesarias para garantir a regularidade na prestación do servizo de transporte escolar no centro escolar IES Lagoa de Antela, así como que se presta en condicións de seguridade, pleno respecto e bo trato coas súas usuarias.”

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Paulo Ríos Santomé

Deputados do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 13/01/2023 10:13:32

Paulo Ríos Santomé na data 13/01/2023 10:13:44

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 13/01/2023 10:13:51



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª.

A Lei 4/2015, do 27 de abril, regula a organización das Oficinas de Asistencia ás Vítimas cuxo obxectivo xeral é prestar unha asistencia integral, coordinada e especializada ás vítimas como consecuencia do delito e dar resposta ás necesidades específicas no eido xurídico, psicolóxico e social.

E prevé que serán as comunidades autónomas que teñan asumido competencias en materia de Xustiza as que terán que organizar, permitindo a posibilidade de celebrar convenios de colaboración con entidades públicas e privadas, sen ánimo de lucro, para prestar os servizos de asistencia e apoio.

Esta lei regula tamén os protocolos de actuación e dispón que o Goberno e as comunidades autónomas no marco das súas competencias, co fin de facer máis efectiva a protección das vítimas e dos seus dereitos recoñecidos por esta lei, aprobarán os protocolos que resulten necesarios para a protección das vítimas.

A maiores disto o Pacto de Estado contra a violencia de xénero que contén diferentes medidas dirixidas a previr e combater a violencia contra as mulleres e a mellorar a resposta que as institucións ofrecen ás mulleres vítimas e ás súas fillas e fillos menores, recomenda potenciar as Oficinas de Asistencia a Vítimas para tutelar os dereitos das vítimas de violencia de xénero, así como o establecemento dun protocolo específico para menores nas Oficinas de Atención ás Vítimas.

En Galicia existen estas oficinas nas sete grandes cidades pero aínda seguimos á espera da aprobación dun protocolo, que tiña que estar aprobado hai mais dun ano e que segundo manifestou o Goberno da Xunta nunha comparecencia en sede parlamentaria, leva todo este tempo pendente dun trámite de aprobación.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista entendemos que é urxente a súa aprobación e posta en funcionamento, estamos a vivir uns meses moi difíciles no que se refire á violencia de xénero e ás mulleres vítimas que acudan á Xustiza a denunciar teñen que se atopar cunha total protección e coordinación dos diferentes axentes públicos que minimice a vitimización primaria e evite a vitimización secundaria.



Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a aprobar e poñer en funcionamento de forma inmediata o protocolo de atención ás vítimas de violencia de xénero aplicable nas Oficinas de Atención ás Vítimas.

Pazo do Parlamento, 13 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 12/01/2023 19:59:07

Pablo Arangüena Fernández na data 12/01/2023 19:59:17

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 12/01/2023 19:59:34





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Xosé Luis Rivas Cruz** e das deputadas **María González Albert** e **Carmen Aira Díaz**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 7ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Que a nova PAC foi un parto longo, difícil e doloroso é un feito non discutible. Tampouco o é a súa marcada tendencia polo respecto medio ambiental, a diminución no uso tanto de fitosanitarios coma de fertilizantes e a fixación dunha porcentaxe (25%) da SAU para a produción ecolóxica. Todo isto en aras dunha maior saúde alimentaria da poboación da UE.

E así neste marco, a propaganda previa, necesaria para este novo estilo “verde intenso” deu os seus froitos en Galicia cun aumento moi notable nas solicitudes de conversión a ecolóxico. A primeiros do ano 2022 xa se albiscaba este aumento e xa desde a Consellería se previra un aumento do orzamento para as axudas. A fins do primeiro trimestre xa se sabía que mesmo este aumento ía ser insuficiente e a mediados de maio os datos eran claros, os cartos necesarios para dar a imprescindible cobertura ao número de explotacións solicitantes e ao montante de novas hectáreas chegaban aos 5,6 millóns de euros. E a Consellería seguía dando palmadiñas de tranquilidade afirmando que non ía haber problemas.

Pero houbos, e a confianza foi tronzada cruentamente . Tivo un preámbulo a primeiros de decembro do 2022 nunha reunión de gandeiros. Pero o mal estaba xa feito.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Non obstante quedaba a posibilidade que a Consellería de Medio Rural nun acto de responsabilidade política sacase unha cantidade de fondos propios para remediar o mal feito.

E non.

E así, a primeiros de xaneiro deste ano en curso saíron da man do FOGGA as listas de afectados, a consumación do atentado contra da agricultura e gandería en ecolóxico. Quedaba así rompido o mínimo nexo de confianza entre unha campaña avalada e protagonizada pola Consellería do PP e a crúa realidade. Pódese cualificar de traizón feita a un sector que no estado español e Europa debe ter e ten futuro. Trátase dunha confianza fanada, dun precedente que abre unha fenda difícil de reparar.

Faise pois imprescindible para a boa saúde da actividade agrogandeira en xeral recuperar a fiabilidade nas institucións que en román paladino viría a ser emendar os erros cometidos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

-Habilitar os fondos necesarios para dar cobertura ás solicitudes de conversión e de mantemento que, cumprindo cos requisitos legais, quedaron fóra das axudas á produción ecolóxica no listado de resolución publicado polo FOGGA o pasado día 9 de xaneiro.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Planificar e orzar debidamente a converxencia do País galego no 25% de SAU en ecolóxico que marca a nova PAC fortalecendo ó tempo os mercados dos seus produtos.”

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Carmen Aira Díaz

María González Albert

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 13/01/2023 11:09:44

María del Carmen Aira Díaz na data 13/01/2023 11:10:26

María González Albert na data 13/01/2023 11:10:38

Ana Pontón Mondelo na data 13/01/2023 11:10:49





A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Paula Prado del Río, Corina Porro Martínez, Encarna Amigo Díaz, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Rosalía López Sánchez e Elena Suárez Sarmiento**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A violencia contra as mulleres en todas as súas manifestacións, constitúe unha violación dos dereitos humanos e das liberdades fundamentais que impide o total desenvolvemento dun Estado social e democrático de Dereito como o noso. Por ese motivo, os Poderes Públicos non podemos permanecer impasibles ante situacións de desigualdade e violencia por razón de xénero é a nosa obriga, polo tanto, tomar decisións para erradicalas.

É indiscutible que Galicia leva anos promovendo políticas públicas e impulsando instrumentos legais para logralo, pero tamén para avanzar na supresión dos atrancos que día a día impiden o pleno desenvolvemento das mulleres nas distintas esferas, combatendo, así, as diferentes expresións e as novas formas que adopta a violencia de xénero.

Neste sentido, cómpre destacar normas como a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, que, nos últimos tempos, está a avanzar na tipificación doutras formas de violencia, como a violencia vicaria e a violencia dixital, á que se ten sumado recentemente o recoñecemento expreso da explotación sexual como violencia de xénero.

Erradicar a violencia de xénero é unha tarefa na que non podemos permitírnos retroceder nin un paso, e para o Grupo Parlamentario Popular é unha prioridade e un deber de xustiza coas vítimas e as súas familias seguir traballando nese camiño.

Debemos loitar tamén para que sobre os maltratadores caia todo o peso da lei, da xustiza e do rexeitamento social, pois estes actos non poden de ningún xeito ter cabida nunha sociedade democrática e avanzada.

Todas as medidas son insuficientes mentres unha muller viva baixo o medo e a falta de liberdade que iso supón e, calquera balance será negativo mentres haxa unha soa muller asasinada por esta causa.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Por todas estas razóns, acollemos con inmensa preocupación e rexeitamento as recentes declaracións da Secretaria de Estado de Igualdade, Ánxela Rodríguez, a respecto da rebaixa das penas de agresores sexuais motivado pola aprobación da lei integral de liberdade sexual (LO 10/2022) cuxa entrada en vigor foi o día 7 de outubro de 2022, e que derivou a día de hoxe en mais de 160 casos de reducións de penas xa impostas por delitos sexuais, en Galicia xa son unha vintena os agresores que se viron beneficiados polo Goberno do Presidente Pedro Sánchez; lonxe de rectificar unha lei lesiva e que ten creado unha grave alarma social, fundamentalmente entre as vítimas da violencia sexual, a señora Rodríguez se mofa da redución de estas penas, dentro do contexto dunha tertulia pública, feito totalmente inadmisíble.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

1. O Parlamento de Galicia amosa o seu rexeitamento á actitude e declaracións da Secretaria de Estado de Igualdade bromeando sobre as rebaixas de penas e a excarceración de agresores sexuais.
2. O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que se dirixa ao Goberno de España solicitándolle ao Presidente do Goberno o cese inmediato da Secretaria de Estado de Igualdade.

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 13/01/2023 12:51:31

Paula Prado del Río na data 13/01/2023 12:51:55

María Corina Porro Martínez na data 13/01/2023 12:52:08

María Encarnación Amigo Díaz na data 13/01/2023 12:52:20

José Alberto Pazos Couñago na data 13/01/2023 12:52:38

Noelia Pérez López na data 13/01/2023 12:52:52

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2023 12:57:42
Nº Rexistro: 47098
Data envío: 13/01/2023 12:57:42.359

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 13/01/2023 12:53:15

López Sánchez, Rosalía na data 13/01/2023 12:53:30

María Elena Suárez Sarmiento na data 13/01/2023 12:53:44

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-I0UuIQN4q-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Noa Presas Bergantiños, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores** e deputado **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre a alerta de risco de colapso do CHUO denunciada polos profesionais sanitarios no mes de xaneiro de 2023 e ás actuacións que debe levar a cabo o goberno galego para reforzar o servizo e os cadros de persoal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego tivo coñecemento de informacións públicas emitidas por membros do cadro de persoal de urxencias que alertaban dunha situación insostible. Informaban de que desde a época navideña estaba a ser imposible cubrir as quendas de traballo na súa totalidade. A presidenta do Colexio de Médicos de Ourense, urxencióloga do CHUO, alertaba de que no lugar de 17 facultativos entre mañá e tarde, había 12, cinco menos e que o equipo precisaría dun reforzo de 10 profesionais para prestar un servizo adecuado.

Esta situación non é nova, pois cabe lembrar que ao longo de 2021 e 2022 foron numerosas as mobilizacións do servizo e que tamén se ten posicionado publicamente a a Comisión de Centro do Complexo Hospitalario de Ourense respecto da saturación dos servizos de urxencias.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ademais, cabe recordar que en xuño o cadro de persoal enviou unha queixa á Valedora do Pobo para sinalar a súa precaria situación e que no mes de decembro de 2022 enviaron tamén unha carta na mesma liña ao colexio de Médicos de Ourense.

Isto acontece nun contexto no que en Galiza se normalizou a lista de espera para acudir a un centro de saúde, ao especialista ou a operarse, e isto ten consecuencias negativas sobre a vidas persoas ao demorárense os diagnósticos e tamén con consecuencias na sobrecarga das urxencias.

Por estes motivos, é necesario que o goberno galego tome medidas relativas á alerta de risco de colapso do CHUO denunciada polos profesionais sanitarios no mes de xaneiro de 2023 de cara a reforzar o servizo e os cadros de persoal

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento Galego insta a Xunta de Galiza a tomar medidas para evitar a saturación dos servizos de urxencias no Complexo Hospitalario de Ourense, singularmente:

1. Negociar co persoal do CHUO o incremento de persoal demandado, partindo do obxectivo de incorporar a
2. Impulsar un Plan de choque que permita un investimento urxente de 200 ME adicionais a nivel galego, que permita contratar máis persoal e dotar de máis medios a atención primaria.”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2023

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 16/01/2023 10:31:22

María Montserrat Prado Cores na data 16/01/2023 10:31:36

Iria Carreira Pazos na data 16/01/2023 10:32:29

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 16/01/2023 10:32:54

Olalla Rodil Fernández na data 16/01/2023 10:33:05





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Noa Presas Bergantiños, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A sanidade é un servizo público elemental para a boa calidade de vida dos galegos e galegas con independencia de onde teñan o seu lugar de residencia. Ademais de ser un dereito que debe ser subministrado e salvagardado pola administración pública, cando afecta a crianzas cómpre salvagardalo aínda máis. Porén, a Consellaría de Sanidade e a Xunta de Galiza parecen ter decidido avanzar na senda da depauperación da atención pediátrica nas comarcas menos poboadas do país, como é o caso das de Ourense.

Cando se van cumprir tres anos das históricas mobilizacións do Verín non se pecha, novamente pais, nais, profesionais e veciñanza da comarca de Monterrei están a saír á rúa e a recoller sinaturas pola falta de persoal continuada do centro de saúde de Verín e pola desatención na comarca.

Así as cousas, o pasado 6 de decembro realizaban unha mobilización e nas últimas semanas do ano denunciaban que aos problemas da espera nas citas ordinarias engadíanse a derivación constante de urxencias cara o hospital de Ourense. Hai que ter en conta que desde Verín ata este hospital hai unha hora de coche, mais que no caso das poboacións como Laza o tempo increméntase aínda máis, constituíndo unha auténtica





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

odisea para as familias e que estamos a falar de consultas habituais no inverno como son as infeccións respiratorias, non dunha cuestión que poida ser excepcional e precisar unha derivación puntual.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a tomar as medidas necesarias de contratación de reforzos de persoal estables de forma que se dote dun servizo de calidade, próximo e continuado de pediatría na comarca de Monterrei, evitando os sucesivos desprazamentos a Ourense e garantindo a atención e seguimento da saúde da poboación infantil. Estas medidas serán negociadas co persoal e contarán cunha reserva orzamentaria.”

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 16/01/2023 12:25:54

María Montserrat Prado Cores na data 16/01/2023 12:26:06

Iria Carreira Pazos na data 16/01/2023 12:26:14

Olalla Rodil Fernández na data 16/01/2023 12:26:22





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres** e das deputadas **Noa Presas Bergantiños** e **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre o parque eólico Troitomil e outros parques eólicos previstos no concello da Baña e nos concellos limítrofes.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 22 de novembro de 2022 publicouse no DOG a Declaración de Impacto Ambiental favorábel do parque eólico Troitomil, situado nos concellos de A Baña e Negreira.

Trátase dun polígono industrial eólico de 30MW promovido pola empresa Green Capital Power que afecta a centos de hectareas de terras de uso agrario, gandeiro e forestal e a varios núcleos de poboación, que se verán tamén afectados polo impacto ambiental e visual de 5 aeroxeradores de 200 m de altura e 6 MW de potencia. A afección territorial inclúe a construción de viais de acceso, gaviás de canalización, drenaxes de augas, explanación de terreos, construción de subestación, escavación das bases para a cimentación dos muíños...

Na avaliación do proxecto non se tiveron en conta as captacións de auga existentes na zona, que son a única fonte de abastecemento ao non haber traída de auga municipal. Aínda que o promotor indica que se procederá á reposición de captacións de auga que puidesen verse afectadas, non existe unha garantía de que este impacto sexa irreversible ou que poida ver mermada a dispoñibilidade de auga. Ademais, na





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

documentación do proxecto e nos informes oficiais non figuran varias captacións de auga existentes na zona.

Ademais, na tramitación do proxecto prevese a ocupación e expropiación de viais públicos, propiedade do concello e da Deputación, o que supón un trato de favor a unha empresa privada que prevalece sobre o interese público e da veciñanza.

Por outra parte, no queda claro o impacto visual e paisaxístico do proxecto sobre o Camiño de Fisterra, e nomeadamente sobre a ponte medieval de Ponte Maceira, declarada BIC polo Decreto 83/2022 (DOG do 1 de xuño de 2022). Cómpre ter en conta que o procedemento para a declaración como ben de interese cultural comezou en maio de 2020, polo que se deberían extremar as cautelas ao respecto.

En relación coa Declaración de Impacto Ambiental, na mesma faise referencia a numerosos documentos achegados pola empresa así como a informes de departamentos da Xunta que non son de acceso público, o que crea indefensión para as entidades e persoas afectadas.

No ámbito do concello da Baña estanse a tramitar na actualidade 6 proxectos industriais eólicos, que suman en conxunto 256, 5 MW e 45 aerogeradores de 200 m de altura.

Trátase dos seguintes proxectos

- Troitamil, de Green Capital Power (A Baña e Negreira): 30 MW, 5 aerogeradores de 6MW
- Vilartoxo, de Green Capital Power (Val do Dubra e A Baña): 27 MW, 6 aerogeradores de 4,5 MW. DIA favorable
- Barrosino, de Green Capital Power (A Baña): 13,5 MW, 3 aerogeradores de 4.5 MW





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Monte de Portodechán, de Green Capital Development (A Baña, Santa Comba e Val do Dubra): 66 MW, 11 aerogeradores de 6MW

- As Castiñeiras, de Green Capital Development (A Baña, Santa Comba e Val do Dubra): 54 megawattios, 9 aerogeradores de 6MW

- Monte Silvariño, de Green Capital Development (A Baña), 66 MW, 11 aerogeradores de 6 MW

Para avaliar a dimensión e a potencia instalada nestes proxectos, hai que ter en conta que suman unha potencia total superior á que había instalada en 2021 en Euskadi, Cantabria e Extremadura xuntas.

Tamén é necesario considerar as dimensións dos aerogeradores, de máis de 200 m de altura, nunha zona habitada e con unha importante actividade agraria, gandeira e forestal. Precisamente polos cambios tecnolóxicos e a maior dimensión dos aerogeradores a respecto dos instalados até datas recentes, en 2022 introduciuse un cambio normativo para incrementar a distancia con respecto a núcleos habitados, mais esta modificación non é de aplicación para os proxectos que estaban en tramitación con anterioridade a 2022.

Xunto con estes polígonos industriais eólicos hai que ter en conta o impacto das liñas eléctricas de evacuación. Unha delas, a LAT 132 kV SET parque eólico Troitamil-LAT 132kV SET parque eólico Banzas/SET colectora Lousame afecta de maneira directa e prexudicial aos concellos de A Baña e Lousame.

No caso dos parques Monte de Portodechán, As Castiñeiras e Silvariño son de competencia do goberno central e comparten a liña de evacuación, que ten unha tramitación independente.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Os parques eólicos Vilartoxo e Barrosino comparten subestación e liñas de evacuación coa subestación de Troitomil.

Dado que todos estes proxectos son promovidos polo mesmo grupo empresarial e teñen unha clara vinculación territorial e de infraestruturas comúns, deberá garantirse que non se leva a cabo unha fragmentación fraudulenta.

Tendo en conta as anteriores circunstancias, deberían someterse todos os proxectos citados a unha avaliación ambiental conxunta, que teña en conta os seus efectos sinérxicos e acumulativos e o seu impacto global no territorio, no medio, nas actividades económicas propias da zona, nos usos e valores do solo e na calidade de vida das persoas.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento insta á Xunta a

1. Realizar por medio de Augas de Galicia un informe detallado sobre as captacións de auga para o abastecemento que poderían estar afectadas pola construción do parque eólico Troitomil.
2. Elaborar un informe, por medio da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, que Garantir a non afección do parque eólico Troitomil sobre o Camiño de Fisterra e sobre a ponte medieval de Ponte Maceira, declarada Ben de Interese Cultural.
3. Suspender a tramitación do parque eólico Troitomil mentres non se leve a cabo unha avaliación ambiental conxunta de todos os parques eólicos proxectados na zona e sobre o seu impacto acumulativo no territorio, no medio natural, nas actividades económicas, nos usos e valores do territorio e na calidade de vida das persoas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4. Suspende a tramitación dos proxectos dos parques eólicos Troitomil, Barrosino e Vilartoxo mentres non se leve a cabo un informe sobre a posíbel fragmentación fraudulenta na súa tramitación.”

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 16/01/2023 13:14:29

Iria Carreira Pazos na data 16/01/2023 13:14:46

Xosé Luis Bará Torres na data 16/01/2023 13:14:57



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Noa Díaz Varela, Noelia Otero Lago, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª.

Dende o ano 2015 celébrase o 11 de febreiro como Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia coa idea de promover o avance de maneira decidida no papel e protagonismo da muller nas áreas científicas e tecnolóxicas, así como a incorporación das nenas á vocación e á carreira científica.

Para avanzar é indispensable reivindicar, difundir e rescatar do esquecemento ás investigadoras que inxustamente foron relegadas a un papel secundario, logrando que poidan ser un referente para as futuras xeracións. Debemos reivindicar a súa contribución determinante no desenvolvemento do coñecemento aínda cando se atoparon con numerosos obstáculos para desenvolver as súas carreiras profesionais. Os poderes públicos deben propoñer medidas efectivas para compensar este inxusto esquecemento do relato sobre o papel da muller no desenvolvemento científico e tecnolóxico, condición indispensable para ter éxito na incorporación das nenas na carreira científica e o seu posterior desenvolvemento.

Son moitos e importantes os retos presentes no noso sistema científico e universitario para avanzar na igualdade e o papel das mulleres científicas, e a moitos deles en Galicia tentamos dar resposta coa Lei 13/2021 do 20 de xullo, coñecida como ‘lei Ángeles Alvariño’ e aprobada coa unanimidade de todos os grupos. Ano e medio despois da súa aprobación, faise necesario coñecer que pasos se ten dado xa no seu desenvolvemento para comezar canto antes a avaliar a efectividade de todas as medidas propostas.

Por outra banda, o Goberno galego aprobou o pasado ano o III programa Muller e Ciencia da Xunta de Galicia no que fai un balance positivo da súa segunda edición, que se basea máis en datos cuantitativos que cualitativos. Non en van, nesa avaliación dise que “as accións estiveron dirixidas principalmente ao eido escolar e universitario e permitiron, entre outras finalidades, activar medidas para “enganchar” ás nenas ás carreiras tecnolóxicas e facelas máis partícipes da Sociedade da Información”.

Diante desta información, no Grupo Socialista preguntámonos como é entón que en Galicia as cifras de mulleres matriculadas en estudos STEM seguen a ser cada



vez máis baixos ou mesmo que a propia Xunta de Galicia favoreza a implantación de estudos que perpetúan estereotipos de xénero. Todo isto agravado pola inexistencia da avaliación do I Plan de Igualdade nos centros educativos de Galicia e o descoñecemento de se haberá unha segunda edición.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia, insta o Goberno galego a:

1. Desenvolver coa maior celeridade posible a Lei 13/2021 e facilitar asesoramento a todas as entidades e institucións do ámbito científico e investigador para asegurar o seu cumprimento.
2. Elaborar unha estratexia urxente de fomento das vocacións tecnolóxicas entre as mulleres que rache coa tendencia actual de incremento da fenda de xénero.
3. Presentar no Parlamento de Galicia, no primeiro trimestre do ano, un novo plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia que poña especial atención en rachar cos estereotipos de xénero.

Pazo do Parlamento, 16 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 16/01/2023 12:53:20

Noelia Otero Lago na data 16/01/2023 12:53:37

Julio Torrado Quintela na data 16/01/2023 12:53:47

Marina Ortega Otero na data 16/01/2023 12:53:59

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 16/01/2023 12:54:13



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Noa Díaz Varela, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª.

O Pleno da Deputación da Coruña aprobaba o 22 de decembro de 2022 unha moción urxente de apoio ás alegacións realizadas polo concello do Val do Dubra e a veciñanza afectada polo parque eólico de Vilartoxo que remitiron de inmediato a todos os grupos parlamentarios.

Na súa exposición de motivos alegan:

“A entidade "Green Capital Power SL" está a promover o Parque Eólico de Vilartoxo no que prevé instalar 6 aeroxeneradores SG145- 4,5MW (27MW en total), cunha altura de buxe de 145 m. e unas palas de 71 m., entre os municipios de A Baña e de Val do Dubra, con especial afectación na parroquia de San Román deste segundo concello.

Trala existencia das correspondentes xuntanzas cos/as representantes da veciñanza afectada e das entidades creadas polos/as mesmos/as, para levar a cabo o estudo, seguimento e presentación de alegacións a este proxecto, e despois das correspondentes explicacións, datos e probas amosadas polos/as afectados/as, todo parece indicar que o proxecto do Parque de Vilartoxo é en realidade resultado dun fraccionamento para evitar os efectos dunha avaliación ambiental máis restritiva, tramitándose por separado, a pesares de que os tres comparten infraestruturas como a liña de evacuación de Lousame ou un centro de control conxunto.

Así mesmo, cómpre deixar constancia tamén das alegacións presentadas polo propio Concello do Val do Dubra, que van na mesma dirección que as realizadas polos veciños e veciñas afectados/as, e que inciden, entre outros aspectos, na vulneración da Directiva 92/43/CEE, relativa á Conservación de Hábitats Naturais e da Fauna e Flora Silvestres, na ausencia de utilidade pública e interese social do proxecto eólico Vilartoxo, na vulneración flagrante da Directiva Marco da Auga (DMA), na afectación para as familias que residen nos núcleos máis próximos, na falta de autorizacións de Patrimonio Cultural, etc.”

No Grupo Socialista facemos nosa a petición do Pleno da Deputación da Coruña ao considerar que existen innumerables razóns para non autorizar o parque eólico



de Vilartoxo tal e como vén formulado dende o inicio, ao supor na práctica un fraccionamento en varios parques ademais de vulnerar normativas medio ambientais e de afectación ao patrimonio cultural.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia, insta o Goberno galego a valorar positivamente as alegacións realizadas polo Concello do Val do Dubra e a veciñanza afectada polo Parque Eólico de Vilartoxo e non autorizar o mencionado parque.

Pazo do Parlamento, 16 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 16/01/2023 12:58:08

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 16/01/2023 12:58:26

María Leticia Gallego Sanromán na data 16/01/2023 12:58:42

Martín Seco García na data 16/01/2023 12:58:53

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 16/01/2023 12:59:09





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 1ª**, sobre mortes por accidentes de tráfico en 2022.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo a estatística provisional da DGT sobre mortes en estradas en Galiza no ano 2022 (mortes en vías interurbanas nas 24 h posteriores ao accidente), houbo no pasado ano 89 vítimas mortais repartidas por provincias do seguinte xeito: 42 en Coruña, 18 en Pontevedra (incluíndo as 7 vítimas do accidente do autobús na noiteboa en Pedre), 17 en Lugo e 12 en Ourense. Resulta moi alarmante o número tan elevado de mortes na provincia da Coruña, que debería ser obxecto dunha análise específica.

Trátase de datos moi preocupantes, xa que supoñen 10 vítimas máis que no ano 2021 e as mesmas que en 2019. En realidade, estas cifras non reflicten a mortalidade real nas estradas, xa que só computan as vítimas en estradas interurbanas e non inclúen as mortes en vías urbanas. E, como sinalamos, só computan as mortes nas 24 h posteriores ao accidente.

Segundo datos do IMELGA, as vítimas mortais por accidentes de tráfico foron 113 en 2021 (fronte ás 79 da estatística da DGT) e 131 en 2019 (fronte ás 89 da DGT). E nunha análise máis polo miúdo deberían estudarse os datos por tipos de estradas e por tipo de persoas usuarias das vías, con especial atención ás máis vulnerábeis. Así como outras circunstancias relacionadas coa concentración de accidentes, a intensidade do tráfico nas vías, o uso das vías relacionados con cambios laborais e no sector do





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

transporte, a relación entre sinistralidade e idade, a incidencia de novas formas de mobilidade, ou a incidencia de prácticas de risco como o exceso de velocidade, a condución sen cinto, o uso do móbil, ou o consumo de alcol e drogas.

O peor que podemos facer diante desta dramática realidade é normalizala, facer que pase desapercibida, actuar como se fose algo natural e inevitábel.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 1ª:

“O Parlamento insta á Xunta a

1. Elaborar un estudo sobre a evolución da mortalidade nas vías urbanas e nas estradas interurbanas nos últimos cinco anos co obxecto de coñecer mellor as causas da sinistralidade e poder reducir o número de vítimas. Neste estudo deberá facerse unha análise específica por tipo de vía (con especial atención ao ámbito urbano) e por tipo de persoa usuaria (con especial atención ás máis vulnerábeis). Tamén se terá en conta a incidencia de accidentes in itinere e a posíbel influencia dos cambios socioeconómicos e das condicións laborais. Ademais, deberase analizar a incidencia de novas formas de mobilidade e das distraccións polo uso do móbil, entre outros factores. Por último, analizarase a especial incidencia de accidentes mortais de tráfico na provincia da Coruña.

2. Desenvolver, no marco do Plan de Seguridade Viaria, un programa específico que teña como obxectivo reducir a sinistralidade e as vítimas de accidentes de tráfico que inclúan entre outras medidas:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-A coordinación efectiva e continuada -mediante un grupo de traballo específico- das administracións e dos departamentos con competencias na materia e un plan de acción conxunta para reducir a sinistralidade viaria.

-A creación dun órgano de participación social en materia de seguridade viaria.

-Unha auditoría de seguridade viaria das estradas e itinerarios con maior sinistralidade.

-Medidas de protección de persoas usuarias máis vulnerábeis.

-Medidas de vixilancia, control e corrección das condutas de risco.

-Medidas en relación coas novas formas de mobilidade.

-Actuacións en relación coa mobilidade e o risco no ámbito laboral e do transporte.

-Medidas de formación, información e sensibilización sobre a violencia viaria e as súas consecuencias, para evitar a súa naturalización e normalización.

-Introdución do concepto de “violencia viaria” no discurso e na planificación en materia de seguridade viaria.

3. Desenvolver un programa de atención integral ás vítimas de accidentes de tráfico e ás persoas da súa familia e contorna.”

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 16/01/2023 13:39:27

Xosé Luis Bará Torres na data 16/01/2023 13:39:37





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Xosé Luis Rivas Cruz** e das deputadas **María González Albert** e **Carmen Aira Díaz**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 7ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 29 de setembro do pasado ano rexistrabamos unha serie de iniciativas a respecto do RD 428/2022 poñendo o énfase no feito do descoñecemento de parte do Ministerio da realidade do sector da carne de vacún en Galicia que este real decreto amosaba.

“...constitúe un compendio de erros e discriminacións do vacún, ovino e cabrún de Galicia, xa que a meirande parte das granxas afectadas son pequenas e medianas, cunha orientación produtiva mixta, na que se combina a cría de becerros co mantemento das vacas nutrices na granxa.”

“...que considera o cebo de tenreiros neste tipo de granxas como unha actividade complementaria á da vaca nodriza.”

Criticabamos naquela altura o feito de que a Consellería para materializar aquelas declaracións do presidente da Xunta en que lle parecía escasa a partida destinada polo Ministerio ó efecto e na que falaba de 17 millóns de euros que a Xunta ametería para complementa-las axudas ó sector da carne. E a nosa crítica era porque tamén excluía os xatos nados e criados na mesma granxa.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E a Xunta corrixiu este erro (a intención) pero cae novamente noutros que apuntan a que o descoñecemento do sector non é so do Ministerio.

E así, o pasado venres 13, activou procedemento de solicitude de *axudas temporais e excepcionais ás persoas produtoras de carne para compensar as dificultades económicas derivadas da invasión rusa de Ucraína (MR244A)*. E unha vez máis bota mal as contas e establece un reparto totalmente inxusto:

- a) Faino por tramos e deste xeito un produtor con 4 cabezas cobra case 200 euros por res e un produtor con 10 cabezas cobra 79 euros.
- b) Tendo a man unha calculadora das de antes, 11.854 produtores e produtoras, botando a conta polo sistema de tramos establecido pola propia Administración galega, o total orzamentado pola Xunta de Galicia debería ser de 18.415.640 €, e non 17.156.000 €. Faltan, pois, 1.259.640 euros.
- c) A concesión das axudas queda condicionada a quen chegue antes coa documentación e de xeito obrigatoriamente dixital, establecendo de facto unha discriminación nun sector que polas súas características non anda sobrado de cobertura en internet.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

- 1- Modificar o sistema de reparto por tramos das *axudas temporais e excepcionais ás persoas produtoras de carne para compensar as dificultades*





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

económicas derivadas da invasión rusa de Ucraína (MR244A) por unha axuda por animal primable.

2- Ampliar a partida orzada ata que dea cobertura a tódolxs produtorxs con dereito a estas axudas.

3- Establecer a tramitación destas, e de *tódalas axudas públicas activadas pola Xunta de Galiza*, polo procedemento de concorrencia competitiva.”

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2023

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Carmen Aira Díaz

María González Albert

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 16/01/2023 19:08:20

María del Carmen Aira Díaz na data 16/01/2023 19:08:33





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María González Albert na data 16/01/2023 19:08:45

Ana Pontón Mondelo na data 16/01/2023 19:09:41





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Mercedes Queixas Zas** e do deputado **Ramón Fernández Alfonzo**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª**, sobre a necesidade de a Xunta achegar información pública detallada a respecto do necesidade de desenvolver concursos de transición xusta na Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos tempos, a través dos medios de comunicación, foron sucedéndose unha serie de informacións que daban conta, de forma independente e descoordinada, do anuncio de diferentes proxectos industriais e empresariais ou de colaboración público-privada, vinculados á transición enerxética, que teñan como epicentro xeográfico o concello de Cerceda.

Os proxectos anunciados son os seguintes:

Un proxecto de planta de hidróxeno verde renovábel nos terreos da antiga central térmica de Meirama, apoiado por Reganosa, Naturgy e Repsol, declarado pola Xunta como iniciativa empresarial prioritaria.

Outro proxecto para unha central hidroeléctrica reversíbel no lago das Encrobas a proposta da empresa Green Capital Power.

Un outro proxecto para unha planta de biogás que tratará puríns e outros residuos para os converter en biometano e fertilizantes orgánicos, presentado





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

conxuntamente polas empregas enerxéticas Repsol, Naturgy e Reganosa e mais a sociedade Impulsa Galicia, promovida pola Xunta.

E aínda un novo proxecto dunha planta de metanol verde vinculada á instalación do proxecto de Maersk no porto de Punta Langosteira.

Todos estes proxectos aparecen vinculados á oferta de produción enerxética que se derivaría da suposta aprobación de catro proxectos eólicos en tramitación, localizados en Cerceda e arredores: o parque eólico Os Teixos, o Meirama, o Meirama 76 e o das Encrobas, ao que cómpre engadir as diferentes liñas de alta tensión que atravesarán esta comarca procedentes desde a Costa da Morte.

Esta absoluta carencia de planificación enerxética contradí as previsións e compromisos do goberno do Estado a respecto da convocatoria dun concurso de transición xusta que si se está a aplicar noutras comunidades como a de Aragón.

De novo, máis unha vez asistimos a un novo capítulo da historia en que o concello de Cerceda se quere converter no quilómetro 0 da produción enerxética, mais tamén da contaminación e da especulación, a través dun proceso totalmente opaco, carente de información pública que deixa indefensa a poboación e ausente da máis mínima coordinación interinstitucional.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 6ª:

“O Parlamento insta a Xunta a:





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Solicitar do goberno do Estado a iniciación inmediata do concurso de transición xusta para a central térmica de Meirama.

2. Elaborar un estudo de impacto ambiental integral que inclúa todos os proxectos industriais enerxéticos anunciados e analice a súa afección sobre o territorio e a vida das persoas no concello de Cerceda e arredores da comarca.”

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Ramón Fernández Alfonzo

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 17/01/2023 10:53:04

Ramón Fernández Alfonzo na data 17/01/2023 10:53:16

Ana Pontón Mondelo na data 17/01/2023 10:53:27





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e **Ramón Fernández Alfonzo** e da deputada **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre o cumprimento dos compromisos do plan industrial de Estela Eólica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A empresa Estela Eólica resultou adxudicataria de 186 MW no concurso eólico de 2010. Na valoración dos proxectos tívose en conta que a empresa ofertou un Plan industrial consistente na construción dunha “Planta de tratamento de residuos sólidos urbanos con xeneración termoeléctrica de 50 MW e cinco plantas de transferencia”, cun investimento en 287 millóns de euros e a creación de 498 postos de traballo.

A empresa Estela Eólica foi adxudicataria de cinco parques eólicos, que a estas alturas aínda non están aprobados nin construídos. A empresa foi no seu día vendida a Gas Natural e os proxectos eólicos foron “reciclados”.

Dous dos proxectos eólicos adxudicados en 2010, o denominado “Bullos” e o denominado “Pena do Corvo”, volvéronse tramitar, coa mesma potencia e case idéntica ubicación por iniciativa da empresa Greenalia: son os parques eólicos Gato, de 18 MW, e Felga, de 21 MW.

Antes de aprobar os citados proxectos eólicos débese aclarar se son continuación dos inicialmente adxudicados e polo tanto débese informar se a empresa que actualmente os tramita debe asumir os compromisos do plan industrial ofertado por Estela Eólica no seu día e que foi determinante para a adxudicación.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento insta a Xunta a recabar un informe xurídico sobre a relación entre os parques eólicos Bullos e Pena do Corvo e os parques eólicos Gato e Felga, para determinar se a empresa que está a tramitar actualmente os proxectos debe asumir en todo ou en parte os compromisos derivados da adxudicación do concurso eólico de 2010. Este informe débese facer extensivo a outros parques eólicos adxudicados no ano 2010 a Estela Eólica que estean pendentes de tramitación ou de aprobación.”

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Noa Presas Bergantiños

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonso na data 17/01/2023 11:58:50

Noa Presas Bergantiños na data 17/01/2023 11:58:54

Xosé Luis Bará Torres na data 17/01/2023 11:59:04





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e **Ramón Fernández Alfonzo** e da deputada **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre a legalidade da tramitación do parque eólico Os Cotos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 11 de novembro de 2022 (DOG do 25 de novembro) a Xunta resolveu favorablemente a declaración de impacto ambiental do parque eólico Os Cotos, situado no concello de Cerdedo Cotobade e promovido formalmente pola empresa Tiraventos SL, aínda que na documentación do proxecto figura a empresa ECOENER.

O parque eólico Os Cotos está incluído na relación de proxectos de parques eólicos seleccionados ao abeiro da orde do 29 de marzo de 2010 para a asignación de 2.325 MW, cuxa resolución foi publicada no DOG do 28 de decembro de 2010.

Na relación de proxectos seleccionados figuran os seguintes da empresa Tiraventos:

-Parque eólico dos Cotos, de 30 MW

-Parque eólico do Merendón, de 21 MW

Na oferta da empresa Tiraventos, pola que foi adxudicataria do concurso de 2010, figura un plan industrial cun investimento de 20,7 millóns de euros e a creación de 59 postos de traballo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tendo en conta que o parque eólico Merendón conta con declaración de impacto ambiental negativa, e o parque eólico dos Cotos ten declaración de impacto ambiental favorábel, cómpre que a empresa promotora cumpra os compromisos derivados da adxudicación de 2010.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento insta a Xunta a:

1. Recabar un informe xurídico sobre a legalidade da tramitación do parque eólico Os Cotos en relación co cumprimento do compromiso de desenvolvemento do plan industrial ofertado pola empresa Tiraventos SL no concurso eólico do 2010.
2. Reclamar á empresa Tiraventos SL o cumprimento do compromiso de investimento e creación de postos de traballo derivado da resolución pola que se lle adxudicaron 51 MW no concurso eólico de 2010.”

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Noa Presas Bergantiños

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonso na data 17/01/2023 12:21:36

Noa Presas Bergantiños na data 17/01/2023 12:21:39

Xosé Luis Bará Torres na data 17/01/2023 12:21:52



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputada e dos seus deputado **Leticia Gallego Sanromán, Paloma Castro Rey, Julio Torrado Quintela, Noelia Otero Lago, Gonzalo Caballero Miguez, Pablo Arangüena Fernández e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Exposición de motivos

As fortes choivas que se produciron na madrugada do día 1 de xaneiro do 2023 provocaron importantes inundacións de fincas e estradas, así como importantes escorrentías de auga con arrastre de materiais que nalgúns zonas provocaron erosións e socavóns moi destrutivos. Estas erosións provocadas pola auga provocaron derrubes e colapsos, algúns deles moi graves, que requiren unha reparación inmediata polo perigo que representan para a veciñanza ou porque de non actuar con celeridade continuará o seu deterioro.

O Grupo Parlamentario Socialista solicita do Goberno galego que poñan os medios necesarios para reparar os danos provocados polas abundantes choivas e as posteriores escorrentías. Dado a envergadura dos danos, a orixe natural dos mesmos e nas zonas nas que se produciron afectando a moitos concellos, consideramos que é necesario actuar con urxencia nestes municipios da provincia de Pontevedra.

Tamén, dende algúns concellos desta provincia afectados polos temporais que asolaron Galicia durante o pasado Nadal, solicitan á Xunta de Galicia a acometer de forma inmediata a reparación dos danos nestas zonas polo perigo que representa e porque de non facelo coas próximas choivas aumentará a superficie afectada.

Nestes temporais de choiva e vento danse tódolos requisitos establecidos pola Lei de Emerxencias de Galicia 5/2007 para que o Consello da Xunta aprobe a emerxencia de interese galego e se habiliten as modificacións orzamentarias necesarias, tal e como establece o artigo 36 deste texto legal.



A Xunta de Galicia debe aprobar de maneira urxente o Decreto para establecer os criterios de reparto das axudas. Dita regulación vén recollida expresamente no artigo 38 da Lei de emerxencias.

O Goberno galego non pode seguir ausente porque existe un clamor de alcaldes e alcaldesas, así coma da veciñanza que se escoita en toda a provincia, onde temos moitos concellos gravemente afectados que viron como servizos e espazos públicos quedaron moi danados a causa dos fortes temporais.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a aprobar de maneira urxente a emerxencia de interese galego, recollido pola Lei de emerxencias de Galicia 5/2007, para habilitar axudas aos concellos da provincia de Pontevedra afectados por esas importantes inundacións de principios de xaneiro.

Pazo do Parlamento, 17 de xaneiro do 2023

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 17/01/2023 13:03:11

Paloma Castro Rey na data 17/01/2023 13:03:26

Julio Torrado Quintela na data 17/01/2023 13:03:36

Noelia Otero Lago na data 17/01/2023 13:03:44

Gonzalo Caballero Míguez na data 17/01/2023 13:03:51

Pablo Arangüena Fernández na data 17/01/2023 13:04:02

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 17/01/2023 13:04:11

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 17/01/2023 13:04:21





Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Noa Díaz Varela, Noelia Otero Lago, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª

O aborto no Estado está regulado pola Lei orgánica 2/2010 de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo -que substituíu a de 1985 coñecida como 'lei de supostos'- e que foi recorrida polo PP no Tribunal Constitucional, sen existir aínda pronunciamento. No ano 2015 o Goberno de Mariano Rajoy modificaba esa lei para obrigar ao permiso paterno ou materno para as menores de 16 e 17 anos e para as mulleres con discapacidade.

O actual Goberno do Estado presidido polo socialista Pedro Sánchez presentou nesta lexislatura unha nova reforma da vixente lei que o pasado decembro conseguiu a aprobación no Congreso do texto lexislativo -co voto en contra de PP e VOX-, que agora mesmo agarda ser referendado no Senado e que devolve ás mulleres de 16 e 17 anos e as que teñan discapacidade o dereito a abortar sen consentimento das súas titoras ou titores legais. No período de emendas, o PP rexistrou unha emenda de devolución do texto sen tan sequera presentar un texto alternativo.

Ademais da eliminación do consentimento, o novo marco lexislativo mantén a garantía do dereito á interrupción do embarazo das mulleres, que a rede pública sexa a de referencia para que as mulleres que decidan abortar poidan facelo no centro público hospitalario máis próximo ao seu domicilio, elimina o período actual de reflexión de tres días, así como a información previa obrigatoria e establece que a píldora do día despois será de acceso gratuíto nos centros de saúde e nos futuros centros públicos de atención especializada en dereitos sexuais e reprodutivos.

A esta nova reforma súmase a Lei orgánica 4/2022, do 12 de abril, pola que se modifica a Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código Penal, para penalizar o acoso ás mulleres que acoden a clínicas para a interrupción voluntaria do embarazo. Tamén esta modificación lexislativa se atopou co voto en contra do Partido Popular e da ultradereita.

Como colofón a todo isto, diante da inminente aprobación da reforma da Lei orgánica 2/2010 de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo, o Goberno de Castela e León vén de anunciar un protocolo para coartar o dereito das mulleres a interromper o seu embarazo con métodos máis propios de tempos hitlerianos que dunha democracia verdadeiramente asentada. Diante deste atropelo aos dereitos das mulleres iniciado pola vicepresidencia dese goberno autonómico presidida por Vox, a única resposta do Partido Popular é o silencio ou posturas nada contundentes de apoio aos dereitos das mulleres.



Neste preocupante contexto de retroceso de dereitos, ao Grupo Socialista preocupáanos que o Goberno galego valore poñer trabas á inminente normativa e, o que é peor, non resolva os problemas que teñen as mulleres que queren abortar na sanidade pública galega, algo ao que teñen dereito pero que non está garantido en todo o noso territorio.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1º) Garantir os dereitos sexuais e reprodutivos de todas as mulleres galegas no marco da Lei orgánica 2/2010 de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo.

2º) Mostrar o seu rexeitamento a calquera posición que vulnere os dereitos sexuais e reprodutivos das mulleres amparados pola lexislación, nomeadamente o acontecido co recente anuncio da vicepresidencia do Goberno de Castela e León de aprobar un protocolo que atenta contra eses dereitos.

Pazo do Parlamento, 16 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 16/01/2023 12:37:56

Noelia Otero Lago na data 16/01/2023 12:38:15

Julio Torrado Quintela na data 16/01/2023 12:38:26

Marina Ortega Otero na data 16/01/2023 12:38:41

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 16/01/2023 12:39:00



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2023 13:16:28



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2023 13:13:16
Nº Rexistro: 47332
Data envío: 17/01/2023 13:13:16.880

CSV: BOPGDSPG-I0UuIQN4q-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia por iniciativa das súas deputadas, Noa Díaz Varela e Noelia Otero Lago, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª.

A atención ás comarcas rurais e a loita contra o seu despoboamento pasa polo mantemento e consolidación dos servizos básicos, e en maior medida en zonas nas que existe un problema demográfico. É por iso que os poderes públicos non poden permanecer alleos a procesos que están a supor un cada vez maior esmorecemento do rural, en contra precisamente do manifestado en múltiples ocasións polo actual Goberno galego.

Touro é un deses concellos do interior de Galicia cunha poboación cada vez máis envellecida, un problema contra o que hai que loitar mellorando servizos como os educativos para que as familias desexen afianzarse no concello.

Unha educación pública de calidade, como dereito fundamental, debe estar garantida en todos os lugares do noso territorio e para iso é preciso dotar de recursos os centros educativos, o que pasa tamén por asegurar a plena integración de todo o alumnado, acorde a uns tempos nos que a inclusión dos nenos e nenas pasou a ser xa unha prioridade do noso sistema pedagóxico.

En resposta recente ao Grupo Parlamentario Socialista, a Consellaría de Educación continúa sen desvelar as previsións de actuacións do seu Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica, razón pola que descoñecemos se o CPI Fonte Díaz de Touro é un dos afortunados.

O que si coñecemos neste grupo é que ese centro precisa de accións de mellora ás que o Concello non fai fronte, así como a conversión do patio de xogos nun inclusivo con zonas multixogo e multideporte para facer realidade o principio da inclusión educativa, precisamente unha das claves dese Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica.

Esta petición foi incluída por iniciativa do Grupo Municipal Socialista de Touro, e apoiada por diversos colectivos do Concello, como emenda do PSdeG aos Orzamentos da Xunta de Galicia para 2023 pero foi rexeitada polo Partido Popular.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:



O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a incluír no Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica o CPI Fonte Díaz de Touro cun proxecto de mellora que inclúa, cando menos, a construción dun patio inclusivo.

Pazo do Parlamento, 17 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 17/01/2023 10:54:15

Noelia Otero Lago na data 17/01/2023 10:54:31

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 17/01/2023 10:54:40





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre a garantía do exercicio do dereito ao aborto na rede sanitaria pública galega.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 26 de outubro de 2021 desde o G.P. do Bloque Nacionalista Galego impulsamos un acordo unánime na Cámara para esixir o cumprimento da Lei Orgánica 2/2010 de saúde sexual e reprodutiva e de I.V.E toda vez que, dez anos despois da súa aprobación e entrada en vigor, a maior parte –case a totalidade-- dos abortos en Galiza eran derivados a clínicas privadas en vez de practicase en centros públicos.

No mes de decembro dese mesmo ano formulamos preguntas orais na Comisión de Sanidade insistindo no cumprimento do acordo, comisión na que o daquela responsábel do SERGAS asegurou que se comprometían a mellorar a asistencia das mulleres neste ámbito.

Porén, cos últimos datos publicados polo Ministerio de Sanidade (2021) a maior parte das I.V.E en Galiza continúan levándose a cabo na sanidade privada.

Dos 2.284 abortos que tiveron lugar en 2021 no noso País, 114 foron en centros hospitalarios (69 na pública e 45 na privada) e 2170 en centros extrahospitalarios (435 na pública e 1735 en clínicas privadas).





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Este feito que ademais de vulnerar a Lei 2/2010 que prioriza a sanidade pública fronte á privada no exercicio do dereito ao aborto, supón un maior incomodo para as mulleres que deciden interromper o seu embarazo toda vez que, como acontece por exemplo en Lugo, están obrigadas a se desprazar até A Coruña para acceder a unha clínica que practique abortos cirúrxicos.

A I.V.E é un dereito fundamental das mulleres recollido na lexislación desde hai máis dunha década, un dereito cuxo exercicio só depende da libre e autónoma decisión das mulleres nas primeiras 14 semanas. Non poden, non podemos, polo tanto ser coaccionadas ou ver mermada de ningunha das maneiras o exercicio dese dereito.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento insta a Xunta a:

1. Publicar de maneira anual e actualizada a través da páxina web do SERGAS as estatísticas relativas ás interrupcións voluntarias do embarazo que teñen lugar en Galiza.
2. Remitir ao Parlamento, no prazo máximo dun mes, os datos relativos ao ano 2022.
3. Adoptar as medidas que sexan necesarias para dar cumprimento pleno á L.O 2/2010 de saúde sexual e reprodutiva e de I.V.E en Galiza a comezar por garantir que ningunha muller se ve na obriga de desprazarse a outra provincia para exercer o seu dereito ao aborto nin tampouco a acudir a centros privados. Para tal fin, a Xunta de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Galiza deberá garantir a existencia de equipos médicos debidamente cualificados nos centros públicos das áreas sanitarias galegas.”

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 17/01/2023 16:14:51

Iria Carreira Pazos na data 17/01/2023 16:15:03

Olalla Rodil Fernández na data 17/01/2023 16:15:17





Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e deputados **José Alberto Pazos Couñago, Corina Porro Martinez, Noelia Pérez López, Encarna Amigo Díaz, Rosalía López Sánchez, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez e Elena Suárez Sarmiento** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de Lei en Comisión 5ª Sanidade, Política Social e Emprego.**

Exposición de Motivos:

O Consello de Ministros aprobou o pasado 13 de decembro de 2022 o anteproxecto de Lei de Familias, deseñada polo Ministerio de Dereitos Sociais e negociada durante meses con varios ministerios. A norma que a ministra de Dereitos Sociais presentou ao resto dos departamentos en decembro de 2021, foi aprobada con retraso polos choques que se produciron no seno do Goberno de coalición polas medidas que incluía. Cando se acordou o eu aprazamentos, a ministra tachou de incomprensibles os argumentarios da parte socialista do Goberno para retrasar a aprobación dun dos proxectos estrela do seu departamento e apelou ao consenso e á unidade para protexer ás familias.

Segundo a ministra de Dereitos Sociais e Axenda 2030, esta norma da resposta aos problemas de conciliación e ven a remediar carencias históricas e reforzar a protección de todas as familias.

O anteproxecto de Lei de Familias do Goberno central incumpre os principais compromisos que no seu día anuncio o propio Goberno central:

En primeiro lugar, o Executivo prometeu ampliar os permisos de maternidade e paternidade das 16 semanas actuais ás 24 semanas e non se recolle no anteproxecto de Lei ningún tipo de ampliación.





En segundo lugar, asegurou unha nova renda universal pola crianza de fillos ata os 3 anos, pero a lei só inclúe unha ampliación da prestación de 100 euros mensuais ás nais traballadoras, algo que xa existe desde hai moitos anos. É dicir, non se trata dunha nova renda, porque a maioría das familias xa a viñan percibindo e algunhas nais, por non ter nada cotizado, seguirán sen cobrala. Polo tanto, esa universalidade que tanto pregoaban na Moncloa, non está plasmada no anteproxecto de Lei.

En terceiro lugar, a gran promesa incumplida é que o Executivo central prometeu un permiso parental de 8 semanas para o coidado de fillos de ata 8 anos, pero polo que puidemos coñecer da normativo, en realidade trátase dun permiso non retribuído, é dicir, unha excedencia, polo que os traballadores que intenten beneficiarse deste permiso, terán que renunciar ao seu salario.

Desde a Xunta de Galicia sempre se adoptou unha actitude construtiva pese as constantes deslealdades do Goberno central co resto das administracións, xa que este anteproxecto de lei foi elaborado sen ter en conta a opinión das Comunidades, incluso cando invaden competencias autonómicas como o concepto de familia monoparental, que na actualidade está regulado por normativa autonómica (Lei de Protección á familia 2011, modificada pola Lei de Impulso Demográfico). Se o Estado entra a regular isto, Galicia verase afectada e seguramente obrigada a cambiar a súa normativa. Incluso pode darse o caso de que lle quiten o título de familia monoparental a familias que agora xa o teñen, no caso de que os requisitos que estableza o Estado sexan máis estritos dos que agora temos en Galicia.

Tampouco aparece no anteproxecto de lei ningún avance nun aspecto fundamental para as familias como é a primeira etapa educativa para os seus fillos e fillas.

Galicia puxo en marcha a gratuidade de escolas infantís e este curso máis de 31.000 nenos de 0 a 3 anos están a ir de xeito gratuíto a un centro, independentemente da súa titularidade.





Preocúpanos que o Goberno central non destine nin pretenda destinar un só euro a esta etapa tan importante para os nenos e para as familias.

A Lei de Familias establece que a educación de 0 a 3 anos sexa un dereito garantido, pero chega tarde porque en Galicia esta xa é gratuíta para todos os nenos e no 100% das escolas infantís. Galicia é a única Comunidade Autónoma que garante o dereito da atención educativa gratuíta de 0 a 3 anos.

A familia é o fundamento da nosa sociedade, que xa sabemos que é diversa, ampla e respectuosa. O exceso de etiquetas non axuda neste sentido, só confunde e busca unha división ficticia.

- Familia biparental. Formada por dos personas unidas por matrimonio o pareja de hecho y sus descendientes o menores de edad bajo su tutela.
- Familia monomarental o monoparental. Aquellas familias formadas por un solo progenitor y sus descendientes.
- Familia joven. Formada por menores de 29 años y sus descendientes.
- Familia LGTBI homomarental y homoparental. Otra vez el Ministerio patenta un nuevo término para etiquetar a las familias.
- Familia con mayores necesidades de apoyo a la crianza. Se refiere a familias numerosas y demás supuestos establecidos en la legislación vigente.
- Familia múltiple. Aquella que incluye descendientes, adopciones o acogimientos múltiples.
- Familia reconstituída. Formada por miembros que tenían hijos de relaciones anteriores.
- Familia inmigrante. En la que todos sus integrantes proceden de otro país.
- Familia transnacional. En la que alguno de sus integrantes reside fuera del país.
- Familia intercultural. Entre personas de entornos culturales o étnicos diferentes.
- Familia en el exterior. Uno de los miembros tiene la nacionalidad española durante su residencia en otro país.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





- Familia retornada. Alguno de sus miembros tiene la nacionalidad tras su retorno a España después de residir en el extranjero, al menos, un año.
- Familia en situación de vulnerabilidad. En donde confluyen factores económicos o sociales en riesgo de exclusión.
- Personas unidas en matrimonio.
- Parejas de hecho.
- Personas solas.

Curiosamente, entre as 16 denominacións coas que se etiqueta ás familias, ningunha aluda ás familias numerosas porque é un concepto que desaparece.

Por outra banda, a Lei establece como tipoloxía de familia a aquelas que viven no rural pero sen establecer medidas concretas. O Executivo central vende fume e non apoios. Estar ao carón das familias do rural é poñen en marcha medidas concretas como as casas niño, o incremento da axuda da Tarxeta Benvida ou o programa de impostos cero no rural.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte Proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España a convocatoria dunha reunión presencial do Consello Territorial de Servizos Sociais para abordar xunto coas Comunidades Autónomas o anteproxecto de Lei de Familias”

Santiago de Compostela, 17 de Xaneiro 2023.





**PARLAMENTO
DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2023 17:37:26
Nº Rexistro: 47375
Data envío: 17/01/2023 17:37:26.836

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 17/01/2023 17:05:44

José Alberto Pazos Couñago na data 17/01/2023 17:06:06

López Sánchez, Rosalía na data 17/01/2023 17:06:14

María Corina Porro Martínez na data 17/01/2023 17:06:23

Noelia Pérez López na data 17/01/2023 17:06:40

María Encarnación Amigo Díaz na data 17/01/2023 17:06:51

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 17/01/2023 17:07:10

María Elena Suárez Sarmiento na data 17/01/2023 17:07:27

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-I0UuIQN4q-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa dos deputados e deputadas **José Manuel Balseiro Orol, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, Marisol Díaz Mouteira, Begoña Freire López, Belén Salido Maroño e Rubén Lorenzo Gómez** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.

Exposición de motivos

A Unión de Consumidores de Galicia vén de denunciar publicamente hai uns días que os usuarios do transporte ferroviario non poden beneficiarse das vantaxes económicas establecidas para o colectivo de familias numerosas.

O colectivo criticou que a empresa Renfe non permite formalizar a bonificación á que teñen dereito as familias numerosas na compra de billetes, tanto a través do servizo on line, como nos puntos de venta das estacións. A Unión de Consumidores de Galicia puxo de exemplo o acontecido a unha familia numerosa que en varias ocasións que tentou, sen éxito, formalizar a compra de billetes para o traxecto Santiago-Madrid.

A asociación de consumidores criticou que o persoal de Renfe, na vez de dar solución ao problema, optaran por recomendar aos afectados a adquisición de billetes ordinarios e posteriormente presentar unha reclamación para que lle devolvan o importe cobrado de máis.

Polo exposto, e ante feitos que consideramos que non son admisibles, por canto supoñen unha discriminación e vulneran o cumprimento da normativa de familias numerosas, dende o Grupo Parlamentario Popular consideramos necesario presentar esta proposición non de lei para o seu debate en **comisión**:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar ao Goberno de España que garanta a aplicación das bonificacións ás que teñen dereito os membros das familias numerosas nos seus desprazamentos en tren”.

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2023.





**PARLAMENTO
DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2023 18:21:12
Nº Rexistro: 47397
Data envío: 17/01/2023 18:21:12.899

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 17/01/2023 18:18:45

José Manuel Balseiro Orol na data 17/01/2023 18:19:01

María Belén Salido Maroño na data 17/01/2023 18:19:19

Freire Vázquez, María Begoña na data 17/01/2023 18:19:26

María Sol Díaz Mouteira na data 17/01/2023 18:19:44

Carmen María Pomar Tojo na data 17/01/2023 18:19:56

Ramón Carballo Páez na data 17/01/2023 18:20:18

Rubén Lorenzo Gómez na data 17/01/2023 18:20:41

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-I0UuIQN4q-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados **Ovidio Rodeiro Tato, Teresa Egerique Mosquera, Elena Suárez Sarmiento, Carlos Gómez Salgado, Moisés Rodríguez Pérez, José Luis Ferro Iglesias e María Felisa Rodríguez Carrera** ao abeiro do disposto ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Comisión 4ª Educación e Cultura**.

Exposición de Motivos:

Galicia conta cunha importante rede de centros de Ensinanzas Artísticas públicos. O alumando galego pode formase nun total de 16 centros dependentes da Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades.

Estamos a falar de que na nosa comunidade, baixo competencia autonómica, funcionan nove Conservatorios de Música (7 Profesionais e 2 Superiores), catro Escolas de Arte e Superiores de Deseño, a Escola de Arte Dramática e a Escola de Conservación e Restauración de Bens Culturais e un Conservatorio de Danza.

O Grupo Parlamentario Popular comparte a preocupación da Xunta respecto a que, tal e como aconteceu coa LOMLOE e con outras leis, a futura lei estatal de ensinanza artísticas superiores que está preparando o Goberno central sexa unha nova oportunidade perdida para poñer en valor esta formación académica de alta cualificación.

Xa que o Estado ten iniciado un novo proceso de elaboración dunha lei estatal en materia de ensinanza artísticas superiores, agardamos que haxa unha vontade de mellora real porque, do contrario, volveríamos a estar ante unha oportunidade perdida.

Con motivo dunha reunión celebrada nas primeiras semanas de xaneiro, é coñecido que a Xunta quere facer achegas construtivas ao proceso de elaboración desta nova lei, pese a que nin se coñece un texto de anteproxecto.

As propostas feitas pola Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades teñen que ver, por unha banda, coa oportunidade de afrontar unha equiparación efectiva e real dos titulados en ensinanza artísticas superiores co ensino universitario; e, por outra, coa conveniencia de establecer sinerxías co ámbito universitario e que crear un





registro único de centros e universidades que imparten ensinanzas artísticas superiores.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que solicite ao Goberno de España que incorpore á futura lei estatal de ensinanzas artísticas superiores as achegas que redunden non beneficio do alumnado, entre elas, medidas que impliquen unha equiparación efectiva e real dos titulados en ensinanzas artísticas superiores cos do ensino universitario e a creación dun registro único de centros e universidades que imparten ensinanzas artísticas superiores.”

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 17/01/2023 18:34:41

Ovidio Rodeiro Tato na data 17/01/2023 18:35:00

Teresa Egerique Mosquera na data 17/01/2023 18:35:11

María Elena Suárez Sarmiento na data 17/01/2023 18:35:23

Rodríguez Pérez, Moisés na data 17/01/2023 18:35:39

Gómez Salgado, Carlos na data 17/01/2023 18:36:13

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 47399
Data envío: 17/01/2023 18:37:01.711

María Felisa Rodríguez Carrera na data 17/01/2023 18:36:22

José Luis Ferro Iglesias na data 17/01/2023 18:36:33

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-IOUuIQN4q-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados **Ovidio Rodeiro Tato, Teresa Egerique Mosquera, Elena Suárez Sarmiento, Carlos Gómez Salgado, Moisés Rodríguez Pérez, José Luis Ferro Iglesias e María Felisa Rodríguez Carrera** ao abeiro do disposto ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en comisión 4ª Educación e Cultura**.

Exposición de Motivos:

A Xunta de Galicia, atendendo sempre ás necesidades e ás dispoñibilidades orzamentarias, leva realizando desde 2009 un traballo continuo de planificación e execución de obras en centros educativos da nosa comunidade. Non se pode esquecer que a antigüidade media das infraestruturas educativas galegas sitúase nos 40 anos e suman máis de 1.600 edificacións.

A través de recursos propios, recollidos nos correspondentes orzamentos autonómicos anuais, a Administración educativa galega está a afrontar obras e actuacións de mellora que permiten que Galicia estea a renovar progresivamente as instalacións educativas existentes, xa que se considera un elemento que redonda no benestar do alumando galego e na calidade do propio sistema educativo.

O Grupo Parlamentario Popular reconece que a Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades ten como prioridade manter e mellorar os centros educativos de Galicia. Este compromiso coa calidade dos espazos físicos nos que se desenvolve a actividade lectiva foi reforzado desde 2021. Desde ese ano, Galicia conta cun Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica co fin de adaptar os centros escolares ás novas necesidades educativas, sanitarias e tecnolóxicas, cun investimento previsto de 191 M€ ata 2024.

Sen dúbida a Xunta está a facer un importante esforzo en materia de mellora de infraestruturas educativas, mais o Grupo Parlamentario Popular cree que este traballo autonómico e, nalgúns casos, os esforzos que teñen que acometer os concellos, debería verse reforzado e acompañado con recursos achegados desde o Estado aproveitando os fondos europeos para a recuperación e a resiliencia previstos para estes anos.





Pese a que os recursos europeos posibilitaron habilitar fondos Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR) en España, desde o Goberno central non se tivo en conta a oportunidade e necesidade de dotar unha partida específica para afrontar obras en centros educativos do país. Parece de interese apoiar con recursos europeos a mellora das infraestruturas educativas, tendo en conta o obxectivo de eficiencia enerxética para a UE (Directiva de Eficiencia Enerxética) e tamén o previsto na Axenda 2030 e os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS).

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que solicite ao Goberno de España un fondo específico de cooperación territorial, dotado con fondos europeos, para que as Administracións autonómicas e locais, dentro das súas respectivas competencias, contén con máis recursos coa finalidade última de mellora dos centros educativos e adaptalos aos novos retos da sociedade actual”.

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2023.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 17/01/2023 18:41:52

Ovidio Rodeiro Tato na data 17/01/2023 18:42:09

Teresa Egerique Mosquera na data 17/01/2023 18:42:22

José Luis Ferro Iglesias na data 17/01/2023 18:42:33

Rodríguez Pérez, Moisés na data 17/01/2023 18:42:42

Gómez Salgado, Carlos na data 17/01/2023 18:42:49

María Felisa Rodríguez Carrera na data 17/01/2023 18:42:58

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 47402
Data envío: 17/01/2023 18:46:15.602

María Elena Suárez Sarmiento na data 17/01/2023 18:43:09

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-IOUuIQN4q-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, Martin Seco García e Carmen Rodríguez Dacosta, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª.

O 6 de xullo de 2020 os representantes dos traballadores técnicos forestais do SPIF realizaron unha asemblea telemática e aprobaron consultar ao colectivo afectado sobre a convocatoria dunha folga para pedir a actualización do acordo sobre as condicións de traballo do persoal funcionario pertencente aos grupos A1 e A2 da Xunta de Galicia do Servizo de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais.

Esta enquisa telemática a todo o colectivo, estivo aberta para votacións ata o día 8 de xullo de 2020 ás 10:00 horas, nela a participación foi moi alta, de 80 persoas (dos 123 postos técnicos afectados polo acordo de 2008, número que inclúe tamén os cargos de libre designación). O 75 % dos que responderon a enquisa amosaron a súa disposición de ir á folga. Ante esta resposta as organizacións sindicais CIG, CCOO, CSIF e UGT convocaron de forma unitaria a folga do colectivo do persoal técnico forestal vinculado ao SPIF a partir do 1 de agosto de 2020.

Posteriormente, os sindicatos denunciaron que en represalia polo éxito da folga convocada e secundada de forma maioritaria polo persoal técnico do SPIF dende o 1 de agosto, a Consellería do Medio Rural aplicou descontos salariais ilegais nos días en que as persoas traballadoras prestaban servizos en cumprimento dos servizos mínimos, denunciaron que, a pesares do estrito cumprimento dos servizos mínimos estipulados pola Administración, que dan fe da máxima responsabilidade e compromiso do colectivo có servizo público de prevención e extinción de incendios, a Consellería decidiu, nun claro acto de mala fe, coaccionar o persoal aplicando descontos ilegais nos días de traballo por servizos mínimos, incumprindo a normativa vixente e tentando de forma ilegal impedir o exercicio do dereito a folga.

Algo polo que comunicaron que tamén formularían a correspondente demanda xudicial por vulneración grave de dereitos fundamentais, reclamando nela o cese inmediato desta actuación e a reposición integral das cantidades retidas de xeito ilegal. Cuestións como que se desconte menos cantos máis incendios, considerar do mesmo xeito un incendio de 7 gardas cun incendio dunha hora, etc ...



Dende o Grupo Parlamentario Socialista presentamos unha iniciativa co fin de desbloquear a negociación e pedímoslle á Consellería do Medio Rural que deixase de ter comportamentos que vulneran o dereito á folga das persoas traballadoras técnicos do SPIF e que avalíase e corrixisen os criterios aplicados para os descontos excesivos en nómina do cadro de persoal que participa na dita folga. Esta iniciativa tivo en contra o voto do Partido Popular.

O Xulgado nº1 do Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela acaba de estimar o recurso contencioso administrativo contra a resolución da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Medio Rural, do 27 de agosto de 2020, na que inventa uns criterios de descontos salariais que aplicou nas nóminas de agosto e setembro de 2020 ao persoal técnico de incendios. Especificamente, declara a “NON conformidade a dereito” da resolución e o dereito das persoas afectadas a percibir o 100 % das súas retribucións mensuais no tempo que prestaron servizos mínimos. A maiores, a sentenza imponse costas á Xunta de Galicia.

A Consellería do Medio Rural tentou por varios medios reprimir a folga atentando contra este dereito fundamental: contratando a persoal de empresas externas (Seaga) para a realización de tarefas habituais non decretadas nos servizos mínimos, presionou individualmente ao persoal facendo que declarase se apoiaba a folga convocada e finalmente exerceu descontos salariais sobre o persoal que estaba a cumprir os servizos mínimos. Estes descontos realizáronse ademais cunha celeridade pouco habitual, tocando o salario ao persoal antes de rematar o mes de agosto de 2020, cando a folga aínda estaba en marcha.

A situación foi inaudita xa que é a primeira vez que se aplicaron descontos salariais a un persoal que traballou en servizos mínimos, xustificando a dita actuación, vinculando a rebaixa salarial ao número de incendios que tiveron en cada centro de coordinación (a menor número de lumes, maior desconto) aínda que o 100 % deles foron atendidos con normalidade.

O xulgado non entra a valorar a xustificación da Consellaría e deixa claro que con independencia de que non se desempeñaran todas as funcións que lle corresponde ao persoal técnico, esa dispoñibilidade outórgalles o dereito a percibir o salario sen dedución proporcional ás funcións desenvolvidas ou á taxa de incendios. Queda tamén claro que na aplicación dos descontos salariais vulnerouse o establecido nos artigos 30.2 e 14 d) do EBEP, sendo non conforme a dereito e tendo por único obxectivo real a desmobilización do seguimento da folga legalmente convocada nese momento.

Aínda que a sentenza pode ser apelada pola Consellería do Medio Rural ante o TSXG, entendemos que o fallo é moi claro e debería acatar e abonar os descontos que se lle fixeron aos técnicos do servizo. Non hai que esquecer que esta decisión



foi tomada pola actual conselleira de Emprego e Igualdade, María Jesús Lorenzana, que naquel momento era secretaria xeral técnica da Consellería do Medio Rural e que pouco despois deste conflito foi ascendida a conselleira nada máis e nada menos que de Emprego e Igualdade, polo que debería de asumir responsabilidades ao quedar inhabilitada para tal función unha responsable pública que non respecta o dereito á folga dos traballadores que ten ao seu cargo.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1º) Acatar a sentenza do Xulgado nº1 do Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela, abonar as contías descontadas ao persoal técnico do SPIF pola folga de agosto do 2020 e renunciar a presentar recurso ante o TSXG.

2º) Pedirlle a asunción de responsabilidades á naquel momento secretaria xeral técnica da Consellería do Medio Rural e que pouco despois deste conflito foi ascendida a conselleira de Emprego e Igualdade.

Pazo do Parlamento, 17 de xaneiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 17/01/2023 18:22:38

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 17/01/2023 18:23:00

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 17/01/2023 18:23:15





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados e deputada **Luis Bará Torres**, **Noa Presas Bergantiños** e **Ramón Fernández Alfonzo**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre proxectos eólicos de Aldesa e a súa monetarización.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A empresa ALDESA ENERGÍAS RENOVABLES DE GALICIA recibiu a adxudicación de 98 MW no concurso eólico de 2010 (DOG do 28 de xaneiro de 2010). A empresa presentou na súa oferta un plan industrial, mais solicitou a substitución pola monetarización na cantidade de 7.343.217 euros.

Esta empresa está a tramitar proxectos de parques eólicos derivados da adxudicación do ano 2010, como é o caso dos parques eólicos Mesada, Órrea e Xalo. No caso de Mesada, conta con declaración de impacto ambiental favorábel.

Resulta de esencial transcendencia coñecer as actuacións da Xunta en relación coa monetarización do plan industrial presentado no seu día pola empresa, independentemente do debate sobre a viabilidade dos mesmos.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento insta a Xunta a informar aos concellos, á veciñanza e aos grupos parlamentares sobre as xestións realizadas en relación coa monetarización do plan industrial presentado pola empresa Aldesa no concurso eólico de 2010, e a paralizar a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

tramitación dos parques eólicos Mesada, Órrea e Xalo en tanto non se resolva esta cuestión.”

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2023

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Ramón Fernández Alfonzo

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 18/01/2023 13:23:10

Noa Presas Bergantiños na data 18/01/2023 13:23:15

Ramón Fernández Alfonzo na data 18/01/2023 13:23:26





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Iria Carreira Pazos** e **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre a situación do centro de saúde de Vedra.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

A sanidade pública galega está a atravesar unha fonda crise sanitaria, especialmente notoria na Atención Primaria, con consecuencias para profesionais mais tamén para doentes.

A falta de previsión e planificación, unida a uns orzamentos para Atención Primaria que reiteradamente se manteñen nuns niveis paupérrimos, rematou por conducir ao panorama que temos que a día de hoxe, cunha gran falta de profesionais por todo o País, coa degradación que isto supón na calidade asistencial e tamén nas condicións laborais do persoal da sanidade pública.

Mais esta falta de preocupación e investimento na Atención Primaria tamén repercute nas infraestruturas e medios materiais. Así vemos por toda a Galiza centros de saúde e PAC que se manteñen con recursos escasos ou en mal estado, como sucede no caso do centro de saúde de Vedra. O edificio que o alberga presenta numerosas deficiencias técnicas, como humidades e filtracións de auga, unha instalación eléctrica obsoleta e deficitaria, problemas de accesibilidade e incluso se teñen chegado a producir desprendementos da fachada do edificio. Ademais, este centro de saúde non conta con





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

espazo suficiente para prestar a asistencia sanitaria que require a poboación de Vedra, coma unha sala para a educación maternal ou unha consulta para a atención a urxencias.

Este deterioro prodúcese despois de anos de negligencia e abandono por parte da administración local como tamén da Xunta de Galiza, esta última ao non asumir as competencias que lle son propias en materia de sanidade e enfrontar o mantemento das instalacións sanitarias no concello de Vedra.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar do BNG formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1º.- Establecer unha canle de diálogo co concello de Vedra e asumir de inmediato a titularidade do seu centro de saúde.

2º.- Realizar as obras que sexan oportunas, ben mediante unha reforma integral ou ben coa construción dun novo edificio, para solucionar as deficiencias que presenta o actual centro, tanto por deterioro, como no que se refire á dotación de salas e recursos materiais.”

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**
Montserrat Prado Cores





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 18/01/2023 13:49:59

Olalla Rodil Fernández na data 18/01/2023 13:50:09

María Montserrat Prado Cores na data 18/01/2023 13:50:17





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres**, e da deputada **Rosana Pérez Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 8ª**, sobre as actuacións pendentes no porto de Covelo (Poio).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2009 Portos de Galicia iniciou a tramitación dos convenios e dos proxectos para a mellora dos portos de Covelo e Raxó, que prevían un investimento de 1,9 millóns de euros en Covelo e 1,3 no porto de Raxó.

No ano 2010 Portos anunciou que os dous proxectos serían unificados nun só, e que serían recollidas as melloras demandadas polo concello e a veciñanza. En maio de 2010 o presidente do organismo, o sr Álvarez Campana, anunciou que o proxecto prevía un investimento superior aos 3 millóns de euros e que a licitación da obra se faría no outono desa anualidade.

Transcorridos máis de 12 anos daquel anuncio, os proxectos están sen realizar. No caso de Raxó anunciouse recentemente o investimento de 900.000 euros (dos que o concello asumirá o 30%), mediante un acordo entre Portos de Galicia e o concello.

No caso do porto de Covelo, fixéronse algunha reformas parciais mais está sen realizar o proxecto inicialmente acordado e redactado, que permitiría ordenar e urbanizar o acceso ao recinto portuario desde a PO 308, a pavimentación da calzada e das beirarrúas, a creación dunha zona de estacionamento e a dotación de saneamento, alumeado e mobiliario urbano.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 8ª:

“O Parlamento insta a Xunta a levar a cabo no ano 2023 o proxecto de ordenación e urbanización do acceso ao recinto portuario de Covelos (Poio) desde a PO-308, que inclúe a pavimentación da calzada e das beirarrúas, a creación dunha zona de estacionamento, a dotación de alumado e mobiliario urbano e a renovación da rede de saneamento.”

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 18/01/2023 19:05:23

Rosana Pérez Fernández na data 18/01/2023 19:05:28



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Gonzalo Caballero Miguez e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos**.

Exposición de motivos

A taxa de crecemento da economía galega reflicte un nivel inferior á do conxunto de Estado en 2022, situando a Galicia na cola das comunidades autónomas neste ano, e as previsións de crecemento manteñen á nosa comunidade nunha situación comparativamente preocupante para 2023 segundo distintos estudos de conxuntura. Esta debilidade do crecemento apréciase tamén na evolución do emprego autónomo na nosa comunidade.

Os datos da Federación de Autónomos de Galicia amosan un 2022 trágico para as persoas traballadoras por conta allea na nosa comunidade, toda vez que estiman a perda de máis de 2.500 persoas autónomas a peche do pasado ano con respecto ás cifras do exercicio anterior. En concreto, a directiva desta federación sinala a desaparición de “sete autónomos ao día en Galicia” nun ano no que se perdeu autoemprego “todos os meses”.

Esta situación, que afecta especialmente ao sector do comercio, súmase á baixa dun 13 % na creación de empresas en Galicia, segundo os últimos datos publicados polo Instituto Nacional de Estatística, que responden ao mes de outubro de 2022. Mentres Galicia é a quinta comunidade con maior caída do conxunto de España, a media estatal, no mesmo período, sitúase nun retroceso do 2,2 %. A evolución comparada galega non é positiva.

Neste contexto, cómpre sinalar que o informe do Banco de España sobre a evolución económica das pemes pon de manifesto a dificultade que están atopando as empresas de menor tamaño para acceder a financiamento bancario. De feito, os datos do segundo e terceiro trimestre do ano 2022 en relación con esa dificultade -xuros máis altos e requisitos máis estritos nun contexto inflacionario- son os máis complexos para as pemes dende 2013.



Ante estas dificultades, o goberno da Xunta non está adoptando unha política económica activa e suficiente para respaldar ao tecido produtivo galego ante os retos existentes.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento insta á Xunta de Galicia a implementar:

- Unha política económica activa cunha liña estratéxica de apoio empresarial que acompañe a pemes e traballadores e traballadoras autónomas para que poidan sobrevivir, primando as iniciativas empresariais deste tipo, e abordando cooperativamente co Consello Económico e Social este reto de país.
- Un plan de apoio extraordinario con medidas financeiras, comerciais e económicas para o tecido empresarial galego ante as dificultades económicas e de acceso ao crédito e o seu custe, reforzado para pemes e autónomos para este 2023.
- Un plan de impulso para fomentar o autoemprego e a xeración, asentamento e supervivencia de pemes, coa intención de frear a tendencia negativa existente na economía galega.

Pazo do Parlamento, 18 de xaneiro do 2023

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luis Manuel Álvarez Martínez

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 19/01/2023 10:21:46

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2023 10:35:59
Nº Rexistro: 47593
Data envío: 19/01/2023 10:35:59.748

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 19/01/2023 10:21:56

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 19/01/2023 10:22:08

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas **Gonzalo Caballero Miguez, Noa Díaz Varela, Noelia Otero Lago e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

Exposición de motivos

O Consello de Contas estimou en 159,7 millóns de euros o financiamento pendente por parte da Xunta cara ás universidades públicas galegas no período 2010-2017 con respecto á media das universidades públicas presenciais españolas como resultado da conxelación de taxas universitarias decretada polo goberno autonómico sen a axeitada compensación económica para o Sistema Universitario Galego.

O goberno de Galicia decidiu conxelar as taxas universitarias de grao e máster en distintos cursos académicos no Sistema Universitario Galego, o cal implicou menos ingresos para as universidades públicas galegas, ás que, como sinalou o propio Consello de Contas, non lles correspondería soportar o custo desta decisión, polo que a Xunta debería dotalas dos fondos necesarios e pendentes.

Non obstante, nun novo exercicio de “eu invito, ti pagas”, o goberno galego non ten compensado a estas institucións académicas, cuxas perdas de financiamento cuantifica o Consello de Contas. Con esta materia pendente, é relevante tamén ser moi dilixentes á hora de abordar o financiamento universitario e as distintas partidas. Neste contexto, cómpre analizar o programa orzamentario 422C-Ensinanzas universitarias, os acordos co SUG, os maiores custes que a inflación implica para o funcionamento das universidades e aqueles derivados da contratación de persoal.

Nun momento no que o Goberno galego debe servir como apoio e motor das universidades públicas galegas, cómpre ter toda a información detallada sobre o financiamento universitario así como ser firmes no compromiso de dotar dos recursos suficientes ao noso sistema universitario público galego ao longo desta lexislatura e dos vindeiros anos.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento insta a Xunta de Galicia a:

- Elaborar un informe que actualice as necesidades de financiamento das Universidades públicas galegas derivadas do incremento de prezos e do incrementos de custes de persoal e comprometerse a incrementar o financiamento universitario da Xunta para facer fronte a estas necesidades.
- Desenvolver un plan plurianual para devolver as universidades os 159,7 millóns de custes que segundo o Consello de Contas se lle deben pola conxelación das taxas de 2010-2017.
- Estimar a perda de financiamento que a conxelación das taxas implicou para as universidades galegas a partires de 2017 e incorporar esas partidas ao plan plurianual sinalado anteriormente.
- Comprometerse decidida e economicamente coas tres universidades públicas galegas para seguir avanzando na calidade docente, investigadora e de transferencia do noso sistema universitario, garantindo unha boa planificación e execución orzamentaria acordes coa consecución da excelencia universitaria.

Pazo do Parlamento, 18 de xaneiro do 2023

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez

Noa Díaz Varela

Noelia Otero Lago

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo

Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luis Manuel Álvarez Martínez

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia





Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 19/01/2023 13:56:33

Noa Susana Díaz Varela na data 19/01/2023 13:56:43

Noelia Otero Lago na data 19/01/2023 13:56:55

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 19/01/2023 13:57:03

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 19/01/2023 13:57:14



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, Noa Díaz Varela e Noelia Otero Lago, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª.

Na súa recente e recorrente valoración das estatísticas das bibliotecas públicas de Galicia correspondentes a 2020 elaboradas polo Ministerio de Cultura, a Asociación de profesionais dos arquivos, bibliotecas, museos e centros de documentación en Galicia (BAMAD) alertaba de varias cuestións que dan conta dun empeoramento da súa situación.

Se no ano 2018 eran 75 os concellos que non dispuñan de biblioteca, dous anos máis tarde eran xa 91, e isto a pesar de que o director xeral de Cultura anunciaba no Parlamento en 2020 que “un dos obxectivos máis inmediatos da Xunta é o de concretar novas ferramentas de cooperación coas administracións locais que permitan coñecer as necesidades bibliotecarias de cada unha delas”.

E se ben é certo que este ano por fin sae adiante o proxecto de bibliotecas móbiles itinerantes -que darán servizo a 20 concellos-, tamén o é que esta iniciativa se fixo con moito do orzamento para 2023 que estaba destinado ás bibliotecas nas contas do Goberno galego.

Neste senso, e tal e como xa denunciou o Grupo Parlamentario Socialista, en materia de bibliotecas deixan en mínimos para o vindeiro exercicio a partida de investimentos dedicada á adquisición de libros en galego, que queda nun 17 % do que era. Esta cuestión contrasta cunha das conclusións do II Mapa de Bibliotecas, nas que se marcaban como reto “manter as medidas de apoio á produción en galego de calidade e á adquisición de recursos en galego”.

Os últimos datos do Ministerio apuntan ademais que estamos por baixo da media estatal en todos os indicadores agás no número de documentos por habitante e nas adquisicións de documentos por cada 1.000 habitantes.

Por outra banda, o marco lexislativo segue sen se desenvolver regulamentariamente, nomeadamente no que ten que ver coa organización e cooperación da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia da Lei 5/2012 de bibliotecas de Galicia e coa inexistencia dun plan de fomento da lectura a que obriga a Lei 17/2006 do libro e da lectura de Galicia.



Da diagnose e conclusións do II Mapa de Bibliotecas aprobado en maio de 2022 infírese que, tal e como apunta Bamad, é importante que “se desenvolvan e apliquen ferramentas de planificación que indiquen que servizos e de que características se deben ofrecer, en que aspectos é necesario investir e cara a onde se deben encamiñar os esforzos de cada punto bibliotecario”.

Diante do que podería ser un notablemente mellor balance da situación das bibliotecas en Galicia, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate e aprobación:

O Parlamento de Galicia, insta o Goberno galego a:

- 1º) Desenvolver regulamentariamente en 2023 a totalidade da Lei 5/2012 de Bibliotecas de Galicia.
- 2º) Artellar unha estratexia de cooperación coas administracións locais para conseguir completar co servizo de biblioteca todo o territorio galego en 2023.
- 3º) Incrementar en 2023 a partida orzamentaria dedicada á adquisición de fondos en galego de xeito que supere o importe destinado no exercicio 2022 e co compromiso de non diminuíla en orzamentos posteriores.
- 4º) Aprobar no primeiro semestre de 2023 o Plan de fomento da lectura a que obriga a Lei 17/2006 do libro e da lectura de Galicia.

Pazo do Parlamento, 18 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 18/01/2023 11:26:13

Noelia Otero Lago na data 18/01/2023 11:26:28

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 18/01/2023 11:26:38



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, Noa Díaz Varela e Noelia Otero Lago, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª.

Coincidindo coa efeméride do nacemento de Castelao, este 30 de xaneiro celébrase unha nova edición do Día da Ilustración para visibilizar este sector a través da lembranza de sobranceiros artistas e o seu legado. Este ano a homenaxeada será María Antonia Dans Boado (Oza dos Ríos, 1922-Madrid, 1988), referente do neoexpresionismo e en cuxas obras os escenarios galegos estaban moi presentes.

A ilustración en Galicia conta na actualidade con moito peso dentro do noso escenario cultural, pero certamente non é unha profesión que goce da proxección e recoñecemento que debería, sendo esta unha das reivindicacións da Asociación Galega de Profesionais da ilustración (AGPI), que na actualidade conta con preto de 140 socios e socias.

A falta de profesionalización e as escasas axudas e preocupación que para este sector concreto existen dende as administracións, en contraposición con outros sectores culturais, son algunhas das reivindicacións trasladadas polo sector ao Grupo Socialista e que compartimos.

Mostra disto é que no extenso documento que recolle a Estratexia Cultural Galega 2021 a ilustración aparece só en tres ocasións e sempre vencellada ao sector do libro. Así, esa ECG21 formúlase como medidas a desenvolver:

- . Aumento da promoción internacional da literatura infantil e xuvenil, e da ilustración galegas.
- . Impulso de liñas de axuda para a participación dos creadores literarios (escritores, tradutores e ilustradores) en programas culturais internacionais de acordo coas asociacións do sector do libro.
- . Creación dun programa anual que difunda o labor dos creadores do ecosistema do libro (escritores, ilustradores e tradutores).

Mais ata o de agora non semella que ningún destes tres retos se conseguise ou se desenvolvese algunha acción nese senso.



Alén disto, ao Grupo Socialista parécenos un erro a concepción por parte da Administración autonómica da ilustración como disciplina cultural unicamente vencellada ao libro.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1. Desenvolver unha estratexia cultural para prestixiar e proxectar a ilustración como disciplina artística con entidade propia.
2. Pór en marcha unha liña de axudas dirixidas a empresas para a contratación de servizos de ilustración.
3. Incrementar a dotación da liña de axudas para a concesión de subvencións para a participación de persoas escritoras, ilustradoras e tradutoras nas actividades que se celebren no sector do libro

Pazo do Parlamento, 18 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 18/01/2023 16:33:12

Noelia Otero Lago na data 18/01/2023 16:33:27

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 18/01/2023 16:33:36



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Noa Díaz Varela, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª.

O colapso no servizo de Urgencias do Centro Hospitalario da Universidade de Santiago (CHUS) vén sendo unha constante nestes últimos anos que se viu agravada aínda máis se cabe nestes últimos tempos. Fronte a isto, o Goberno galego mantén unha actitude pasiva sen dar os pasos necesarios para afrontar un problema que xa é crónico.

A Asociación de Pacientes e Persoas Usuarias do CHUS volvía denunciar a situación de saturación nese servizo na mesma semana de Reis, na que 13 pacientes graves permanecían en padiolas e cadeiras de rodas nos corredores de acceso de Urgencias. A maiores, sempre segundo este colectivo, a pesares das advertencias do persoal sanitario aos responsables do servizo, 19 pacientes co ingreso en planta asinado estaban ocupando os espazos de traballo e 8 padiolas da zona de atención permanecían sen ocupar por falta de persoal sanitario asignado.

No Sergas aducen que xa tiñan previsto o aumento das urgencias hospitalarias por causa do incremento de afeccións respiratorias, para o que aprobaron un plan de continxencias, máis a realidade apunta a que non son problemas puntuais senón situacións recorrentes que poderían mellorar de existir unha mellor organización.

Dotar de suficientes recursos e boa xestión a atención primaria, desenvolver axeitadamente o servizo de hospitalización a domicilio, pór a disposición das persoas doentes todas as camas das que dispón a área sanitaria de Santiago e Barbanza ou establecer circuítos claros para ser áxiles na desviación de doentes dende urgencias a hospitalización serían cuestións que sen dúbida poderían facer mellorar o servizo de Urgencias do CHUS.

Por todo isto, parece claro que o colapso crónico do que adolece o servizo de Urgencias do CHUS obedece a un problema organizativo que pasa por unha dotación estrutural e de profesionais adecuada, por potenciar as alternativas que teñen demostrado ser eficientes noutras áreas sanitarias como a área de observación, a unidade de curta estadía, o hospital de día ou a hospitalización a



domicilio e por adecuar a oferta ás necesidades reais de hospitalización convencional e de atención sociosanitaria.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, presentan a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1. Elaborar urxente un plan funcional do servizo de Urgencias do CHUS que dea solución á situación crónica de saturación que vén padecendo e que marque circuitos claros e eficaces para desviar as persoas doentes ás diversas unidades de hospitalización.
2. Abrir de inmediato todas as camas da área sanitaria de Santiago e Barbanza necesarias para aliviar a sobrecapacidade do servizo de urgencias do centro compostelán e dotar do persoal preciso para cubrir esa demanda asistencial.
3. Reforzar o sistema de urgencias extrahospitalarias da área sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza para frear a desbordada demanda nos propios servizos de urgencias do CHUS.

Pazo do Parlamento, 19 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 19/01/2023 14:06:49

Julio Torrado Quintela na data 19/01/2023 14:07:09

Marina Ortega Otero na data 19/01/2023 14:07:19

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 19/01/2023 14:07:32





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre a situación vivida na residencia de maiores do Consello de Sarria.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A residencia de maiores de Sarria, xestionada por un organismo autónomo dependente do Concello, foi obxecto de diversas informacións públicas que, desde o G.P. do BNG, acollemos con preocupación.

De maneira sintética:

1.- Destapouse un caso de espionaxe sobre as traballadoras da residencia a través da contratación, por parte dun responsábel municipal, concretamente o concelleiro de Servizos Sociais en 2019, dun detective privado.

2.- Investígase o acceso irregular de persoas alleas ao centro ás imaxes das cámaras de vixianza da residencia de maiores o que suporía, de confirmarse, unha vulneración da privacidade e intimidade das persoas usuarias da residencia e das traballadoras.

3.- Na residencia de maiores existía unha caixa de diñeiro en efectivo propiedade das persoas usuarias para sufragar gastos complementarios como podoloxía, perrucaría ou farmacia. Recentemente sóbose dun descuadre nas contas desa caixa e





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

tamén da existencia de senllos informes das traballadoras e de Tesourería municipal reclamando a desaparición desa caixa e a práctica que representa.

Ao Bloque Nacionalista Galego cóstanos porque así se publicou nos medios de comunicación (curioso cando se nos nega por parte da Xunta de Galiza e de maneira reiterada acceso a actas de inspección e expedientes nesta materia) das irregularidades detectadas nesta residencia por parte dos servizos de inspección da Consellaría.

A información publicada sinala, literalmente: “realizó el día 14 de noviembre una inspección de servicios sociales en la residencia de Sarria que releva una gestión con numerosas irregularidades. Desde medicación mal administrada, a habitaciones con techos rotos y cayéndose o falta de registros en asuntos como las caídas de los usuarios o las sujeciones. La inspectora dio diez días a los responsables de la residencia para enmendar los fallos. El plazo acaba este jueves”.

Para o G.P. do BNG é inadmisíbel que cousas como as relatadas con anterioridade acontezan en calquera servizo público, máis aínda nunha residencia de maiores. Tendo en conta que a Xunta de Galiza é responsábel de velar polos dereitos das persoas usuarias e o correcto funcionamento dos servizos sociais, independentemente de cal sexa a titularidade e/ou o modelo de xestión destes, formulamos a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a adoptar as medidas que sexan necesarias, no marco do establecido na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galiza para garantir o cumprimento escrupuloso dos dereitos das persoas usuarias e dirimir calquera responsabilidade que houber na vulneración dos seus





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

dereitos e/ou dos dereitos das traballadoras do centro así como a esixir o cumprimento das obrigas que a entidade titular e xestora da residencia ten.”

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 19/01/2023 16:19:46

Iria Carreira Pazos na data 19/01/2023 16:19:56

Olalla Rodil Fernández na data 19/01/2023 16:20:08



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Gonzalo Caballero Míguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª.

Na exposición de motivos da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno establécese que os mecanismos de transparencia e de bo goberno deben funcionar como contrapesos que garantan a protección da cidadanía fronte a hipotéticas arbitrariedades do poder público e o uso indebido dos cartos ou patrimonio públicos, fixando como obriga regular o acceso cidadán a determinada información administrativa e garantindo o dereito fundamental á participación nos asuntos públicos, enunciado no artigo 23, como a capacidade da cidadanía de ser un actor fundamental no seguimento, no control e na vixilancia da actividade dos poderes públicos.

No artigo 11 da dita Lei regúlanse as obrigas específicas de información económica, orzamentaria e estatística e no seu apartado 2. establécese que: *“En particular, a Xunta de Galicia fará pública toda a información complementaria sobre os seus orzamentos que sexa remitida ao Parlamento ao longo do exercicio, incluíndo unha actualización trimestral en función da execución orzamentaria, así como a liquidación anual”*.

Do mesmo xeito, o artigo 21 regula a reutilización da información do sector público autonómico, que nos seus apartados 2 e 3 establece:

- 1 *“Promóvese a posta á disposición en formatos abertos para facilitar a reutilización da información do sector público coa finalidade fundamental de facilitar un mellor coñecemento da actividade do sector público e o uso dos datos para a creación, por parte de terceiros, de produtos derivados e servizos de valor engadido.*
- 2 *Os órganos e as unidades da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia velarán para que os documentos aos cales se aplica esta lei e a restante información que se considere de interese público poidan estar dispoñibles en formato aberto para a súa reutilización.”*



Finalmente, o artigo 22.1 da citada lei contempla que *“A Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do seu sector público facilitarán os seus documentos nos formatos ou nas linguas en que estean dispoñibles e, sempre que sexa posible, en formato lexible por máquina e conxuntamente cos seus metadatos. Tanto o formato coma os metadatos, na medida do posible, deben cumprir normas formais abertas.”*

Aínda que a Xunta de Galicia fai pública a través do DOG o que denomina como “Execución orzamentaria”, (<https://www.conselleriadefacenda.gal/areas-tematicas/economico-financeira-e-contable/execucion-trimestral-dos-orzamentos/execucion-trimestral-do-ano-2022>), a realidade é que o documento que se publica non é o mesmo que entra no Parlamento e que realmente é o estado de execución que contempla todos os programas, seccións e capítulos.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego para que publique a información complementaria aos seus orzamentos que se remite e se presenta no Parlamento como “estado de execución” en formato aberto, lexible e conxuntamente cos seus metadatos, en cumprimento do disposto na lexislación vixente en Galicia en materia de transparencia.

Pazo do Parlamento, 19 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 19/01/2023 13:59:13

Gonzalo Caballero Míguez na data 19/01/2023 13:59:31

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 19/01/2023 13:59:44



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Paloma Castro Rey, Pablo Arangüena Fernández, Noa Díaz Varela, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Patricia Otero Rodríguez e Eduardo Ojea Arias**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Exposición de motivos

A Lei de residuos e solos contaminados de carácter estatal para una economía circular. Lei 7/2022, do 8 de abril, que entrou en vigor hai case 1 ano, establece no seu artigo 25 que para facilitar a preparación para a reutilización e o reciclado de alta calidade, as entidades locais establecerán a recollida separada de, a lo menos, as fraccións de biorresiduos de orixe doméstico antes do 30 de xuño de 2022 para as entidades locais con poboación de dereito superior a cinco mil habitantes, e antes do 31 de decembro de 2023 para o resto.

Entendendo tamén como recollida separada de biorresiduos a separación e reciclaxe en orixe mediante compostaxe doméstico ou comunitario.

Esta lei vén traspoñer unha directiva comunitaria do ano 2018 para adaptar a lexislación estatal ás esixencias europeas.

Os anos de desleixo do Goberno galego na súa política de xestión de residuos fai que cheguemos tarde ao cumprimento destes obxectivos o que obriga a ter que tomar medidas urxentes se non queremos incorrer en multas e sancións.

O sistema Sogama que xestiona os residuos da meirande parte dos concellos galegos tradicionalmente tratou os residuos provenientes da bolsa negra (residuo convencional) e amarela (plásticos, latas e bricks), no ano 2018 inaugurou a planta de Areosa dedicada a xestión dos biorresiduos que non esta a ser moi exitosa e é claramente insuficiente para tratar a materia orgánica (contedor marrón) de todos os concellos.

Por outra banda, as plantas de transferencia, onde se compacta o residuo están adaptadas para o transvase do contedor verde xenérico, e amarelo, pero non para contedor marrón FORSU (Fracción Orgánica contida nos Residuos Urbanos).



O Plan Sogama contemplaba esta adaptación en 13 plantas de transferencia: 6 de nova construción (en Cee, Ponteceso, Curtis, A Lama, Arbo y Riotorto) e 7 de adaptación (Vigo, O Porriño, Silleda, A Rúa, Ourense, Lugo e Narón), pero leva moito atraso.

E o mesmo acontece coas novas plantas de tratamento de residuo orgánico, xa que das 11 previstas no PXRUGA 2010-2022, unicamente están en proceso de execución 3: Verín, Cervo e Vilanova, e ningunha aínda en funcionamento.

Por outra banda en Galicia existen outros 2 sistemas de xestión de residuos Nostián e Barbanza que levan décadas apostando pola compostaxe, e que este goberno do partido popular despreza de forma sistemática.

Dende o Grupo Socialista somos conscientes de que Sogama non ten a día de hoxe capacidade para a xestión de a materia orgánica de todos os concellos adscritos incluso descontando aqueles que opten por unha compostaxe de proximidade e polo tanto entendemos que ten que aproveitar os fondos estatais destinados á aplicación da nova lei e os fondos propios previstos, para ademais de construír as infraestruturas que sexan preciso, formular unha complementariedade cos outros dous sistemas de residuos (Nostián e Barbanza).

Defendemos que é o momento de que o goberno da Xunta deixe de actuar coma se so existira Sogama e colabore cos outros 2 sistemas para a súa actualización e inclusión no sistema galego de xestión de residuos, o que sería máis sostible para todos os galegos e galegas, tanto económica como ambientalmente.

E por iso polo que dende o Grupo Parlamentario Socialista solicitamos ao goberno da Xunta que convoque de maneira inmediata unha mesa de negociación na que estean presentes a Fegamp e representantes dos tres sistemas de xestión de residuos (Sogama, Barbanza e Nostián) co fin de implementar e coordinar os 3 sistemas de xestión existentes en Galicia, e trazar unha folla de ruta común cara o cumprimento da lexislación estatal e europea.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a convocar de maneira inmediata unha mesa de negociación na que estean presentes a Fegamp e representantes dos tres sistemas de xestión de residuos (Sogama, Barbanza, e Nostián) co fin de



establecer unha colaboración conxunta e unha estratexia común cara o cumprimento da lexislación estatal e europea.

Pazo do Parlamento, 18 de xaneiro do 2023

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 19/01/2023 16:37:55

Pablo Arangüena Fernández na data 19/01/2023 16:38:07

Noa Susana Díaz Varela na data 19/01/2023 16:38:16

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 19/01/2023 16:38:29

Patricia Otero Rodríguez na data 19/01/2023 16:38:44

Eduardo Ojea Arias na data 19/01/2023 16:38:55

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 19/01/2023 16:39:03



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Exposición de motivos

O goberno da Xunta de Galicia aproba con carácter anual unha achega aos colexios de avogados e procuradores de Galicia para atender aos gastos derivados do funcionamento e da infraestrutura colexial que requiren os servizos de asistencia xurídica gratuíta, tales como a atención e tramitación de expedientes administrativos e o pago de infraestruturas.

Esta cantidade se corresponde co 8 por cento do importe total de gasto por este servizo certificado o ano anterior por cada un dos Colexios de Avogados e de Procuradores de Galicia.

Dende hai unha década o Goberno galego mantén a mesma porcentaxe que resulta claramente insuficiente e provoca que os colexios profesionais teñan que facer un gasto excesivo para poder ofrecer á cidadanía un dereito recoñecido constitucionalmente como é o dereito de acceso á xustiza, en detrimento doutros gastos de xestión ordinaria para o correcto funcionamento destes organismos.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista entendemos que o Goberno debe mudar o criterio de determinación das cantidades obxecto de subvención previo acordo co consello xeral da avogacía galega, co fin de poder cumprir de forma efectiva o deber de colaboración cos colexios na prestación deste servizo.

E é por isto polo que solicitamos ao goberno da Xunta que se reúna co Consello Xeral da Avogacía Galega e o Consello Xeral da Procuradoría co fin de acadar un acordo en relación ao criterio de determinación das cantidades anuais a abonar a



estes colexios profesionais que responda de forma máis eficiente á necesidade de facer fronte aos gastos de xestión do servizo de asistencia xurídica gratuíta.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a acadar un acordo en relación ao criterio de determinación das cantidades anuais a abonar aos Colexios de Avogados e Procuradores de Galicia que responda de forma máis eficiente á necesidade de facer fronte aos gastos de xestión do servizo de asistencia xurídica gratuíta.

Pazo do Parlamento, 18 de xaneiro do 2023

Asdo.: Paloma Castro Rey

Pablo Arangüena Fernández

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luis Manuel Álvarez Martínez

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 19/01/2023 16:44:35

Pablo Arangüena Fernández na data 19/01/2023 16:44:44

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 19/01/2023 16:44:52



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Noelia Otero Lago** e **Noa Díaz Varela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

Exposición de motivos

No ano 2016 a Xunta anunciou a creación do I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020. A Educación é un pilar fundamental na loita contra as desigualdades e discriminacións por diversidade e xénero. Vimos de pechar un ano o 2022 e comezar este 2023 nun contexto trágico e insoportable por mor das violencias machistas. Nunca antes ademais unha proporción tan alta de mulleres asasinadas por violencia machista interpuxeran denuncia. Foron 21 de 49 as vítimas que o ano pasado pediron axuda ao sistema, pero non foron protexidas.

Tal e como recollía ese I Plan para a Igualdade nos centros educativos, nos últimos anos observouse un aumento das condutas discriminatorias e dos estereotipos sexistas entre o alumnado dos centros educativos que inflúen no desenvolvemento da súa identidade e en como se manifesta na convivencia escolar, o que orixina un aumento dos conflitos e a resolución non pacífica destes conflitos entre os rapaces e as rapazas. A coeducación preséntase como unha das ferramentas máis útiles e potentes para poder acabar coa desigualdade, e a escola constitúe unha plataforma imprescindible para a superación dos prexuízos sexistas e machistas.

Amais da importancia de traballar pola igualdade real desde a escola, cómpre tamén lembrar que o Goberno da Xunta de Galicia ten a obriga de implementar un plan de igualdade consensuado capaz de dar resposta ás desigualdades na docencia que por razón de sexo padecen as profesionais no exercicio da súa profesión. Pero a realidade neste contexto tan delicado e no que a as administracións e institucións teñen o deber de poñer todo o esforzo na loita contra as violencias machistas é que nada se sabe dous anos despois de rematado o citado Plan para a igualdade nos centros educativos sobre resultados, aínda hai centros que non teñen elaborados os seus plans específicos, e son moitos os que teñen manifestado a ausencia de recursos para poder desenvolver os obxectivos contemplados no mesmo.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a presentar un novo plan de actuación ou Estratexia para a Igualdade nos centros Educativos galegos con dotación económica suficiente e todos os recursos necesarios para que as medidas e obxectivos contemplados poidan desenvolverse tal e como demandan os propios centros.

Pazo do Parlamento, 18 de xaneiro do 2023

Asdo.: Noelia Otero Lago

Noa Díaz Varela

Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luis Manuel Álvarez Martínez

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 19/01/2023 16:47:47

Noa Susana Díaz Varela na data 19/01/2023 16:47:56

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2023 16:54:12
Nº Rexistro: 47666
Data envío: 19/01/2023 16:54:12.779

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 19/01/2023 16:48:04

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª.

A Lei de transparencia e bo goberno da Xunta de Galicia, no artigo 10 apartado m) dispón que se debe publicar “A información sobre as viaxes dos altos cargos, con indicación dos obxectivos, subministrada periodicamente ao Parlamento de Galicia.”

As últimas comparecencias no Parlamento para informar sobre viaxes datan do ano 2019, ademais de que estas comparecencias só facían referencia ás viaxes no exterior, cando a regulación se referise a todas elas.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate e aprobación:

O Parlamento de Galicia, insta o Goberno galego a proceder a levar a cabo as comparecencias periódicas previstas na lei para informar sobre todas as viaxes dos altos cargos da Xunta e os seus obxectivos, incluíndo tanto as viaxes exteriores como as realizadas dentro do territorio estatal, cando menos, semestralmente como se viña facendo até o ano 2019, para mellorar a transparencia e cumprir coa lexislación vixente.

Pazo do Parlamento, 19 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 19/01/2023 11:28:26

Paloma Castro Rey na data 19/01/2023 11:28:50

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 19/01/2023 11:29:01



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Pablo Arangüena Fernández, Patricia Otero Rodríguez e Eduardo Ojea Arias, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª.

O 8 de abril de 2022 a Xunta anunciou a construción dunha pasarela peonil que cruzaría a ría da Coruña desde a praia de Santa Cristina radicada no concello de Oleiros ata a outra beira da ría, situada no concello da Coruña. O proxecto, que costaría 8 millóns de euros, non foi consultado cos concellos afectados e polo que se coñece do mesmo ata o momento parece propio dunha concepción das infraestruturas xa superada e que vai en contra da máis moderna concepción das obras públicas (mínimo impacto ambiental e visual, integración na paisaxe e no medio, redución de custos, etc).

Investigadores do CICA da Coruña e do CSIC valoraron moi negativamente o proxecto, chegando a cualificalo de “aberración”. A asociación Mobiliza fixo pública a proposta alternativa de usar a parte inferior da Ponte da Pasaxe para conectar ambos lados da ría, a un coste moi inferior e cun impacto tamén moito máis pequeno, ademais de que podería servir para completar o paseo marítimo a ambos lados da ría dun xeito idóneo para as necesidades dos paseantes e ciclistas.

A necesidade de mellorar a comunicación entre ambos lados da ría é un feito e unha demanda desde hai moito tempo, pero o anuncio dunha obra que parece mal concibida, excesivamente aparatosa e custosa e que, ademais, non parece que fose consultado con ninguén non é unha boa maneira de contribuír a satisfacer esa necesidade, que debería ademais enlazar e estar coordinada coas obras de rexeneración da ría que se están levando a cabo co impulso do Goberno do Estado, que a financia integramente, e cos plans para completar o paseo marítimo entre A Coruña e Culleredo.

Transcorrido xa bastante tempo desde o anuncio da obra, a Consellería de Infraestruturas parece estar desenvolvendo un xogo meramente electoralista en troques de satisfacer –como é a súa obriga– unha necesidade obxectiva como é facilitar a mobilidade peonil e ciclista entre ambos lados da ría, hoxe limitada á Ponte da Pasaxe.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que, previo diálogo responsable cos concellos afectados, proceda como Administración supraterritorial a impulsar as obras e actuacións necesarias para facilitar a mobilidade peonil e ciclista entre ambos lados da ría da Coruña, priorizando, ademais da maior utilidade pública, o menor coste económico e impacto medioambiental e visual delas.



Pazo do Parlamento, 17 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 19/01/2023 17:50:20

Patricia Otero Rodríguez na data 19/01/2023 17:50:35

Eduardo Ojea Arias na data 19/01/2023 17:50:52

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 19/01/2023 17:51:02





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Ramón Fernández Alfonso** e **Daniel Pérez López** e da deputada **Rosana Pérez Fernández**, e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza atópase á cola do Estado en oficinas bancarias por habitantes. Segundo os datos ofrecidos polo Boletín Estatístico do Banco de España para setembro de 2022, último mes con cifras, o país contaba con 3,8 sucursais de entidades de crédito por cada 100.000 habitantes, unha cifra 0,9 puntos inferior á media estatal, situada en 4,7 sucursais por cada 100.000 habitantes

Por outra parte, as oficinas bancarias da Galiza sitúanse á cola do Estado e da Unión Europea en persoal. Nesta dirección, as cifras achegadas polo anuario estatístico de 2021 da Asociación Española da Banca (AEB) indican que nese ano ocupábanse nas sucursais galegas 2.692 persoas, o que significaba 2,62 empregados por oficina, 5 empregados menos por oficina que a media estatal .

Este déficit de persoal nas sucursais de crédito xera unha redución sistemática dos servizos ás persoas usuarias, sobre todo da atención presencial, e responde a unha estratexia dirixida a encamiñar ás persoas usuarias cara a banca dixital.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ao mesmo tempo aumenta a posibilidade de sufrir ciberroubos, e sorprende a súa taxa de éxito. Un 21% dos clientes financeiros admite ter sido vítima dunha tentativa de hackeo, e o 10% recoñecen que efectivamente chegou a producirse.

De feito, de entre as reclamacións presentadas perante o Banco de España, as quintas reclamacións máis numerosas, pero as terceiras que máis medran, son as relacionadas con transferencias presuntamente fraudulentas realizadas por internet.

Estas son algunhas das cifras de contexto dunha situación de exclusión bancaria que gaña corpo no noso país. A falta de posibilidades económicas, de cultura dixital, e a desconfianza cara estes novos medios de xestión dos recursos económicos propios, son a outra parte do cadro, a das persoas usuarias que ven descender a calidade e a seguridade dos servizos bancarios que reciben por parte das entidades financeiras.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 3ª:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta a establecer unha mesa de diálogo permanente coas entidades financeiras que operan na Galiza para promover un maior nivel de prestación presencial dos servizos bancarios, fomentando a universalidade, calidade e seguridade destes servizos.”

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Pérez López

Rosana Pérez Fernández

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonso na data 19/01/2023 18:10:41

Daniel Pérez López na data 19/01/2023 18:10:52

Rosana Pérez Fernández na data 19/01/2023 18:11:01

Ana Pontón Mondelo na data 19/01/2023 18:11:09





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Iria Carreira Pazos, Montserrat Prado Cores e Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre a información das listas de espera no SERGAS.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

As listas de espera hospitalarias son un dos indicadores que permiten visualizar a situación da sanidade pública galega. Após a pandemia da COVID19, o número de doentes en agarda dunha primeira consulta hospitalaria ascendía o 30 de xuño de 2022 a 198.323, das cales 599 pacientes levaban máis de 12 meses agardando por esa cita, a maioría delas no Hospital da Mariña, mais tamén no de Valdeorras e no CHUO. Nesa mesma data, as doentes en espera dunha cirurxía ascendían a 46.553, cunha importante cifra de pacientes que levaban tamén máis dun ano esperando por esa intervención, 331 persoas. Ao contrario do que sucede no caso da lista de agarda pola primeira consulta hospitalaria, neste caso, as pacientes que permanecen máis de 12 meses en espera dunha cirurxía concéntranse nos hospitais cabeceira das áreas sanitarias.

Se atendemos á situación das listas de espera de probas diagnósticas, 119.197 doentes estaban agardando ao remate do segundo trimestre do 2022, sendo 3.116 as persoas que estaban nesa situación desde antes do verán de 2021.

Cómpre ter presente ademais, o incremento de pacientes que se atopan nesta situación con respecto a publicacións anteriores, cun incremento superior ás 3.000





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

persoas en espera dunha cirurxía respecto a decembro de 2021 ou de 6.300 nas listas de espera de primeira consulta hospitalaria.

Aínda que estes datos poderían traducirse nunha análise lixeiramente positiva pola melloría de certos parámetros con respecto aos publicados en semestres anteriores, cómpre ter presente que non permiten unha análise real da situación das listas de espera. Son datos absolutamente parciais, pois só responden ás listas de espera estruturais, manténdose na absoluta opacidade os datos correspondentes ás listas de espera non estruturais, a pesar das demandas reiteradas por parte de forzas políticas, sindicais e sociais. Opacidade que tamén soportan as doentes incluídas nestas listas de espera non estruturais, que non contan con ningún tipo de información acerca da súa situación, incluso a pesar de tamén se ter pronunciado a este respecto a Valedora do Pobo.

Outra fórmula utilizada polo goberno do Partido Popular á hora de xestionar a información das listas de espera é o feito de que cada vez son máis as pacientes que non reciben unha data e hora para a realización dunha proba ou consulta, senón que fican pendentes dunha chamada telefónica para que se lles sexa adxudicada esta cita. Deste xeito, miles de pacientes están pendentes do teléfono para poderen recibir esa cita, vulnerando o seu dereito á información e sen permitirlles unha debida planificación.

Cómpre ter presente ademais, que tampouco se fan públicos os datos referentes á segundas e sucesivas consultas hospitalarias, sendo frecuente que nestes casos non se respecten os períodos estipulados polas facultativas baixo criterios clínicos, sendo moitas as pacientes pendentes de revisións que agardan máis tempo do que lles corresponde.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar do BNG formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1º.- Rematar coa política de non adxudicación de citas no momento de seren solicitadas, garantindo que as pacientes non fiquen pendentes dunha chamada telefónica para esta citación.

2º.- Facer públicas a totalidade das listas de espera do SERGAS, tanto estruturais como non estruturais.

3º.- Incorporar de inmediato a todas as pacientes que se atopan nunha lista de espera non estrutural á lista estrutural, garantíndolles por igual un tempo máximo de espera sen facer distincións de ningún tipo.”

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 19/01/2023 18:15:48

Iria Carreira Pazos na data 19/01/2023 18:15:52

Olalla Rodil Fernández na data 19/01/2023 18:16:03





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

As deputadas e deputados abaixo asinantes, pertencentes ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego**, ao abeiro do disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara, solicitan á Mesa do Parlamento que proceda á tramitación de **comparecencia en Pleno do conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades**, para avaliar o desenvolvemento do Programa 151A Fomento da Lingua Galega, así como o proxecto para este 2023.

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Olalla Rodil Fernández

Manuel Lourenzo Sobral

M^a Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonso

Alexandra Fernández Gómez

María González Albert

M^a Carme González Iglesias

Rosana Pérez Fernández

Daniel Pérez López

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Mercedes Queixas Zas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Paulo Ríos Santomé
Xosé Luis Rivas Cruz
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 18/01/2023 13:04:58

Xosé Luis Rivas Cruz na data 18/01/2023 13:05:12

Mercedes Queixas Zas na data 18/01/2023 13:05:21

Rosana Pérez Fernández na data 18/01/2023 13:05:31

Ramón Fernández Alfonzo na data 18/01/2023 13:05:53

Daniel Pérez López na data 18/01/2023 13:06:02

Iria Carreira Pazos na data 18/01/2023 13:06:11

Olalla Rodil Fernández na data 18/01/2023 13:06:18

Daniel Castro García na data 18/01/2023 13:06:30

María del Carmen Aira Díaz na data 18/01/2023 13:06:38

Noa Presas Bergantiños na data 18/01/2023 13:06:47

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/01/2023 13:06:53

María González Albert na data 18/01/2023 13:07:02

Xosé Luis Bará Torres na data 18/01/2023 13:07:09

María Montserrat Prado Cores na data 18/01/2023 13:07:18

Alexandra Fernández Gómez na data 18/01/2023 13:07:28





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 18/01/2023 13:07:35

Paulo Ríos Santomé na data 18/01/2023 13:07:43

Carmela González Iglesias na data 18/01/2023 13:07:50





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Os deputados e a deputada abaixo asinantes, pertencentes ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego**, ao abeiro do disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara, solicitan á Mesa do Parlamento que proceda á tramitación de **comparecencia na Comisión 4ª do secretario xeral de Política Lingüística** para avaliar o desenvolvemento do Programa 151A Fomento da Lingua Galega, así como o proxecto para este 2023.

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 18/01/2023 13:02:00

Daniel Castro García na data 18/01/2023 13:02:10

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 18/01/2023 13:02:20





Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante a Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo-, do director xeral de Comercio e Consumo, para informar sobre **"as medidas de apoio ao comercio de proximidade galego previstas para 2023"**.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr/a. presidente/a da Comisión 6ª - Industria Enerxía Comercio e Turismo



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2023 10:13:50
Nº Rexistro: 47585
Data envío: 19/01/2023 10:13:50.420

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/01/2023 10:13:41

CSV: BOPGDSPG-IOUuQN4q-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Begoña Rodríguez Rumbo, Gonzalo Caballero Miguez, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

Como xa acontecía co lanzamento do bono turístico e o desconto cultural a páxina *web* da Xunta de Galicia quedou colapsada o día 9 de xaneiro cando se abriu o prazo de presentación de axudas directas de entre 800 e 1.500 euros do Programa impacto autónomo.

O prazo de solicitude e presentación de documentación abríase o día 9 e a *web* saturábase pasada a media noite e estivo caída por momentos prexudicando tanto a particulares como a profesionais que xestionan estas axudas

O colexio de xestores administrativos de Galicia recolleu críticas polo colapso na sede electrónica da Xunta de Galicia denunciando que a publicación inclúe unha captura de pantalla cos datos de cola virtual con case unha hora de espera e mais de medio millar de usuarios por diante. As 00.04 horas xa había 4.000 postos en espera.

O Grupo Parlamentario Socialista considera que a tardanza na publicación da convocatoria, a fuxida da Consellería de Economía e do Igape en afrontar a situación desesperada dos autónomos e o maltrato continuado que reciben empresas e traballadores autónomos polo Goberno galego é insostible.

O Programa impacto autónomo da Consellería de Emprego chega tarde, non é ambicioso e suple as funcións e orzamento de que dispón a Xunta de Galicia a través da Consellería de Economía para paliar a situación das empresas e dos autónomos e autónomas galegas para minorar as consecuencias primeiro da pandemia e agora da alza de prezos provocada pola guerra de Ucraína

Por iso, as deputadas e os deputados que asinan, interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Considera o Goberno galego suficientes os recursos dotados para os autónomos galegos dada a delicada situación que están a atravesar provocada primeiro pola pandemia e agora pola guerra de Ucraína?



2ª) Considera o Goberno galego que a súa inacción a través da Consellería de Economía fronte a esta situación é a máis acertada?

3ª) Que valoración realiza o Goberno galego do atraso na publicación das axudas a autónomos? E do colapso sufrido na sede electrónica para a súa tramitación?

4ª) Que medidas correctivas vai adoptar o Goberno galego respecto da situación anterior?

5ª) Que valoración realiza o Goberno galego de que as axudas directas a autónomos exclúan na practica totalidade ás explotacións agrogandeiras galegas?

6ª) Entende o Goberno galego que a tramitación en liña, única vía habilitada para solicitar as axudas directas da Orde impacto autónomo, é unha opción axeitada nunha comunidade que segue a padecer as consecuencias dunha deficiente cobertura dixital e na que boa parte da veciñanza do rural non ten acceso á banda ancha de alta velocidade?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 12/01/2023 17:06:53

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 12/01/2023 17:07:13

Gonzalo Caballero Míguez na data 12/01/2023 17:07:27

Julio Torrado Quintela na data 12/01/2023 17:07:41

Marina Ortega Otero na data 12/01/2023 17:07:52



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta e Martín Seco García, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

Mediante a orde do 28 de decembro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras do programa impacto autónomo se procede a convocatoria de axudas, abríndose o prazo de presentación o día 9 de xaneiro.

O Grupo Parlamentario Socialista considera que a tardanza na publicación da convocatoria, a fuxida da Consellería de Economía e do Igape en afrontar a situación desesperada dos autónomos e o maltrato continuado que reciben empresas e traballadores autónomos polo Goberno galego e insostible.

Por outra banda, o Grupo Parlamentario Socialista o igual que a Organización Unións Agrarias considera intolerable os límites impostos pola Administración autonómica; que deixan fóra da convocatoria á práctica totalidade das explotacións de vacún de carne da Comunidade e vetan aos profesionais coas rendas máis baixas, quen máis precisa deste apoio.

Afirma a organización agraria que a inmensa maioría dos gandeiros de vacún de carne galegos non poderán acceder ás axudas da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade para minimizar as consecuencias da suba dos custos na actividade das persoas autónomas e das microempresas.

É así porque, de xeito ilóxico, a Xunta de Galicia exclúe da convocatoria aos traballadores con rendementos inferiores aos 10.000 €. Unha cantidade que non acadan as explotacións galegas e que representa unha decisión incomprensible, pois supón excluír as rendas máis baixas deste apoio.

Outra vez máis o rural segue a sufrir unha discriminación por parte de Goberno galego.

Entende este grupo parlamentario que a Xunta debe ampliar a contía orzamentaria destinada a paliar a suba de custos na actividade de autónomos e pequenas empresas, quedando moitos traballadores e traballadoras excluídos debido ao cativo gasto que a Administración destina.



Por outra banda o igual que aconteceu co bono turístico e cultural que a solicitude de axudas tan só poida tramitarse a través da sede electrónica da Xunta de Galicia e un factor que supón unha discriminación para a poboación do rural, que padece a fenda dixital, e que supón un agravio comparativo, pois impedirá o acceso en igualdade de condicións respecto á cidadanía de contornas urbanas cunha mellor cobertura dixital. Algo máis grave aínda tendo en conta de que as axudas se concederán por orde de solicitude e ata esgotamento de crédito.

Debe recordar a Xunta de Galicia o carácter estratéxico da gandería e agricultura que se está a converter no derradeiro soporte económico e social para comarcas enteiras nas que o despoboamento e o colapso demográfico son xa unha realidade.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan, interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Que valoración realiza o Goberno galego de que as axudas directas a autónomos exclúan na practica totalidade as explotacións agrogandeiras galegas?

2ª) Vai rectificar de inmediato a Xunta de Galicia as condicións de acceso ás axudas do Programa impacto autónomo co fin de que se poidan acoller a elas as explotacións agrogandeiras coas rendas mas baixas?

3ª) Valora o Goberno galego que outros organismos como o Igape e consellarías, ademais da Conselleria de Emprego e Igualdade, realicen convocatorias de axudas para autónomos co fin de minimizar o impacto do aumento de prezo das materias primas e da facturación enerxética?

4ª) Non considera o Goberno galego que as consellerías de Economía e Medio Rural están realizando un claro abandono de funcións ao respecto?

5ª) Entende o Goberno galego que a tramitación en liña, única vía habilitada para solicitar as axudas directas da orde impacto autónomo, é unha opción axeitada nunha Comunidade que segue padecendo as consecuencias dunha deficiente cobertura dixital e na que boa parte da veciñanza do rural non ten acceso á banda ancha de alta velocidade.

6ª) Que previsións ten o Goberno galego para solucionar esta situación de discriminación de cara ás seguintes convocatorias?



7ª) Prevé o Goberno galego, reabrir o proceso axudas a autónomos, para o ano 2023, cunha nova dotación orzamentaria garantindo o acceso en igualdade de condicións para a veciñanza do rural?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 12/01/2023 13:57:54

Martín Seco García na data 12/01/2023 13:58:08



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez, Begoña Rodríguez Rumbo, Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

A finais de decembro de 2021 os traballadores e traballadoras da planta de Alcoa en San Cibrao aceptaban a proposta da multinacional de cesar a produción de aluminio primario parando as cubas de electrolise da planta de aluminio ata o 1 de xaneiro de 2024.

A proposta de parar as cubas de electrolise durante 24 meses implicaba o compromiso da empresa de traballar con subministradores de enerxía para acadar a medio e longo prazo (PPAs) a prezo competitivo, que entrarían en vigor en 2024 e cunha vixencia de 10 anos.

Creouse tamén unha mesa constituída polos Representantes Legais dos Traballadores, empresa, Xunta de Galicia e Goberno central para analizar e facer seguimento dos compromisos adquiridos por todas as partes.

Xunta de Galicia e Goberno de España deben de acompañar, axudar e cumprir os seus compromisos para que, como moi tarde, o 1 de xaneiro de 2024, as cubas estean operativas. Sendo imprescindible acadar eses contratos de subministro de enerxía renovables, a prezos competitivos, que garantan a viabilidade da actividade.

Para que ese rearranque sexa unha realidade é preciso, que se facilite, por parte do Goberno galego, a tramitación dos parques eólicos que blinden o subministro enerxético a Alcoa a prezos competitivos. Estes novos parques eólicos deben de desenvolverse dun xeito ordenado, con control, respectando os dereitos dos propietarios dos terreos, os espazos naturais sensíbles e as zona de aproveitamento agrícola e gandeiro, e con retorno no propio territorio.

Dende o PSdeG e dende o MITECO, ante a actitude pasiva do Goberno galego, lévase moito tempo reclamando axilidade á Xunta de Galicia na tramitación destes parques eólicos fundamentais para poder manter os postos de traballo de Alcoa en San Cibrao. Foron numerosos os chamamentos e requirimentos feitos dende o propio Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico de cara a que a Xunta de Galicia facilitase a tramitación destes parques.

No pleno do Parlamento de Galicia do 9 de novembro de 2022 sacamos adiante unha Proposición non de lei deste Grupo Parlamentario, que despois de ser transaccionado cunha emenda do Grupo Parlamentario Popular instaba a Xunta de Galicia e ao Goberno central a facilitar a tramitación dos parques eólicos que sexan necesarios e cumpran coa normativa para que o prezo da enerxía sexa competitivo para a planta de



Alcoa de San Cibrao. Nesas mesmas datas nunha reunión entre o presidente da Xunta de Galicia e a ministra de Transición Ecolóxica acordaban avanzar na tramitación eólica a prol da industria e Rueda garantía axilidade na tramitación destes parques eólicos.

Pero a verdade é que a pesar destes compromisos acadados polo PP e polo Goberno galego a actitude da Xunta de Galicia non ten mudado moito e o Goberno do Estado, a pesar de reiteradas solicitudes está á espera dos informes da Xunta de Galicia, necesarios para tramitar os parques eólicos que darán enerxía a Alcoa. Parques estes que son instalacións vitais para a industria galega e para poder reactivar a produción de aluminio primario prevista para comezos de 2024.

Os informes enviados polo Goberno galego para estes parques eólicos non eran válidos, e o MITECO continúa á espera dos novos informes, tras varias reiteracións de solicitude.

É precisa seriedade para poder obter unha resolución favorable cun traballo conxunto das administracións e con lealdade institucional. De nada serve promulgar declaracións de excepcionalidade se despois non se fai o traballo para aprobar os trámites administrativos e non perder os puntos de conexión e acceso, cos que xa contan os proxectos vinculados a Alcoa.

Polo tanto, ante a falta dos informes da Xunta de Galicia, necesarios para a tramitación destes parques eólicos, é preciso que o Goberno galego dea unha resposta inmediata. Estamos en tempo de desconto, xa que o vindeiro 26 de xaneiro caducan estes permisos de conexión, que cómpre recordar que o MITECO xa lle ten concedidas dúas prórrogas previas ao Goberno galego, debido a que este estivo case que dous anos de brazos cruzados.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan, interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Por que a Xunta de Galicia está a retrasar o envío dos informes solicitados dende o MITECO de cara a poder tramitar os parques eólicos necesarios para que Alcoa consiga un prezo da enerxía competitivo e así garantir a viabilidade da actividade e o mantemento dos postos de traballo?

2ª) Non pensa o Goberno galego que con esta actitude está a poñer en risco a tramitación destes parques eólicos, xa que a data de caducidade dos permisos de conexión está moi próxima?

3ª) Vai a Xunta de Galicia garantir a axilidade na tramitación destes parques eólicos, tal e como se ten comprometido?

Pazo do Parlamento, 13 de xaneiro de 2023



Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 12/01/2023 17:55:35

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 12/01/2023 17:55:50

María Leticia Gallego Sanromán na data 12/01/2023 17:56:06

Martín Seco García na data 12/01/2023 17:56:16



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Patricia Otero Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

De maneira reiterada e durante xa varios anos, a explotación marisqueira das rías galegas sofre un descenso de capturas e de produción apuntado polos propios colectivos de mariscadoras/es e tamén polos patróns/as maiores das confrarías que apuntan a un grave problema que non está sendo afrontado.

Paralelamente o Goberno de Galicia afronta esta situación de mans paradas, escusando constantemente a situación mediante afirmacións repetidas de que os datos non confirman estas tendencias que o sector apunta e que as alteracións son cuestións puntuais e non estruturais. Tanto a través das propostas parlamentarias e debates producidos, como en declaracións públicas e a través das xuntanzas co propio sector, o Goberno de Galicia expón unha visión non coincidente cos traballadores do mar e manifesta a súa convicción de estar facendo todo o necesario e de tomar decisións e actuacións correctas para afrontar o que, na súa valoración, non é un problema.

Este ano, como noutras ocasións, a campaña de libre marisqueo vén de ser pechada antes de tempo pola baixa produción que ofreceron as rías galegas. Este escenario agrava e pon en perigo novamente a viabilidade do marisqueo nos formatos actuais se o Goberno de Galicia non toma decisións sobre o asunto. Os colectivos de mariscadoras/es ven esmorecer as súas posibilidades e, un ano máis, afronta con preocupación a situación.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan, interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

- 1ª) Mantén o Goberno de Galicia a súa valoración de que a produción marisqueira das rías galegas non diminuíu nos últimos anos?
- 2ª) Que valoración fai o Goberno de Galicia das causas desta caída de produción (se así o considera)?
- 3ª) Ten previsto o Goberno de Galicia abrir unha liña extraordinaria de compensacións para o sector marisqueiro afectado por esta última tempada?



4ª) Que medidas ten previsto tomar o Goberno de Galicia nos tempos inmediatos para afrontar posibles cambios na tendencia de produción marisqueira das rías galegas?

Pazo do Parlamento, 13 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 12/01/2023 19:28:44

Patricia Otero Rodríguez na data 12/01/2023 19:28:55



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

A Lei 4/2015, do 27 de abril, regula a organización das Oficinas de Asistencia ás Vítimas cuxo obxectivo xeral é prestar unha asistencia integral, coordinada e especializada ás vítimas como consecuencia do delito e dar resposta ás necesidades específicas no eido xurídico, psicolóxico e social.

E prevé que serán as comunidades autónomas que teñan asumido competencias en materia de Xustiza as que terán que organizar, permitindo a posibilidade de celebrar convenios de colaboración con entidades públicas e privadas, sen ánimo de lucro, para prestar os servizos de asistencia e apoio.

Esta lei regula tamén os protocolos de actuación e dispón que o Goberno e as comunidades autónomas no marco das súas competencias, co fin de facer máis efectiva a protección das vítimas e dos seus dereitos recoñecidos por esta lei, aprobarán os protocolos que resulten necesarios para a protección das vítimas.

A maiores disto o Pacto de Estado contra a violencia de xénero que contén diferentes medidas dirixidas a previr e combater a violencia contra as mulleres e a mellorar a resposta que as institucións ofrecen ás mulleres vítimas e ás súas fillas e fillos menores, recomenda potenciar as Oficinas de Asistencia a Vítimas para tutelar os dereitos das vítimas de violencia de xénero, así como o establecemento dun protocolo específico para menores nas Oficinas de Atención ás Vítimas.

En Galicia existen estas oficinas nas sete grandes cidades pero aínda seguimos á espera da aprobación dun protocolo, que tiña que estar aprobado hai mais dun ano e que segundo manifestou o Goberno da Xunta nunha comparecencia en sede parlamentaria, leva todo este tempo pendente dun trámite de aprobación.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista entendemos que é urxente a súa aprobación e posta en funcionamento, estamos a vivir uns meses moi difíciles no que se refire á violencia de xénero e ás mulleres vítimas que acudan á Xustiza a denunciar teñen que se atopar cunha total protección e coordinación dos diferentes axentes públicos que minimize a vitimización primaria e evite a vitimización secundaria.



Por iso, a deputada e o deputado que asinan, interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Cre o Goberno galego que as vítimas de violencia que acoden á xustiza teñen garantida unha total protección que minimize a súa vitimización primaria e evite a vitimización secundaria?

2ª) Que motivo xustifica, segundo o Goberno galego, que leve máis dun ano de atraso na aprobación do protocolo de atención ás vítimas de violencia de xénero aplicable nas Oficinas de Atención ás Vítimas por parte deste goberno?

3ª) Ante a situación de violencia que estamos a vivir, ten previsto o Goberno galego aprobar de forma inmediata o protocolo de atención ás vítimas de violencia de xénero aplicable nas Oficinas de Atención ás Vítimas?

Pazo do Parlamento, 13 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 12/01/2023 19:59:51

Pablo Arangüena Fernández na data 12/01/2023 20:00:10





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, María González Albert e Carmen Aira Díaz, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Que a nova PAC foi un parto longo, difícil e doloroso é un feito non discutible. Tampouco o é a súa marcada tendencia polo respecto medio ambiental, a diminución no uso tanto de fitosanitarios coma de fertilizantes e a fixación dunha porcentaxe (25%) da SAU para a produción ecolóxica. Todo isto en aras dunha maior saúde alimentaria da poboación da UE.

E así neste marco, a propaganda previa, necesaria para este novo estilo “verde intenso” deu os seus froitos en Galicia cun aumento moi notable nas solicitudes de conversión a ecolóxico. A primeiros do ano 2022 xa se albiscaba este aumento e xa desde a Consellería se previra un aumento do orzamento para as axudas. A fins do primeiro trimestre xa se sabía que mesmo este aumento ía ser insuficiente e a mediados de maio os datos eran claros, os cartos necesarios para dar a imprescindible cobertura ao número de explotacións solicitantes e ao montante de novas hectáreas chegaban aos 5,6 millóns de euros. E a Consellería seguía dando palmadiñas de tranquilidade afirmando que non ía haber problemas.

Pero houbos, e a confianza foi tronzada cruentamente. Tivo un preámbulo a primeiros de decembro do 2022 nunha reunión de gandeiros. Pero o mal estaba xa feito. Non obstante quedaba a posibilidade que a Consellería de Medio Rural nun acto de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

responsabilidade política sacase unha cantidade de fondos propios para remediar o mal feito.

E non.

E así, a primeiros de xaneiro deste ano en curso saíron da man do FOGGA as listas de afectados, a consumación do atentado contra da agricultura e gandería en ecolóxico. Quedaba así rompido o mínimo nexo de confianza entre unha campaña avalada e protagonizada pola Consellería do PP e a crúa realidade. Pódese cualificar de traizón feita a un sector que no estado español e Europa debe ter e ten futuro. Trátase dunha confianza fanada, dun precedente que abre unha fenda difícil de reparar.

Faise pois imprescindible para a boa saúde da actividade agrogandeira en xeral recuperar a fiabilidade nas institucións que en román paladino viría a ser emendar os erros cometidos.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

Cales son, a xuízo da Consellería do Medio Rural, as características que deben ter as explotacións “profesionais” tanto en ecolóxico coma en convencional, en agrícola coma en gandería, para poder ser tida en consideración nas ordes de axudas varias que reparte o PP con criterio propio?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2023





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Carmen Aira Díaz

María González Albert

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María González Albert na data 13/01/2023 11:32:42

Xosé Luis Rivas Cruz na data 13/01/2023 11:32:47

María del Carmen Aira Díaz na data 13/01/2023 11:32:59





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a alerta de risco de colapso do CHUO denunciada polos profesionais sanitarios no mes de xaneiro de 2023 e ás actuacións que debe levar a cabo o goberno galego para reforzar o servizo e os cadros de persoal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego tivo coñecemento de informacións públicas emitidas por membros do cadro de persoal de urxencias que alertaban dunha situación insostible. Informaban de que desde a época navideña estaba a ser imposible cubrir as quendas de traballo na súa totalidade. A presidenta do Colexio de Médicos de Ourense, urxencióloga do CHUO, alertaba de que no lugar de 17 facultativos entre mañá e tarde, había 12, cinco menos e que o equipo precisaría dun reforzo de 10 profesionais para prestar un servizo adecuado.

Esta situación non é nova, pois cabe lembrar que ao longo de 2021 e 2022 foron numerosas as mobilizacións do servizo e que tamén se ten posicionado publicamente a a Comisión de Centro do Complexo Hospitalario de Ourense respecto da saturación dos servizos de urxencias.

Ademais, cabe recordar que en xuño o cadro de persoal enviou unha queixa á Valedora do Pobo para sinalar a súa precaria situación e que no mes de decembro de 2022 enviaron tamén unha carta na mesma liña ao colexio de Médicos de Ourense.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Isto acontece nun contexto no que en Galiza se normalizou a lista de espera para acudir a un centro de saúde, ao especialista ou a operarse, e isto ten consecuencias negativas sobre a vidas persoas ao demorárense os diagnósticos e tamén con consecuencias na sobrecarga das urxencias.

Por estes motivos, é necesario que o goberno galego tome medidas relativas á alerta de risco de colapso do CHUO denunciada polos profesionais sanitarios no mes de xaneiro de 2023 de cara a reforzar o servizo e os cadros de persoal

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación :

Que actuacións vai levar a cabo o goberno galego para evitar unha nova saturación das urxencias hospitalarias de Ourense?

Que valoración fai o goberno galego das demandas realizadas polo persoal de urxencias do CHUO en xaneiro de 2023, que volven insistir nas carencias denunciadas os anos anteriores?

Que valoración fai a Xunta das demandas da Comisión de Centro do CHUO?

Vai reforzar a atención primaria desta área hospitalaria? E en xeral de Galiza?

Vai reforzar os servizos asistenciais máis debilitados para contribuír a desconxestionar as urxencias?

Vai impulsar foros de diálogo co persoal para favorecer unha organización do servizo máis axeitada?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2023

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 16/01/2023 10:51:02

Iria Carreira Pazos na data 16/01/2023 10:51:07

María Montserrat Prado Cores na data 16/01/2023 10:51:17

Noa Presas Bergantiños na data 16/01/2023 10:51:33





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños e Rosana Pérez Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa á valoración por parte do goberno galego dos datos do IPC e das perspectivas para o inicio de 2023.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza sofre as consecuencias da consolidación da crise de prezos e do feito de que, desde hai máis dun ano, a inflación sexa superior en comparación coa media do Estado. Ademais, as e os galegos sofren a falta de actuación do goberno galego, que apenas impulsou medidas para paliar os efectos.

Dos datos do IPC definitivo a decembro de 2022 publicados polo INE e recollidos polo IGE o 13 de xaneiro de 2023 podemos destacar que a taxa de variación interanual de decembro de 2022, que coincide neste mes coa inflación acumulada do exercicio 2022, foi na Galiza do 6,4% fronte ao 5,7% no conxunto do Estado, afondando na tendencia diferencial do último ano e medio.

Así mesmo, cabe salientar a necesidade de observar estes datos en perspectiva, pois aínda que a percepción pode ser aparentemente positiva estamos a falar de taxas de variación interanual que parten do nivel de prezos que había no mesmo mes do ano 2021, no que os prezos xa experimentaran unha subida importante, do 6,7%. Por iso, malia as lecturas conformistas por parte do goberno central, a realidade é máis complexa, de forma singular para Galiza debido ao noso fierencial, á alta inflación





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

subxacente, á incapacidade do goberno galego para arbitrar medidas de rescate social e ao factor de que os nosos salarios e pensións sexan dos máis baixos do Estado.

Outros dous elementos de especial complexidade e gravidade son a inflación subxacente (excluídos alimentos frescos ou non elaborados e enerxía) e a suba do prezo dos alimentos e produtos básicos. A inflación subxacente no Estado foi do 7%, por enriba da taxa xeral e aumentando sete décimas a respecto da experimentada en novembro. Os produtos que máis soben en Galiza son os de alimentación e bebidas non alcohólicas, de media un 16,2%.

Diante desta situación, o goberno galego reacciona eliminando axudas importantes como a Tarxeta Básica e aprobando pelletazos fiscais nuns orzamentos que se amosan como inútiles para reactivar a economía e protexer os sectores máis vulnerábeis. Así mesmo, todo isto acontece nun escenario económico global incerto, onde se prevén novas subas de tipo de xuro, empeoramento nas condicións de crédito e endebedamento e mesmo no se descarta por parte dalgúns instrumentos de análise a entrada en recesión técnica (dous trimestres consecutivos con crecemento negativo) dalgunhas economías da eurozona (e incluso da eurozona no seu conxunto) en 2023.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

Cal é a valoración do goberno galego respecto da evolución da crise de prezos ao longo de 2022 e as perspectivas para 2023?

Contempla o goberno galego a entrada en recesión técnica (dous trimestres consecutivos con crecemento negativo) dalgunhas economías da eurozona (e incluso da eurozona no seu conxunto) en 2023?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cal é a valoración do goberno galego respecto de que constantemente os datos galegos sexan peores cós datos do conxunto do Estado?

Vai modificar a súa previsión macroeconómica para 2023 así como a súa política fiscal e económica?

Que medidas de rescate social e económico está a tomar?

Santiago de Compostela, 5 de outubro de 2022

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Rosana Pérez Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 16/01/2023 12:13:35

Noa Presas Bergantiños na data 16/01/2023 12:13:39





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A sanidade é un servizo público elemental para a boa calidade de vida dos galegos e galegas con independencia de onde teñan o seu lugar de residencia. Ademais de ser un dereito que debe ser subministrado e salvagardado pola administración pública, cando afecta a crianzas cómpre salvagardalo aínda máis. Porén, a Consellaría de Sanidade e a Xunta de Galiza parecen ter decidido avanzar na senda da depauperación da atención pediátrica nas comarcas menos poboadas do país, como é o caso das de Ourense.

Cando se van cumprir tres anos das históricas mobilizacións do Verín non se pecha, novamente pais, nais, profesionais e veciñanza da comarca de Monterrei están a saír á rúa e a recoller sinaturas pola falta de persoal continuada do centro de saúde de Verín e pola desatención na comarca.

Así as cousas, o pasado 6 de decembro realizaban unha mobilización e nas últimas semanas do ano denunciaban que aos problemas da espera nas citas ordinarias engadíanse a derivación constante de urxencias cara o hospital de Ourense. Hai que ter en conta que desde Verín ata este hospital hai unha hora de coche, mais que no caso das poboacións como Laza o tempo increméntase aínda máis, constituíndo unha auténtica odisea para as familias e que estamos a falar de consultas habituais no inverno como son





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

as infeccións respiratorias, non dunha cuestión que poida ser excepcional e precisar unha derivación puntual.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

Que actuacións vai levar a cabo o goberno galego para garantir unha adecuada atención ao servizo de pediatría na comarca de Monterrei?

Coñece as demandas dos pais, nais e veciñanza de Monterrei e Verín?

Cales son as razóns que xustifican a magnitude da desatención no período do nadal? Non sabe o goberno galego que as e os profesionais collen vacacións? Non prevé os correspondentes reforzos?

Considera o goberno galego que é un impulso ao rural que pais e nais teñan que facer ata dúas horas en coche para que se atenda unha afección respiratoria propia dos ciclos estacionais?

Como vai poñer solución ás carencias da pediatría?

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 16/01/2023 12:49:02

María Montserrat Prado Cores na data 16/01/2023 12:49:06

Iria Carreira Pazos na data 16/01/2023 12:49:23



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Noelia Otero Lago, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

Dende o ano 2015 celébrase o 11 de febreiro como Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia coa idea de promover o avance de maneira decidida no papel e protagonismo da muller nas áreas científicas e tecnolóxicas, así como a incorporación das nenas á vocación e á carreira científica.

Para avanzar é indispensable reivindicar, difundir e rescatar do esquecemento ás investigadoras que inxustamente foron relegadas a un papel secundario, logrando que poidan ser un referente para as futuras xeracións. Debemos reivindicar a súa contribución determinante no desenvolvemento do coñecemento aínda cando se atoparon con numerosos obstáculos para desenvolver as súas carreiras profesionais. Os poderes públicos deben propoñer medidas efectivas para compensar este inxusto esquecemento do relato sobre o papel da muller no desenvolvemento científico e tecnolóxico, condición indispensable para ter éxito na incorporación das nenas na carreira científica e o seu posterior desenvolvemento.

Son moitos e importantes os retos presentes no noso sistema científico e universitario para avanzar na igualdade e o papel das mulleres científicas, e a moitos deles en Galicia tentamos dar resposta coa Lei 13/2021 do 20 de xullo, coñecida como ‘lei Ángeles Alvariño’ e aprobada coa unanimidade de todos os grupos. Ano e medio despois da súa aprobación, faise necesario coñecer que pasos se ten dado xa no seu desenvolvemento para comezar canto antes a avaliar a efectividade de todas as medidas propostas.

Por outra banda, o Goberno galego aprobou o pasado ano o III programa Muller e Ciencia da Xunta de Galicia no que fai un balance positivo da súa segunda edición, que se basea máis en datos cuantitativos que cualitativos. Non en van, nesa avaliación dise que “as accións estiveron dirixidas principalmente ao eido escolar e universitario e permitiron, entre outras finalidades, activar medidas para “enganchar” ás nenas ás carreiras tecnolóxicas e fácelas máis partícipes da Sociedade da Información”.

Diante desta información, no Grupo Socialista preguntámonos como é entón que en Galicia as cifras de mulleres matriculadas en estudos STEM seguen a ser cada vez máis baixos ou mesmo que a propia Xunta de Galicia favoreza a



implantación de estudos que perpetúan estereotipos de xénero. Todo isto agravado pola inexistencia da avaliación do I Plan de Igualdade nos centros educativos de Galicia e o descoñecemento de se habrá unha segunda edición.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Que accións concretas levou xa a cabo a Xunta de Galicia para dar cumprimento a Lei 13/2021 do 20 de xullo?

2ª) Considera o Goberno galego que as obrigas do novo texto legislativo son ben coñecidas polas institucións e entidades do ámbito científico e universitario que as teñen que aplicar?

3ª) En que análises obxectivas se basea o Goberno galego para facer un balance positivo do II programa Muller e Ciencia?

4ª) Que medidas do III programa Muller e Ciencia previstas para 2022 foron xa executadas?

5ª) Como valora o Goberno galego que as cifras de nenas e mulleres matriculadas en estudos STEM continúen a ser tan baixas?

6ª) Considera o Goberno galego que está a traballar axeitadamente para que as mulleres e nenas teñan un papel relevante nas profesións científicas do futuro?

7ª) Que accións concretas está a desenvolver a Xunta de Galicia para fomentar as vocacións tecnolóxicas entre as mulleres que acelere a redución da fenda de xénero?

8ª) Entenden que as políticas do Goberno galego van encamiñadas a rachar estereotipos de xénero?

Pazo do Parlamento, 16 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 16/01/2023 12:55:58

Noelia Otero Lago na data 16/01/2023 12:56:15





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2023 13:38:36
Nº Rexistro: 47219
Data envío: 16/01/2023 13:38:36.605

Julio Torrado Quintela na data 16/01/2023 12:56:25

Marina Ortega Otero na data 16/01/2023 12:56:40

CSV: BOPGDSPG-I0UuIQN4q-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre mortes por accidentes de tráfico en 2022.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo a estatística provisional da DGT sobre mortes en estradas en Galiza no ano 2022 (mortes en vías interurbanas nas 24 h posteriores ao accidente), houbo no pasado ano 89 vítimas mortais repartidas por provincias do seguinte xeito: 42 en Coruña, 18 en Pontevedra (incluíndo as 7 vítimas do accidente do autobús na noiteboa en Pedre), 17 en Lugo e 12 en Ourense. Resulta moi alarmante o número tan elevado de mortes na provincia da Coruña, que debería ser obxecto dunha análise específica.

Trátase de datos moi preocupantes, xa que supoñen 10 vítimas máis que no ano 2021 e as mesmas que en 2019. En realidade, estas cifras non reflicten a mortalidade real nas estradas, xa que só computan as vítimas en estradas interurbanas e non inclúen as mortes en vías urbanas. E, como sinalamos, só computan as mortes nas 24 h posteriores ao accidente.

Segundo datos do IMELGA, as vítimas mortais por accidentes de tráfico foron 113 en 2021 (frente ás 79 da estatística da DGT) e 131 en 2019 (frente ás 89 da DGT). E nunha análise máis polo miúdo deberían estudarse os datos por tipos de estradas e por tipo de persoas usuarias das vías, con especial atención ás máis vulnerábeis. Así como outras circunstancias relacionadas coa concentración de accidentes, a intensidade do tráfico nas vías, o uso das vías relacionados con cambios laborais e no sector do





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

transporte, a relación entre sinistralidade e idade, a incidencia de novas formas de mobilidade, ou a incidencia de prácticas de risco como o exceso de velocidade, a condución sen cinto, o uso do móbil, ou o consumo de alcol e drogas.

O peor que podemos facer diante desta dramática realidade é normalizala, facer que pase desapercibida, actuar como se fose algo natural e inevitábel.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

Que valoración fai a Xunta sobre as preocupantes cifras de vítimas de accidentes de tráfico do ano 2022?

Corresponden estas cifras coas previsións da planificación da Xunta en materia de seguridade viaria?

Que medidas específicas, máis alá das previstas no Plan de Seguridade Viaria, vai desenvolver a Xunta para analizar as causas da sinistralidade e reducir as vítimas de accidentes de tráfico?

Ten previsto a Xunta realizar algún estudo específico sobre a evolución da sinistralidade e da mortalidade nas estradas nos últimos anos?

Ten previsto o goberno galego desenvolver un programa de atención integral ás vítimas de accidentes de tráfico e ás persoas achegadas?

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 16/01/2023 13:46:47

Xosé Luis Bará Torres na data 16/01/2023 13:46:51





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, María González Albert e Carmen Aira Díaz, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 29 de setembro do pasado ano rexistrabamos unha serie de iniciativas a respecto do RD 428/2022 poñendo o énfase no feito do descoñecemento de parte do Ministerio da realidade do sector da carne de vacún en Galicia que este real decreto amosaba.

“...constitúe un compendio de erros e discriminacións do vacún, ovino e cabrún de Galicia, xa que a meirande parte das granxas afectadas son pequenas e medianas, cunha orientación produtiva mixta, na que se combina a cría de becerros co mantemento das vacas nutrices na granxa.”

“...que considera o cebo de tenreiros neste tipo de granxas como unha actividade complementaria á da vaca nodriza.”

Criticabamos naquela altura o feito de que a Consellería para materializar aquelas declaracións do presidente da Xunta en que lle parecía escasa a partida destinada polo Ministerio ó efecto e na que falaba de 17 millóns de euros que a Xunta ametería para complementa-las axudas ó sector da carne. E a nosa crítica era porque tamén excluía os xatos nados e criados na mesma granxa.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E a Xunta corrixiu este erro (a intención) pero cae novamente noutros que apuntan a que o descoñecemento do sector non é so do Ministerio.

E así, o pasado venres 13, activou procedemento de solicitude de *axudas temporais e excepcionais ás persoas produtoras de carne para compensar as dificultades económicas derivadas da invasión rusa de Ucraína (MR244A)*. E unha vez máis bota mal as contas e establece un reparto totalmente inxusto:

- a) Faino por tramos e deste xeito un produtor con 4 cabezas cobra case 200 euros por res e un produtor con 10 cabezas cobra 79 euros.
- b) Tendo a man unha calculadora das de antes, 11.854 produtores e produtoras, botando a conta polo sistema de tramos establecido pola propia Administración galega, o total orzamentado pola Xunta de Galicia debería ser de 18.415.640 €, e non 17.156.000 €. Faltan, pois, 1.259.640 euros.
- c) A concesión das axudas queda condicionada a quen chegue antes coa documentación e de xeito obrigatoriamente dixital, establecendo de facto unha discriminación nun sector que polas súas características non anda sobrado de cobertura en internet.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

Cal é a valoración do goberno galego das peripecias sufridas polas *axudas temporais e excepcionais ás persoas produtoras de carne para compensar as*





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

dificultades económicas derivadas da invasión rusa de Ucraína (MR244A) que tanto malestar crean no sector da carne?

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2023

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Carmen Aira Díaz

María González Albert

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 16/01/2023 19:18:52

María González Albert na data 16/01/2023 19:18:57

Xosé Luis Rivas Cruz na data 16/01/2023 19:19:06





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e Alexandra Fernández Gómez, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a necesidade de que a Xunta comprometa un plan de acceso á vivenda pública até final de lexislatura na cidade da Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia, sinala que lle corresponde á Administración Pública impulsar accións, plans e programas orientados a favorecer o acceso á vivenda.

Con esa finalidade esa mesma lei habilita as Administracións Públicas para impulsar a posta no mercado de vivendas en alugueiro, sinalando como obxectivo prioritario a mobilización de vivendas baleiras. Sen embargo, a Xunta leva dez anos sen aplicar medidas efectivas para a mobilización de vivenda baleira.

O pasado ano o expresidente da Xunta de Galiza presentou en rolda de prensa o novo “Pacto de Vivenda de Galicia 2021-2025” que vén substituír o anterior programa “Rehavita, Plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora de acceso á vivenda 2015-2020”.

No Grupo do Bloque Nacionalista Galego estamos convencidos de que as políticas de vivenda van ser unha peza fundamental para definir a forma en que saímos deste momento de crise. Cremos que o novo programa de vivenda non pode deixar de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

lado o actual contexto e que é necesaria a súa reformulación na procura de novas solucións.

O continuísmo do novo programa, con medidas e un enfoque que xa se demostraron un fracaso, só pode agravar a falta de mecanismos para achegar, no novo ciclo que se abre, respostas eficaces. As políticas recicladas do novo plan xa se demostraron ineficaces para garantir o acceso á vivenda e para intervir, reordenar e reequilibrar o parque inmobiliario.

Un bo exemplo da inacción do PP desde a Xunta, ao longo de trece anos de goberno, en materia de política activa de vivenda pública vémosto na cidade da Coruña.

Os recentes datos do IGE referidos a decembro de 2021 conclúen que A Coruña é a terceira cidade con maior porcentaxe de fogares con dificultades para chegar a fin de mes, sendo tamén a terceira máis alta canto á taxa de risco de pobreza.

Un dato aínda máis significativo por preocupante é que 11.530 fogares coruñeses teñen moita dificultade para chegar a fin de mes, o 11% fronte ao 8% da media galega, isto é, a taxa máis alta entre os sete municipios galegos de maior poboación.

As entidades de axuda social explican que son precisamente as graves dificultades de acceso á vivenda as que representan o principal factor de exclusión social na Coruña pola falta de oferta de vivenda social e a imposibilidade de acceder a un alugueiro debido aos elevados prezos que non deixan de subir, o que obriga, en moitos casos, a destinar o 100% dos ingresos ao pagamento do alugueiro quedando descubertas necesidades básicas como a alimentación, o vestido, o calzado ou o material escolar.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación

- Como valora a Xunta de Galiza o seu plan de acceso á vivenda pública nas cidades?
- Que avaliación fai a Xunta do plan de acceso a vivenda pública executado na cidade da Coruña polo goberno do PP?
- Que plan de acceso á vivenda pública compromete a Xunta até final de lexislatura na cidade da Coruña?

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**
Alexandra Fernández Gómez
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 16/01/2023 19:59:05

Alexandra Fernández Gómez na data 16/01/2023 19:59:10





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e Ramón Fernández Alfonzo, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a necesidade de a Xunta achegar información pública detallada a respecto do necesidade de desenvolver concursos de transición xusta na Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos tempos, a través dos medios de comunicación, foron sucedéndose unha serie de informacións que daban conta, de forma independente e descoordinada, do anuncio de diferentes proxectos industriais e empresariais ou de colaboración público-privada, vinculados á transición enerxética, que teñan como epicentro xeográfico o concello de Cerceda.

Os proxectos anunciados son os seguintes:

Un proxecto de planta de hidróxeno verde renovábel nos terreos da antiga central térmica de Meirama, apoiado por Reganosa, Naturgy e Repsol, declarado pola Xunta como iniciativa empresarial prioritaria.

Outro proxecto para unha central hidroeléctrica reversíbel no lago das Encrobas a proposta da empresa Green Capital Power.

Un outro proxecto para unha planta de biogás que tratará puríns e outros residuos para os converter en biometano e fertilizantes orgánicos, presentado





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

conxuntamente polas empregas enerxéticas Repsol, Naturgy e Reganosa e mais a sociedade Impulsa Galicia, promovida pola Xunta.

E aínda un novo proxecto dunha planta de metanol verde vinculada á instalación do proxecto de Maersk no porto de Punta Langosteira.

Todos estes proxectos aparecen vinculados á oferta de produción enerxética que se derivaría da suposta aprobación de catro proxectos eólicos en tramitación, localizados en Cerceda e arredores: o parque eólico Os Teixos, o Meirama, o Meirama 76 e o das Encrobas, ao que cómpre engadir as diferentes liñas de alta tensión que atravesarán esta comarca procedentes desde a Costa da Morte.

Esta absoluta carencia de planificación enerxética contradí as previsións e compromisos do goberno do Estado a respecto da convocatoria dun concurso de transición xusta que si se está a aplicar noutras comunidades como a de Aragón.

De novo, máis unha vez asistimos a un novo capítulo da historia en que o concello de Cerceda se quere converter no quilómetro 0 da produción enerxética, mais tamén da contaminación e da especulación, a través dun proceso totalmente opaco, carente de información pública que deixa indefensa a poboación e ausente da máis mínima coordinación interinstitucional.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación :

- Pensa o goberno da Xunta demandar do Estado a convocatoria dun concurso de transición xusta para as centrais térmicas conforme se está a aplicar noutras comunidades?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Que proxecto integral enerxético ten previsto impulsar a Xunta para Cerceda e comarca como consecuencia do peche da central térmica de Meirama?

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Ramón Fernández Alfonso

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 17/01/2023 11:01:39

Ramón Fernández Alfonso na data 17/01/2023 11:01:42



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Noelia Otero Lago, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

O aborto no Estado está regulado pola Lei orgánica 2/2010 de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo -que substituíu a de 1985 coñecida como 'lei de supostos'- e que foi recorrida polo PP no Tribunal Constitucional, sen existir aínda pronunciamento. No ano 2015 o Goberno de Mariano Rajoy modificaba esa lei para obrigar ao permiso paterno ou materno para as menores de 16 e 17 anos e para as mulleres con discapacidade.

O actual Goberno do Estado presidido polo socialista Pedro Sánchez presentou nesta lexislatura unha nova reforma da vixente lei que o pasado decembro conseguiu a aprobación no Congreso do texto lexislativo -co voto en contra de PP e VOX-, que agora mesmo agarda ser referendado no Senado e que devolve ás mulleres de 16 e 17 anos e as que teñan discapacidade o dereito a abortar sen consentimento das súas titoras ou titores legais. No período de emendas, o PP rexistrou unha emenda de devolución do texto sen tan sequera presentar un texto alternativo.

Ademais da eliminación do consentimento, o novo marco lexislativo mantén a garantía do dereito á interrupción do embarazo das mulleres, que a rede pública sexa a de referencia para que as mulleres que decidan abortar poidan facelo no centro público hospitalario máis próximo ao seu domicilio, elimina o período actual de reflexión de tres días, así como a información previa obrigatoria e establece que a píldora do día despois será de acceso gratuíto nos centros de saúde e nos futuros centros públicos de atención especializada en dereitos sexuais e reprodutivos.

A esta nova reforma súmase a Lei orgánica 4/2022, do 12 de abril, pola que se modifica a Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código Penal, para penalizar o acoso ás mulleres que acoden a clínicas para a interrupción voluntaria do embarazo. Tamén esta modificación lexislativa se atopou co voto en contra do Partido Popular e da ultradereita.

Como colofón a todo isto, diante da inminente aprobación da reforma da Lei orgánica 2/2010 de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo, o Goberno de Castela e León vén de anunciar un protocolo para coartar o dereito das mulleres a interromper o seu embarazo con métodos máis propios de tempos hitlerianos que dunha democracia verdadeiramente asentada. Diante deste atropelo aos dereitos das mulleres iniciado pola vicepresidencia dese goberno autonómico presidida por Vox, a única resposta do Partido Popular é o silencio ou posturas nada contundentes de apoio aos dereitos das mulleres.



Neste preocupante contexto de retroceso de dereitos, ao Grupo Socialista preocupáanos que o Goberno galego valore poñer trabas á inminente normativa e, o que é peor, non resolva os problemas que teñen as mulleres que queren abortar na sanidade pública galega, algo ao que teñen dereito pero que non está garantido en todo o noso territorio.

Por todo isto, as deputadas e o deputado que asinan, interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Garantirá o Goberno galego presidido polo señor Rueda o dereito de todas as mulleres galegas a interromper o seu embarazo tal e como establece a nova reforma da lei 2/2010?

2ª) Comparte o Goberno galego o anuncio do Goberno de Castela e León de pór en marcha un protocolo que dificulte ás mulleres desa comunidade autónoma exercer os seus dereitos sexuais e reprodutivos?

3ª) Comparte o Goberno galego as manifestacións antiabortistas vertidas por diversos membros do Partido Popular ou pola contra asume que é un dereito da muller que como tal debe ser garantido?

4ª) Ten previsto o Goberno galego desenvolver a inminente reforma da Lei do aborto na súa totalidade e de maneira igualitaria en todo o noso territorio?

5ª) Está previsto algún mecanismo de control ou seguimento do seu cumprimento? En caso afirmativo, cal ou cales serían?

6ª) Garantirá o Goberno galego a través do Sergas que en cada centro hospitalario público haberá facultativos que practiquen abortos, tal e como recolle a lei?

7ª) Cando ten previsto o Goberno galego asegurar o dereito ao aborto das mulleres galegas en todos os centros hospitalarios públicos?

Pazo do Parlamento, 16 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 17/01/2023 13:00:52

Noelia Otero Lago na data 17/01/2023 13:01:09

Julio Torrado Quintela na data 17/01/2023 13:01:19

Marina Ortega Otero na data 17/01/2023 13:01:31





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a garantía do exercicio do dereito ao aborto na rede sanitaria pública galega.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 26 de outubro de 2021 desde o G.P. do Bloque Nacionalista Galego impulsamos un acordo unánime na Cámara para esixir o cumprimento da Lei Orgánica 2/2010 de saúde sexual e reprodutiva e de I.V.E toda vez que, dez anos despois da súa aprobación e entrada en vigor, a maior parte –case a totalidade-- dos abortos en Galiza eran derivados a clínicas privadas en vez de practicase en centros públicos.

No mes de decembro dese mesmo ano formulamos preguntas orais na Comisión de Sanidade insistindo no cumprimento do acordo, comisión na que o daquela responsábel do SERGAS asegurou que se comprometían a mellorar a asistencia das mulleres neste ámbito.

Porén, cos últimos datos publicados polo Ministerio de Sanidade (2021) a maior parte das I.V.E en Galiza continúan levándose a cabo na sanidade privada.

Dos 2.284 abortos que tiveron lugar en 2021 no noso País, 114 foron en centros hospitalarios (69 na pública e 45 na privada) e 2170 en centros extrahospitalarios (435 na pública e 1735 en clínicas privadas).





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Este feito que ademais de vulnerar a Lei 2/2010 que prioriza a sanidade pública fronte á privada no exercicio do dereito ao aborto, supón un maior incomodo para as mulleres que deciden interromper o seu embarazo toda vez que, como acontece por exemplo en Lugo, están obrigadas a se desprazar até A Coruña para acceder a unha clínica que practique abortos cirúrxicos.

A I.V.E é un dereito fundamental das mulleres recollido na lexislación desde hai máis dunha década, un dereito cuxo exercicio só depende da libre e autónoma decisión das mulleres nas primeiras 14 semanas. Non poden, non podemos, polo tanto ser coaccionadas ou ver mermada de ningunha das maneiras o exercicio dese dereito.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

- Que medidas adoptou a Xunta de Galiza para dar cumprimento ao mandato parlamentario unánime do 26 de outubro do 2021?
- Que razóns explican a altísima privatización das I.V.E?
- Que medidas vai adoptar o Goberno galego para garantir o cumprimento da Lei 2/2010 e os dereitos das mulleres galegas en materia de saúde sexual e reprodutiva e de IVE?

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Montserrat Prado Cores
Iria Carreira Pazos
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 17/01/2023 16:22:17

María Montserrat Prado Cores na data 17/01/2023 16:22:22

Olalla Rodil Fernández na data 17/01/2023 16:22:32



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

Nos últimos anos a Xunta de Galicia ten rexeitado de xeito automático a instalación de novos parques que non se atoparan nas zonas ADE (Área de Desenvolvemento Eólico) do Plan Sectorial Eólico de Galicia, con solicitudes que veñen dende o ano 2017.

Dende o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico tense advertido á Xunta de Galicia de que a contestación tipo que están a realizar respecto dos parques eólicos en tramitación non son un informe de impacto ambiental, que non está motivado, cuestión que é preceptiva, e dende o dito Ministerio tense solicitado e reiterado ata en 3 ocasións a emisión deses informes, sen que por parte da Xunta de Galicia se atenderan as ditas solicitudes, cando para moitos destes parques remata o prazo para os puntos de conexión no próximo mes de xaneiro.

O mesmo acontece no caso dos parques que veñen ligados ao mantemento de industrias galegas que son esenciais, como Alcoa ou Showa Denko, a Xunta de Galicia non presentou os preceptivos informes, e cando as compañías asinan as PPAs, a Xunta non ten feito os deberes e éntranlle as presas, tentando poñer novamente o foco no Goberno do Estado.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Que informes e en que datas enviou o Goberno galego ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o reto Demográfico sobre todos os parques eólicos que están en tramitación no Estado?

2ª) Cales son as razóns polas que o Goberno galego, durante o último ano e 8 meses, no atendeu os reiterados requirimentos do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o reto Demográfico?

3ª) Cales son as razóns polas que a Dirección Xeral de Saúde Pública ten remitido informe negativo dun dos parques ligados a *Showa Denko*, cando este foi declarado de interese prioritario?



4ª) Vai o Goberno galego actualizar ou aprobar un novo plan sectorial eólico de Galicia?

Pazo do Parlamento, 17 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 17/01/2023 13:03:38

María Leticia Gallego Sanromán na data 17/01/2023 13:03:54

Martín Seco García na data 17/01/2023 13:04:06





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e Daniel Castro García, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a redución orzamentaria da AGADIC e a adecuación do seu proxecto para o ano 2023.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A non comparecencia na Comisión 3ª de Economía, Facenda e Orzamentos, durante o recente proceso de tramitación dos Orzamentos da Xunta de Galiza, por parte do Director da AGADIC, privou os grupos parlamentarios da cámara de coñecermos, por unha banda, a avaliación do proxecto desenvolvido ao longo de 2022 e, pola outra, avanzar as propostas deseñadas para o exercicio do 2023.

Da análise da proposta de orzamentos da Xunta para 2023, oficialmente aprobados en pleno o pasado mes de decembro cos votos do Partido Popular, no grupo parlamentario do BNG constatamos que a partida económica da AGADIC se reduce en algo máis de 3,5 millóns de euros.

A memoria descritiva tampouco achega o detalle das claves do proxecto da AGADIC para 2023 que permitan consolidar as estruturas ou ensanchar as posibilidades das industrias culturais galegas con novas liñas de actuación.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

Como vai afectar ao proxecto da AGADIC a redución de orzamento para o 2023?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Manuel Lourenzo Sobral

Daniel Castro García

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 18/01/2023 09:23:39

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 18/01/2023 09:23:42

Mercedes Queixas Zas na data 18/01/2023 09:23:49



Á Mesa do Parlamento

Martin Seco García e Carmen Rodríguez Dacosta, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte interpelación.

O 6 de xullo de 2020 os representantes dos traballadores técnicos forestais do SPIF realizaron unha asemblea telemática e aprobaron consultar ao colectivo afectado sobre a convocatoria dunha folga para pedir a actualización do acordo sobre as condicións de traballo do persoal funcionario pertencente aos grupos A1 e A2 da Xunta de Galicia do Servizo de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais.

Esta enquisa telemática a todo o colectivo, estivo aberta para votacións ata o día 8 de xullo de 2020 ás 10:00 horas, nela a participación foi moi alta, de 80 persoas (dos 123 postos técnicos afectados polo acordo de 2008, número que inclúe tamén os cargos de libre designación). O 75 % dos que responderon a enquisa amosaron a súa disposición de ir á folga. Ante esta resposta as organizacións sindicais CIG, CCOO, CSIF e UGT convocaron de forma unitaria a folga do colectivo do persoal técnico forestal vinculado ao SPIF a partir do 1 de agosto de 2020.

Posteriormente, os sindicatos denunciaron que en represalia polo éxito da folga convocada e secundada de forma maioritaria polo persoal técnico do SPIF dende o 1 de agosto, a Consellería do Medio Rural aplicou descontos salariais ilegais nos días en que as persoas traballadoras prestaban servizos en cumprimento dos servizos mínimos, denunciaron que, a pesares do estrito cumprimento dos servizos mínimos estipulados pola Administración, que dan fe da máxima responsabilidade e compromiso do colectivo có servizo público de prevención e extinción de incendios, a Consellería decidiu, nun claro acto de mala fe, coaccionar o persoal aplicando descontos ilegais nos días de traballo por servizos mínimos, incumprindo a normativa vixente e tentando de forma ilegal impedir o exercicio do dereito a folga.

Algo polo que comunicaron que tamén formularían a correspondente demanda xudicial por vulneración grave de dereitos fundamentais, reclamando nela o cese inmediato desta actuación e a reposición íntegra das cantidades retidas de xeito ilegal. Cuestións como que se desconte menos cantos máis incendios, considerar do mesmo xeito un incendio de 7 gardas cun incendio dunha hora, etc ...



Dende o Grupo Parlamentario Socialista presentamos unha iniciativa co fin de desbloquear a negociación e pedímoslle á Consellería do Medio Rural que deixase de ter comportamentos que vulneran o dereito á folga das persoas traballadoras técnicos do SPIF e que avalíase e corrixisen os criterios aplicados para os descontos excesivos en nómina do cadro de persoal que participa na dita folga. Esta iniciativa tivo en contra o voto do Partido Popular.

O Xulgado nº1 do Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela acaba de estimar o recurso contencioso administrativo contra a resolución da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Medio Rural, do 27 de agosto de 2020, na que inventa uns criterios de descontos salariais que aplicou nas nóminas de agosto e setembro de 2020 ao persoal técnico de incendios. Especificamente, declara a “NON conformidade a dereito” da resolución e o dereito das persoas afectadas a percibir o 100 % das súas retribucións mensuais no tempo que prestaron servizos mínimos. A maiores, a sentenza imponse costas á Xunta de Galicia.

A Consellería do Medio Rural tentou por varios medios reprimir a folga atentando contra este dereito fundamental: contratando a persoal de empresas externas (Seaga) para a realización de tarefas habituais non decretadas nos servizos mínimos, presionou individualmente ao persoal facendo que declarase se apoiaba a folga convocada e finalmente exerceu descontos salariais sobre o persoal que estaba a cumprir os servizos mínimos. Estes descontos realizáronse ademais cunha celeridade pouco habitual, tocando o salario ao persoal antes de rematar o mes de agosto de 2020, cando a folga aínda estaba en marcha.

A situación foi inaudita xa que é a primeira vez que se aplicaron descontos salariais a un persoal que traballou en servizos mínimos, xustificando a dita actuación, vinculando a rebaixa salarial ao número de incendios que tiveron en cada centro de coordinación (a menor número de lumes, maior desconto) aínda que o 100 % deles foron atendidos con normalidade.

O xulgado non entra a valorar a xustificación da Consellaría e deixa claro que con independencia de que non se desempeñaran todas as funcións que lle corresponde ao persoal técnico, esa dispoñibilidade outórgalles o dereito a percibir o salario sen dedución proporcional ás funcións desenvolvidas ou á taxa de incendios. Queda tamén claro que na aplicación dos descontos salariais vulnerouse o establecido nos artigos 30.2 e 14 d) do EBEP, sendo non conforme a dereito e tendo por único obxectivo real a desmobilización do seguimento da folga legalmente convocada nese momento.

Aínda que a sentenza pode ser apelada pola Consellería do Medio Rural ante o TSXG, entendemos que o fallo é moi claro e debería acatar e abonar os descontos que se lle fixeron aos técnicos do servizo. Non hai que esquecer que esta decisión



foi tomada pola actual conselleira de Emprego e Igualdade, María Jesús Lorenzana, que naquel momento era secretaria xeral técnica da Consellería do Medio Rural e que pouco despois deste conflito foi ascendida a conselleira nada máis e nada menos que de Emprego e Igualdade, polo que debería de asumir responsabilidades ao quedar inhabilitada para tal función unha responsable pública que non respecta o dereito á folga dos traballadores que ten ao seu cargo.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan, interpelean ao Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Que pensa facer o Goberno galego ante a sentenza do Xulgado nº1 do Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela, abonando as contías descontadas ao persoal técnico do SPIF pola folga de agosto do 2020?

2ª) Prevé o Goberno galego recorrer a sentenza ante o TSXG?

3ª) Prevé o Goberno galego pedirlle responsabilidades á actual conselleira de Emprego e Igualdade, daquela secretaria xeral da Consellería do Medio Rural, María Jesús Lorenzana por tal decisión tomada contra o dereito dos traballadores á folga?

Pazo do Parlamento, 17 de xaneiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 17/01/2023 18:52:48

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 17/01/2023 18:53:04





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a situación do centro de saúde de Vedra.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

A sanidade pública galega está a atravesar unha fonda crise sanitaria, especialmente notoria na Atención Primaria, con consecuencias para profesionais mais tamén para doentes.

A falta de previsión e planificación, unida a uns orzamentos para Atención Primaria que reiteradamente se manteñen nuns niveis paupérrimos, rematou por conducir ao panorama que temos que a día de hoxe, cunha gran falta de profesionais por todo o País, coa degradación que isto supón na calidade asistencial e tamén nas condicións laborais do persoal da sanidade pública.

Mais esta falta de preocupación e investimento na Atención Primaria tamén repercute nas infraestruturas e medios materiais. Así vemos por toda a Galiza centros de saúde e PAC que se manteñen con recursos escasos ou en mal estado, como sucede no caso do centro de saúde de Vedra. O edificio que o alberga presenta numerosas deficiencias técnicas, como humidades e filtracións de auga, unha instalación eléctrica obsoleta e deficitaria, problemas de accesibilidade e incluso se teñen chegado a producir desprendementos da fachada do edificio. Ademais, este centro de saúde non conta con





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

espazo suficiente para prestar a asistencia sanitaria que require a poboación de Vedra, coma unha sala para a educación maternal ou unha consulta para a atención a urxencias.

Este deterioro prodúcese despois de anos de neglixencia e abandono por parte da administración local como tamén da Xunta de Galiza, esta última ao non asumir as competencias que lle son propias en materia de sanidade e enfrontar o mantemento das instalacións sanitarias no concello de Vedra.

Por todo o exposto anteriormente formúlase a seguinte interpelación:

– É consciente o goberno galego da situación na que se atopan centros de saúde como o de Vedra?

-Considera que é axeitado que a poboación sexa atendida en edificios coas carencias en materia de salubridade e seguridade que presentan centros de saúde como o de Vedra?

– Cal é a razón pola que o goberno galego non asumiu aínda a xestión desta infraestrutura?

– Que medidas ten previstas para dotar á veciñanza dun centro de saúde en bo estado de conservación, acorde ás necesidades que presenta o concello e coa cobertura de profesionais precisa para garantir unha adecuada asistencia sanitaria?

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2023





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 18/01/2023 13:55:28

Iria Carreira Pazos na data 18/01/2023 13:55:32



Á Mesa do Parlamento

Gonzalo Caballero Miguez e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A taxa de crecemento da economía galega reflicte un nivel inferior á do conxunto de Estado en 2022, situando a Galicia na cola das comunidades autónomas neste ano, e as previsións de crecemento manteñen á nosa comunidade nunha situación comparativamente preocupante para 2023 segundo distintos estudos de conxuntura. Esta debilidade do crecemento apréciase tamén na evolución do emprego autónomo na nosa comunidade.

Os datos da Federación de Autónomos de Galicia amosan un 2022 tráxico para as persoas traballadoras por conta allea na nosa comunidade, toda vez que estiman a perda de máis de 2.500 persoas autónomas a peche do pasado ano con respecto ás cifras do exercicio anterior. En concreto, a directiva desta federación sinala a desaparición de “sete autónomos ao día en Galicia” nun ano no que se perdeu autoemprego “todos os meses”.

Esta situación, que afecta especialmente ao sector do comercio, súmase á baixa dun 13 % na creación de empresas en Galicia, segundo os últimos datos publicados polo Instituto Nacional de Estatística, que responden ao mes de outubro de 2022. Mentres Galicia é a quinta comunidade con maior caída do conxunto de España, a media estatal, no mesmo período, sitúase nun retroceso do 2,2 %. A evolución comparada galega non é positiva.

Neste contexto, cómpre sinalar que o informe do Banco de España sobre a evolución económica das pemes pon de manifesto a dificultade que están atopando as empresas de menor tamaño para acceder a financiamento bancario. De feito, os datos do segundo e terceiro trimestre do ano 2022 en relación con esa dificultade -xuros máis altos e requisitos máis estritos nun contexto inflacionario- son os máis complexos para as pemes dende 2013.

Ante estas dificultades, o goberno da Xunta non está adoptando unha política económica activa e suficiente para respaldar ao tecido produtivo galego ante os retos existentes.



Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

Que plan de medidas económicas e financeiras vai adoptar o goberno da Xunta en 2023 para respaldar ás pemes e autónomos do noso tecido produtivo ante as dificultades económicas que lastran a súa creación, incluído dificultades de acceso e custe dos créditos?

Pazo do Parlamento, 18 de xaneiro do 2023

Asdo.: Gonzalo Caballero Míguez

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 19/01/2023 10:21:23

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 19/01/2023 10:21:31





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e Daniel Castro García, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a avaliación da Xunta do proxecto desenvolvido desde o programa 151A Fomento da Lingua Galega.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A recente aprobación dos orzamentos da Xunta de Galiza para o ano 2023, co único apoio dos votos do Partido Popular, confirma a deriva orzamentaria restritiva que este goberno vén aplicando ao programa 151A Fomento da Lingua Galega.

Ao mesmo tempo que o goberno do PP se gaba de contar cuns orzamentos que de novo rozan cifras en crecemento histórico, desde a Consellería de Cultura Educación, Formación profesional e Universidades, que no global tamén presenta un orzamento superior ao ano 2022, destina ao programa 151A Fomento da Lingua Galega unha cantidade moi lixeiramente superior ao ano pasado que se achega aos 800.000 euros.

A falta de impulso orzamentario para avanzar en normalización lingüística é unha instrución política do PP que se ratifica por máis un ano e que, de o analizarmos en datos de progresión económica dos trece anos de goberno do Partido Popular, nos permite concluír que o orzamento para 2023 aínda non é nin a metade do correspondente a 2009.

Unha política de investimento económico regresivo que ten consecuencias na limitación dos posíbeis avances na restitución do galego en todos os usos sociais en





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

igualdade co castelán e nunha política progresiva de normalización lingüística tal e como regula o marco lexislativo.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

Que avaliación fai a Xunta do proxecto desenvolvido desde o programa 151A Fomento da Lingua Galega nos trece anos de goberno?

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 19/01/2023 13:36:08

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 19/01/2023 13:36:11

Daniel Castro García na data 19/01/2023 13:36:19



Á Mesa do Parlamento

Gonzalo Caballero Miguez, Noa Díaz Varela, Noelia Otero Lago e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

O Consello de Contas estimou en 159,7 millóns de euros o financiamento pendente por parte da Xunta cara ás universidades públicas galegas no período 2010-2017 con respecto á media das universidades públicas presenciais españolas como resultado da conxelación de taxas universitarias decretada polo goberno autonómico sen a axeitada compensación económica para o Sistema Universitario Galego.

O goberno de Galicia decidiu conxelar as taxas universitarias de grao e máster en distintos cursos académicos no Sistema Universitario Galego, o cal implicou menos ingresos para as universidades públicas galegas, ás que, como sinalou o propio Consello de Contas, non lles correspondería soportar o custo desta decisión, polo que a Xunta debería dotalas dos fondos necesarios e pendentes.

Non obstante, nun novo exercicio de “eu invito, ti pagas”, o goberno galego non ten compensado a estas institucións académicas, cuxas perdas de financiamento cuantifica o Consello de Contas. Con esta materia pendente, é relevante tamén ser moi dilixentes á hora de abordar o financiamento universitario e as distintas partidas. Neste contexto, cómpre analizar o programa orzamentario 422C-Ensinanzas universitarias, os acordos co SUG, os maiores custes que a inflación implica para o funcionamento das universidades e aqueles derivados da contratación de persoal.

Nun momento no que o Goberno galego debe servir como apoio e motor das universidades públicas galegas, cómpre ter toda a información detallada sobre o financiamento universitario así como ser firmes no compromiso de dotar dos recursos suficientes ao noso sistema universitario público galego ao longo desta lexislatura e dos vindeiros anos.



Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

Como se vai comprometer a Xunta de Galicia co financiamento das universidades públicas galegas no que queda de lexislatura dado o financiamento pendente e os retos que teñen que afrontar?

Pazo do Parlamento, 18 de xaneiro do 2023

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Noa Díaz Varela
Noelia Otero Lago
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 19/01/2023 13:55:47

Noa Susana Díaz Varela na data 19/01/2023 13:55:55

Noelia Otero Lago na data 19/01/2023 13:56:08

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 19/01/2023 13:56:17



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Noelia Otero Lago, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 149 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

Na súa recente e recorrente valoración das estatísticas das bibliotecas públicas de Galicia correspondentes a 2020 elaboradas polo Ministerio de Cultura, a Asociación de profesionais dos arquivos, bibliotecas, museos e centros de documentación en Galicia (BAMAD) alertaba de varias cuestións que dan conta dun empeoramento da súa situación.

Se no ano 2018 eran 75 os concellos que non dispuñan de biblioteca, dous anos máis tarde eran xa 91, e isto a pesar de que o director xeral de Cultura anunciaba no Parlamento en 2020 que “un dos obxectivos máis inmediatos da Xunta é o de concretar novas ferramentas de cooperación coas administracións locais que permitan coñecer as necesidades bibliotecarias de cada unha delas”.

E se ben é certo que este ano por fin sae adiante o proxecto de bibliotecas móbiles itinerantes -que darán servizo a 20 concellos-, tamén o é que esta iniciativa se fixo con moito do orzamento para 2023 que estaba destinado ás bibliotecas nas contas do Goberno galego.

Neste senso, e tal e como xa denunciou o Grupo Parlamentario Socialista, en materia de bibliotecas deixan en mínimos para o vindeiro exercicio a partida de investimentos dedicada á adquisición de libros en galego, que queda nun 17 % do que era. Esta cuestión contrasta cunha das conclusións do II Mapa de Bibliotecas, nas que se marcaban como reto “manter as medidas de apoio á produción en galego de calidade e á adquisición de recursos en galego”.

Os últimos datos do Ministerio apuntan ademais que estamos por baixo da media estatal en todos os indicadores agás no número de documentos por habitante e nas adquisicións de documentos por cada 1.000 habitantes.

Por outra banda, o marco legislativo segue sen se desenvolver regulamentariamente, nomeadamente no que ten que ver coa organización e cooperación da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia da Lei 5/2012 de bibliotecas de Galicia e coa inexistencia dun plan de fomento da lectura a que obriga a Lei 17/2006 do libro e da lectura de Galicia.

Da diagnose e conclusións do II Mapa de Bibliotecas aprobado en maio de 2022 infírese que, tal e como apunta Bamad, é importante que “se desenvolvan e



apliquen ferramentas de planificación que indiquen que servizos e de que características se deben ofrecer, en que aspectos é necesario investir e cara a onde se deben encamiñar os esforzos de cada punto bibliotecario”.

Diante do que podería ser un notablemente mellor balance da situación das bibliotecas en Galicia, interpelamos ao Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Ten previsto o Goberno galego algunha ferramenta de cooperación coas administracións locais para conseguir completar co servizo de biblioteca todo o territorio galego en 2023, tal e como anunciaba hai anos o secretario xeral de Cultura?

2ª) Cando ten previsto o Goberno galego completar o desenvolvemento regulamentario da Lei 5/2012 de Bibliotecas de Galicia?

3ª) Cal é a razón pola que o Goberno galego diminuíu de maneira moi notable a partida destinada a adquisición de fondos en galego?

4ª) Valora o Goberno galego rectificar e así incrementar este ano notablemente esa partida?

5ª) Cal é a razón de que o Goberno galego non teña aprobado o Plan de fomento da lectura ao que obriga a Lei 17/2006 do libro e da lectura de Galicia?

6ª) Está previsto aprobalo este ano?

Pazo do Parlamento, 18 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 18/01/2023 11:25:45

Noelia Otero Lago na data 18/01/2023 11:26:00



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Noelia Otero Lago, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 149 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

Coincidindo coa efeméride do nacemento de Castelao, este 30 de xaneiro celébrase unha nova edición do Día da Ilustración para visibilizar este sector a través da lembranza de sobranceiros artistas e o seu legado. Este ano a homenaxeada será María Antonia Dans Boado (Oza dos Ríos, 1922-Madrid, 1988), referente do neoexpresionismo e en cuxas obras os escenarios galegos estaban moi presentes.

A ilustración en Galicia conta na actualidade con moito peso dentro do noso escenario cultural, pero certamente non é unha profesión que goce da proxección e recoñecemento que debería, sendo esta unha das reivindicacións da Asociación Galega de Profesionais da ilustración (AGPI), que na actualidade conta con preto de 140 socios e socias.

A falta de profesionalización e as escasas axudas e preocupación que para este sector concreto existen dende as administracións, en contraposición con outros sectores culturais, son algunhas das reivindicacións trasladadas polo sector ao Grupo Socialista e que compartimos.

Mostra disto é que no extenso documento que recolle a Estratexia Cultural Galega 2021 a ilustración aparece só en tres ocasións e sempre vencellada ao sector do libro. Así, esa ECG21 formúlase como medidas a desenvolver:

- Aumento da promoción internacional da literatura infantil e xuvenil, e da ilustración galegas.
- Impulso de liñas de axuda para a participación dos creadores literarios (escritores, tradutores e ilustradores) en programas culturais internacionais de acordo coas asociacións do sector do libro.
- Creación dun programa anual que difunda o labor dos creadores do ecosistema do libro (escritores, ilustradores e tradutores).

Mais ata o de agora non semella que ningún destes tres retos se conseguise ou se desenvolvese algunha acción nese senso.



Alén disto, ao Grupo Socialista parécenos un erro a concepción por parte da Administración autonómica da ilustración como disciplina cultural unicamente vencellada ao libro.

Por todo isto, as deputadas que asinan, interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Considera o Goberno galego satisfactorio o traballo desenvolvido para a promoción e protección do sector cultural da ilustración alén do seu vencello co libro?

2ª) Entende o Goberno galego que sería necesario desenvolver unha estratexia para prestixiar e proxectar a ilustración como disciplina artística con entidade propia?

3ª) Como valora o Goberno galego crear unha nova liña de axudas dirixidas a empresas para a contratación de servizos de ilustración?

4ª) Cre o Goberno galego suficiente a dotación da liña de axudas para a participación de persoas escritoras, ilustradoras e tradutoras nas actividades que se celebren no sector do libro?

Pazo do Parlamento, 18 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 18/01/2023 16:32:41

Noelia Otero Lago na data 18/01/2023 16:32:52



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Gonzalo Caballero Míguez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte interpelación.

Na exposición de motivos da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno establécese que os mecanismos de transparencia e de bo goberno deben funcionar como contrapesos que garantan a protección da cidadanía fronte a hipotéticas arbitrariedades do poder público e o uso indebido dos cartos ou patrimonio públicos, fixando como obriga regular o acceso cidadán a determinada información administrativa e garantindo o dereito fundamental á participación nos asuntos públicos, enunciado no artigo 23, como a capacidade da cidadanía de ser un actor fundamental no seguimento, no control e na vixilancia da actividade dos poderes públicos.

No artigo 11 da dita Lei regúlanse as obrigas específicas de información económica, orzamentaria e estatística e no seu apartado 2. establécese que: *“En particular, a Xunta de Galicia fará pública toda a información complementaria sobre os seus orzamentos que sexa remitida ao Parlamento ao longo do exercicio, incluíndo unha actualización trimestral en función da execución orzamentaria, así como a liquidación anual”*.

Do mesmo xeito, o artigo 21 regula a reutilización da información do sector público autonómico, que nos seus apartados 2 e 3 establece:

- 1 *“Promóvese a posta á disposición en formatos abertos para facilitar a reutilización da información do sector público coa finalidade fundamental de facilitar un mellor coñecemento da actividade do sector público e o uso dos datos para a creación, por parte de terceiros, de produtos derivados e servizos de valor engadido.*
- 2 *Os órganos e as unidades da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia velarán para que os documentos aos cales se aplica esta lei e a restante información que se considere de interese público poidan estar dispoñibles en formato aberto para a súa reutilización.”*



Finalmente, o artigo 22.1 da citada lei contempla que *“A Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do seu sector público facilitarán os seus documentos nos formatos ou nas linguas en que estean dispoñibles e, sempre que sexa posible, en formato lexible por máquina e conxuntamente cos seus metadatos. Tanto o formato coma os metadatos, na medida do posible, deben cumprir normas formais abertas.”*

Aínda que a Xunta de Galicia fai pública a través do DOG o que denomina como “Execución orzamentaria”, (<https://www.conselleriadefacenda.gal/areas-tematicas/economico-financiera-e-contable/execucion-trimestral-dos-orzamentos/execucion-trimestral-do-ano-2022>), a realidade é que o documento que se publica non é o mesmo que entra no Parlamento e que realmente é o estado de execución que contempla todos os programas, seccións e capítulos.

Por iso a deputada e o deputado que asinan, interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Cales son os motivos polos que a Xunta de Galicia non procede á publicación desta información na páxina de transparencia a pesar de ser unha obriga legal?

2ª) Cales son os motivos polos que a Xunta de Galicia non facilita nun formato lexible por máquina e conxuntamente cos seus metadatos do estado de execución aos grupos parlamentarios?

3ª) Vai o Goberno galego dar cumprimento á normativa en materia de transparencia e proceder á publicación de toda a información complementaria aos seus orzamentos que remite ao Parlamento galego ao longo de todo o exercicio?

4ª) Cales son os motivos do Goberno galego para non cumprir con esta obriga legal sobre transparencia cara a cidadanía galega?

Pazo do Parlamento, 19 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 19/01/2023 14:01:32

Gonzalo Caballero Míguez na data 19/01/2023 14:01:48



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Pablo Arangüena Fernández, Noa Díaz Varela, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Patricia Otero Rodríguez e Eduardo Ojea Arias, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A Lei de residuos e solos contaminados de carácter estatal para una economía circular. Lei 7/2022, do 8 de abril, que entrou en vigor hai case 1 ano, establece no seu artigo 25 que para facilitar a preparación para a reutilización e o reciclado de alta calidade, as entidades locais establecerán a recollida separada de, a lo menos, as fraccións de biorresiduos de orixe doméstico antes do 30 de xuño de 2022 para as entidades locais con poboación de dereito superior a cinco mil habitantes, e antes do 31 de decembro de 2023 para o resto.

Entendendo tamén como recollida separada de biorresiduos a separación e reciclaxe en orixe mediante compostaxe doméstico ou comunitario.

Esta lei vén traspoñer unha directiva comunitaria do ano 2018 para adaptar a lexislación estatal ás esixencias europeas.

Os anos de desleixo do Goberno galego na súa política de xestión de residuos fai que cheguemos tarde ao cumprimento destes obxectivos o que obriga a ter que tomar medidas urxentes se non queremos incorrer en multas e sancións.

O sistema Sogama que xestiona os residuos da meirande parte dos concellos galegos tradicionalmente tratou os residuos provenientes da bolsa negra (residuo convencional) e amarela (plásticos, latas e bricks), no ano 2018 inaugurou a planta de Areosa dedicada a xestión dos biorresiduos que non esta a ser moi exitosa e é claramente insuficiente para tratar a materia orgánica (contedor marrón) de todos os concellos.

Por outra banda, as plantas de transferencia, onde se compacta o residuo están adaptadas para o transvase do contedor verde xenérico, e amarelo, pero non para contedor marrón FORSU (Fracción Orgánica contida nos Residuos Urbanos).

O Plan Sogama contemplaba esta adaptación en 13 plantas de transferencia: 6 de nova construción (en Cee, Ponteceso, Curtis, A Lama, Arbo y Riotorto) e 7 de



adaptación (Vigo, O Porriño, Silleda, A Rúa, Ourense, Lugo e Narón), pero leva moito atraso.

E o mesmo acontece coas novas plantas de tratamento de residuo orgánico, xa que das 11 previstas no PXRUGA 2010-2022, unicamente están en proceso de execución 3: Verín, Cervo e Vilanova, e ningunha aínda en funcionamento.

Por outra banda en Galicia existen outros 2 sistemas de xestión de residuos Nostián e Barbanza que levan décadas apostando pola compostaxe, e que este goberno do partido popular despreza de forma sistemática.

Dende o Grupo Socialista somos conscientes de que Sogama non ten a día de hoxe capacidade para a xestión de a materia orgánica de todos os concellos adscritos incluso descontando aqueles que opten por unha compostaxe de proximidade e polo tanto entendemos que ten que aproveitar os fondos estatais destinados á aplicación da nova lei e os fondos propios previstos, para ademais de construír as infraestruturas que sexan preciso, formular unha complementariedade cos outros dous sistemas de residuos (Nostián e Barbanza).

Defendemos que é o momento de que o goberno da Xunta deixe de actuar coma se so existira Sogama e colabore cos outros 2 sistemas para a súa actualización e inclusión no sistema galego de xestión de residuos, o que sería máis sostible para todos os galegos e galegas, tanto económica como ambientalmente.

E por iso polo que dende o Grupo Parlamentario Socialista solicitamos ao goberno da Xunta que convoque de maneira inmediata unha mesa de negociación na que estean presentes a Fegamp e representantes dos tres sistemas de xestión de residuos (Sogama, Barbanza, e Nostián) co fin de implementar e coordinar os 3 sistemas de xestión existentes en Galicia, e trazar unha folla de ruta común cara o cumprimento da lexislación estatal e europea.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan interpelean ao Goberno galego nos seguintes termos:

Entende o Goberno galego que conta Sogama con recursos técnicos suficientes para tratar o residuo orgánico de todos os concellos adscritos ao seu sistema de xestión?

Pazo do Parlamento, 18 de xaneiro do 2023



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 19/01/2023 16:36:32

Pablo Arangüena Fernández na data 19/01/2023 16:36:45

Noa Susana Díaz Varela na data 19/01/2023 16:36:56

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 19/01/2023 16:37:09

Patricia Otero Rodríguez na data 19/01/2023 16:37:20

Eduardo Ojea Arias na data 19/01/2023 16:37:33



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

O goberno da Xunta de Galicia aproba con carácter anual unha achega aos colexios de avogados e procuradores de Galicia para atender aos gastos derivados do funcionamento e da infraestrutura colexial que requiren os servizos de asistencia xurídica gratuíta, tales como a atención e tramitación de expedientes administrativos e o pago de infraestruturas.

Esta cantidade se corresponde co 8 por cento do importe total de gasto por este servizo certificado o ano anterior por cada un dos Colexios de Avogados e de Procuradores de Galicia.

Dende hai unha década o Goberno galego mantén a mesma porcentaxe que resulta claramente insuficiente e provoca que os colexios profesionais teñan que facer un gasto excesivo para poder ofrecer á cidadanía un dereito recoñecido constitucionalmente como é o dereito de acceso á xustiza, en detrimento doutros gastos de xestión ordinaria para o correcto funcionamento destes organismos.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista entendemos que o Goberno debe mudar o criterio de determinación das cantidades obxecto de subvención previo acordo co consello xeral da avogacía galega, co fin de poder cumprir de forma efectiva o deber de colaboración cos colexios na prestación deste servizo.

E é por isto polo que solicitamos ao goberno da Xunta que se reúna co Consello Xeral da Avogacía Galega e o Consello Xeral da Procuradoría co fin de acadar un acordo en relación ao criterio de determinación das cantidades anuais a abonar a estes colexios profesionais que responda de forma mais eficiente á necesidade de facer fronte aos gastos de xestión do servizo de asistencia xurídica gratuíta.



Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

Entende este goberno suficiente a contía aportada aos Colexios profesionais de avogados e procuradores de Galicia para a xestión do acceso á xustiza gratuíta?

Pazo do Parlamento, 18 de xaneiro do 2023

Asdo.: Paloma Castro Rey

Pablo Arangüena Fernández

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 19/01/2023 16:44:14

Pablo Arangüena Fernández na data 19/01/2023 16:44:22



Á Mesa do Parlamento

Noelia Otero Lago e Noa Díaz Varela, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

No ano 2016 a Xunta anunciou a creación do I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020. A Educación é un pilar fundamental na loita contra as desigualdades e discriminacións por diversidade e xénero. Vimos de pechar un ano o 2022 e comezar este 2023 nun contexto trágico e insoportable por mor das violencias machistas. Nunca antes ademais unha proporción tan alta de mulleres asasinadas por violencia machista interpuxeran denuncia. Foron 21 de 49 as vítimas que o ano pasado pediron axuda ao sistema, pero non foron protexidas.

Tal e como recollía ese I Plan para a Igualdade nos centros educativos, nos últimos anos observouse un aumento das condutas discriminatorias e dos estereotipos sexistas entre o alumnado dos centros educativos que inflúen no desenvolvemento da súa identidade e en como se manifesta na convivencia escolar, o que orixina un aumento dos conflitos e a resolución non pacífica destes conflitos entre os rapaces e as rapazas. A coeducación preséntase como unha das ferramentas máis útiles e potentes para poder acabar coa desigualdade, e a escola constitúe unha plataforma imprescindible para a superación dos prexuízos sexistas e machistas.

Amais da importancia de traballar pola igualdade real desde a escola, cómpre tamén lembrar que o Goberno da Xunta de Galicia ten a obriga de implementar un plan de igualdade consensuado capaz de dar resposta ás desigualdades na docencia que por razón de sexo padecen as profesionais no exercicio da súa profesión. Pero a realidade neste contexto tan delicado e no que a as administracións e institucións teñen o deber de poñer todo o esforzo na loita contra as violencias machistas é que nada se sabe dous anos despois de rematado o citado Plan para a igualdade nos centros educativos sobre resultados, aínda hai centros que non teñen elaborados os seus plans específicos, e son moitos os que teñen manifestado a ausencia de recursos para poder desenvolver os obxectivos contemplados no mesmo.



Por todo o exposto, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Ten a Xunta de Galicia previsto algún novo plan ou a actualización do anterior, ou posta en marcha dalgunha nova ferramenta ou estratexia no eido educativo para avanzar e traballar pola igualdade nos centros de ensino?
2. Dispón dalgún tipo de avaliación sobre o impacto e resultados dese I Plan 2016-2020?

Pazo do Parlamento, 18 de xaneiro do 2023

Asdo.: Noelia Otero Lago

Noa Díaz Varela

Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 19/01/2023 16:47:13

Noa Susana Díaz Varela na data 19/01/2023 16:47:20



Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

A Lei de transparencia e bo goberno da Xunta de Galicia, no artigo 10 apartado m) dispón que se debe publicar “A información sobre as viaxes dos altos cargos, con indicación dos obxectivos, subministrada periodicamente ao Parlamento de Galicia.”

As últimas comparecencias no Parlamento para informar sobre viaxes datan do ano 2019, ademais de que estas comparecencias só facían referencia ás viaxes no exterior, cando a regulación se referise a todas elas.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan, interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Por que o Goberno de Galicia incumpre a Lei de transparencia evitando comparecer no Parlamento para informar sobre todas as viaxes dos altos cargos e publicar a correspondente información?

2ª) Por que o Goberno de Galicia leva incluso sen comparecer no Parlamento para informar sobre as viaxes ao exterior desde o ano 2019?

3ª) Pode dicirnos o Goberno de Galicia, cantas viaxes realizaron os altos cargos da Xunta ao exterior nos anos 2020, 2021 e 2022?

4ª) Pode dicirnos o Goberno galego, a que lugares e con que obxectivos se realizaron estas viaxes?

5ª) Cal foi o custe desas viaxes?

Pazo do Parlamento, 19 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 19/01/2023 11:27:53





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2023 16:55:48
Nº Rexistro: 47675
Data envío: 19/01/2023 16:55:48.185

Paloma Castro Rey na data 19/01/2023 11:28:08

CSV: BOPGDSPG-I0UuIQN4q-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a información das listas de espera no SERGAS.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

As listas de espera hospitalarias son un dos indicadores que permiten visualizar a situación da sanidade pública galega. Após a pandemia da COVID19, o número de doentes en agarda dunha primeira consulta hospitalaria ascendía o 30 de xuño de 2022 a 198.323, das cales 599 pacientes levaban máis de 12 meses agardando por esa cita, a maioría delas no Hospital da Mariña, mais tamén no de Valdeorras e no CHUO. Nesa mesma data, as doentes en espera dunha cirurxía ascendían a 46.553, cunha importante cifra de pacientes que levaban tamén máis dun ano esperando por esa intervención, 331 persoas. Ao contrario do que sucede no caso da lista de agarda pola primeira consulta hospitalaria, neste caso, as pacientes que permanecen máis de 12 meses en espera dunha cirurxía concéntranse nos hospitais cabeceira das áreas sanitarias.

Se atendemos á situación das listas de espera de probas diagnósticas, 119.197 doentes estaban agardando ao remate do segundo trimestre do 2022, sendo 3.116 as persoas que estaban nesa situación desde antes do verán de 2021.

Cómpre ter presente ademais, o incremento de pacientes que se atopan nesta situación con respecto a publicacións anteriores, cun incremento superior ás 3.000 persoas en espera dunha cirurxía respecto a decembro de 2021 ou de 6.300 nas listas de espera de primeira consulta hospitalaria.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Aínda que estes datos poderían traducirse nunha análise lixeiramente positiva pola melloría de certos parámetros con respecto aos publicados en semestres anteriores, cómpre ter presente que non permiten unha análise real da situación das listas de espera. Son datos absolutamente parciais, pois só responden ás listas de espera estruturais, manténdose na absoluta opacidade os datos correspondentes ás listas de espera non estruturais, a pesar das demandas reiteradas por parte de forzas políticas, sindicais e sociais. Opacidade que tamén soportan as doentes incluídas nestas listas de espera non estruturais, que non contan con ningún tipo de información acerca da súa situación, incluso a pesar de tamén se ter pronunciado a este respecto a Valedora do Pobo.

Outra fórmula utilizada polo goberno do Partido Popular á hora de xestionar a información das listas de espera é o feito de que cada vez son máis as pacientes que non reciben unha data e hora para a realización dunha proba ou consulta, senón que fican pendentes dunha chamada telefónica para que se lles sexa adxudicada esta cita. Deste xeito, miles de pacientes están pendentes do teléfono para poderen recibir esa cita, vulnerando o seu dereito á información e sen permitirlles unha debida planificación.

Cómpre ter presente ademais, que tampouco se fan públicos os datos referentes á segundas e sucesivas consultas hospitalarias, sendo frecuente que nestes casos non se respecten os períodos estipulados polas facultativas baixo criterios clínicos, sendo moitas as pacientes pendentes de revisións que agardan máis tempo do que lles corresponde.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

– É consciente o goberno galego da situación na que se atopan as pacientes en lista de espera na Galiza?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

– Cantas pacientes se atopan actualmente en lista de espera cirúrxica, de primeira consulta hospitalaria e de probas diagnósticas, incluíndo a todas as que están pendentes de ser citadas?

– Por que non todas as pacientes reciben unha cita no momento de solicitala?

– Considera que se garante os dereitos das pacientes cando non se lles dá unha cita no momento de solicitala? Cales son os mecanismos que ten previstos desenvolver o SERGAS para que todas as pacientes poidan ter garantida esta información?

– Cal é a razón pola que o goberno galego non fai públicas as listas de espera non estruturais? Cantas pacientes están incluídas nestas listas? Cal é o tempo medio de espera das pacientes en lista de espera non estrutural cirúrxica, de primeira consulta hospitalaria e de probas diagnósticas?

– Que medidas ten contempladas para garantir o dereito á información das pacientes en lista de espera non estrutural? E cales para garantir a súa atención nun período máximo de espera?

– Cando pensa o goberno galego rematar coas listas de espera non estruturais?

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 19/01/2023 18:14:52

María Montserrat Prado Cores na data 19/01/2023 18:14:57



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

